Asinado dixitalmente por:
Rexistro electrónico
Data: 09/11/2023 09:37:18
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 137

Sesión plenaria
12 de setembro de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA

Punto preliminar

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Autonomía de Galicia do novo deputado D. José Luis Regueiro Fernández e da nova deputada Dª Sandra Vilela Riveiro.

Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 54710, 11/PPLC-000008)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 515, do 29.06.2023

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 54794, 11/PPLC-000009)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 515, do 29.06.2023

Punto 2. Comparecencia

2.1 54638 (11/CPP-000132)
Do conselleiro do Mar, por petición propia, para informar das previsións e das liñas xerais de actuación do seu departamento
Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023

Punto 3. Mocións

3.1 55234 (11/MOC-000170)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio
Sobre a política de recursos humanos no Servizo Galego de Saúde (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 54463, publicada no BOPG núm. 510 do 21 de xuño de 2023, e debatida na sesión plenaria do 4 de xullo de 2023)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 523, do 12.07.2023

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3.2 55235 (11/MOC-000171)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo
Sobre a política do Goberno galego en relación co transporte público por estrada (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 5627, publicada no BOPG núm. 52 do 25 de novembro de 2020, e debatida na sesión plenaria do 4 de xullo de 2023)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 523, do 12.07.2023

3.3 55236 (11/MOC-000172)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen
Sobre a política de investigación para afrontar a seca derivada do cambio climático (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 55835, publicada no BOPG núm. 499 do 31 de maio de 2023, e debatida na sesión plenaria do 4 de xullo de 2023)
Publicación da iniciativa, BOPG nº 523, do 12.07.2023

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 48705 (11/PNP-004035)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pardo López, Adrián e sete deputados/as máis
Sobre o compromiso do Parlamento de Galicia na defensa da Constitución de 1978 e na defensa da independencia do poder xudicial
Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 08.02.2023

4.2 50612 (11/PNP-004179)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e tres deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar e promover a igualdade real entre os homes e as mulleres dentro do ámbito do deporte
Publicación da iniciativa, BOPG nº 465, do 08.03.2023

4.3 53570 (11/PNP-004445)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para potenciar a investigación no eido da medicina xenómica
Publicación da iniciativa, BOPG nº 494, do 16.05.2023

4.4 57772 (11/PNP-004657)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia no que atinxe á cobertura docente dos centros de ensino para o vindeiro curso 2023-2024
Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 30.08.2023

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

4.5 57782 (11/PNP-004659)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que apoie a proposta de utilización das linguas cooficiais, nomeadamente o galego, nas intervencións das deputadas e dos deputados galegos no Congreso dos Deputados
Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 30.08.2023

4.6 58079 (11/PNP-004673)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e dous deputados/as máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para que as familias galegas poidan facer fronte no inicio do curso aos gastos en libros de texto
Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 30.08.2023

Punto 5. Interpelacións

5.1 57411 (11/INT-002683)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis
Sobre os servizos de inspección da Consellería de Política Social e Xuventude
Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 21.08.2023

5.2 57593 (11/INT-002686)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre a programación das inspeccións aos centros de atención residencial
Publicación da iniciativa, BOPG nº 551, do 25.08.2023

5.3 58114 (11/INT-002710)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis
Sobre a situación da asistencia sanitaria na atención primaria
Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 30.08.2023

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 58957 (11/POPX-000115)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a valoración que fai do inicio do curso escolar
Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 07.09.2023

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

6.2 58960 (11/POPX-000116)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana
Sobre as actuacións que ten previstas para impulsar o autogoberno de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 07.09.2023

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 56262 (11/POP-008635)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Freire Vázquez, María Begoña e sete deputados/as máis
Sobre as vías articuladas polo Goberno galego para ampliar o parque de vivenda pública e protexida en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 539, do 07.08.2023

7.2 57166 (11/POP-008948)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis
Sobre a valoración do Goberno galego da xestión integral da auga
Publicación da iniciativa, BOPG nº 548, do 22.08.2023

7.3 57587 (11/POP-009148)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis
Sobre a exclusión de Galicia, así como do conxunto do itinerario noroeste do Corredor Atlántico, do órgano xestor encargado de coordinar o transporte ferroviario europeo de mercadorías
Publicación da iniciativa, BOPG nº 551, do 25.08.2023

7.4 58932 (11/PUP-000354)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes
Sobre a dotación docente e de unidades que necesita o CPI Castro Baxoi, de Miño, para manter unha oferta educativa de calidade
Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 07.09.2023

7.5 57963 (11/POP-009185)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Moura, Diego e dous deputados/as máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa situación que se produce tras a xubilación da facultativa que atendía no consultorio de Albarellos, no concello de Monterrei
Publicación da iniciativa, BOPG nº 553, do 31.08.2023

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

7.6 58282 (11/POP-009248)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e dezasete deputados/as máis
Sobre as externalizacións do Sergas para a prestación dun servizo que se recolle na carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde, como é o aborto
Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 553, do 31.08.2023

7.7 58927 (11/PUP-000353)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e dous deputados/as máis
Sobre a contratación por parte da Consellería de Sanidade de centros privados para prestar o servizo de interrupción voluntaria do embarazo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 07.09.2023

7.8 54634 (11/POP-009291)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis
Sobre as políticas impulsadas en Galicia en materia de prevención e de loita contra a violencia de xénero nos últimos anos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 510, do 21.06.2023

7.95 8069 (11/POP-009197)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín
Sobre as previsións do Goberno galego ante as dificultades que encontran os concellos para subscribir os convenios de colaboración de brigadas contra os incendios forestais por falta de persoal
Publicación da iniciativa, BOPG nº 553, do 31.08.2023

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor presidente abre a sesión e, antes de comezar co desenvolvemento da orde do día, convida a todos os membros da Cámara a gardar un minuto de silencio en memoria das vítimas do terremoto acaecido en Marrocos e das inundacións en Libia. (Páx. 11.)

O señor presidente comunica a inasistencia e a delegación de voto do deputado don Ramón Fernández Alfonzo e tamén de dona Olalla Rodil Fernández. (Páx. 11.)

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia do novo deputado D. José Luís Regueiro Fernández e da nova deputada Dª Sandra Vilela Riveiro. (Punto preliminar.)

O señor presidente procede a solicitar a prestación de xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia de don Xosé Luís Regueiro Fernández e dona Sandra Vilela. (Páx. 11.)

Don Xosé Luis Regueiro Fernández e dona Sandra Vilela prestan o seu xuramento e acadan a condición plena de deputado e deputada do Parlamento de Galicia. (Páx. 11.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica a acumulación de dúas proposicións de lei para o seu debate conxunto (Páx. 12.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, do G. P. Popular de Galicia, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia. (Primeiro da orde do día.)

Presentación das proposicións de lei: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 12.) *e Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 16.)
Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 19.)
Rolda de réplica: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 23.) *e Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 24.)

Votación das proposicións de lei

Votación da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 27.)

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia: *aprobada por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención* (Páx. 27.)

Comparecencia do señor conselleiro do Mar, por petición propia, para informar das previsións e das liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez).* (Páx. 27.)
Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 35.), *Sra. Pérez Fernández (BNG)* (Páx. 38.) *e Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 41.)
Réplica do Goberno*: Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez).* (Páx. 44.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 51.) *Nesta rolda interveñen a señora Otero Rodríguez (S)* (Páx. 51.), *a señora Pérez Fernández (BNG)* (Páx. 54.), *a señora Egerique Mosquera (P).* (Páx. 56.) *e o señor conselleiro do Mar (Villares Bermúdez).* (Páx. 59.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a política de recursos humanos no Servizo Galego de Saúde. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 62.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 66.) *e Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 69.)

Nova intervención do señor Torrado Quintela (S). (Páx. 72.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre a política do Goberno galego en relación co transporte público por estrada. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Ríos Santomé (BNG).* (Páx. 75.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 77.) *e Sr. Balseiro Orol (P).* (Páx. 81.)

Nova intervención do señor Ríos Santomé (BNG). (Páx. 84.)

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e oito minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.

Moción do G. P. Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María del Carmen Aira Díaz, sobre a política de investigación para afrontar a seca derivada do cambio climático. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 86.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Aira Díaz (BNG).* (Páx. 86.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Armada Pérez (P).* (Páx. 90.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Seco García (S)* (Páx. 93.)

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora Aira Díaz (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 96.)

O señor presidente e a señora Aira Díaz (BNG) manteñen un diálogo sobre os termos transaccionados coa emenda do G. P. Popular de Galicia. (Páx. 97.)

Votación das mocións

Votación do punto 3 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a política de recursos humanos no Servizo Galego de Saúde: *aprobado por 54 votos a favor, 18 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 98.)

Votación dos puntos 1 e 2 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a política de recursos humanos no Servizo Galego de Saúde: *aprobados por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 98.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre a política do Goberno galego en relación co transporte público por estrada: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 98.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María del Carmen Aira Díaz, sobre a política de investigación para afrontar a seca derivada do cambio climático: *aprobado por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx.99.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Adrián Pardo López e sete deputados/as máis, sobre o compromiso do Parlamento de Galicia na defensa da Constitución de 1978 e na defensa da independencia do poder xudicial. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 99.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Pardo López (P).* (Páx. 99.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 102.)

O señor presidente menciona unha expresión do discurso da señora Castro Rey (S), coa que mantén un breve diálogo, que retira do Diario de Sesións. (Páx. 105.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 106.)

O señor Pardo López (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 108.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar e promover a igualdade real entre os homes e as mulleres dentro do ámbito do deporte. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica a existencia dunha autoemenda do G. P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 110.)

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 111.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Castro García (BNG)* (Páx. 114.) *e Sra. Murillo Solís (P).* (Páx. 116.)

Nova intervención do señor Torrado Quintela (S). (Páx. 120.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para potenciar a investigación no eido da medicina xenómica. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta (Candida López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 122.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 122..)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 126..) *e Sra. Carreira Pazos (BNG).* (Páx. 128.)

A señora Amigo Díaz (P) intervén para posicionarse sobre as emendas. (Páx. 131.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noelia Otero Lago e Dª Noa Susana Díaz Varela, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia no que atinxe á cobertura docente dos centros de ensino para o vindeiro curso 2023-2024. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 133.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Otero Lago (S).* (Páx. 133.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Díaz Mouteira (P).* (Páx. 136.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Fernández Davila (BNG)* (Páx. 139.)

A señora Otero Lago (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 142.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Mercedes Queixas e D. Daniel Castro García, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que apoie a proposta de utilización das linguas cooficiais, nomeadamente o galego, nas intervencións das deputadas e dos deputados galegos no Congreso dos Deputados. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Queixas Zas (BNG).* (Páx. 144.)
Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Díaz Varela (S)* (Páx. 147.) *e Sr. Ferro Iglesias (P).* (Páx. 150.)

Nova intervención da señora Queixas Zas (BNG). (Páx. 153.)

Suspéndese a sesión ás oito do serán.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Antes de entrar no que é a orde do día deste pleno, convídoos, a todos vostedes, a gardar un minuto de silencio en memoria das vítimas do terremoto rexistrado en Marrocos e tamén para trasladar a nosa solidariedade e afecto a todas as familias e ás persoas afectadas; a nosa lembranza e afecto tamén para as vítimas das inundacións en Libia. Polo tanto, se lles parece, gardamos un minuto de silencio.

(As señoras e os señores deputados, postos en pé, gardan un minuto de silencio.)

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

E agora si. Entramos na orde do día, que está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo cal non procederemos á súa lectura.

Hai xustificacións de inasistencia e tamén delegacións de voto. Xustifica a inasistencia don Ramón Fernández Alfonzo, por un problema persoal; tamén Olalla Rodil Fernández xustifica a súa inasistencia e delega o seu voto, para esta sesión plenaria, na deputada dona Ana Pontón Mondelo. Todo iso está conforme ao disposto no artigo 84.3 e 84.4 do Regulamento da Cámara.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia do novo deputado D. José Luis Regueiro Fernández e da nova deputada Dª Sandra Vilela Riveiro

O señor PRESIDENTE: Como punto preliminar é a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dos novos deputados. Todo isto facémolo dando cumprimento ao previsto no artigo 7.1 do Regulamento, polo cal procedo a solicitar a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia á nova deputada e ao novo deputado. Segundo o procedemento, a formula é a de contestar «si xuro» ou «si prometo» á pregunta desta Presidencia.

Prégolles que respondan, desde o escano, á pregunta que lles vou formular:

(O señor presidente érguese e diríxese aos membros que conforman a Mesa do Parlamento: En pé, por favor.*)*

(Todos os membros da Mesa do Parlamento érguense dos seus asentos.)

Don Xosé Luis Regueiro Fernández, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor REGUEIRO FERNÁNDEZ: Si, xuro.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Dona Sandra Vilela Riveiro, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora VILELA RIVEIRO: Si, xuro.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pois unha vez prestado o xuramento, adquiren vostedes a condición plena de deputado e de deputada desta Cámara.

Benvidos ao Parlamento.

(Aplausos fortes.)

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Comezamos co punto primeiro, que é textos lexislativos; neste caso é un debate acumulado de toma en consideración das proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para remitir ao Congreso dos Deputados, do G. P. Popular de Galicia, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei e de posicionamento sobre a outra ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a súa portavoz, dona Ana Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señor presidente.

Señorías.

Hai exactamente vinte e catro días, dez horas e nove minutos que a AP-9 debía ser unha autoestrada gratuíta, pero neste momento as barreiras seguen baixadas; ¿saben por que, señorías? Pregunto sen ningún tipo de ironía. ¿Saben por que? Porque o Partido Popular decidiu regalar a Audasa vinte e cinco anos máis de concesión para que se siga forrando á custa dos galegos e das galegas; *(Aplausos.)* vinte cinco anos de estafa que debemos ao Partido Popular,

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

co señor Aznar á fronte; vinte e cinco anos que se suman aos dez anos de prórroga que, previamente, tivera a ben conceder o Partido Socialista.

Unha vez máis, aquí temos o tándem Partido Popular e Partido Socialista alternándose na discriminación a Galiza, porque a historia da AP-9 é tamén a crónica dunha gran discriminación a Galiza que soportan cada día miles de traballadores e de traballadoras que teñen que parar nas cabinas das peaxes; cabinas, por certo, maioritariamente desertas porque a lóxica capitalista de Audasa cargouse a maior parte deses empregos e, nunha especie de círculo vicioso, onde antes había un posto de traballo agora hai unha máquina. É un negocio redondo, aínda que o certo é que sería moito máis exacto dicir «estafa redonda». *(Aplausos.)*

O custo de construción da AP-9 está máis que amortizado, cunha recadación que ronda os 3.400 millóns de euros desde a súa apertura, pero, aínda así, desde Madrid decidiron que os galegos e as galegas tiñamos que seguir pagando peaxes até o ano 2048; por iso estamos de novo neste pleno do Parlamento presentando, por cuarta vez —por cuarta vez, señorías—, un proxecto de lei para reclamar unha AP-9 galega e libre de peaxes. E quero empezar por destacar que a AP-9 é a única autoestrada da súa xeración que ten a concesión máxima legal de setenta e cinco anos; as demais, ou son gratuítas ou van ser gratuítas moi pronto. De feito, mentres en Galiza seguimos pagando relixiosamente, os usuarios e as usuarias de Andalucía, de Valencia, de Cataluña ou de Euskadi circulan por autoestradas que, ou xa ben son libres de peaxe ou o van ser proximamente, e que foron construídas ao mesmo tempo que a AP-9.

En todo o Estado español só hai tres autoestradas que teñan o máximo concesional, isto é, o máximo que permite a lei. E, miren por onde, dúas están en Galiza: unha é a AP-9 e a outra é a AP-53. ¿Que lles parece isto, señorías? Nada disto é froito da fatalidade nin tampouco da casualidade; é o resultado de decisións políticas en contra de Galiza tomadas desde o Goberno do Estado, tanto con gobernos do Partido Popular como con gobernos do Partido Socialista, é dicir, partidos que non só consentiron, senón que foron cómplices necesarios dunha discriminación que é un auténtico saqueo a miles de galegos e de galegas que teñen que pagar dos seus petos unhas peaxes desorbitadas.

Permítanme que lembre só dúas decisións que nos trouxeron até aquí: ano 1994, o Goberno do PSOE, con Felipe González de presidente e con Borrell como ministro de Fomento, ampliou a concesión dez anos até o ano 2023; no ano 2000, o Goberno do Partido Popular de José María Aznar decidiu ampliar a concesión outros vinte e cinco anos máis e, como guinda do pastel, un pouquiño máis tarde, decidiu a privatización da AP-9 a prezo de saldo. Por certo, señorías, ¿saben quen era o conselleiro de Política Territorial nese momento? O señor Alberto Núñez Feijóo; xa vemos cal é a súa folla de servizos a Galiza. *(Aplausos.)*

A consecuencia é que temos unha das autoestradas máis caras de todo o Estado español e coa concesión máis longa; un auténtico filón para Itínere, actual concesionaria, que logra cifras millonarias de facturación e de beneficios. Fíxense, en 2022 recadou coa AP-9 171,8 millóns de euros, isto é, unha media de 471.000 euros ao día; a autoestrada galega representa o setenta e un por cento do volume de negocio da concesionaria no Estado e só no primeiro semestre deste ano o beneficio neto foi un sesenta e oito por cento máis alto que no pasado

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

exercicio. Está claro que estas tarifas son un auténtico maná para os fondos voitre propietarios dunha infraestrutura clave para Galiza, pero que son una pesadísima carga para os galegos e as galegas e que lastran a competitividade das nosas empresas, e, se non pregunten ao sector do transporte.

Por todo isto estamos aquí, unha vez máis, denunciando que xa está ben de estafas, que xa está ben de poñer os intereses dunha multinacional por diante dos intereses dos galegos e das galegas. Con esta proposición de lei, o BNG volve reclamar a transferencia da AP-9 como o primeiro paso para acabar cunha discriminación histórica que cada día pagan vinte e dous mil galegos e galegas; unha transferencia que, por suposto, debe realizarse libre de cargas para ter unha AP-9 rescatada, como se rescataron as radiais madrileñas con miles de millóns de euros, nunha operación que avalaron tanto o Partido Popular como o Partido Socialista. ¿Por que as radiais madrileñas puideron rescatarse e a AP-9 non, señorías?; ¿poden explicalo á cidadanía galega? *(Aplausos.)*

No BNG pensamos que é hora de ter unha AP-9 galega e libre de peaxes e levamos moito tempo traballando contra o vento e a marea para conseguilo. E quero dicir, con todo o orgullo, que sen o empeño do BNG non existiría nin a máis mínima posibilidade de conseguir esa AP-9 galega e libre de peaxes, nin sequera existiría o debate; é así de claro. Un empeño a favor de Galiza, que contrasta co papelón das forzas estatais, cunha folla de servizos que o único que presenta, ano tras ano, é a ampliación das concesións, privatizacións e subida das peaxes. O PP e o PSOE sempre arrastraron os pés no obxectivo da transferencia, poñendo paus nas rodas de xeito explícito ou disimulado. É moi fácil comprobar o papel que cadaquén xogou.

En 2014 o BNG rexistrou neste Parlamento, por primeira vez, a Proposición de lei para a transferencia da AP-9. Hai máis dunha década que estamos dando a batalla e podo dicirlles, señorías, que non imos parar até gañala. O resultado foi unha lei que se aprobou por unanimidade no ano 2016, pero non foi suficiente, porque, na crónica da discriminación, ocupa un lugar destacado o veto do Partido Popular, negándose a que esta lei fose debatida tan sequera no Congreso, e xa non digamos, aprobada; quero lembrar que o Partido Popular intentou impedir que a lei que aprobaramos neste Parlamento fose tan sequera debatida. E, por certo, ¿saben quen foron os responsables dese veto, posicionándose na defensa dos intereses de Audasa e en contra de Galiza? Foron Ana Pastor, como presidenta do Congreso, e Mariano Rajoy, desde Moncloa; desde logo, todo un exemplo de como o Partido Popular defende os intereses de Galiza e de como di unha cousa en Galiza e vota a contraria en Madrid. *(Aplausos.)*

Respectar as decisións soberanas desta Cámara debería ser de primeiro de democracia, pero —fíxense— neste asunto tivo que vir o Tribunal Constitucional recordar ao Partido Popular que é ilegal vetar o debate de leis que propoñen os parlamentos autonómicos. Houbo que esperar até o ano 2018 para que o Congreso aprobase a toma en consideración da lei galega, que logo decaeu coa convocatoria de eleccións despois de meses durmindo o soño dos xustos. Como Sísifo, unha vez máis, Galiza tivo que subir a pedra á montaña. Unha vez máis, en febreiro de 2021, o Congreso volveu tomar en consideración esta Lei de transferencia da AP-9, pero tampouco esta vez o Partido Popular e o Partido Socialista estaban polo labor de

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cumprir a vontade deste Parlamento, así que volveron ao boicot: primeiro, pola vía de gardar a lei nun caixón durante meses e meses —en concreto, durante dezasete meses—; cando a cuestión xa empezaba a ser absolutamente escandalosa, e non tiveron máis remedio que activar a tramitación, pasaron á estratexia do enredo coa presentación de emendas, porque, claro, o que lles valía en Galiza, xa non lles valía en Madrid. E así pasaron dous anos e seis meses, que se di pronto —dous anos e seis meses—, mareando a perdiz até a convocatoria electoral do 23 de xullo, que, de novo, converteu esta lei, converteu a vontade deste Parlamento en papel mollado; e aquí, outra vez, a pedra ao pé da montaña.

Levamos case corenta e cinco anos pagando por unha infraestrutura estratéxica que —insisto— está requeteamortizada. Ao longo de máis destas catro décadas, o único respiro para as persoas usuarias foi esa rebaixa histórica nas peaxes conseguida polo BNG no acordo de investidura; non é suficiente, desde logo, pero foi unha axuda moi importante para miles de persoas, e, aínda máis, nun momento en que os prezos están disparados, nunha Galiza con salarios e pensións por debaixo da media, e en que temos un IPC que medra máis que no conxunto do Estado.

Desde o BNG seguiremos traballando en todas as frontes para conseguir unha AP-9 galega e libre de peaxes; para rescatar unha concesión, cuxas prórrogas non só supoñen unha discriminación, senón que tamén supoñen unha ilegalidade. E que supoñen unha ilegalidade non o di o BNG, senón que o di a propia Comisión Europea, que, en 2021, ditaminou que as ampliacións da concesión até 2048 eran ilegais, e, por tanto, tamén as peaxes cobradas baixo esas ampliacións; unha declaración de ilegalidade que, para o BNG, debe ter como desenlace a cancelación da concesión e o rescate da AP-9. E, para iso, no seu momento, o que pedimos ao Goberno central —igual que o que pedimos ao Goberno galego— foi que traballasen coordinadamente para chegar a esa meta, pero, lamentablemente, non foi así; ao contrario, o obxectivo que marcou o Estado foi convencer Bruxelas de que esas prórrogas eran correctas. Como na famosa película, o obxectivo é salvar o soldado Ryan, pero, para as forzas estatais, o soldado Ryan non son as persoas usuarias da AP-9; o soldado Ryan é Audasa. O boicot do Partido Popular e do Partido Socialista ten gañadores e ten perdedores: gaña Audasa, facturando miles de millóns de euros, e perden todos os galegos e as galegas que cada día soportan esta estafa legalizada.

Á luz dos feitos, é evidente que a estafa da AP-9 non acabará até que Galiza teña unha presidenta, coas mans libres, para defender os intereses dos galegos e das galegas, para poñer os intereses dos galegos e das galegas por riba dos intereses dunha multinacional; unha presidenta, coas mans libres, para defender Galiza ante Madrid, goberne quen goberne na Moncloa. E estou segura de que xa hai unha maioría social que quere facer posible ese cambio; ese cambio está máis cerca que nunca, pero, até que chegue, o BNG vai seguir traballando para unha AP-9 galega e libre de peaxes.

Por iso traemos aquí, por cuarta vez, esta Lei de transferencia; esperemos que sexa a definitiva. Nós non imos tirar a toalla, e, desde logo, este será para min un obxectivo prioritario.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Moitas grazas, señora conselleira, pola asistencia a este debate; moitas grazas tamén ao deputado do Congreso, don Celso Delgado, que foi ponente desta lei que decaeu no Congreso, por estar tamén neste debate; e moitas grazas ao resto de mulleres e homes que nos acompañan tamén na tribuna do Parlamento.

Aínda que moitas das afirmacións feitas pola señora Pontón, deputada nacionalista, merecen unha réplica contundente —xa que, unha vez máis, pretende neste asunto retorcer a realidade, esquecendo que o partido que lidera a señora Pontón, o Bloque Nacionalista Galego, cando ten que elixir entre os intereses de Galicia e o apoio incondicional ao seu socio, sempre prefire situarse do lado de Pedro Sánchez e, polo tanto, contra Galicia—, evitarei a tentación de responder agora, e centrareime, na primeira quenda, en explicar por que os populares galegos traemos esta iniciativa; cales son as novidades que introduce este texto respecto da última proposta que foi obxecto de debate nesta Cámara e que reproduciu, no día de hoxe, o Bloque Nacionalista Galego; e por que queremos xestionar desde Galicia a AP-9; e rematarei facendo un chamamento ao conxunto das forzas políticas deste Parlamento para superar as diferenzas e para que sexamos capaces de facer unha causa común da transferencia a Galicia da principal autoestrada galega.

Neste senso, o primeiro que teño que dicir é que tanto o Partido Popular de Galicia como a Xunta de Galicia veñen defendendo desde hai máis de catorce anos a transferencia da AP-9. Facémolo sendo conscientes de que é unha infraestrutura vital para Galicia, isto é, a principal arteria de comunicación da nosa comunidade que vertebra cinco das principais cidades que temos en Galicia, onde está asentada o setenta por cento da poboación e o oitenta por cento da nosa actividade económica, e que, ademais, discorre integramente pola nosa comunidade, pero, sobre todo, facémolo porque a influencia da AP-9 é cada vez máis determinante no progreso de Galicia e na vida diaria dos galegos. Tamén xustificamos a demanda da súa transferencia na necesidade de levar adiante actuacións imprescindibles que seguen pendentes, que se están demorando no tempo e sobre as cales os actuais xestores non están sabendo dar resposta. Estas consideracións non son opinións do Grupo Popular, son argumentos cos cales, polo menos ata o de agora, coincidiamos todos. De feito, esta foi unha demanda común de Galicia; esta foi unha reivindicación de país que, ata en tres ocasións —nos anos 2016, 2017 e 2018—, foi formulada por unanimidade polos grupos que formamos parte deste Parlamento.

A titularidade autonómica da AP-9 permitiría ao Goberno galego acadar a xestión directa desta autoestrada para así adaptala con maior eficacia ás necesidades de Galicia e dos seus habitantes e para así dar prioridade a unha serie de obras e a unha serie de medidas que son imprescindibles acometer. Teñan a seguridade, señorías, de que Galicia pode xestionar esta autovía dun xeito moito máis eficiente do que se vén facendo ata agora.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Se, en febreiro de 2021, a toma en consideración desta iniciativa por parte do Congreso supuxo un paso histórico, grazas ao cal os galegos viamos máis preto a posibilidade de xestionar a nosa principal autoestrada, o bloqueo parlamentario posterior por parte dos partidos do Goberno —o Partido Socialista e Sumar— e o precipitado do adianto electoral fixeron que esta proposta de lei caducase ou decaese. A proposición de lei orgánica chegou ao Congreso apoiada pola unanimidade do Parlamento de Galicia, e ten pleno amparo na Constitución e no Estatuto de Autonomía. Pero nestes últimos cinco anos vimos que non se deu nin un só paso máis. É inxustificable que unha iniciativa, cuxa toma en consideración foi aprobada por unha ampla maioría de douscentos oitenta e sete deputados e cuxa tramitación se dispuxo que fose polo procedemento de urxencia, se atopase deliberadamente bloqueada polos partidos que tiñan o control da Mesa: o Partido Socialista de Pedro Sánchez e o partido da vicepresidenta Yolanda Díaz.

Ante unha norma que decaeu, o primeiro que fixemos desde o Grupo Popular foi cumprir o noso compromiso de retomar esta petición. Impulsamos de novo o procedemento parlamentario para acadar este obxectivo nesta nova lexislatura estatal e, unha vez conformadas as Cortes Xerais, tal e como prometemos facer, sexa cal sexa a cor do Goberno que se conformase, a nosa primeira reivindicación será a transferencia da AP-9 a Galicia. *(Aplausos.)*

Estamos cansados de ser discriminados; discriminados, tanto na xestión desta infraestrutura que —entendemos— debe ser a autonómica como no tratamento das súas peaxes. A Xunta pode xestionar esta autoestrada de maneira máis eficiente que como a está xestionando a Moncloa: coñece o territorio, está máis próxima das necesidades dos usuarios e ten vontade para impulsar eses cambios con responsabilidade de país e con maior sensibilidade social. Vímolo coas peaxes; o que aconteceu coas peaxes da AP-9 explica por que queremos, no Grupo Popular e no Goberno de Galicia, xestionar a AP-9 desde Galicia. En primeiro lugar, os socialistas e os nacionalistas venderon o pacto de Ana e Adriana —o pacto de investidura de Sánchez— como a solución ás peaxes abusivas da AP-9, e a realidade é que os descontos que impuxeron son tan insuficientes, señorías, que nin tan sequera se esgotou a partida orzamentaria prevista; e todo iso a pesar de deixar fóra miles de usuarios, como as familias numerosas ou moitos transportistas. Non contentos con isto, o pasado 1 de xaneiro subiron as peaxes da autoestrada, converténdoa nunha das autoestradas máis caras de España. Neste Parlamento pedimos ao Goberno de Sánchez que fose máis sensible e que impedise unha nova suba das peaxes das autoestradas estatais en Galicia, e fixo oídos xordos —para non falar do deputado do Bloque Nacionalista Galego que nin tan sequera se presentou á votación no Congreso dos Deputados—.

Xestionar a AP-9 desde Galicia permitiría tomar exemplo do feito pola Xunta, señora conselleira, xa que, con gran sensibilidade e con grande acerto, decidiu conxelar as peaxes das autoestradas autonómicas —e isto só daquelas que son da titularidade e competencia galegas—, absorbendo a Xunta a suba do IPC e das aplicacións dos distintos descontos. (*Aplausos.)* O Goberno de España tamén tiña marxe para conxelar as peaxes, pero o que non tiña e o que non tivo foi a vontade de facelo. É inaceptable que os galegos sigan pagando as peaxes máis caras de España. Obrigar os galegos a circular polas autoestradas máis caras de España supón un agravio inaceptable, e trae aparelladas consecuencias de especial relevancia, como a perda de competitividade das nosas empresas e dos nosos sectores produtivos; e trae apa-

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

rellado tamén o transvasamento de tráfico cara ás estradas convencionais, con maior risco de sinistralidade e cun incremento nos tempos de tránsito e de desprazamento.

A segunda das melloras que presenta a lei que hoxe propoñemos ten que ver con cuestións de financiamento. Os populares non imos permitir que a AP-9 supoña unha carga económica para os galegos. Por iso, respecto da iniciativa que presenta hoxe o Bloque Nacionalista Galego, introducimos catro novos parágrafos no artigo 1 que melloran substancialmente o texto inicial para que a transferencia veña acompañada dos recursos necesarios con cargo aos orzamentos xerais do Estado, para que o Estado asuma: primeiro, as obras pendentes, as actuacións xa comprometidas e pendentes de executar; segundo, que o Estado tamén asuma o custo de ampliar as bonificacións vixentes, estendéndoas, por exemplo, a vehículos pesados e a familias numerosas; terceiro, pedimos tamén que, con cargo aos recursos estatais, se faga cargo de calquera consecuencia económica futura derivada de decisións que non sexan imputables á Xunta, como, por exemplo, os efectos económicos que se deriven das sentenzas pendentes; e, cuarto, finalmente, a nosa lei, a diferenza da que trae o Bloque Nacionalista Galego, pide que o Estado asuma esa hipoteca imposta polo Goberno de Zapatero que nos obriga a incrementar as peaxes, como mínimo, un un por cento cada ano, durante vinte anos. Estas son as diferenzas e esta é a xustificación de por que nós traemos a lei e variamos a lei con respecto á que trae o Bloque Nacionalista Galego.

Outros cambios introducidos na nosa proposta de lei son reacción ás emendas presentadas polo Partido Socialista no Congreso. Os socialistas pretendían desactivar a transferencia da titularidade e das competencias, baleirala de contido e limitala a unha transferencia de uso, pero sen transferencia da titularidade; e isto suporía unha rebaixa inaceptable do texto que se aprobou no Parlamento de Galicia por unanimidade, e nós, como grupo parlamentario e como Goberno de Galicia, non o imos permitir.

Señorías, non nos fagamos trampas. Isto non é o que queremos os galegos; o que queremos os galegos é unha AP-9 plenamente galega, que permita unha xestión máis directa e máis pegada ao territorio, e unha AP-9 libre de cargas. Non sería fácil entender que o Bloque Nacionalista Galego ou o Partido Socialista votasen en contra dunha iniciativa que, grazas aos artigos que modificamos, mellora o texto inicialmente aprobado por este Parlamento.

E vanme permitir que, para rematar, tome prestadas unhas palabras que empregou daquela o líder do PSdeG durante o debate disto no Congreso dos Deputados —imaxino que, por facer afirmacións deste tipo, hoxe parece non ser do agrado do inquilino da Moncloa—. Esta persoa citou no seu discurso a quen tamén é un referente do nacionalismo galego, a Castelao; e dicía Castelao: «o verdadeiro heroísmo está en transformar os desexos en realidades e as ideas en feitos». Co seu voto hoxe demostrarán se queren pasar das palabras aos feitos, se queren converter en feitos unha reivindicación histórica de Galicia, se queren facer posible —esta vez si— nesta lexislatura a transferencia da AP-9, ou, polo contrario, demostrarán se prefiren situarse do lado do bloqueo, dos que buscan escusas para non cumprir esta reivindicación de país; co seu voto dirán hoxe alto e claro se están con Sánchez ou se están con Galicia. Unha vez máis, esperemos que estean con Galicia porque con Sánchez xa estiveron moitas veces durante esta lexislatura no Parlamento de Galicia.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, señora Pontón —termino; xa dixen que non ía entrar moito e xa ve que non entrei moito no seu debate—, que vostede, despois de firmar o pacto de Ana e Adriana —que ía arranxar todo o da AP-9, que ía rebaixar as peaxes, que ía rebaixar as bonificacións...; todo iso—, suba á tribuna do Parlamento e diga o que dixo..., a verdade, vostedes xa non teñen moita credibilidade, pero, a partir do día de hoxe —creo—, o Bloque Nacionalista Galego vai ter moita menos para os galegos e para as galegas.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos prolongados.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Bos días.

Grazas, presidente.

A verdade, señor Balseiro, é que o Grupo Parlamentario do PSdeG vai estar onde sempre estivo; nós non mudamos nunca de posicionamento e sempre apoiamos o debate e apoiamos conseguir, por fin, a titularidade desta infraestrutura para Galicia e tamén as súas competencias. Non poden dicir o mesmo noutros grupos parlamentarios e nomeadamente no Grupo Parlamentario Popular por todo o que leva feito en Madrid e tamén en Galicia para bloquear xa non só que esta transferencia chegase a Galicia senón só para que se puidese debater no Congreso dos Deputados. *(Aplausos.)* Aí están os feitos. Polo tanto, nós —vaia por diante— imos apoiar, como sempre fixemos, as dúas tomas en consideración que hoxe traen a debate tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Partido Popular.

A verdade é que me chama poderosamente a atención a intervención da voceira do Bloque Nacionalista Galego, da señora Pontón, que, ademais, durante todo o seu discurso puxo no mesmo nivel de responsabilidade o Partido Socialista e o Partido Popular, fallando totalmente á verdade, falando dese tándem do Partido Socialista e o Partido Popular; chámame poderosamente a atención que agora o Bloque Nacionalista Galego fale desta infraestrutura como unha infraestrutura clave para Galicia. Vostedes si que mudaron moito de posicionamento con respecto á AP-9, porque quero recordar esas declaracións de cando vostedes dicían que a AP-9 sería unha navallada para Galicia; vostedes si que mudaron moito de posicionamento, señoras do Bloque Nacionalista Galego.

E falaba a señora Pontón dese tándem PP-PSOE, e eu quero dicirlle que o tándem PP-BNG no tema desta infraestrutura ten moitos, moitos exemplos; e xa non é só un tándem, é que xa parece que pedalean cara atrás, porque, mire, vostede falaba moito das bonificacións das peaxes da AP-9, pero, ¿como foron realidade estas bonificacións nas peaxes da AP-9? ¿Como se chegou a que os galegos e as galegas paguen menos nesas peaxes? Iso foi grazas aos orzamentos xerais do Estado do ano 2021, do Goberno presidido por Pedro Sánchez, que, tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Partido Popular, non apoiaron; *(Aplausos.)* polo tanto,

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

non veñan dicir aquí que esas bonificacións históricas son grazas ao traballo do Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)* Como lle teño dito en moitas ocasións, centraron ben a xogada pero non foron quen de rematar e marcar gol porque non apoiaron eses orzamentos xerais do Estado que fixeron que esas bonificacións históricas nas peaxes da AP-9 sexan unha realidade; ademais, é vontade do Goberno que se manteñan ata o ano 2048. E, se queren, tamén hai máis exemplos dese tándem Partido Popular-Bloque Nacionalista Galego no relativo a esta infraestrutura (a AP-9), cando, tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Partido Popular, ocultou á cidadanía a valoración económica e o custo económico que esa transferencia podía ter para os galegos e as galegas —que vaia por diante que nós queremos ese traspaso da transferencia e das competencias da AP-9 ao Goberno galego, pero queremos que non supoña ningunha carga para os galegos e as galegas—. Non interpreten mal as miñas verbas, pero é verdade que o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular, durante moito tempo, estiveron a agochar esa realidade e non lles dixeron aos galegos e ás galegas ese custo que podía ter en mantemento a transferencia desta infraestrutura para Galicia.

E, como a señora Pontón poñía no mesmo grao de responsabilidade o Partido Popular e o Partido Socialista con respecto ao debate e á transferencia desta competencia, quero recordar que foron dous galegos os que bloquearon esta toma en consideración, ata en dúas ocasións, no Congreso dos Deputados; eses dous galegos, «eme punto Rajoy» —como dicía vostede— e a señora Ana Pastor —candidata tamén nestas últimas eleccións pola circunscrición electoral de Pontevedra e cabeza de lista do Partido Popular—, foron os que bloquearon, ata en dúas ocasións, esta toma en consideración da transferencia no Congreso dos Deputados —dicía a señora Pontón: «o Partido Popular intentou bloquear este debate de toma en consideración»; ¡non!, é que o conseguiu porque durante esas dúas ocasións non permitiu que pasase ese trámite—; e tamén co silencio atronador de Núñez Feijóo, que non se queixaba para nada de que se bloquease o debate desa toma en consideración no Congreso dos Deputados, e tamén da conselleira —que hoxe está aquí neste debate que estamos a ter—. Estaban moi caladiños daquela e empezaron a falar despois do 1 de xullo do ano 2018.

Polo tanto —como dicía—, o meu grupo, o Grupo Parlamentario do PSdeG, apoiará, unha vez máis, estas iniciativas. E —repito— tamén queremos un traspaso que non supoña ningunha carga aos galegos e ás galegas, pero hai que recordar e hai que facer memoria: hoxe estamos nesta situación, cunha prórroga da concesión ata o ano 2048, por unha decisión do Partido Popular; por unha decisión do señor Aznar que, primeiro, prorrogou esta concesión ata o ano 2048, e, se non prorrogase esta concesión no día de hoxe xa non estaría vixente; e, inmediatamente despois, privatizou Audasa. Foi unha xogada mestra: primeiro, prorroga esta concesión e, inmediatamente despois, privatiza Audasa.

Falaba tamén o señor Balseiro desas bonificacións das peaxes que —como dicía— non contaron nin co apoio do Partido Popular nin tampouco do Bloque Nacionalista Galego. Esa consecuencia da decisión do Partido Popular con esa prórroga —como dicía—, ata o ano 2048, non permitiu que, no día de hoxe, teñamos unha infraestrutura libre de peaxes porque quero recordar que dende a chegada de Pedro Sánchez ao Goberno de España, en xuño do ano 2018, catro de cada dez quilómetros de autopistas do Estado pasaron a ser gratuítas —catro de cada dez quilómetros de autopistas do Estado pasaron a ser gratuítas dende a chegada de Pedro Sánchez ao Goberno en Madrid, en xuño do ano 2018—; e iso podería ser unha reali-

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dade en Galicia se non fose por esa decisión do Partido Popular do señor Aznar. Polo tanto, o xeito de actuar —e aí están os feitos, señor Balseiro— é moi distinto entre o Partido Socialista e o Partido Popular: con Pedro Sánchez aplícanse bonificacións históricas ás peaxes da AP-9 e abriuse, ata en dúas ocasións, o debate para a transferencia a Galicia desta autopista; algo que —repito— non acontecía nin co señor Aznar, nin co señor Rajoy, nin coa señora Ana Pastor e tampouco co señor Feijóo, que, como cómplice, calaba e non pedía que se debatese e que se desbloquease o debate para poder trasladar a Galicia esa transferencia.

Agora estamos, é verdade, nun novo momento por esa disolución das Cortes, consecuencia da convocatoria electoral: decaeu este procedemento que estaba en trámite no Congreso dos Deputados; iso é así porque hai unha norma do Congreso dos Deputados que di que esas iniciativas que xa iniciasen a súa tramitación decaen por unha norma que está aprobada no Congreso dos Deputados. Quero recalcar isto porque o Partido Popular estivo a enganar a cidadanía e a dicir que esta iniciativa decaía porque así era a vontade do Partido Socialista en Madrid porque había outras iniciativas que non decaían; isto é así porque hai unha norma que así o contempla no Congreso dos Deputados. É verdade que o Partido Popular ultimamente nos ten moi acostumados a poñer en dúbida esas normas das cales nos dotamos todos e todas. O outro día —xa que vostede está agora hoxe aquí no debate— poñía incluso en dúbida as normas coas cales nos presentamos ás eleccións os distintos partidos políticos, e estaba a dicir que tiña que gobernar o señor Feijóo en Madrid porque fora o partido máis votado, pero iso non o din as normas coas cales nos dotamos, xa no ano 1977, e tamén no ano 1978; polo tanto, hai que ler un pouquiño máis e non poñer en dúbida as normas que nós aprobamos, e das cales nos dotamos entre todos e entre todas, cando non nos interesan, cando non son máis afíns aos nosos intereses persoais.

Os socialistas galegos sempre estivemos a favor desta transferencia; sempre o fixemos e seguiremos a facelo. Decaeu no Congreso dos Deputados por unha cuestión técnica, pero dicía o señor Balseiro que non se fixera nada en cinco anos; recordo o que se facía cando gobernaba o Partido Popular en Madrid: nin sequera se puido constituír esa comisión para debater esta transferencia, como era o momento no que se situaba este tema en Madrid. Quero recordarlle e repetirlle que na Mesa do Congreso dos Deputados, presidida por unha galega, isto é, presidida por Ana Pastor, se bloqueou, ata en dúas ocasións, este debate de toma en consideración.

Quero tamén recalcar que a disolución das Cortes non comprometeu as bonificacións históricas das peaxes na AP-9 postas en marcha polo Executivo presidido por Pedro Sánchez. Estaban e están garantidas mediante eses orzamentos xerais do Estado. Este instrumento foi realmente o que fixo realidade estas bonificacións xa aló en xullo do ano 2021. Polo tanto, sabemos como ten actuado o Partido Popular neste tema, e coincidimos en que será de novo un Goberno socialista en Madrid o que porá de novo o debate desta transferencia enriba da mesa; polo tanto, uns actúan dunha forma e os outros actúan doutra, pero os feitos están aí.

O PSdeG quere que o traspaso da AP-9 se faga do xeito máis beneficioso para os galegos e para as galegas. Dende logo que —xa llo digo señor Balseiro, porque vostede desliza sempre esa discriminación do Goberno de Pedro Sánchez para con Galicia— non permitiremos un trato distinto aos galegos. Os galegos queremos que a AP-9 sexa de titulari-

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dade autonómica, pero, en calquera caso, que saia á conta; queremos unha mellor conservación e dende logo menos peaxes. E —como dicía—, aí, o Partido Popular e o Bloque Nacionalista Galego estiveron tamén ocultando certa información porque, se as vantaxes do traspaso están claras e non as poñemos en dúbida —aí vai ir, de novo, o noso voto para que se aprobe esta toma en consideración e se poida continuar cos mecanismos lexislativos pertinentes—, tamén é certo que a conservación desta infraestrutura ten un custo importante que hai que valorar economicamente; hai que saber exactamente que vai supoñer para Galicia ser titular desa infraestrutura. Por iso nós reclamamos un compromiso para que esta transferencia conleve o mesmo trato económico que o Estado tivo con outras comunidades cunha transferencia similar, e —repito— debe facerse da forma máis beneficiosa para Galicia.

No relativo á proposta que presenta o Partido Popular, vese que foi feita ás présas porque, miren, o punto 1.1 do primeiro artigo é igual a como empeza o 1.2: *(A señora Otero Rodríguez le o punto 1.1 mencionado.)* «Transfírase á Comunidade Autónoma de Galicia a titularidade da autoestrada do Atlántico (AP-9)»; este é o 1.1 e o 1.2: *(A señora Otero Rodríguez le o punto 1.2 referido.)* «Transfírase...

O señor PRESIDENTE: Remate por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...á Comunidade Autónoma de Galicia a titularidade e as competencias. ¿Que imos, engadindo a cada artigo «titularidade e competencias»? É que se ve que está feito todo ás présas. E incluso acontece o mesmo cando falan vostedes de ampliar esas bonificacións ás familias numerosas, xa que vostedes —o Goberno galego— si que limitan as bonificacións ás familias numerosas; o Goberno central non discrimina entre familias numerosas ou non numerosas, senón que aplican esas bonificacións...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...a todos os vehículos lixeiros e incluso os vehículos pesados. Polo tanto, isto está feito a toda présa coa intencionalidade de seguir confrontando co Goberno central...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...e vaia por diante —como xa dicía ao principio da miña intervención— que imos apoiar a toma en consideración dos dous textos lexislativos que hoxe presentan o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero, grazas.

Réplica dos grupos autores da proposición de lei.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día de novo.

A verdade é que non deixa de ser sorprendente que o Partido Popular veña a esta Cámara falarnos da AP-9 e da discriminación a Galiza e que sexa o Partido Popular que denuncie a discriminación que significa a xestión da AP-9; un Partido Popular que ten na súa folla de servizos en relación coa AP-9 o aumento da concesión até o ano 2048 —o máximo legal permitido—, *(Aplausos.)* porque se fose de cen anos, vostedes permitirían cen anos máis da AP-9. Denuncian os que privatizaron a AP-9 a prezo de saldo porque esa situación sería moi diferente se esa AP-9 fose pública en vez de estar en mans de fondos voitre; denuncian os que nos din que é un escándalo que agora suban as peaxes e os que calaban mentres os gobernos do Partido Popular subían ano tras ano as peaxes, *(Aplausos.)* incluídas as de Mariano Rajoy; ou denuncian os que nos falan ou os que nos deixaron a autoestrada con menos descontos de todo o Estado español. Esta é a folla de servizos do Partido Popular.

E veñen aquí darse golpes no peito, dicindo que, efectivamente, o Partido Popular sempre quixo a transferencia da AP-9, e a culpa é que agora hai un Goberno malísimo que non lla dá, pero pregúntome eu: ¿non gobernou o Partido Popular con maioría absoluta no Estado, co señor Aznar, e con maioría absoluta, co señor Rajoy?; *(Aplausos.)* ¿por non lles solicitaron a transferencia da AP-9?; ¿por que non llela solicitaron se realmente era tan importante para Galiza?

Vostedes, lamentablemente, xogan con este tema igual que xogan con moitos outros. E o mellor exemplo de que non a querían é que vostedes non pediron nunca ao Goberno central a AP-9; podían ir á Comisión Mixta e solicitar a transferencia da AP-9, pero o señor Rueda que era o responsable nunca solicitou a transferencia da AP-9 na Comisión Mixta. Ao contrario, tivo que vir o BNG forzar este debate cunha lei, e como non lles quedou máis remedio que votar a favor, logo veu todo o que veu a continuación; e o que veu a continuación foi un acto que ningún deputado desta Cámara podería aceptar, que foi ver como, de maneira ilegal e vulnerando todos os nosos dereitos, a señora Ana Pastor, que era a presidenta do Congreso, e o señor Mariano Rajoy, que era presidente do Goberno, non é que vetasen a transferencia, é que vetaron de maneira ilegal o debate dunha lei aprobada por unanimidade neste Parlamento. Esta é a folla de servizos do Partido Popular.

E aínda teñen a desvergoña de vir falar de discriminación con Galiza. Vostedes o que queren é borrar a historia; reescribir a historia para que pareza que o mundo empeza e acaba cando lle interesa ao Partido Popular, e unicamente para facer política barata. Este país necesita algo máis que luces curtas e que este xogo trileiro que marcan en relación coa AP-9, porque, sinceramente, a historia non se pode borrar; nin a historia do PP nin a historia do Partido Socialista, porque, señorías, eu dicía, na miña intervención, que a AP-9 podía ser gratuíta desde o pasado 18 de agosto, pero é que a AP-9 podería ter sido gratuíta desde o 18 de agosto do ano 2013, e, ¿saben por que non foi gratuíta? Porque naquel momento un Goberno do Partido Socialista decidiu ampliar a concesión dez anos máis e abrir a porta ao que logo fixo o Partido Popular. Polo tanto, a historia non a podemos borrar, goberne quen goberne.

É evidente que houbo unha rebaixa histórica nas peaxes nestes últimos anos; e esa rebaixa histórica —como recoñece o Goberno central— foi froito dun acordo de investidura co Blo-

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que Nacionalista Galego; estivo no proceso que a propia Moncloa fixo público en relación cos acordos de investidura e o seu cumprimento. O resto, efectivamente, é querer reescribir a historia, e, desde logo, querer enganar os galegos e as galegas.

É falso que a Lei da AP-9 caese por cuestións técnicas; a Lei da AP-9 caeu porque estiveron dous anos e seis meses mareando a perdiz para que non se aprobase a transferencia. *(Aplausos.)* Dous anos e seis meses para aprobar unha lei que tiña a unanimidade neste Parlamento.

Tamén me parece que é importante que se diga a verdade á xente: todas as transferencias teñen que negociarse na Comisión Mixta cos recursos necesarios —cos recursos necesarios—. E nós tamén facemos mención na nosa lei a ese aspecto, porque é certo que hai elementos que poden cambiar substancialmente, para mellor, a xestión da AP-9, como é que se confirme, finalmente, a ilegalidade da ampliación. E quen ten que pagar ese custo —¡como non!— ten que ser o Estado, que é o responsable desa decisión.

Polo tanto, nós o que queremos é camiñar e traballar para que esta sexa unha mellora. Eu xa sei que ao Partido Popular lle molesta que nós conseguísemos a rebaixa das peaxes —¡enfádanse!—. Agora di que lle parecen insuficientes; parecíalle mellor cando ao señor Rajoy e o señor Aznar nos subían as peaxes. *(Aplausos.)* Iso era o que lle parecía mellor ao Partido Popular.

Nós, desde logo, imos seguir dando a batalla por terra, por mar e por aire para conseguir unha AP-9 galega libre de peaxes. E á vista dos feitos e á vista deste debate queda máis claro que iso imos conseguilo cando este país teña unha presidenta, coas mans libres, para defender os intereses dos galegos e das galegas, goberne quen goberne en Madrid e sexa a multinacional que sexa, porque este país e a xente deste país necesitan un goberno e unha presidenta que os defenda e non que os defraude.

Moitísimas grazas.

(Aplausos prolongados.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Réplica do Grupo Parlamentario Popular, o señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Dicía a señora Pontón «sorprendente», «política barata», «xogo trileiro» e «rebaixa de peaxes». ¡Home!, sorprendente parece o cambio de actitude do Bloque Nacionalista Galego. *(O señor Balseiro Orol mostra ao resto da Cámara un documento coa fotografía dun cartel.)* ¿Acórdanse vostedes de escoitalos falar da AP-9, cando menos?; *(Murmurios.)* ¿acórdanse vostedes cando enchían de pancartas todo Galicia, que dicían «autopista, unha navallada á nosa terra»?; *(Murmurios.)* ¿acórdanse? Ímolo deixar aquí. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Se o presidente me autoriza ímolo deixar aquí. *(O señor Balseiro Orol coloca o documento referido na tribuna, á vista do resto da Cámara.)*

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dicía a señora Pontón, señorías, que conseguiron descontos. ¡Home!, Cando menos, Pedro Sánchez enganounos a vostedes; pero eu diría que vostedes tamén se deixaron enganar e vostedes enganaron os galegos e as galegas. Vostedes están dispostos, outra vez —e, ademais, foron o primeiro partido que o anunciaron— a dar o seu apoio; ¿a cambio de que? De nada. Dá igual o que firmen porque do que firmaron nada se cumpriu. Firmaron vostedes que o Congreso aprobaría a Lei de transferencia no ano 2020; é evidente que non o conseguiron, senón non estariamos hoxe debatendo este punto aquí. O Bloque deu as súas bendicións a un sistema de bonificacións insuficiente que tería que facerse extensible á AP-53, e tampouco o cumpriron. Asinaron que se suprimiría a suba acumulada do un por cento ata á fin da concesión, e, como comprenderán, tampouco o cumpriron.

E vostede falou de rebaixa histórica, pero cada ano de Goberno socialista a AP-9 segue sendo a autoestrada que máis se encarece de España. Revisen vostedes esas rebaixas e non enganen os galegos e as galegas. Vostedes, señora Pontón, seguen a ser cómplices de Audasa *(Risos.)* ao aceptar que as bonificacións se paguen co diñeiro de todos a través dos orzamentos xerais do Estado, cando ata tres organismos oficiais ditaminaron que hai un enriquecemento inxusto da concesionaria á custa dos galegos.

Mire, sobre o bloqueo no Congreso, señora Otero —está con nós o deputado Celso Delgado, que xa o nomeei antes, e non me deixará mentir—, foron todos atrasos deliberados. Mire, a iniciativa iniciou a súa tramitación parlamentaria o 3 de decembro de 2019 —eu non vou falar de pico, vou falar con datos, porque de pico é moi fácil falar, e, con datos é outra cousa—. A toma en consideración non foi ata quince meses despois, o 2 de febreiro de 2021. A iniciativa chegou a acumular quince prórrogas de emendas. Por imposición do Partido Socialista e de Sumar e coa complicidade do Bloque Nacionalista Galego *(Murmurios.)* non reunían vostedes a ponencia. A ponencia constituíuse en setembro de 2021 e non volveron vostedes reunila ata marzo de 2023 —2021, marzo de 2023— e só despois de reiterados escritos e de protestas dos populares. E, despois, non a reuniron coa escusa de que viña a Semana Santa, e quedou patente o pouco peso e o nulo interese dos socialistas galegos, da propia Yolanda Díaz, ante un tema transcendente para a súa terra, e do deputado do Bloque Nacionalista Galego, que sempre foi a rebufo dos deputados galegos.

E falan vostedes de prórroga. Mire, todos os grupos temos un pasado —todos—: o Bloque, o PSOE e o Partido Popular. Señorías, todos temos un pasado, pero, señora Otero, ¿quere falar vostede de prórrogas? Mire: no ano 1994, Felipe González e Josep Borrell tiveron a xentileza de ampliar a concesión por dez anos; no ano 2011, foi o señor Zapatero quen decidiu ampliar a AP-9 con cargo aos petos dos cidadáns, non con cargo aos presupostos do Estado. E todo isto a cambio de permitir que se subisen as peaxes durante vinte anos como mínimo o 1 por cento. E todo isto cando enriba da mesa tiñamos un informe do Consello Consultivo de Galicia que advertía que ese acordo era nulo de pleno dereito. Como comprenderá, a Xunta non cometería nin aceptaría tal atropelo.

Polo cal, señorías, penso con total sinceridade que os galegos non merecen que convertamos este debate nun intercambio de reproches que nada achegan ao obxectivo fundamental; que non deberamos esquecer e conseguir a transferencia da AP-9 libre de cargas; facer unha

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xestión máis racional, máis xusta, máis pegada ao territorio; que a AP-9 sexa patrimonio dos galegos e non un refén dunha concesionaria privada que sempre impón os seus intereses.

E os galegos aspiran a unhas peaxes que desaparezan ou que se vexan sensiblemente rebaixadas; aspiran a que se cumpran as obras comprometidas que melloren a capacidade da autoestrada; aspiran a circular por unha vía máis segura, mellor conservada e menos abusiva.

Pero para poder facer realidade isto é necesario o compromiso de todas as forzas políticas, do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego. Non vale que despois o Goberno de turno rebaixe vía emendas o alcance e contido desta transferencia. Non vale que desde o Congreso se boicotee con descaro a tramitación parlamentaria na busca de que caduque. Non é aceptable que paguemos con cartos dos galegos o que lle corresponde asumir á Facenda estatal.

E nós non renunciamos, o Partido Popular non renuncia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: ...ao noso texto —termino, señor presidente—... As emendas do PSOE pretendían que a titularidade da AP-9 quedará en mans do Estado. Por iso cremos necesario introducir estas cuestións na futura lei, mellorando o texto aprobado no seu día no Parlamento de Galicia e blindando a favor da nosa comunidade as condicións nas que debe vir esta transferencia da titularidade. E iso só o contempla a lei que presenta hoxe o Grupo Parlamentario Popular. Iso non o contempla a lei que se aprobou no Parlamento de Galicia por unanimidade, votada tamén polo Grupo Popular.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BALSEIRO OROL: Nós o que fixemos foi...

O señor PRESIDENTE: Señor Balseiro, remate, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: Termino, señor presidente, se me deixa nada máis que un segundo.

O señor PRESIDENTE: Si, pero mire o reloxo, estallo tapando a folla e non o ve. *(Risos.)*

O señor BALSEIRO OROL: O Grupo Popular o que fixo foi manter o texto e melloralo.

Grazas, señor presidente, e grazas, señorías. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das proposicións de lei

O señor PRESIDENTE: Votamos as proposicións de lei. Aínda que o debate foi de xeito acumulado, votámolas por separado.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Votamos.

Votación da Proposición de lei, do G. P. Popular de Galicia, orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Esta proposición de lei continuará a súa tramitación parlamentaria.

Continuamos coa orde do día.

O punto segundo da orde do día é o da comparecencia.

Comparecencia do señor conselleiro do Mar, por petición propia, para informar das previsións e das liñas xerais de actuación do seu departamento

O señor PRESIDENTE: Para iso ten a palabra o conselleiro do Mar, don Alfonso Villares Bermúdez.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Señor presidente e señorías, moi bos días a todas e todos.

Comparezo hoxe nesta cámara para explicar ante o Parlamento e dar conta á cidadanía da estratexia que seguirá o equipo desta Consellería do Mar que teño a honra de dirixir desde o pasado mes de xuño. Un conxunto de plans e actuacións para executar nos próximos meses e anos, que teñen un grande obxectivo, que é poñer en valor a nosa xente do mar e garantir que poida vivir con dignidade da súa actividade.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Non son tempos fáciles para o noso sector pesqueiro —e iso sabémolo todas e todos—, pois aínda nos estabamos a recuperar da pandemia da covid-19, cando a crise da loxística mundial, primeiro, e, desde o ano pasado, a invasión rusa de Ucraína, viñeron poñer patas arriba calquera previsión de vacas gordas.

En cada contacto que tiven con confrarías, empresas e outros colectivos profesionais recollín unha a unha as dificultades polas que pasan, constatei os problemas de todas e cada unha das partes, que son moi diversos. Por un lado, está o impacto do cambio climático nas nosas augas e recursos, que debemos estudar con todo o coidado e rigor; por outro, os efectos dunha deriva medioambientalista da Comisión Europea, que pretende condenar unha das frotas máis respectuosas co estado dos recursos e sustentable que existe como é a nosa. Tamén a citada crise global por una guerra ás portas de Europa, que impactou nos custos e prezos e levou a negativo, en moitos casos, a actividade dos profesionais e as empresas do mar. E os cambios nas dinámicas dos mercados e nas tendencias do consumo, que nos afectan a todos. Non son cuestións menores.

Por iso quero, ante todo, comezar por dar as grazas, darlles as grazas ás patroas e aos patróns maiores e aos presidentes das federacións de confrarías, ás mariscadoras e aos mariscadores, aos bateeiros e a outros representantes da acuicultura, a cada home e muller do mar que tiven o privilexio de escoitar e atender desde a miña chegada. Porque non só foron problemas o que me transmitiron, tamén me fixeron chegar a súa enorme capacidade emprendedora e vontade de vogar cara a adiante por moi turbulento que ás veces parece ser o que pode agardar no horizonte. *(Aplausos.)*

Elas e eles son o exemplo de que vivir do mar e no mar ten futuro; un exemplo que nos dá os folgos necesarios para poñer todas as nosas forzas e recursos ao servizo dun sector que non ten parangón en España, en Europa e no resto do mundo. E non falo só da súa dimensión, falo da súa calidade profesional e calidade humana. É por iso que me comprometo a loitar para impedir calquera novo ataque contra o sector e redobrar todos os esforzos desta consellería para contribuír a que os seus sacrificios se vexan compensados con ferramentas que melloren a súa calidade de vida.

Ante este traballo —no que compartimos obxectivos— sería conveniente o esforzo unido do Parlamento e o Goberno, polo que ofrezo a miña man tendida ao diálogo e á colaboración, xa que todas as mans son poucas para chegar a solucións para un sector que precisa estar máis unido que nunca, e que nós fagamos o propio.

Por iso esta mañá quero presentarlles as liñas xerais e os obxectivos fundamentais do departamento que dirixo, onde prima a vontade de traballar por un mellor futuro para a pesca, o marisqueo e a acuicultura de Galicia. A pretensión da Consellería do Mar é marcar un rumbo que nos leve a todas e todos a bo porto, con cuestións fundamentais, como unha aposta por reforzar a cogobernanza co sector á hora de abordar a xestión e a ordenación da actividade. O obxectivo non pode ser outro que manter un contacto continuo e un diálogo fluído cos verdadeiros protagonistas, que son as mulleres e os homes que viven do mar e os seus representantes.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ao contrario do que ocorre noutras institucións, como pode ser a propia Comisión Europea, aquí entendemos e impulsamos o papel que xogan as confrarías de pescadores, e contamos co Consello Galego de Pesca como caixa de resonancia das inquedanzas e necesidades do sector. Porque a nosa intención é que Galicia continúe a ser a rexión líder na Unión Europea na defensa do sector pesqueiro comunitario. Así o fixemos ademais ao abandeirar o rexeitamento ao veto á pesca de fondo en oitenta e sete áreas do Atlántico Noroeste, ao ser a primeira comunidade que acompaña e reforza o recurso ante a xustiza europea dos palangreiros de Burela contra esta decisión de Bruxelas, que se tomou sen medir as consecuencias socioeconómicas sobre o sector e sen os preceptivos informes científicos que a avalasen. Unha defensa do sector que imos reforzar agora que xa se fala de aumentar o número de zonas pechadas.

Tamén actuamos contra o Plan de acción da Unión Europea para protexer e restaurar os ecosistemas mariños cun horizonte 20-30, que persegue acabar co arrastre, levando por diante non só os grandes buques senón tamén moitas embarcacións de baixura que empregan esta arte. Por suposto que tampouco o imos permitir.

A intención da Unión Europea de promover a descarbonización da frota sen aportar as ferramentas técnicas e financeiras axeitadas tampouco é de recibo. Por iso traballamos nun informe por parte da Fundación MarInnleg, coa colaboración do clúster do naval Aclunaga, que partindo da situación actual analice as vías de traballo e as posibilidades que ten a nosa frota.

Con información e datos queremos estar presentes nos foros onde se aborde esta importantísima transición ecolóxica, non como ocorreu no recente Consello informal de Ministros de Pesca en Vigo, onde o Goberno central decidiu deixar fóra a Xunta de Galicia.

Desde a óptica dunha frota que é respectuosa co medio e que desenvolve unha actividade sustentable, tamén fixemos fronte á intención de converter o regulamento de control da pesca nun grande irmán que poñía en dúbida o bo facer dos nosos profesionais. Nós partimos sempre da confianza no noso sector. En cambio, desde o Goberno do Estado, houbo un certo —chamémoslle— colaboracionismo —por dicilo dalgún xeito— nesta cuestión, indo sempre por diante na instalación de medios de control excesivos. Confiar no sector e non perseguilo a priori esa foi e será sempre a nosa clave.

Non nos quedou máis remedio que alzar forte a nosa voz debido a esa desidia mostrada ante a maioría destas polémicas medidas desde o Goberno central. Ademais, nalgúns casos, o nesgo ambientalista é mesmo maior que o de Bruxelas. Esta deriva é palpable no Ministerio para a Transición Ecolóxica e no que afecta o noso sector principalmente en dous ámbitos: a presenza de empresas e actividades ligadas á pesca, marisqueo e acuicultura na costa, e a definición dos usos dos espazos mariños que pretende acomodar a eólica nos nosos mares.

Permítanme en ambos os casos ser moi claro; primeiro, no que afecta as instalacións produtivas do sector mar-industria, que precisan estar preto da costa na área de dominio público marítimo-terrestre. Galicia ten plenas competencias tras a aprobación da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, a Loxilga; unhas competencias e unhas

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

empresas estratéxicas que defenderemos ante Costas, Transición Ecolóxica ou quen faga falta.

No caso da eólica mariña continuamos a exixir que non se tomen decisións sen contar co sector. O exemplo de como articular esa colaboración activa témolo aquí na nosa comunidade no Observatorio da Eólica Mariña, onde industrias e representantes da pesca dialogan sentados na mesma mesa e poden chegar a entenderse. Galicia sempre defendeu e vai seguir defendendo a necesidade de que o desenvolvemento da eólica mariña garanta a compatibilidade coa actividade pesqueira e a preservación do ecosistema.

Xa son suficientes as trabas que lastran o sector, por iso os nosos esforzos céntranse en reforzar o potencial de todas as áreas do complexo mar-industria e contribuír a paliar na medida do posible as súas dificultades. Nun ano no que desde a Xunta estamos a executar os orzamentos máis altos e sociais na historia de Galicia, as contas da Consellería do Mar medraron máis que a media e permitiron mobilizar cerca de quince millóns de euros para axudar de forma extraordinaria a que o noso sector pesqueiro se repoña do impacto na súa actividade da guerra en Ucraína. Convocamos as nosas axudas para o segundo semestre do ano 2022 porque o Goberno central convocou as súas para o primeiro semestre, polo que obrigatoriamente tiñamos que ir detrás. Gustaríanos telas ofrecido antes pero desde o Ministerio levóusenos a unha coordinación de criterios entre as comunidades autónomas que acabou por demorar a convocatoria varios meses. Se fose por nós, estarían antes.

Son unhas subvencións que teñen aínda o prazo da convocatoria aberta, que se están a pedir nos últimos días e que pretenden que ninguén quede atrás. Porque, ademais de dirixirse á frota pesqueira e ao sector acuícola, tamén se destinan para paliar os esforzos no sector da transformación nas industrias pesqueiras e conserveiras e nas empresas comercializadoras. Imos, polo tanto, moito máis aló dos apoios do Goberno central, que, ademais, no caso das axudas ao combustible para os armadores chegaron tarde e mal, e se chegaron.

Desde o Estado non se convocou nin un só euro en apoio da industria de transformación. Nós si, sete millóns e medio de euros. Una industria pesqueira que segue tamén á espera de ter un PERTE propio. Doce son os proxectos estratéxicos para a recuperación e a transformación económica que existen na actualidade, pero segue sen darse acceso a estes fondos europeos, activados no medio da pandemia, a unha actividade estratéxica como é a de alimentación de orixe mariña; é algo que non ten ningún sentido común. Nós, pola nosa banda, tamén atendemos o noso sector marisqueiro cando pasa por problemas; aí están as axudas resoltas o mes pasado, que achegan cerca de 1,6 millóns de euros a 278 afectados pola parada biolóxica nas zonas antes coñecidas como de libre marisqueo da ría de Arousa. Aprobáronse máis do oitenta e cinco por cento das solicitudes.

Máis aló deste tipo de apoios puntuais continuaremos tamén a traballar na rexeneración das nosas rías. Entre o ano 2009 e o ano 2023 levamos aprobados trescentos setenta e dous proxectos do sector marisqueiro e outro medio cento de actuacións propias da consellería. O investimento acumulado é de 18 millóns de euros, e permitiunos actuar sobre máis de dezaseis millóns de metros cadrados de bancos marisqueiros e sementar uns douscentos cincuenta millóns de unidades de cría de ameixa. E pretendemos, ademais, continuar por ese camiño para

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aproveitar todo o noso potencial produtivo. O saneamento das rías, unidas a estas actuacións de rexeneración, contribuíu a multiplicar por cinco desde o ano 2009 as zonas de produción de moluscos bivalvos con mellor calidade da auga, que representan xa o 15,3 por cento do total.

Continuaremos tamén cos investimentos na nosa rede portuaria, pois pretendemos seguir avanzando cara ao grande obxectivo dunha Galicia potencia portuaria. Só nos últimos catro anos foron máis de trinta millóns de euros os investidos en novas infraestruturas. Desde o ano 2009 os nosos portos sumaron máis de 2,3 quilómetros de diques de abrigo —un cincuenta por cento máis— e engadiron tres mil novas prazas de amarre. E pretendemos continuar coa mellora integral destas instalacións tamén na súa dixitalización.

A mellora da seguridade e as condicións de traballo nas dársenas continuará a ser outro compromiso irrenunciable da Xunta de Galicia. Con este fin potenciamos o Programa de equipamentos nos portos pesqueiros de Galicia, que permitiu desenvolver a confrarías, armadores e outros usuarios dos peiraos case medio milleiro de actuacións entre os anos 2016 e 2023 por un importe de 21,5 millóns de euros. Unhas instalacións onde os usuarios se puideron beneficiar de bonificacións das taxas portuarias, que buscaban ser un apoio máis á hora de afrontar as consecuencias da invasión rusa en Ucraína e que deixaron no peto do sector arredor dun millón e medio de euros.

Son algunhas medidas postas en marcha para afrontar tempos difíciles, como complicada está a ser a remuda xeracional no mundo do mar. Desde a Consellería optamos por varios camiños para facilitar que máis mozas e mozos se acheguen a esta actividade. Un deles pasa polas liñas de axuda para a mellora da seguridade e a habitabilidade a bordo nos buques, co fin de elevar o atractivo desta ocupación. Imprescindible é tamén a vía de formación profesional, tanto a que permite acceder a este mundo coma a que posibilita unha aprendizaxe permanente para adquirir novos coñecementos. As ensinanzas pesqueiras e os centros de formación repartidos pola costa galega seguirán a ser prioritarios para este departamento. E estudamos, ademais, xa vías como a das axudas ao traballador en prácticas en zonas dependentes, co fin de propiciar a remuda xeracional a una profesión socialmente sostible, porque aspiramos a unhas comunidades no litoral vivas e activas.

Por iso foi, é e seguirá sendo unha liña estratéxica deste departamento da Xunta o apoio aos grupos de acción local do sector pesqueiro, claves na dinamización dos concellos da nosa costa, con máis de setecentos proxectos nos últimos oito anos, que permitiron a xeración de 4.500 empregos. Queden cun dato: por cada euro público que se inviste nas iniciativas dos GALP o impacto da economía é de case seis euros, ademais dos beneficios sociais e o asentamento da poboación que propician.

Apostamos pola acción local e apostamos tamén pola dimensión internacional. Non é casualidade que, en tempos tan difíciles como os que estamos a atravesar, Galicia cave un novo récord na exportación de produtos do mar, superando os 2.700 millóns de euros —é máis do dobre que os rexistrados no ano 2009—. *(Aplausos.)* Non é casualidade —reitero— porque detrás está a vocación global da nosa industria transformadora, líder na conserva e nos conxelados. E como mellor aderezo están as millonarias actuacións en materia de comercialización da cadea de subministración de produtos da pesca e da acuicultura.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Galicia sabe aMar. E xa o saben en toda España despois do éxito da campaña de promoción realizada por catro gastrofurgonetas, que chegaron a máis de duascentas trinta mil persoas e que aínda hoxe ofrecen en distintos puntos da nosa comunidade os petiscos máis apetitosos, xunto cos foros temáticos nos que participan os principais chefs galegos e blogueiros xunto a profesionais do mar.

Galicia sabe aMar, tal e como recoñecen nas múltiples feiras e salóns nos que participa cada ano a Xunta, os máis relevantes no ámbito da alimentación que se celebran no mundo. Esta fecunda aposta pola internacionalización e a promoción acompáñase de accións entre os máis novos, chamados a seren os consumidores de peixe do futuro.

Sempre defenderemos e difundiremos a calidade dos nosos produtos do mar, que teñen que estar presentes si ou si en calquera dieta sa e equilibrada. Pero necesitamos máis axudas e respaldo estatal para promover o consumo dos nosos produtos e integralos nesta dieta. Por iso reclamamos unha e outra vez a rebaixa do IVE do peixe e das conservas. Una medida que conta co respaldo da Unión Europea e mesmo da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, que, ademais, sinala que a negativa a baixalo provoca que baixe o seu consumo. De novo, trátase de algo totalmente irracional por parte do Goberno do Estado, pois o custo para as arcas públicas non sería alto e estaría xustificado polo beneficio económico para o sector e, sobre todo, o benestar e a saúde dos consumidores, que é algo que non ten prezo.

De valor incalculable é tamén a vida. Por iso seguiremos a brindar o noso Servizo de Gardacostas. E é por iso que a semana pasada adxudicamos un novo contrato que vai permitir operar con dous helicópteros, que son máis modernos e teñen superior capacidade que os que operan na actualidade. E seguirá coa renovación das patrulleiras, como xa fixemos nos últimos anos. O pasado agosto este servizo pioneiro —é o único entre as comunidades autónomas— cumpriu trinta e tres anos desde a súa creación aló polo ano xa 1990. Neste período rescatou ao redor de mil oitocentas persoas. Coida ao mesmo tempo das nosas persoas no mar, pero tamén terra dentro, con importantes rescates en zonas do interior.

Ademais, en materia de salvamento, Gardacostas de Galicia constitúe a mellor das ferramentas para a loita contra a contaminación e o lixo mariño; un exemplo en España e en Europa. De feito, a Comunidade galega é a única que conta cun plan e medios propios para a loita contra a contaminación mariña accidental. Este é un grande esforzo que debería ser recoñecido en materia de financiamento polo Estado, dado o inxente volume de recursos que precisa o seu mantemento e que está aforrando nestes momentos a Administración central.

Tamén é fundamental o seu traballo en favor da seguridade alimentaria e contra o furtivismo, pois o labor dos nosos gardacostas é fundamental para evitar a chegada aos consumidores de produtos ilegais que poden constituír un risco contra a saúde. Nesta importantísima área somos tamén pioneiros e referencia en Galicia internacionalmente grazas á actividade dun centro como o Intecmar, clave nas tarefas de control das condicións hixiénico-sanitarias do produto final que acabará nas mesas dos consumidores. Non existe en España outro centro como este, e debemos estar todos moi satisfeitos. Algo que se recoñece desde Madrid e desde Europa cando exerce como laboratorio nacional de referencia en biotoxinas mariñas.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ademais do control de calidade das augas e as toxinas, agora desde o instituto preténdese reforzar e ampliar o Observatorio Costeiro da Xunta de Galicia con novas estacións e parámetros de observación, co fin de fortalecer a avaliación dos riscos aos que nos enfrontamos nun escenario marcado polo cambio climático. Neste observatorio colabora o Intecmar con Meteogalicia, co Centro Tecnolóxico do Mar e coa Fundación Cetmar, que constitúe unha das principais ferramentas para o avance da investigación, desenvolvemento e innovación, a I+D+I mariña galega.

Continuaremos a apoiar este centro, pero tamén potenciaremos a actividade da rede entre os investigadores e o sector pesqueiro, a Redemar. De novo, outra iniciativa pioneira da nosa comunidade, que acaba de cumprir o seu primeiro ano de actividade. O seu traballo é fundamental para enriquecer os datos e argumentos de Galicia en prol dunha xestión marítimo-pesqueira que teña en conta a máxima que defendemos sempre: para acadar o tan necesario equilibrio medioambiental non se debe deixar de lado o económico nin o social.

Nun momento no que Europa fala de verde e azul pretendendo enarborar a bandeira da sustentabilidade, o que resulta evidente é que se alguén sabe de verde e azul é Galicia e a súa xente, que é á que máis lle interesa coidar o mar. De feito, a nosa comunidade será tamén a primeira en contar cunha axenda da economía azul sustentable; un documento estratéxico que se está ultimando e que constituirá un plan de actuacións para apoiar o crecemento sostible dos sectores produtivos vinculados ao mar e ao aproveitamento potencial dos mares e océanos como motores da economía.

Ao mesmo tempo, estamos a piques de presentar o Plan da cultura marítima de Galicia-Horizonte 2030, ao que contribuíron numerosos expertos e que inclúe un cento de propostas para garantir a conservación e poñer en valor todo o patrimonio material e inmaterial vencellado á actividade marítima e aos seus oficios tradicionais. *(Aplausos.)* Estamos a falar dunha riqueza cultural da que debemos sentirnos moi orgullosos e que potenciada polo plan servirá para reforzar a identidade mariñeira galega e tamén actividades económicas vencelladas a ámbitos como o turismo, entre outros. Asentar un pé con firmeza no noso pasado axudaranos a tomar impulso para dar un salto con garantías cara ao mellor dos futuros para o noso sector do mar, máxime nun presente como o actual.

Temos ante nós retos tan importantes como o fin do FEMP e a chegada do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura, o FEMPA, que pretendemos aproveitar para acadar un crecemento intelixente, sostible e integrador do conxunto da cadea mar-industria. Co fin de simplificar ao máximo a súa implantación e adecuar os seus condicionantes á realidade galega articularemos unha rede de oficinas que cubrirá o territorio costeiro e que asesorará e facilitará os trámites, sempre engorrosos cando de fondos da Unión Europea se trata, a todos os posibles beneficiarios.

Tamén nos agardan cambios tanto na xestión da pesca costeira artesanal coma nos plans en materia de marisqueo que se renovan de cara ao próximo trienio. Hai que adaptarse ao estado dos recursos, de forma que cada área ou ría poida optimizar o seu traballo.

E non nos esquecemos dun ámbito sempre prioritario para esta administración, como é o da miticultura. Galicia precisa abordar de forma progresiva cambios na xestión do cultivo do me-

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xillón, especialmente da súa trazabilidade, desde que se recolle a semente, a mexilla, ata que o molusco chega aos mercados. Queremos dixitalizar o proceso administrativo e avanzar na coordinación da produción e da demanda comercial, tanto en fresco coma en transformado.

Despois do que ocorreu este ano, imos seguir apostando polo diálogo para acadar un equilibrio entre bateeiros e percebeiros, pois estamos ante un asunto complexo e actuamos para buscar solucións e reducir a dependencia do sector da extracción do medio natural. Por iso, continuamos a traballar no deseño da nova norma, que terá un plan de xestión da mexilla como ferramenta fundamental para adaptar a extracción ás necesidades dos distintos sectores e á situación do recurso. É un traballo que faremos man a man co sector e, ao mesmo tempo, en distintas investigacións, para mellorar a captación de cría a través de novos elementos colectores e tamén para optimizar a produción criadeiro. Son liñas que van polo bo camiño e xa están a dar froitos.

Estando na data en que estamos, acabando o verán pero cada vez máis preto de decembro, outro reto que temos en perspectiva é o da repartición dos totais admisibles de capturas, os TAC, e as cotas de pesca en augas da Unión Europea para o ano 2024. Traballamos na revisión das propostas de TAC con especial incidencia naquelas especies de alto impacto para Galicia e daquelas con importantes repercusións pola súa influencia nalgunhas pesqueiras ou frotas, caso do xurelo ou da cigala. O obxectivo é alcanzar as maiores posibilidades de pesca para a nosa frota e non permitir recortes sen o máximo aval científico e unha rigorosa cobertura do impacto socioeconómico.

En fin, señorías, poderiamos estar horas e horas falando sobre as necesidades do sector e sobre a actividade desta consellería para atendelas, tamén sobre os retos, que van desde a remuda xeracional, a diversificación do emprego, a mellora da produción, a rexeneración dos bancos marisqueiros, a promoción do consumo, a seguridade alimentaria ou a loita contra o cambio climático, entre moitos outros.

Pero se hai algo que pretendo que quede claro desta primeira comparecencia no Parlamento, a miña segunda intervención —tras a resposta a unha pregunta que fixen o pasado mes de xullo—, é que somos e seremos sempre aliados da gran profesionalidade e responsabilidade dos nosos mariñeiros, das nosas mariscadoras e dos nosos bateeiros para preservaren os recursos e garantiren a pesca e o marisqueo para o día de mañá. Man a man con eles podemos traballar para protexer e dinamizar o sector do mar, que é o seu medio de vida; un obxectivo no que os invito a participar a todos vostedes.

O meu equipo —do que estou moi satisfeito— e mais eu ímonos comprometer a dedicarnos ás xentes do mar as vinte e catro horas e os trescentos sesenta e cinco días do ano; iso si, coas portas sempre abertas e a man tendida.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Quenda dos grupos parlamentarios.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En primeiro lugar, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra dona Patricia Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Bos días de novo.

Benvido, señor Villares.

A verdade é que lamento moitísimo ter que empezar a miña intervención dicindo que para min foi decepcionante a súa intervención. E mire que sabe que eu lle teño cariño e aprecio. Pensei que ían mudar as cousas na consellería estando vostede á fronte, pero lamento dicirlle que non é así e que me vou profundamente decepcionada.

Porque se a verdade é que vostede ao principio da intervención falaba con moi boas palabras desa man tendida, tamén do Goberno galego, de cara a estes grupos parlamentarios, tamén de cara ao Goberno central, para traballar a prol do sector, para axudar o sector pesqueiro galego, que coincido con vostede en que non está a pasar pola súa mellor época, a verdade é que iso foi nos primeiros minutos da súa intervención, porque rapidamente xa veu co *leitmotiv* do Partido Popular, deses agravios do Goberno central, do mal que o está a facer o Goberno central...

Vostede tamén chegou a criticar ese Consello informal de Ministros de Pesca que se celebrou recentemente en Vigo, que puxo no centro da actividade pesqueira a cidade de Vigo. Claro, vostede poderalle explicar ao sector o que fixo o Partido Popular para boicotear que se celebrase ese Consello de Ministros de Pesca en Vigo. Porque o Partido Popular, por moito que veñan agora dicir aquí, intentou que non se celebrase ningunha reunión de alto nivel da Unión Europea fóra de Bruxelas. Quería que todas se celebrasen alí, non quería que ningunha se celebrase en España durante estes seis meses de mandato da Presidencia española. Ademais, cando chegaron vostedes e cando escoitaron que ese Consello de Ministros de Pesca se ía celebrar en Vigo, mostraron ese rechazo xa á cidade de Vigo. Polo tanto, vir aquí dicir que boicoteou o Goberno central é faltar bastante á verdade.

E vostede, no primeiro momento cando empezaba a súa intervención, falaba moito das mulleres do mar. Quero recordarlle, porque vostede falaba para esas patroas, e non sei se o sabe que de sesenta e tres pósitos galegos só tres contan con mulleres á fronte deses pósitos galegos. E nós, o meu grupo, trouxemos en numerosas ocasións iniciativas a esta cámara para que por parte da Xunta de Galicia se puxesen medidas enriba da mesa para poder mellorar esta racha, para que as mulleres poidan acceder a eses órganos de decisión, a eses órganos nos que se toman decisións que afectan a súa actividade económica, que afectan a súa actividade diaria. ¿E sabe o que votou o Grupo Parlamentario Popular que o sustenta a vostede no goberno? Votaron en contra. Están contentos e satisfeitos de que só tres mulleres estean á fronte dos pósitos galegos. *(Aplausos.)* Señor Villares, ten vostede moitísimo traballo por diante para conseguir esa igualdade real no sector pesqueiro.

Falaba vostede tamén dese papel fundamental das confrarías de pescadores galegos. Quero recordarlle, por se non llo trasladou o Grupo Parlamentario Popular, que a semana pasada

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

na Comisión de Pesca, por iniciativa do meu grupo, por iniciativa do Grupo Parlamentario do PSdeG, aprobamos por unanimidade unha iniciativa na que instabamos a Xunta de Galicia para que traballe a carón do Goberno central para que a Unión Europea recoñeza dunha vez o papel de pleno dereito destas confrarías e que poidan acceder aos fondos europeos, aos fondos estruturais, ao que está a rematar agora, o FEMP, e ao futuro FEMPA.

Polo tanto, a ver se vostede acata e leva a cabo os acordos parlamentarios que acadamos nesta cámara, porque moitas veces chegamos ao acordo entre os tres grupos parlamentarios, pero a Xunta de Galicia despois fai ouvidos xordos.

É verdade que vostede leva pouco tempo á fronte da Consellería do Mar. E en moitas das cousas das liñas estratéxicas da consellería para os próximos anos nós estamos de acordo, pero é que hai un problemiña: vostede falaba dese orzamento histórico da Consellería do Mar, pero o problema é que o papel sustenta todo, e imos velo cando remate o exercicio. Porque estamos acostumados a que ao longo dos últimos dez anos os niveis de execución dos orzamentos da Consellería do Mar son penosos, en moitísimas ocasións non chega nin ao cincuenta por cento o executado deses fondos. Poñen moitísimos millóns enriba da mesa á hora de facer os orzamentos, pero despois, cando imos ver a execución orzamentaria, a verdade é que os niveis de execución son para botar as mans á cabeza. ¡Imaxine cantos millóns quedan no camiño que poderían axudar tantísimo o sector! Vostede falaba de que agora van intentar aproveitar ao máximo o FEMPA. Veremos o que fan, porque os datos tamén de execución do FEMP, que finaliza agora en decembro de 2023, con esa regra de máis tres, porque estaban finalizados no ano 2020, a verdade é que son tamén moi alarmantes. Foron numerosas as ocasións nas que tanto no Pleno como na Comisión 8ª tratamos este tema, e parece que a Xunta de Galicia pois non mellorou nada nese senso.

Falaba vostede de que foron vostedes, a Xunta de Galicia e a Consellería do Mar, os que abandeiraron ese posicionamento de rechazo rotundo a ese veto da pesca do fondo da Comisión Europea. Hai que facer memoria. Quen abandeirou o posicionamento en contra desa decisión tan inxusta da Comisión Europea foi o Goberno central, e nomeadamente o ministro Planas, que en todos os consellos de ministros de Pesca da Unión Europea amosou o seu rexeitamento, *(Aplausos.)* e así o recoñeceu o propio sector pesqueiro.

Porque quero recordarlle unhas palabras da conselleira do Mar e tamén do por aquel entón o presidente da Xunta de Galicia, o señor Núñez Feijóo, que dicían que a Xunta de Galicia ía presentar o recurso contra o veto da Comisión Europea independentemente do que fixese o Goberno central. Están aí as declaracións de ambos os dous dirixentes. ¿Que pasou? Posteriormente recuaron e dixeron: só imos presentar ese recurso se o Goberno central non o presenta. ¿E posteriormente que fixeron? Presentaron un recurso como parte coadxuvante ao recurso que presentou o propio sector pesqueiro.

Polo tanto, non veñan vostedes agora aquí dicir que abandeiraron ese posicionamento en contra desa decisión tan inxusta da Comisión Europea, que nós coincidimos con vostede en que foi unha decisión lesiva, que se tomou sen eses informes científicos máis actualizados e que se tomou tamén sen un verdadeiro informe de impacto socioeconómico desas consecuencias que ía ter a medida no noso sector.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Hai que traballar conxuntamente, dende logo, dende todas as administracións, porque os retos importantes que ten o sector alarman, porque xa vemos en que senso está a traballar a Comisión Europea. Sabemos desa reunión que hai o próximo 27 de setembro, no que posiblemente se avalíe a posibilidade incluso de ampliar esas zonas de veda, eses catro documentos que en febreiro deste ano puxo enriba da mesa a Comisión Europea, que nós non compartimos no fondo eses documentos, e témolo dito en numerosas ocasións. Creo que, ademais, se perde a oportunidade de levar adiante unha reforma verdadeira da política pesqueira común, que estes documentos que presentou a Comisión Europea non a abordan.

Polo tanto, temos moitos retos para o futuro e sobre todo ten moitos retos o sector, e é fundamental que todas as administracións traballen da man. E pode revisar as miñas intervencións, nas que sempre foi man tendida deste grupo parlamentario de cara á anterior conselleira do Mar para traballar todos xuntos. Pero a verdade é que as portas que encontramos por parte da Xunta de Galicia estaban totalmente cerradas a esa boa intención que tiñamos dende o meu grupo parlamentario.

Fala vostede de que hai moitísimos retos por diante, como esa demonización do arrastre que está a facer a propia Comisión Europea; estivemos a ver —como dicía— ese veto da pesca de fondo, que parecía que nun primeiro momento ía máis a atacar en contra da arte do arrastre. Vimos que despois pagaron máis as consecuencias outras artes máis selectivas, como é o palangre de fondo.

Polo tanto, queda moitísimo traballo por diante. Porque, independentemente de que estes catro documentos non sexan no día de hoxe unha proposta lexislativa, queda un trámite por diante. E a verdade é que as ameazas, e vendo como actúa a Comisión Europea, pois póñennos moi vixiantes a todos e a todas.

Claro, é que vostede falaba de tantas cousas. Di que as axudas do Goberno central chegaron tarde e mal. Pois voulle poñer uns datos: se as axudas do Goberno central por esa invasión de Rusia sobre Ucraína, que quero recordarlle que foi en febreiro do ano 2022 cando tivo lugar esa invasión, se as axudas do Goberno central chegaron tarde e foron aprobadas mediante un real decreto en marzo dese mesmo ano, e nese mesmo momento puxéronse á disposición do sector, ¿que está a pasar coas da Xunta de Galicia? Recórdolle: invasión de Rusia sobre Ucraína, febreiro do ano 2022; axudas do Goberno central, marzo de 2022, un mes despois.

E vostede gábase —agora mesmo está tamén a ir polos portos da nosa comarca— a dicirlle ao sector que xa teñen abertas as axudas da Xunta de Galicia para facer fronte aos gastos e ao que se encareceu o combustible. ¡Home!, estamos a falar de que estamos cando vostede foi a eses portos en agosto do ano 2023. E dende febreiro do ano 2022 non foi quen a Xunta de Galicia de articular unha liña de axudas —que aínda está aberta a solicitude, polo tanto, aínda non están resoltas— ata febreiro do ano 2023. Se as do Goberno central e outras administracións presididas polos socialistas —quero recordar tamén as axudas postas aí enriba da mesa pola Deputación Provincial da Coruña— chegaron tarde, mal e arrastro, ¿como podemos definir as da Xunta de Galicia?

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E quero recordarlle tamén esas axudas ao libre marisqueo. Vostede dicía que están facendo todo o posible para apostar e traballar a prol do marisqueo, despois —porque non vou ter tempo na miña primeira intervención— voulle dar datos reais que evidencian que o marisqueo en Galicia non está ben, como din vostedes, os datos son alarmantes...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Remato, presidenta. Unha puntualización só para acabar e despois seguirei.

Se vostedes vetan o marisqueo, cerran o marisqueo en xaneiro do 2023, a xente non pode saír faenar. No día de hoxe din que teñen resoltas as axudas, pero a xente aínda non cobrou, ¡eh! A xente non cobrou. Vostedes dixéronlles que non podían faenar en xaneiro; estamos en setembro, vostedes alegan de que teñen as axudas resoltas, pero a xente non ten os cartos no seu peto.

Polo tanto, señor Villares, ten moitísimo traballo por diante porque mudaron de cara, pero as artes seguen sendo as mesmas.

Despois continuarei. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra dona Rosana Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Bo día a todos e a todas, señora presidenta.

Bo día, señor conselleiro.

Nós, dende o Bloque Nacionalista Galego, xa intuïamos que o cambio dalgunhas caras na Consellería do Mar non ía significar un cambio de políticas. E vostede na súa estrea neste Parlamento, —practicamente estrea, xa sei que xa tivo unha intervención anterior— acábanolo de confirmar, pois acábanos de confirmar que, efectivamente, absolutamente nada vai cambiar. Non só nos acaba de confirmar iso, senón que, ademais —segundo pon por escrito a súa solicitude para comparecer hoxe—, vostede viña hoxe aquí explicar —leo textualmente—: «as liñas xerais de actuación do seu departamento». Non explicou as liñas xerais do seu departamento ou, en todo caso, reiterou o que xa estaba explicado durante os tres anos anteriores por parte da persoa que era titular da Consellería do Mar e que agora é deputada por Ourense. Agardemos que vostede non acabe tamén —e non temos nada contra os de Ourense— sendo o candidato pola provincia de Ourense.

Señor conselleiro, o primeiro que hai que cambiar para, efectivamente, significar que hai algún cambio máis que o de caras é a actitude. E a súa actitude, non só intuímos, senón que constatamos xa no pouco tempo que leva no cargo, non cambiou absolutamente en nada. E voulle poñer dous exemplos, señor conselleiro:

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Non cambiou porque vostede chegou á consellería no mes de xuño, e dende que chegou á consellería houbo, efectivamente, moitos sectores, moitos subsectores que pediron entrevistarse e falar con vostede. Ben, pois aí empeza a primeira discriminación. A primeira discriminación é recibir a uns e nin sequera contestarlles a outros. Estamos no mes de setembro e hai sectores —supoño que sectores molestos para o conselleiro— que seguen sen recibir, non un non por resposta, seguen sen recibir contestación do conselleiro do Mar.

Pero aínda imos máis alá, señor conselleiro. Vostede foi alcalde —se non me fallan os datos— durante dezaseis anos. E ese cambio de actitude queda confirmado que non existe cando vostede visita os concellos ou algúns concellos —tamén os molestos, igual que os sectores— do noso país, e só se fai acompañar única e exclusivamente pola forza da oposición cando a forza da oposición é o Partido Popular. *(Aplausos.)* Non conta vostede nunca cos alcaldes ou coas alcaldesas de determinados concellos, que, efectivamente, deben serlle a vostede molestos.

Polo tanto, nada cambia a ese respecto, todo segue igual.

Efectivamente, señor Villares, a Consellería do Mar e o sector do mar teñen unha problemática inmensa. A diferenza entre a valoración que fai vostede e a que facemos nós é que... «Problemática inmensa», esa non lle caeu do ceo. Todos os problemas que ten o sector do mar do noso país non lle viñeron dados por non se sabe que maldición bíblica, non. A inmensa maioría dos problemas que ten o sector pesqueiro do noso país viñeron pola mala praxe e polas malas decisións —horribles, nalgún caso— das distintas administracións, tamén a administración que vostede dirixe, *(Aplausos.)* a Consellería do Mar e a Xunta de Galiza.

E iso non se remedia, señor conselleiro, cuns orzamentos que di vostede —levamos anos oíndoo, aquí é un clásico, señor conselleiro; xa lle digo que vostede non vén innovar nada nese sentido— «os orzamentos máis altos da historia». Levamos anos escoitando iso.

Pois, señor conselleiro, levamos anos escoitando que os orzamentos da Consellería do Mar son os máis altos da historia, e levamos anos comprobando con datos dos servizos técnicos da Consellería do Mar que tamén son históricos no sentido da falta de execución deses orzamentos. Por exemplo, non vou ir máis atrás, pero quero poñer o exemplo de que no ano 2022 aprobou este Parlamento, o Partido Popular, uns orzamentos de 194 millóns de euros para a Consellería do Mar, e executaron 147; é dicir, case cincuenta millóns menos dos que orzaron. E así vén sendo dende hai moitos anos.

E fala vostede, señor conselleiro, de Europa, de que van seguir facendo fronte aos ataques de Europa. Está ben que recoñezan que Europa, efectivamente, ataca, vén atacando dende hai tempo o sector pesqueiro. Pero a continuación terán que recoñecer que vén atacando dende hai tempo sen que a Consellería do Mar fixese absolutamente nada ao respecto. E para mostra un botón, un só exemplo. Vén agora vostede aquí presumir, señor conselleiro, de que defenderon *como heroes* —iso non o dixo vostede, dígoo eu— precisamente o sector pesqueiro da decisión europea das oitenta e sete vedas á pesca de artes de fondo, ¡como heroes! Se aínda estamos agardando case a que presenten o recurso que prometeron por activa e por

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pasiva un día si e outro tamén, ata que a Unión Europea tomou a decisión. Unha vez que a Unión Europea tomou a decisión, a vostedes xa se lles esqueceu o recurso e deixaron facer. *Que lo presente el sector.* Como así foi, presentouno o sector, e vostedes foron non só a rebufo da Unión Europea senón incluso a rebufo do propio sector, en vez de estar liderando, precisamente, a defensa contra ese ataque da Unión Europea.

Pero por se non o sabe, señor conselleiro, e así resumo todos eses ataques dos que fala vostede —que o BNG leva tempo falando— da Unión Europea. Mire: no ano 2021 aprobamos neste Parlamento por unanimidade, señor conselleiro, levar a cabo todos os trámites necesarios diante do Goberno do Estado para o recoñecemento de Galiza como zona altamente dependente da pesca. Aprobamos por unanimidade —leo textualmente—: «demandar do Goberno do Estado a realización de todas as xestións precisas para promover o chamado "principio de estabilidade relativa"». E aprobamos nesta cámara, non por unanimidade, coa abstención do Partido Socialista, no ano 2021, instar o Goberno do Estado para o recoñecemento da capacidade directa de negociación de Galiza, da súa participación e consentimento, naquelas cuestións de especial relevancia para a súa economía; nomeadamente, en materia pesqueira.

A respecto destas tres cuestións, que son absolutamente *fulcrais* para que Galiza pinte algo, a súa Administración autonómica pinte algo nas decisións que Europa e o Estado toman en contra do sector pesqueiro, a decisión a respecto destas tres decisións que se aprobaron aquí, dúas delas por unanimidade, ¿que fixo a Consellería do Mar? Falou antes vostede de que se acerca decembro, de que asistiremos de novo ao paripé da negociación dos TAC e das cotas e que asistiremos —e se non ao tempo, señor conselleiro— ao paripé de que o conselleiro do Mar do país máis potente de Europa en pesca vai asistir de mero acompañante do Estado español a Europa, *(Aplausos.)* quedando na antesala da sala precisamente onde se negocia e onde, efectivamente, —permítame a expresión— se corta o bacallau.

E falou, case ao final, porque case toda a intervención aquí falouse de Europa, mala malísima; falouse do Estado, ¡uf!, ¿que imos dicir do Estado español?, e do Miteco, ¿que imos dicir do Miteco?, que ata chegou a falar aquí do nesgo medioambientalista en exceso do Miteco, e, ao mesmo tempo, chegou a recoñecer que era o propio Miteco o que nos estaba impoñendo a enerxía eólica mariña. ¡Ah!, é certo. Pero, en todo caso, ¿que fixeron vostedes ao respecto? Pois fixeron o mesmo que co das oitenta e sete vedas; nin sequera, porque non chegaron nin a presentar nas súas alegacións, non foron capaces de deixar claro que a pesca ten que constar como prioritaria neses POEM, que non figura *(Aplausos.)* Non foron nin capaces de facer iso.

E agora, imos resumidamente, señor conselleiro, á política desta consellería, porque hai moitos sectores que dependen de vostedes, que non dependen de Europa, nin da ONU, nin do estado, dependen de vostedes. Por exemplo, o sector marisqueiro, a miticultura e, efectivamente, a pesca tradicional, a pesca artesanal.

Ben, ría...

A señora PRESIDENTA: Ten que ir rematando, señora Pérez.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Vou rematando, señora presidenta. Ría. Logo na segunda intervención non sei se darlle datos concretos, porque levamos anos, non dando datos, senón trasladándolle e repetíndolle e reiterándolle os datos que Pesca de Galicia, que depende da súa consellería, publica na súa web. Levámolos aquí repetindo durante anos. Levamos durante anos repetindo datos que dan outros informes que non son de Pesca de Galicia; por exemplo, o último deste ano do Instituto Galego de Estatística. Todos eles constatan que a perda de produtividade é alarmante e manifesta, e vostede vén dicir aquí que defende o sector pesqueiro e que vai poñer e que xa puxo axudas en marcha...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...para o sector pesqueiro e marisqueiro.

Xa digo, logo ampliarei estes datos, pero non son datos do Bloque Nacionalista Galego. Revise a propia páxina web da consellería. Dígallelo aos seus asesores, dígallo ao seu persoal de gabinete que llos revise, e, efectivamente, constatará que alí vostedes, non o Bloque Nacionalista Galego, veñen recoñecendo non só perda de produtividade alarmante das rías, senón perda de buques, perda de permex e perda de postos de traballo sistematicamente.

Señor conselleiro, neste ano que queda probablemente xa non, pero agardemos que despois deste ano que queda antes das eleccións...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...outros —xa sabemos que non van ser vostedes— poidamos poñer isto a andar, porque con vostedes non anda absolutamente nada.

A señora PRESIDENTA: Rematou o seu tempo, señora Pérez. Moitas grazas.

(Aplausos.)

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Ten a palabra dona Teresa Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Bos días, señorías.

Señor Villares, grazas por comparecer no Parlamento ao pouco tempo despois da súa toma de posesión dunha carteira tan importante para Galicia e para o resto de España, malia que os grupos da oposición non o crean ou demostren o contrario cando gobernan. E dígoo convencida polo que acabamos de escoitar na súa comparecencia, que pouco ou nada ten que ver co que dixeron as propias voceiras do Bloque Nacionalista Galego ou do Partido Socialista. Vostede foi claro na súa exposición, amosou realidades, amosou humildade e ganas de esforzarse e de traballar da man do sector ante os novos retos que temos por diante.

Permítanme que diga que as voceiras que me precederon e coas que que levo tempo debatendo, e ían nas listas ao goberno de España, dicían aquí que en Galicia non se fai nada e que os galegos non recoñecen o traballo da consellería, e que a que era conselleira do Mar,

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rosa Quintana, ía nunha lista ao Congreso dos Deputados. Ela está en Madrid porque os galegos saben que ela defende os intereses da pesca en Madrid, os galegos decidiron que o Partido Popular estivese representándoos. Eu teño que seguir debatendo coa señora Otero e coa señora Pérez, e sinto que quedasen frustradas por non poder ir defender os intereses a Madrid, pero será porque os galegos non quixeron que vostedes estivesen alí. *(Aplausos.)* Polo tanto, nós seguiremos enviando persoas que tanto no Congreso dos Deputados como en Bruxelas como no Goberno de España poidan defender ben os intereses de Galicia e da pesca.

En canto á crise loxística e á invasión de Ucraína é moi curioso escoitar que son un factor determinante cando lle interesa ao Goberno de España; é dicir, cando as cousas se complican ou cando algunhas axudas ou os PERTE, que aínda estamos esperando, teñen que ver quizais co contexto. Pero cando falamos de Galicia, cando falamos de situacións do sector pesqueiro —como di vostede aquí—, parece que eses dous factores non existen.

E a min gústame moito que a señora Otero aquí comezase a súa intervención dicindo que fora decepcionante e que lamentaba que fora decepcionante; despois dixo que estaba de acordo con case todo o que dixo vostede a medida que ía avanzando a súa intervención. Entón, eu pregúntolle á señora Otero: ¿que é o que quere? Estaba practicamente de acordo co que dicía, pero despois dixo que era decepcionante.

Os agravios están demostrados. E que un Consello de Ministros de Europa se celebre en Vigo e non se conte coa Xunta de Galicia é un agravio e unha falta de lealdade institucional moi grande e moi relevante, e que estivo a ollos de toda Galicia. Como o foi tamén a visita do comisionado, que tampouco conta coa Xunta de Galicia. Polo tanto, eu pregunto: ¿por que non queren que estea presente a Xunta? ¿Por que esa falta de respecto institucional? ¿Será que non queren oír que lles digan as cousas como se fan? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Será que as cousas que se fagan ben e que se lles diga dende a responsabilidade, dende os datos, dende os estudos o que se ten que facer, e vostedes non queren escoitalo? Eu creo que máis vai por aí que noutro sentido.

Dixo vostede: «aprobamos por unanimidade o tema das confrarías». Efectivamente, por unanimidade, estamos todos de acordo, e o conselleiro está o cen por cento de acordo tamén co que vostede solicitou e con que iso se arranxe tamén dende Bruxelas.

Falando de orzamentos, acusan de baixa execución, cando os orzamentos en pesca nos seus gobernos están á cola, son cativos xa de inicio; xa nin tan sequera os reflicten no documento e na lei. Polo tanto, señora Otero, que o Partido Socialista non nos veña aquí dar lecciónns en materia de xestión pesqueira ao Partido Popular.

E non se atribúan vostedes unha decisión —dígollelo tanto a vostede como á señora Pérez— en canto ao decreto da prohibición de arrastre, que enarborou o sector, que foi o primeiro que levantou a voz de alarma, con datos enriba da mesa, coa ameaza do que iso supoñería para eles. As institucións despois fomos todas detrás, co apoio que a Xunta sempre lle presta ao sector. E o conselleiro díxoo claramente: está o Consello de Pesca como un consello no que se poñen enriba da mesa todos os problemas que afectan o sector. O apoio teno ao cen

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

por cento e sempre da súa man. Polo tanto, un decreto, unha decisión dun comisario que moitos ministros do Goberno de España agora en funcións aínda non rexeitaron.

E falabamos dun medioambientalismo radical excesivo, porque é certo, e non só é de Bruxelas, tamén é do Goberno de España. Porque nós agora afortunadamente temos a nosa Lei de ordenación do litoral, pero se fora pola señora Ribera estaría pechada toda a costa galega en canto á pesca se refire: as depuradoras, os cocedoiros, todas as fábricas de conservas e de transformación. A señora Ribera, do Partido Socialista, pecharía toda esa industria. E a Xunta de Galicia é a que estivo sempre detrás defendendo. E o Grupo Parlamentario Popular e o propio Partido Popular sacando adiante esa Lei de ordenación do litoral, que, afortunadamente, vai salvar moita porcentaxe do sector pesqueiro.

Señora Pérez, vostede segue co mesmo argumento de que todos os males veñen do PP, o Partido Popular vai acabar co sector pesqueiro, o Partido Popular vai acabar coa industria, o Partido Popular vai acabar con todo. Pero resulta que os galegos á hora de votar elixen o Partido Popular, e o Bloque Nacionalista Galego queda aí estancado e parece que non arranca, parece que está na súa entelequia. E vostede fala dun clásico. Dille ao conselleiro «un clásico», que agora non lembro o que dixo vostede porque eu teño tanto clásicos do Bloque Nacionalista Galego que non sei a que clásico vostede se pode referir do Partido Popular.

En canto ao decreto do arrastre tamén. Nós, o Partido Popular e a Xunta, sempre estamos apoiando o sector, sempre, e con transparencia. Os que queren intervilo todo son vostedes. Nós non imos entrar a intervir nada, como quere facer o Bloque Nacionalista Galego; nós imos ir da man do sector e apoiar o que eles queiran facer. E é o que fixemos e o que seguiremos facendo, porque despois —como digo— á hora de elixir os galegos saben elixir.

Moita defensa —digo— no discurso da pesca aquí, pero nos pactos de Sánchez ningunha liña sobre a pesca. Chega a Madrid, ponse a negociar, despois no que se cumpre —que é a porcentaxe— falan vostedes de execución do orzamento, pero a execución do pacto do Bloque Nacionalista Galego, do Goberno de España, do Partido Socialista, Podemos e demais, cero baixo cero, execución mínima baixo a mínima. Polo tanto, un pacto co Goberno de España e a pesca non existe. Sen embargo, aquí a pesca parece que é propiedade exclusiva do Bloque Nacionalista Galego. A verdade é que eses discursos se escoitan tamén na sociedade; os galegos e as galegas, o sector, os propios parlamentarios e deputados escoitamos estes discursos e lemos tamén os documentos.

O señor Villares o que dixo aquí está totalmente reflectido na actividade, en feitos, en actos e despois en resultados. E creo que se poñemos o punto de partida —como digo moitas veces— no ano 2009, realmente os resultados son positivos. E hoxe, resumindo algúns datos dos que dixo aquí o señor Villares, poderiamos dicir que 7,5 millóns de euros investidos na industria de transformación, doce proxectos que agardan polo PERTE. ¿Onde está o PERTE? Temos que acudir ao Goberno de España, porque iso si que é unha competencia deles.

Trescentos setenta e dous proxectos relacionados coa rexeneración das rías dende o 2009; 18 millóns de euros de investimento e multiplicado por cinco as zonas saneadas dende o

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2009. Sempre tamén coa teima de que non se está facendo nada, non se está atendendo o marisqueo.

Máis de trinta millóns de euros investidos en portos galegos, tan só nos últimos catro anos. E, ademais, unha nova reinvención do que pode ser un porto, do que é unha vila mariñeira, que ademais de pesca ten que ter outras actividades e compatibles con elas.

Os propios GALP, récord de exportacións en produtos do mar. ¿Por que temos un récord de exportacións de produtos do mar no ano 2023? Iso é por ciencia infusa. As cousas que funcionan, funcionan soas, pero, en cambio, as cousas que van mal son culpa do Partido Popular e da Xunta.

E, señor Villares, como pode ver, son discursos que non se sosteñen. Eu teño unha vez máis que dicirlles á señora Otero e á señora Pérez que vostedes veñen aquí dicirlle a un conselleiro do Partido Popular, que ten unhas liñas claras estratéxicas de traballo, unha continuidade. O que nós queremos, ademais, é que se manteña tamén a nivel estatal porque vostedes dende España rexeitan e desprezan a Galicia.

Polo tanto, temos unhas liñas de traballo respaldadas nas urnas e que seguiremos apoiando. E nós, dende o Grupo Parlamentario Popular, señor Villares, con todos os retos que vostede expuxo enriba da mesa, imos estar apoiando e, por suposto, defendendo o sector pesqueiro galego, que é o primeiro que nos interesa neste caso.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Egerique.

Réplica, señor conselleiro, que —como sabe— é sen límite de tempo.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Ben, a verdade é que —como tamén xa comentei da outra vez que comparecín aquí— son moitos os anos que levo dedicado eu á vida política e pública. Non soamente os dezaseis anos de alcalde que se mencionaron aquí pola portavoz do BNG, senón que antes tamén estiven como concelleiro, como concelleiro do goberno e como concelleiro da oposición. Ao final, desde o ano 1995 ata o ano 2023 estiven moitos anos ao lado dos veciños, escoitando, falando con eles, falando con absolutamente todos os veciños e todas as veciñas do meu concello, sen diferenciar colores nin ideoloxía. Esa é a miña forma de ser e a miña forma de actuar. Por iso que comentar aquí, como comentou a portavoz do BNG, que me estou reunindo con uns e apartándome doutros pois non deixa de ser algo que lle podería dicir calquera veciño do concello de Cervo a vostede que non é así, porque esa non é a miña forma de ser nin é a forma de ser desta consellería. Polo tanto, dicir esas cousas, a verdade, é que a min me decepcionan enormemente, como a vostedes lles decepcionarán outras cousas.

A verdade é que nestes anos de política un ve que as cousas poden cambiarse, poden facerse, pero as revolucións —como ás veces se dá a entender nalgunhas das manifestacións que aquí se fixeron por parte das portavoces dos partidos da oposición— pois parece ser

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que son necesarias en calquera eido, e tamén no eido do mar. Ou sexa, aquí hai a alternativa que pode haber a un goberno, a unha acción de goberno que estivo capitaneada pola miña compañeira Rosa Quintana e por todo o seu equipo durante todos estes anos nunha liña de traballo continua, nunha dedicación ao seu servizo e en contacto coa xente permanente, estando todos os días do ano, a todas as horas, falando con todas e todos, as mulleres e homes do sector do mar. Pois eu creo que esa é a forma de traballar de xeito continuo e de xeito non abrupto. As revolucións, pois non sei o que vostedes entenden por ese cambio que queren facer ou que pretenden facer se algunha vez tivesen a posibilidade de levalo adiante.

Pero tamén o dixo a portavoz do Partido Popular: ano tras ano e elección tras elección, os veciños galegos e as veciñas galegas, Galicia está decidindo e tomando a decisión de que sexa o Partido Popular e os representantes do Partido Popular os que os representen. Polo tanto, aí queda esta miña primeira mención.

Eu creo que falar na miña primeira intervención cando comentei todo o que se está a facer, con cambios que, evidentemente, hai que tomar —como tamén leva tomado a anterior conselleira do Mar—, como a vida mesma. E hai cambios que eu creo que van ir e teñen que ir nese camiño de intentar mellorar a forma de vida das nosas mulleres e dos nosos homes. Eu creo que neses cambios son fundamentais decisións e tomar decisións —como vostedes tamén comentan—, pero ás veces esa vehemencia que mostran nas súas intervencións a min —lévoo visto durante todos estes anos de experiencia política— tamén me gustaría que a visen con aquelas persoas ou con aquelas administracións que realmente toman decisións que son lesivas contra os intereses galegos. Iso era o que a min máis me gustaría ver de vostedes, non ver un partido que representa unha ideoloxía, que vai defender esa ideoloxía á morte, aínda que vaia en contra dos veciños aos que representan. É algo que algunha vez me gustaría ver neste caso por parte de vostedes.

Cando se fala de Europa e se fala das distintas decisións que se toman en Europa, que son decisións lesivas —iso é así, niso ademais tamén parece ser que vostedes están de acordo—, pero tamén hai que poñerlles nome e apelidos ás persoas e a quen toma esas decisións. E ás veces gustaríame que esa vehemencia que mostran neste Parlamento cara ao Goberno dos galegos, que deciden todas as galegas e galegos, a tivesen con aquelas persoas que como o comisario de Pesca da Unión Europea —que é un comisario de Pesca que pertence ao Grupo dos Verdes, onde está integrado o grupo do BNG, que iso é unha realidade—, pois vén e está tomando unha serie de decisións, como veu tamén hai unhas semanas a Vigo, dicir, por exemplo, que o arrastre ten as horas contadas ou dicir que os pescadores galegos e todos os nosos mariñeiros son uns depravados medioambientalmente cara aos ecosistemas. Gustaríame que esa vehemencia que vostede mostra aquí llela mostre a eles, porque, realmente, vostede estará de acordo —e todo o seu grupo estará de acordo de que é así— de que o comisario de Pesca é o seu comisario de Pesca —e que comparten neste caso grupo con vostedes, é verdade, non é mentira—, e que se mostren vehementes con el e que lle digan todo canto nos din a nós. Eu creo que ás veces iso tamén mostraría en todos vostedes certa coherencia á hora da defensa dos intereses de Galicia, dos intereses dos homes e das mulleres que viven do mar de Galicia. *(Aplausos.)* Esa claridade.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero, ademais, eu non lles pido que sexan vehementes nin que lle griten, nin que lle digan as cousas no ton máis abrupto posible, non, senón que tan sequera llo digan, que lle digan: comisario, compañeiro noso no Parlamento Europeo, que pertence ao noso grupo, no que estamos todos xuntos, BNG e mais os Verdes, e comisario, este home lituano, a ver, non fagas estas cousas contra nós, nin contra Galicia nin contra as mulleres nin contra os homes galegos nin contra o mar galego. Díganllo, pero —eu repito— non llo digan abruptamente, díganllo educadamente, que tamén eu creo que se entenden as cousas moito mellor. Pero é importante que se traslade esa mensaxe porque, efectivamente, en Europa estamos desde Galicia intentando facer unha fronte defendendo o noso sector, o sector do mar, e realmente todas as decisións que veñen de Europa veñen dun comisario que comparte ideoloxía e comparte grupo con vostedes no Parlamento Europeo. *(Aplausos.)* Esa é unha realidade irrefutable.

No veto á pesca de fondo, cando vostedes o comentaron, eu creo que non están no certo. Eu creo que Galicia, as comunidades autónomas non son competentes para facer ese recurso; ese recurso nese caso trasladárono uns armadores de Burela, aos que evidentemente hai que felicitar, e nós acompañamos estes mariñeiros neste recurso. Iso é así, Galicia non podía levar adiante ese recurso. E dígoo, ademais, desta forma así tan sosegada, porque é certo, e eu pídolle que comprobe vostede estes datos, se é certo ou non é certo.

Porque, realmente, con este contacto continuo que temos co sector, co sector do mar, entre todos, entre eles e entre a Administración galega, entre a Consellería do Mar, entre o equipo da Consellería do Mar, decidimos entre todos reclamar e facerlles as alegacións e despois nós, Galicia, ir detrás como coadxuvantes. Iso era un pouquiño a estratexia a seguir e foi unha estratexia que se fixo da man do sector. Polo tanto, eu creo que os comentarios que vostedes fixeron con respecto a este asunto están erróneos, e, polo tanto, eu pido que os revisen para non volver cometer ese erro.

Está claro que tamén, en canto a outro asunto que vostedes tamén tocaron, que era o nivel de execución, penoso, da Consellería do Mar —utilizaron ese termo—, a verdade é que os presupostos da Consellería do Mar —ben o saben vostedes— é un presuposto que loxicamente procede case no 82 por cento dos fondos europeos, e vostedes ben saben da dificultade e do engorroso que son os trámites europeos de todo este tipo de axudas para todas as persoas e para todas as administracións.

Polo tanto, nós temos nese aspecto un nivel de execución bastante importante, pero sobre todo unha cousa tamén a destacar: somos a comunidade española que ten máis fondos, con moitísima diferenza co resto das comunidades, como fondos europeos, e esa dificultade na súa tramitación é algo que é evidente, é así. E, polo tanto, eu creo que iso é o que explica ás veces a dificultade na execución dos presupostos. Pero estámolos executando e por iso unha das medidas que imos trasladar tamén nestes próximos fondos FEMPA son estas oficinas que imos estender en todo o noso territorio, en toda a comunidade galega costeira, para facilitar e axilizar e para facerlles máis fácil a todas as persoas que recorran a estes fondos europeos.

Eu creo que, cando tamén comentaba hai un momentiño da claridade das ideas a tomar e dicirlle as cousas a quen toma as decisións mal, erroneamente, tamén pois neste caso me

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

quería referir ao Goberno do Estado, e neste caso á portavoz do Partido Socialista, respecto da que tamén teño evidentemente unha empatía cara a ela por ser veciños. Pois eu creo que tamén é importante destacar unha serie de cousas e eu creo que é moi indicativo e non se entende que o Goberno do Estado deixara fóra das axudas do PERTE agroalimentario a cadea mar-industria. E, ademais, é algo que Galicia demandou, a rectificación do Goberno e a apertura destes apoios á cadea produtiva do mar. Porque entendemos —e eu creo que vostedes entenden, polo seu discurso neste caso neste parlamento— que son parte imprescindible na sostibilidade e na competitividade, e, polo tanto, eu creo que nesa decisión do Goberno do Estado non entendemos por que non forma parte do PERTE agroalimentario. Non sei se vostedes llo trasladaron, eu creo que desde Galicia si que se trasladou. Eu non sei se vostedes teñen ou non teñen algún tipo de sintonía co Goberno central ou igual se consideran negativo que entrase o sector do mar neste PERTE agroalimentario. Pero seguimos sen entender por que se tomou esta decisión.

Por iso, tamén, con menos vehemencia, repítolle, igual que a portavoz do BNG, sen ser vehemente, que traslade aos seus representantes do Goberno do Estado por que non meteu Galicia no PERTE agroalimentario, por que tomaron esa decisión a pesar de que se lles pediu reiteradamente que non fora así. Iso, sen dúbida ningunha, mostra un desinterese absoluto cara ao mar de Galicia neste caso, este sector básico fundamental para a nosa Terra.

Igual tamén podiamos dicir por que desde o Goberno central non está a rectificar a decisión que lle levamos reclamado todo o sector, por activa por pasiva, desde o Goberno galego. Eu creo que reclama toda a sociedade que non se excluíra os produtos do mar da rebaixa do IVE. Non sabemos por que, porque ademais neste caso é unha medida que está avalada pola Unión Europea, que está avalada ademais por informes de Competencia e —o máis importante de todo— está avalada polo sentido común, porque xa tampouco non fai falta que haxa ningún organismo que diga que baixar o IVE é bo para o consumo de peixe e que é bo que a xente coma peixe, que é saudable, como comentei na anterior intervención, e que ademais é bo —repito— para que o noso sector tamén poida subir, poida nestes momentos duros e neses momentos nos que vostedes aquí enfatizaron a dureza, as necesidades..., pois é unha decisión que tamén se pode tomar.

E ¿por que non a toma o Goberno do Estado? ¿Por que non nos incluíu no PERTE? E ¿por que non produce a rebaixa do IVE, como se está a pedir? O PP non é quen está a pedir isto unicamente, o PP tamén, e o Goberno da Xunta de Galicia tamén, todo o sector está pedindo que se rebaixa o IVE dos produtos da pesca.

Polo tanto, son datos que están aí, e repítolles que a min me gustaría, me encantaría que llelo pediran nunha manifestación, pero igual, se non, na translación dun documento ou dunha petición pública, o que sexa, tanto a uns como a outros, aos representantes que vostedes teñen tanto no Goberno do Estado como na Unión Europea.

Eu creo que estamos nuns momentos difíciles. Todos son momentos en que sempre aparecen complicacións no noso día a día, temos que intentar entre todos lidar con eses aspectos e intentar sortear estes malos momentos e intentar arrimar o ombro, porque eu creo que ese é o xeito para que o noso sector e a nosa xente do mar tamén poida ter un futuro máis certo.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Cando comentaba na miña intervención e falaba da eólica mariña, na eólica mariña nós somos moi claros; para nós é fundamental que ao sector do mar non se lle alteren neste caso os dereitos e todos os beneficios e todo o seu día a día da xente do mar. Iso témolo moi claro. Para iso tamén ten montado a Xunta de Galicia un Observatorio da Eólica Mariña, un observatorio respecto do que tampouco entendemos que se lle pediu á ministra de Transición Ecolóxica e se invitou a que viñera falar e temos como resposta o silencio. ¿O silencio de que? O silencio de que se trasladou ao Goberno de Galicia ou se trasladou un Plan de ordenación da eólica mariña co que parece ser que ninguén está satisfeito, pero quen o trasladou foi o Estado, non o trasladou neste caso ningún dos que estamos aquí, un plan que foi posto así de calquera maneira sen contar co sector e sen contar coas autonomías. Iso é certo e ese Observatorio da Eólica Mariña está aí e todos os axentes que o conforman poden tamén corroborar o que estou dicindo.

Pero, ademais, hai outra cousa que a min tamén me resulta moi curiosa falando de eólica mariña, e son unhas manifestacións —que a verdade é que dan que pensar— feitas polo comisario europeo —ese que pertence ao grupo do BNG— con respecto á eólica mariña, porque realmente fixo declaracións públicas onde está apostando rotundamente pola eólica mariña, incluso defendendo que se acelere a tramitación a custa de eliminar trámites relacionados coa protección dos hábitats.

Con isto eu non digo que esteamos en contra da eólica mariña, ten que convivir todo, evidentemente, pero tamén hai unha cousa moi clara: neste caso nas decisións e as palabras que di o seu comisario —o comisario de vostedes— tamén é moi claro; aquí eólica mariña; para o tema dos ecosistemas mariños, para a pesca de palangre de fondo, para a pesca de arrastre aí poñémonos moi exquisitos, pero para isto, ¡coidado!, para isto, que haxa un mar verde, un mar azul, para que se poidan instalar onde sexa e —iso si— o máis rápido posible. E esta é unha decisión e son as declaracións do seu comisario, que eu non sei se están orgullosos del ou non, non o sei, pero, ben, a verdade, motivos para estar orgullosos del non teñen.

Nós a verdade é que os temos, e agora mesmo tamén quería ofrecer unha serie de datos que son un pouquiño tamén para poñer en relevancia cal é a situación actual. Como se comentaba aquí, agora mesmo a frota galega está empregando directamente 11.556 tripulantes, unha cifra que supuxo un ascenso de cerca dun 3 por cento en relación co 2019. E a verdade é que —é certo— o descenso das frotas pesqueiras e do número de embarcacións pois é unha tendencia a nivel mundial e nós non escapamos dela. Pero eu creo que os datos que temos agora mesmo encima da mesa pois polo menos deixan ver que hai traballo e que se fixo traballo desde a Consellería do Mar para que este descenso non fose tan forte como noutros lugares.

O número de afiliados do réxime especial do mar é cerca de 20.000, en concreto 19.800, que é unha cifra que ademais se mantén estable desde o ano 2015, revertendo, ademais, a perda de empregos dos anos anteriores. E os empregos directos da cadea mar-industria roldan case os 40.000. Polo tanto, eu creo que as cifras son unhas cifras que nos din que hai futuro, que evidentemente pasan malos tempos, pero que Galicia está contendo suficientemente estes traballos e este sector, e eu creo que niso teñen moito que ver as distintas decisións e o traballo que se leva feito desde a Consellería do Mar durante todos estes anos.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nas descargas en lonxa no ano 2022 comercializáronse cerca de 135.000 toneladas, un 1,12 por cento máis, e o valor destas descargas é de 437 millóns de euros, un 2,79 por cento máis. En termos de prezo, o ano 2022 foi o mellor ano da serie histórica, cun valor medio de 3,25 euros/quilo.

Os datos de pérmex —que tamén se comentou aquí e se falou de pérmex— mantéñense estables desde o ano 2014, poñendo fin a unha perda constante de profesionais do sector de anos anteriores; por mencionar, entre o ano 2005 e o ano 2009 perdéronse máis de 1.000 pérmex e entre o ano 2010 e 2022 perdéronse 600 pérmex; pasaron case o triplo de anos e a perda foi moito menor que neses anos desde o ano 2005 ao ano 2009. E, ademais, destacar unha cousa: nos pérmex estase a ver que hai unha renovación xeracional, porque todos estes pérmex novos son de novas persoas que están entrando neste caso no sector mar-industria.

Estamos e temos que destacar neste caso todo canto se está a facer desde Gardacostas de Galicia, cun presuposto importante, e eu creo que aí hai que poñer en realidade todo o traballo que está a facer, un traballo que moitas veces aparece unicamente puntual —menos mal—, cando hai algún tipo de desgraza —e que haxa poucas—, pero onde se ve evidentemente o seu bo facer e todo o presuposto que está a facer a Xunta de Galicia tanto en medios humanos como medios materiais, técnicos, aéreos ou terrestres, para que realmente a seguridade das nosas costas e tamén do interior, como comentei anteriormente, pois sexa das máis altas do territorio español.

A produción do mexillón. O prezo medio do mexillón durante o ano 2022 alcanzou 1,46 euros/quilo, que é a cotización máis alta de toda a serie histórica, e neste caso favoreceu o bo prezo medio que ten nestes momentos pois que a facturación do sector alcanzase o mellor rexistro desde o ano 2009, con 150 millóns de euros.

A remuda xeracional. Na última década saíron dos centros de formación dependentes da Consellería do Mar 1.725 titulados profesionais en ensinanzas marítimo-pesqueiras. En 2023 o orzamento da Consellería do Mar que destinou á formación marítimo-pesqueira subiu un 4,5 por cento, ata roldar cerca dos 10 millóns de euros, que equivale aproximadamente ao 5 por cento do orzamento total da consellería.

Sobre os datos da importancia do sector, coas táboas *input-output* en 2019 van ver que a produción do sector do mar alcanzou 5.500 millóns de euros, que é un 50 por cento máis que nas táboas do ano 2011, e que sumando as importacións á actividade do sector roldan os 9.000 millóns de euros, que é a maior cifra da historia.

A evolución dos récords das exportacións do produto do mar. Tamén eu comentei anteriormente que a fortaleza do sector do mar se manifestou a peche do ano 2022 cun récord exportador, que superou os 2.700 millóns de euros. Galicia alcanzou ese novo récord de exportacións, que é un 125 por cento máis que no ano 2009.

No grao de execución do FEMP, que xa comentei anteriormente, pois somos a comunidade, con moitísima distancia, que máis fondos FEMP está a xestionar, e evidentemente tamén somos a consellería onde o 80 por cento dos nosos presupostos veñen con respecto a estes fondos FEMP.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Con respecto aos peches das pesquerías e a determinación dos TAC, dicir que imos seguir a traballar co obxectivo de que se incrementen as cotas de captura, tanto de sardiña como de anchoa, dada a súa boa situación biolóxica.

En canto ao tema da reserva ou repartición de cotas e compravenda de cotas, pois sempre sinalamos que a repartición das cotas sobrantes ao final de cada ano debería respectar os esforzos de moitos armadores, sobre todo galegos, á hora de comprar as cotas pesqueiras que tiveron que facer durante estes anos, non poden quedar ao arbitrio do ministerio, e sinalamos sempre que a porcentaxe da que puideron dispor debía ser mínima para evitar a discrecionalidade. E, con respecto á proposta dos TAC e cotas para o ano 2024, Galicia vai elaborar informes socioeconómicos de impacto destas medidas, e pedimos neste caso que o ministerio faga o mesmo para defender unha mellora nestas propostas.

Con respecto ao tema da mexilla, a verdade é que é un problema que o no ano pasado pois a verdade é que ocasionou un punto álxido; pouco a pouco fóronse tomando distintas medidas na última campaña, que permitiron atender ás necesidades do sector bateeiro. Pero imos seguir apostando polo diálogo e para alcanzar un equilibrio entre bateeiros e percebeiros. Iso, sen dúbida ningunha, é o que hai que facer, é a máis importante das cousas. En calquera relación humana e en calquera relación laboral hai que estar en contacto uns con outros e, entre todos, sobre todo cando se trata de veciños, intentar resolver problemas, porque á fin e ao cabo sempre hai un camiño que nos pode unir a todos, e iso é o que desde a Consellería do Mar imos intentar buscar.

É certo que hai unha mortalidade do mexillón, e neste caso estamos a facer un seguimento constante tanto da situación do marisqueo como da acuicultura nas distintas zonas, e estamos en contacto permanente co sector de cada zona para abordar as posibles anomalías na produción; anomalías da produción que tivemos neste verán e para as que distintos técnicos, tanto de Intecmar como tamén de Salvacostas, veterinarios de Salvacostas, foron ata estas zonas para intentar identificar e estudar cales son as causas que están a producir estas mortalidades.

Pero creo que a situación do marisqueo pois hai vela tamén desde un punto de vista cíclico e eu creo que hai que ver a evolución que se poida facer ao longo de todos estes anos. Agora a produción rolda as 7.500 toneladas, que é unha cifra levemente inferior á media, pero a facturación por esas vendas é un 4 por cento superior á media histórica, cuns ingresos que son de case 71 millóns de euros.

Por iso, porque a evolución é moi distinta tamén en función das rías e dos anos, é polo que haberá que ver caso por caso —que é algo no que se está a traballar na Rede— entre o sector pesqueiro os distintos organismos científicos da Comunidade Autónoma de Galicia. Redemar está funcionando e con ela imos intentar tamén traballar para ver e estudar cales son os problemas e como podemos atallar os problemas que están xurdindo nestes momentos.

A verdade é que son moitas, como dixen antes, as cuestións das que poderiamos, e podemos, estar falando, pero eu creo que o máis importante de todo é ver e dar a ver que hai sempre cuestións que mellorar, hai problemas que hai que solventar e témolos que solventar desde

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o diálogo. E a min gustaríame que iso fose patente entre todos os grupos do Parlamento galego. Eu entendo que ás veces podemos ver as cousas distintas, uns e outros, vostedes e nós. Pero a miña intención e a nosa intención non é discutir, non é buscar puntos totalmente contrarios de solución dun problema. Eu creo que ao final os problemas xorden e hai que falalos e hai que velos e hai que intentar buscar un camiño para solventalos. Esa é a miña proposta, a proposta que desde a Consellería do Mar trasladamos.

E tamén me gustaría facer partícipes aos distintos grupos desta forma da que eu vexo e entendo que hai que traballar. Pero tamén —como dixen e repito— dicindo as cousas claras. E ante quen nos está danando, neste caso, se se toman decisións, ben por parte do Estado ou ben por parte de Europa, que as toma unha serie de xente, están mal e van en contra dos nosos intereses, tamén sería importante que pola súa parte, pola vosa parte, tamén o quixerades trasladar a quen toma esas decisións.

Iso é o que eu pediría e me gustaría, porque —repito— tamén entendo que haxa unhas críticas cara a nós, cara a min, como conselleiro do Mar, enténdoo perfectamente, porque á fin e ao cabo isto é política e é algo no que na propia sociedade, na sociedade na que vivimos, hai que entender, e así o entendo eu, porque levo moitísimos anos intentando resolver e axudar a todos os veciños.

Pero repítolle unha cousa, señora Pérez: eu non fago distincións entre uns e outros veciños, todos somos absolutamente iguais, e eu nunca escatimarei un saúdo nin unha conversación cara a ningunha persoa, cara a ningún sector, cara a ningún tipo de asociación. Iso, desde logo, é a proposta da nosa consellería, da miña consellería, que nestes momentos estou a dirixir, que espero que esta liña que lle comento seguir realizando e que vostede tamén a vexa e nalgún momento neste parlamento pois me poida dar tamén algún sorriso ou algún parabén, ¡ollo!, que tampouco estaría nada mal.

Por iso, nada máis e moitísimas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señor Villares, eu recollo o guante. Dende logo, dende o meu grupo, dende o Grupo Parlamentario do PSdeG, tamén seguimos tendendo esa man para ter unha colaboración co Goberno galego para poder traballar todos xuntos a prol de axudar o noso sector. Pero quero recordarlle, porque vostede falaba desa vontade de diálogo con todos os grupos municipais, con todos os partidos políticos, non é o que caracterizou a Consellería do Mar durante os últimos anos. A Consellería do Mar é unha das consellerías máis sectarias que existen no Go-

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

berno galego *(Aplausos.)* e estivemos a velo ao longo e ancho do territorio galego, xa non só cos distintos grupos políticos senón tamén co propio sector.

Levamos dicindo durante moitísimo tempo que é preciso que o máximo dirixente —neste caso agora é vostede, como conselleiro do Mar— fale con todo o sector, non só cunha parte do sector. Temos moitísimos exemplos aí de como se comportou a Consellería do Mar, falando só coa parte que lle interesaba. Quero recordarlle tamén esa errada Lei de acuicultura que pretendían aprobar tamén aquí nesta comunidade autónoma.

E quero dicirlle, porque vostede está a dicir que van seguir falando e dialogando entre bateeiros e percebeiros, e recordarlle, señor conselleiro, que este problema foi creado pola súa consellería, que non existía este problema e foi creado pola Consellería do Mar, ese enfrontamento entre bateeiros e percebeiros. ¿E sabe por que? Porque a Consellería do Mar sempre se moveu moitísimo mellor cando había enfrontamentos entre o propio sector. Nese ámbito, nese fango —perdóeme que lle diga a expresión—, é no que lle interesaba xogar á Consellería do Mar.

Polo tanto, eu agardo —e oxalá sexa certo— que vostede deixe unha impronta persoal distinta na Consellería do Mar, que agora está a dirixir. Cambie, abra as fiestras desa consellería, escoite todos os grupos parlamentarios, escoite os grupos políticos, pero dende logo escoite todo o sector, porque non o estiveron a facer ata o día de hoxe.

Eu claro que tamén, cando non se fan ben as cousas por parte do Ministerio de Pesca e do Goberno central, nesta cámara foron moitas as ocasións en que apoiamos iniciativas nas que se instaba o Goberno central a que mudaran determinadas actuacións. E falo, por exemplo, do tema do PERTE agroalimentario, para que non deixaran fóra o sector da cadea mar-industria. E nós estabamos aí instando o Goberno do Partido Socialista a que modificara esta situación e recollera tamén a cadea mar-industria; non o olvide.

E tamén nós reclamamos neste parlamento varias veces a rebaixa do IVE dos produtos pesqueiros, pero, claro, vostede di: é que nós toda a vida levamos reclamando esta rebaixa do IVE; non é verdade, señor Villares. Levan reclamando esta rebaixa do IVE dende que vostedes non gobernan en Madrid e levan reclamando esta baixada do IVE dos produtos pesqueiros tamén con bastante hipocrisía, porque quero recordarlle quen foi, que goberno, que partido subiu o IVE a este tipo de produtos; non foi o Partido Socialista, ¡eh!, foi o Partido Popular.

Polo tanto, a verdade é que, claro, vir aquí falar moitas veces sen revisar algúns datos é o que ten. E a verdade é que deben de aclararse a portavoz de pesca do Partido Popular e o conselleiro, cando a señora Egerique vén aquí falar de que os datos de execución orzamentaria da Consellería do Mar son fabulosos e o propio conselleiro recoñece a dificultade de xestionar eses fondos da Consellería do Mar, porque o 80 por cento dos mesmos proveñen de fondos europeos e a dificultade que hai para executalo. Polo tanto, aclárense entre uns e entre outros.

E mire, señor Villares, vostede dicía que ían instalar esas oficinas para poder executar e para poder aproveitar eses fondos FEMP por parte do sector pesqueiro galego. Quero recordarlle

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que isto xa o anunciou aquí a conselleira non sei se hai dous anos ou dous anos e medio; non sei entón onde están esas oficinas que se dicía que se ían instalar coa máxima axilidade para poder aproveitar os fondos FEMP, dos que remata agora en decembro deste ano a súa execución, e vén anunciar vostede esta nova medida, como se fora unha nova medida, case dous anos e medio despois.

Falaba vostede da eólica mariña. Mire, quero dicirlle que o posicionamento do PSdeG neste caso está moi clariño: nós non estamos en contra da eólica mariña, pero sempre con esa liña vermella de que ten que garantirse que non estea afectado o sector pesqueiro galego. Pero quero recordarlle que hai como cousa de dous anos —vostede aínda non estaba aquí— foi o Grupo Parlamentario Popular o que instaba, con moita présa e con moita urxencia, a que o Goberno de Madrid aprobara ese documento dos POEM. Foi o Grupo Parlamentario Popular o que tiña moita urxencia por darlle vida á enerxía eólica mariña, non sei con que interese. E nós presentamos unha emenda dicindo: si, estaremos de acordo en dar ese impulso á eólica mariña, pero sempre que sexa compatible co sector pesqueiro, e iso partiu do meu grupo, non partiu do grupo do Partido Popular.

Polo tanto, vostede veu e enrocouse aí moito: si, estamos de acordo coa eólica mariña, non, a verdade é que non teñen un posicionamento moi claro. O posicionamento do PSdeG estivo clariño dende o primeiro momento.

E rétoa, señora Egerique, porque vostede volvía aquí poñer en cuestión que o Goberno central denegara prórrogas de concesións de licenzas para a ocupación de dominio público marítimo-terrestre, a que diga algunha; a única prórroga que non se concedeu foi por parte da Xunta de Galicia.

Dicía o conselleiro que agora teñen plenas competencias na ordenación do litoral despois de ter aprobado esa lei. Non enganen a cidadanía, señor Villares. Sen transferencia de servizos e de medios, non hai unha plena competencia do noso litoral. Non o di o meu grupo parlamentario, dío o propio Consello Consultivo nun informe que emitiron ao caso.

Fala vostede tamén dos helicópteros de salvamento marítimo. Aí hai moitísimo que rascar. Eses novos pregos de contratación en base aos que se adxudicaron estes novos helicópteros, ¿pode dicirme vostede se realmente limitan a antigüidade dos mesmos? Sabemos como é a historia destes helicópteros. Vostedes primeiro venderon os helicópteros...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...que despois alugaban á empresa que llos vendera anteriormente. Polo tanto, señor conselleiro, hai moitísimas cousas nas que traballar.

E mire, eu só lle digo, porque vostede deu moi bos datos do marisqueo: 43 colectivos asinan un documento este verán alertando da caída do 50 por cento da riqueza que proporciona o marisqueo nas nosas rías. Son un exemplo do dato de ameixa babosa entre o ano 2019 e o ano 2022, con datos que proporciona a propia Consellería do Mar, señor Villares. *(A señora Otero Rodríguez mostra un documento.)* Como pode ver, 745.000...

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...quilos fronte á metade no 2022, 2019-2022.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Polo tanto, señor Villares, mude, muden non só a persoa que dirixe a consellería, que mudou agora co seu nomeamento, senón tamén a forma de facer política...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...dende a súa consellería, porque hai moito que axudar o sector.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas.

(*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, nós realmente na nosa primeira intervención fixemos exactamente o que vostede veu pedir aquí que temos que facer os grupos da oposición, e sen saber que vostede o ía dicir. ¿Sabe por que? Porque vostede dixo textualmente que os grupos políticos —supoño que se referiría tamén ao Partido Popular— teñen que dicirlle as cousas a quen toma as decisións mal, que foi exactamente o que fixen eu: dicirlle as cousas a quen toma as decisións mal, (*Aplausos.*) que non é outro máis que vostede. E non confunda, señor conselleiro, por favor, non chegue así, ¿verdade?, non empece así, ¿verdade?, con prexuízos, non confunda vostede a vehemencia coa falta de educación. Eu creo que fun absolutamente correcta na miña primeira intervención.

Porque, ademais, acabo de comprobar —xa o teño comprobado en moitas ocasións, pero acabo de comprobalo de novo— que, efectivamente, pódese ser a mar de sosegado, a mar de sosegado, e ser moi pouco correcto, ou incluso mentir, como acaba de facer vostede nesta tribuna.

Claro, porque mire, eu non sei, descoñezo —non sei se vostede ten máis datos— de que partido é o señor comisario de Pesca europeo, pero sei de que partido é a señora presidenta da Comisión Europea, e esa si que é do mesmo partido que vostede, do Partido Popular. *(Aplausos.)* Pódese ser, señor conselleiro —vou utilizar a palabra que vostede utilizou—, absolutamente sosegado, pódese ser a mar de sosegado e resulta que vir aquí dicir que vostede recibe todos os sectores. Xa lle dixen antes —e nós non temos por costume mentir, señor

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

conselleiro— que non recibe todos os sectores. Hai sectores que levan solicitado entrevista con vostede reiteradamente desde que chegou ao seu cargo e aínda —xa lle dixen antes— non é que lles dixera que non, é que non lles contestou.

E volve vostede mentir cando di que trata todo o mundo igual; non trata todo o mundo igual, porque vostede visita concellos deste país —díxenllo antes— onde só se fai acompañar polo líder da oposición cando o líder da oposición é o Partido Popular. *(Aplausos.)* Non respecta os alcaldes e as alcaldesas que lle son molestos, que non lle gustan.

E di vostede, *la mar de sosegado*, efectivamente, que podemos chegar a un punto de encontro. É difícil. ¿Sabe por que, señor conselleiro, por que é difícil chegar? Dialogar si e falarmos tamén. Pero é difícil, moi difícil, chegar a un punto de encontro cando se nega a realidade sistematicamente, como fan vostedes. Claro, porque eu díxenlle antes que existen centos, centos de datos, non do Bloque Nacionalista Galego, de Pesca de Galicia —que é da súa consellería—, do Instituto Galego de Estatística e doutros organismos, que ilustran e constatan efectivamente —iso si, con moito sosego— que a produtividade das rías vai a menos desde hai quince anos para aquí. Claro, cando vostedes —vostedes, a súa consellería— seguen negando esta realidade, é moi difícil chegar a un punto de encontro.

E é moi difícil chegar a un punto de encontro dicindo que vostede trata todo o mundo igual e que está disposto a que o sector, por exemplo, mexilloeiro e percebeiro, teñan un entendemento cando levan exactamente máis de tres anos minando terriblemente dun xeito absolutamente indecente a convivencia entre eses dous sectores, *(Aplausos.)* señor conselleiro. É moi difícil chegar a un punto de encontro.

E, claro, é aínda máis difícil chegar a un punto de encontro cando di vostede que na eólica mariña son moi claros. ¡E tan claros que son! Pero fíxese se son claros que non foron capaces de presentar alegacións aos POEM, a eses POEM que vostedes agora critican aquí —iso si, sosegada e tranquilamente—, señor conselleiro, non foron capaces de presentar alegacións dicindo efectivamente que eses POEM non estaban considerando a pesca como prioritaria. Pero non nos estraña. ¿Sabe por que non nos estraña, conselleiro? Non nos estraña porque non só non presentaron alegacións aos POEM porque non dicían que a pesca era prioritaria, senón que posteriormente aos POEM fixeron unha Lei do litoral. Que, ¡home!, señor conselleiro, dicir que coa Lei do litoral xa somos os campións de non se sabe que, cando hai moito que desenvolver nesa Lei do litoral, ¿verdade? Nós presentamos emendas ao respecto; por certo, algunhas que vostedes non aceptaron. Pero, ben, non só non presentaron alegacións sobre a eólica mariña aos POEM, senón que na súa propia Lei do litoral non foron capaces, señor conselleiro, de recoñecer a actividade pesqueira como prioritaria. Agora, iso si, na Lei do litoral aparece unha alfombra vermella en cada páxina á eólica mariña e ás grandes enerxéticas. *(Aplausos.)*

E, señor conselleiro, por favor, aínda que sexa tranquila e sosegadamente, non diga que vostede quere dialogar co sector, que lle fai caso ao sector e que sempre vai da man do sector, non o diga. ¿Sabe por que, señor conselleiro? Porque, mire, hai un sector que na súa totalidade —nin sequera unha parte, na súa totalidade— na ría de Muros e Noia está pedindo a gritos que vostedes, desde a Consellería do Mar e desde a Xunta de Galiza, non sigan man-

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tendo o despropósito e o desatino que supón a mina de San Fins para toda a ría de Muros e Noia, e vostedes aínda veñen de concederlle un permiso de verteduras de augas no mes de febreiro. *(Aplausos.)*

E finalizo, señor conselleiro, tranquila e sosegadamente, dicíndolle que, efectivamente, a Rede —vostede díxoo na súa intervención—, Redemar, leva un ano en funcionamento; díxoo vostede. Claro, leva un ano en funcionamento despois de que cando menos aquí —xa non me vou referir máis atrás, que tamén— levamos tres anos dicíndolle que a produtividade das rías vai a menos, que hai que investigar que pasa. Ben, pois a Rede leva en funcionamento un ano. É dicir, despois de quince anos de datos negativos á baixa nas súas estatísticas oficiais, resulta que a Rede a crearon no último ano.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Pois ben, señor conselleiro, agardamos que a súa próxima comparecencia sexa pronto neste parlamento para explicarnos exactamente que fixo a Rede, cales son os resultados, e, a partir de aí, cantos orzamentos van ter no ano 2024 precisamente para solventar e facer cumprir as propostas que lle poña a Rede encima da mesa.

Estamos aquí —remato, presidente—...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...señor conselleiro, con vehemencia, con total educación, pero con moita vehemencia. E imos seguir estando. ¿Sabe para que? Para dicirlles as cousas que están mal feitas a quen as fai mal, neste caso vostedes.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Señorías.

Ben, señor conselleiro, aínda non rematou a comparecencia e a señora Pérez xa lle está pedindo a seguinte comparecencia. Parece como que ela xa ten o discurso preparado, porque cando sae aquí, como digo, vén coa súa entelequia e cos seus discursos. E, ademais, eu creo que hoxe fixo unha mestura entre os POEM, San Fins, con vehemencia, con sosego...

Ben, a verdade é que fixo unha boa intervención, señora Pérez, pero non ten ningunha coherencia, ningunha coherencia o que di. Vostedes seguen cos seus mantras, vostedes seguen

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

coas súas mensaxes que teñen implícitas xa —eu creo— no ADN, e non cambian e non varían, e non recoñecen ningún dato positivo para Galicia.

E non recoñecen que a xestión da Xunta de Galicia dende a Consellería do Mar —coa anterior conselleira, Rosa Quintana, e agora co señor Villares— ten unha liña que é positiva para Galicia e que ademais está atacada por un goberno de España, efectivamente, que lle dá as costas, absolutamente as costas. E que temos un ministerio e unha ministra, que é Teresa Ribera, que pensa no prioritario para ela, que é un medioambientalismo radical e non pensa nos beneficios do sector pesqueiro. E non pensa que esta comunidade autónoma basea un dos seus piares no sector pesqueiro e que moitas familias en moitas vilas costeiras viven diso; pero é que no Goberno de España, no Goberno do Partido Socialista, non o saben.

Entón, a min faime moita graza que a representante aquí do Partido Socialista, a señora Otero, diga que nós nos movemos no fango —ou algo así dixo—, ou que fale do fango, cando o señor Sánchez, o representante do Partido Socialista, está enfangando todo o país e está metido absolutamente no fango. *(Murmurios.)* E o que fai con Galicia é desprezala absolutamente, e non recoñece que hai un sector pesqueiro que precisa de leis, de decretos, de apoio, de axudas dun PERTE —do que o exclúe—, dunha baixada do IVE do peixe —que é necesario e fundamental tanto para os cidadáns como para o sector—. Ese é o Partido Socialista, señora Otero, ao que vostede representa. Entón, non pode vir aquí a esta tribuna defender o sector pesqueiro como o fai cando realmente as decisións dun goberno socialista van todas na contra, van todas na contra de Galicia e van todas na contra do sector pesqueiro.

Polo tanto, vostede rétame aquí a que lle diga eu unha soa industria á que non se lle concedera a prórroga. Mire, pois a Ostreira do Grove, denegada; denegada, señora Otero, denegada. Estivo aquí presente cando foi o debate da Lei de ordenación do litoral, porque lle interesa moito, porque é o seu cocido, porque son os seus cartos, porque é o seu sustento, e vostede nin tan sequera foi saudala, nin tan sequera deu a cara, nin tan sequera lle explicou que non era unha prórroga, que é o que me está dicindo a min. *(A señora Otero Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)* Mire, é que a decisión de Teresa Ribera..., *(A señora Otero Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señora Otero.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...do Goberno de España e da señora Ribera, era pechar, era deixar toda a costa galega, todas as depuradoras, as empresas de transformación, toda a acuicultura, sen actividade, sen actividade, señora Otero.

Era moito máis grave do que vostedes aquí recoñecen, porque votaban a favor pero non sabían a gravidade que había no fondo. ¿Por que se mobilizaron todas as asociacións? Todas as asociacións, todo o sector, ¿por que se mobilizaron?, ¿por que presentaron escritos?, ¿por que foron ao Goberno de España?, ¿por que pediron tantas reunións coa ministra e non as recibiu? ¿Quen é sectario aquí, señora Otero? Sectario é o Partido Socialista, o sectario é o Partido Socialista e demóstrao cos feitos. O Consello de Ministros, en Vigo, non conta coa Xunta; o comisionado do corredor atlántico, hoxe aquí, non conta coa Xunta. ¿Quen son os

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sectarios aquí? Se os feitos diariamente demostran que o sectarismo está da man dun partido, que é o Partido Socialista. *(Aplausos.)*

Mire, teño que rebaterlle unha cousa aquí, señora Pérez —por moito que diga vostede que non se respectan os alcaldes ou os líderes da oposición e que non se respecta e non hai lealdade institucional—, eu quero dicir que neste caso ademais representado neste mesmo conselleiro. E que non quero ademais recoñecelo, porque non é certo, e vostede é un discurso que tamén tiña coa anterior conselleira e que ademais reitera en moitas ocasións.

Mire, a Xunta e o PP chegaron moitas veces e en moitas ocasións a moitos puntos de encontro, a moitos, eu creo que a bastantes máis que o Bloque Nacionalista Galego e que o Partido Socialista; entre eles si. Pero, en xeral, cos propios sectores e cos propios afectados en momentos de conflito, o Partido Popular chegou a moitos máis puntos de encontro que vostedes. Eu tamén quero deixalo claro nesta tribuna.

E, señora Pérez, vostede dá moitas lecciónes, pero, ben, eu súmome ao conselleiro e pídolle que lle fale tamén así ao señor Sinkevičius, porque é do seu partido, é dos Verdes; os Verdes é o seu partido en Bruxelas. *(Murmurios.)* É o partido do Bloque Nacionalista Galego, é o que aproba un decreto que o que fai é pechar todas as zonas de arrastre, pois meténdolle un batacazo importante a todo o sector do arrastre de Galicia. Entón, o importante é o comisario, que é o que toma a decisión, malia que vostede queira aquí fuxir e falar da presidenta.

Ben, xa remato. Señor Villares, en proposicións xa ve vostede que non se fixo nada. Os discursos son os mesmos —por se vostede non o sabe— que facían hai anos e seguramente farán dentro dun tempo, malia que todo vaia ben. Porque, se se cumprise todo o que din, pois Galicia agora neste momento estaría pechada. E agora nós sabemos que está máis aberta que nunca, que ten máis ambición e optimismo que nunca.

Señor Villares, ás portas da celebración da Feira Conxemar, que é das máis importantes mundiais do sector industrial da pesca, ás portas dunha Conferencia do Atún que tamén é das máis importantes do mundo, coa FAO no porto de Vigo traballando e formando todos os traballadores da lonxa, eu négome aquí a que falen tan mal do sector pesqueiro, porque, señor Villares, de verdade, vostede ten retos pero é certo que temos o mellor sector pesqueiro en Europa.

E nós seguimos a pedirlle ao Goberno de España —e díxoo o conselleiro— que baixe o IVE do peixe. Eu creo que é un dos problemas máis importantes que temos agora enriba da mesa, que baixe o IVE do peixe.

E temos que felicitalo tamén por ese Plan de cultura marítima, que a nós —e a min persoalmente— nos parece moi importante.

E, señora Otero e señora Pérez, por se non escoitaron ou non quixeron escoitar, hai retos por diante dos que falou o señor Villares na súa primeira intervención: os fondos FEMP —que son retos para todos—; a costeira artesanal, sometida a duras normas e ademais reinventarse segundo os recursos que agora posúe; a miticultura, a dixitalización, a negociación

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

na repartición de cotas. Todos eses son retos que vostede, señor conselleiro, seguramente liderará co seu equipo e que nós dende o grupo parlamentario apoiamos, por suposto.

Pola miña banda, nada máis, moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Peche da comparecencia, conselleiro do Mar.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Moi ben, a verdade é que o da vehemencia se me tomou regular por parte dalgunha das portavoces, hai que dicilo. Eu non vou sinalar co dedo. A min na casa sempre me dicían que sinalar co dedo era de mala educación, non o vou facer tampouco. Pero o que non vou deixar de dicir son cousas que son verdade e que as sabe todo o mundo, todas as persoas sabémolas, é que non se trata de esconderse. Se aquí alguén está avergonzado das súas compañías, pois que o diga. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero o comisario europeo, que toma as decisións de pesca —ese que vostedes din que está dirixido pola presidenta—, hai que ver como defende as teses da presidenta, haino que ver, porque dá a sensación de que as defende máis que ningún outro e que as vive e as sente de verdade. Ben, pois este comisario, que non defende, desde logo, os intereses da pesca e que peca ademais dun elevado radicalismo —amparándose, ademais, nunha suposta defensa do medio ambiente; e digo suposta porque non é iso, porque realmente iso sería para comentar noutra comparecencia, que pedirei e farei seguramente; non teño ningún problema en contar as cousas, sobre todo cando é fácil contar a verdade—, este comisario, pertence a un partido que se adscribe ao ámbito, ao grupo, dos Verdes, como o BNG. Este grupo, ademais, é o que expuxo na Eurocámara para restrinxir a pesca, levar ao extremo o control da actividade, tratando os pescadores como delincuentes. Este é o comisario socio do BNG en Europa. Non, é así. Pódese dicir varias veces, vehementemente ou sen vehemencia. E, ademais, que cumpre escrupulosamente o Pacto verde europeo, que antepón o medio ambiente a calquera actividade ou eido produtivo e que impulsa ademais o vicepresidente da Comisión Europea, que é o socialista Frans Timmermans. Ou sexa, que ao final aquí eu creo que é importante que este tema quede claro, e non vou cansarme de repetilo, porque a verdade é que estas decisións que están tomando e se viron —repito— cando foi o encontro en Vigo, viuse a súa actitude porque así tamén mo trasladaron, non porque o vira en primeira persoa, porque a Xunta de Galicia non foi invitada senón porque mo trasladaron persoas que estaban alí e vían realmente as decisións e o interese que tiña este home, este comisario, en acabar coa pesca de Galicia. Polo tanto, co seu socio, co socio do BNG pois a verdade é que tiña que falar con el para intentar quitalo desa idea ou polo menos que cambie absolutamente a non dicir de todo pero nunha parte importante.

É verdade, cando falaba, eu estiven no Concello de Burela coa alcaldesa, eu estiven no Concello de Viveiro coa alcaldesa, eu estiven no Concello de Ribeira co alcalde. A verdade non sei a que se refire ou a que visitas se refire vostede, pero eu creo que ata se mira na hemeroteca pode ver as fotografías cos alcaldes destas cores. Polo tanto, non sei cal é esa discriminación que vostede acaba de dicir.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Porque vostede, si, apresúrase en falar de mentir. Eu non sei, eu non minto, eu non sei se vostede está acostumada a mentir, eu non a vou acusar de mentir, como vostede me acusou a min, eu non minto. E eu creo que ese é un termo, á parte de sinalar co dedo insistentemente dun xeito irónico, falar da vehemencia, da que eu dicía e me gustaría pois tamén explicar que é importante comunicarse dun xeito ordenado, máis tranquilo, pero, ben, vostede tomou moi mal esa intervención; e ben, posiblemente, síntoo moito, de verdade, e nese sentido non vou aprender moito de vostede ou polo menos non vou seguir os seus consellos.

A verdade é que, cando falaba neste caso a portavoz do Partido Socialista de que non se tiñan en conta os grupos da oposición nas decisións, pois eu creo que cando se levou o ditame da revisión da política común de pesca nese sentido o Partido Socialista non aportou nada. Digo que é unha cuestión na que neste caso se convocou os distintos grupos e non aportou nada o Partido Socialista.

Cando fala dos helicópteros, pois houbo unha licitación, que agora foi adxudicada, eu creo que ten máis dificultades que a licitación que está facendo o Estado co mesmo servizo, unha licitación que quedou deserta, e o feito de que quedou deserta é que ao final o servizo pode quedar descuberto e iso non pode ser. Eu creo que iso é facer mal o traballo, non é facer o traballo ben. As cousas encarecéronse, todo é máis caro nestes momentos por desgraza, pero a Xunta de Galicia cumpre e ten o servizo e xa vai telo activo a partir de poucos días; o Goberno do Estado non, licitou e quedoulle deserta esa licitación e hai que volver empezar outra vez cos trámites de licitación. Polo tanto, hai que facer as cousas cun pouquiño máis de profesionalidade.

Eu, sobre todo, darlles as grazas a todos despois de escoitalos e de falar de todo aquilo que nos interesa con relación á protección do noso mar nos distintos eixos (económico, social e ambiental), aínda que —hai que dicilo— considero que uns con máis acerto que outros.

Quero empregar este turno de peche de sesión para afianzar as liñas sobre as que se vai asentar o futuro máis próximo do mar de Galicia. Moito foi debatido e non me gustaría que quedasen dúbidas nin expresións veladas sobre algo que é tan sumamente importante para nós. É por iso que, co ánimo de ser exhaustivo e facendo gala da seriedade que sempre caracterizou a Casa que teño a honra de representar desde hai uns meses, quero deixar ben marcado o rumbo desta consellería, e tamén poñendo énfase —outro aspecto que tampouco quero olvidar— na profesionalidade —que aquí tamén se puxo en entredito— da anterior conselleira do Mar e do seu equipo, que —repito— levan feito un traballo inxente e inmenso durante todos estes anos de xestión *(Aplausos.)*. E eu quero poñelo en valor, porque, aínda que non sexa recoñecido por parte dos grupos da oposición, si que mo recoñecen continuamente todas as mulleres e homes do sector do mar, que día tras día me trasladan as felicitacións á conselleira e ao seu equipo. Polo tanto, é un orgullo que neste caso pois terá Rosa Quintana, a nosa conselleira, durante estes anos que tivo na xestión da Consellería do Mar.

Nós imos e Galicia vai permanecer como a rexión líder que é na defensa do sector pesqueiro europeo. A fronte común que lideramos xunto coas rexións costeiras europeas constatou a relevancia de traballar baixo unha única voz a prol da defensa dos intereses do sector marítimo-pesqueiro. E nesta liña imos avanzar para poñerlle freo á deriva medioambientalista

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da Comisión Europea en asuntos tan relevantes como o veto á pesca de fondo nas 87 áreas do Atlántico nordeste, o plan de acción da Unión Europea para protexer e restaurar os ecosistemas mariños, a descarbonización da frota, o regulamento de control da pesca e a reforma da política pesqueira común.

Galicia vai seguir a aproveitar a súa potencia portuaria. A Galicia portuaria hoxe é un espazo de convivencia da actividade industrial e social das diversas vilas, nas que se asenta un fito que promove que precisemos dun modelo de xestión integral que permita coordinar todas as actividades que nelas se desenvolven. Galicia, potencia portuaria, é, por tanto, a nosa aposta por un modelo de compatibilidade das distintas potencialidades que presentan na conformación dun auténtico pulmón socioeconómico.

Galicia vai continuar a construír o amplo espazo de coñecemento que xa é hoxe. Señorías, temos moi claro que debemos achegar á sociedade todos os recursos e valores que o mar nos ofrece, co obxectivo de mobilizar o coñecemento sobre a contorna marítima e o moito que ofrece á economía.

A educación é o motor máis potente para impulsar unha remuda xeracional formada en habilidades e capacidades, unha formación sobre a que sustentamos o noso compromiso coa especialización e a diversificación dos oficios, concienciados da importancia do mar para o desenvolvemento sostible da nosa comunidade.

Galicia vai proseguir no seu empeño de ser referente no eido da economía azul. Centraremonos a nosa política marítimo-pesqueira do futuro no papel do mar, non só como fonte de oportunidades para xerar riqueza ao conxunto da economía senón tamén como o motor que aproveita as vantaxes competitivas das actividades que presentan un gran potencial para a innovación e o crecemento sostible.

Galicia avanzará como rexión de progreso, investigación e innovación. Sabemos que o progreso do noso sector ten na xestión eficiente dos seus recursos e na restauración dos ecosistemas dous dos seus piares fundamentais. É por iso que, para a súa consecución, asentaremos a nosa folla de ruta na introdución da innovación que permita un aproveitamento sostible no futuro e no emprego de novas tecnoloxías da man da investigación, que é o mellor dos aliados.

Tamén se fai preciso mellorar o coñecemento do medio costeiro e da dinámica oceanometeorolóxica para favorecer o desenvolvemento das actividades económicas vinculadas ao medio mariño e costeiro galego, polo que apostaremos fortemente por un observatorio costeiro con máis competencias e funcións para fortalecer as súas capacidades. E proporcionaremos ao sector máis e mellor información sobre o estado dos distintos recursos, co fin de axudar e mellorar tanto a xestión como a ordenación pesqueira, na que estean en equilibrio os criterios medioambientais, económicos e sociais grazas a Redemar, a rede entre o sector pesqueiro e organismos científicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

E remato, señorías, pero non sen antes facer mención ao noso patrimonio cultural mariñeiro, non sen antes recordar que a nosa idiosincrasia, a de todas e todos os galegos, está vinculada,

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

marcada e perfectamente identificada co noso mar e o seu territorio. De todos nós depende garantir a conservación do patrimonio material e inmaterial vencellado á actividade marítima e aos oficios tradicionais, eixo de cohesión social, e a coherencia para a potenciación e a diversificación da economía do mar do presente e do futuro. De todos nós depende facer prevalecer a súa riqueza cultural e reforzar a nosa identidade mariñeira. Con ese ánimo traballamos os últimos anos no que é xa hoxe unha realidade, o Plan de cultura marítima de Galicia. Horizonte 2030.

Agora si remato, señorías, e fágoo, como comecei, dándolles as grazas por enriquecer este debate e por traballar, como facemos nós, na defensa do noso, porque sei que, pese a todo, estamos todos no mesmo barco, todos xuntos, no barco entendo eu do sentido común e do bo facer, e porque sei que desde as distintas posicións imos contribuír todos a que Galicia siga sabendo a mar, a ese mar que estamos a construír entre todos nós.

Moitísimas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pasamos ao punto terceiro da orde do día.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a política de recursos humanos no Servizo Galego de Saúde

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e todos.

Desexando que as vacacións de verán fosen, sempre curtas, pero o mellor do posible e puideramos reflexionar sobre a situación todos, pois intentamos recuperar o debate, neste caso o debate sobre o sistema sanitario, que dende o noso punto de vista é esencial para a xestión do noso sistema, do noso Estado do benestar.

Acababamos o período de sesións anterior falando de precariedade laboral no sistema sanitario galego. Eu quero lembrar algunhas das cuestións que se citaron aquí, porque creo que é importante. Practicamente o resumo das cuestións que queremos trasladar cítano sindicatos e colexios médicos. Cito unha nova de prensa: «Sinalan a Xunta pola falta de sanitarios. Non hai máis porque as condicións son precarias.» E apunta: «o Consello de Colexios Médicos de Galicia acusa o Goberno galego de ocultar condicións dos contratos, que son por períodos breves, e carga de traballo tremenda.»

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Isto é basicamente o que levamos anunciando, contando durante anos, e que o Goberno segue negando. Temos un problema no sistema sanitario en Galicia que ten que ver basicamente coa xestión dos recursos humanos. Dúas cuestións esenciais sobre recursos humanos: o déficit e a precariedade.

O déficit é moi claro. Temos un problema de que non temos suficientes profesionais dentro do sistema, porque estamos pagando unha década de recortes do Partido Popular, que recortaba abertamente con moita alegría aplaudindo, sentíndose uns campións daquela autoridade. Ademais, reducían o número de formación, que nunca aumentou, e é máis: durante os gobernos Feijóo e Rajoy en España baixou máis do que debería, non se convocaban todas as prazas, e ademais nulo esforzo en crecemento, a pesar do que diga aquí o Goberno galego. Habitualmente, a posibilidade de contratar nunca se esgota para crear prazas novas, senón que se utiliza para reformular prazas dentro do sistema e anunciar constantemente máis prazas, que ao final tampouco acaban nunca por estabilizarse.

Pero temos un problema engadido ademais, que é a precariedade de moitos profesionais que dunha ou outra maneira forman parte do sistema, moitos deles de maneira eventual e non estable. A eventualidade no sistema sanitario é natural. Hai unha parte do profesional sanitario que ten que formar parte do sistema de maneira eventual; as coberturas, os momentos puntuais, os picos... Isto é racional, está establecido e está coñecido; en función das situacións, dos escenarios e dos servizos, entre un 5 por cento e un 8 por cento, depende dos tipos de servizo, depende do tipo de momento, depende incluso dos tipos de centros.

As enfermeiras en Galicia teñen unha inestabilidade de arredor dun 35 por cento. Máis dunha de cada tres enfermeiras en Galicia non ten un contrato estable co Sistema galego de saúde, máis dun terzo. E isto é inasumible, porque provoca que as enfermeiras teñan que estar rotando entre servizos cada día, teñan que asinar contratos cada día e teñan, como temos algúns casos coñecidos e recoñecidos en Galicia, casos de douscentos contratos nun ano, o cal é absolutamente unha tolemia, que a ninguén se lle podería ocorrer salvo a estes dirixentes do Sergas.

Esta precariedade, innecesaria, ademais, o que provoca, ademais desa inestabilidade, é un déficit na xestión asistencial. É obvio e natural que, se o sistema funciona mal, os prexudicados son os usuarios.

¿Que ocorre con isto? Que hai dificultade asistencial, temos a situación máis crítica que nunca tivemos en atención primaria, con demoras que todos coñecemos, porque todos coñecemos o que está pasando en atención primaria, máis alá dos discursos que dea o Goberno, todos sabemos o que está pasando nos centros de saúde e todos, ou ben por nós mesmos ou ben por un pai, unha nai, un irmán, un fillo, un tío, un sobriño, un amigo, unha amiga que teña que ir a un centro de saúde, sabemos o que custa atopar unha cita en moitas situacións. E sabemos o difícil que é atopar un oco, sabemos como traballan e sabemos que o que están facendo os médicos, médicas, enfermeiras, todo o persoal do centro de saúde, é absolutamente heroico. Temos a situación máis crítica que nunca tivemos. Isto é precisamente polo problema de persoal.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Temos, ademais, unhas listas de espera interminables. Revisións en xinecoloxía cada dous anos, que teñen que ser cada seis meses, pero que están hoxe a dous anos. Primeira cita en saúde mental, máis alá de catro meses, o cal evidencia que non temos garantido o dereito á asistencia sanitaria en Galicia. O dereito das persoas a ser atendidas no sistema público non está garantido en Galicia, porque a realidade é que, se un ten que esperar máis de catro meses por unha cita en atención primaria, non ten servizo de saúde mental. E isto é unha evidencia: cirurxías ambulatorias esperando oito meses, dez meses para as cirurxías que tardan menos de dez minutos; médicos, médicas, auxiliares, profesionais sanitarios desbordados, e mesmo todos eles e elas pedindo desesperadamente á cidadanía que presente queixas, que proteste e que demande máis profesionais.

E isto levámolo facendo todos e todas dende hai moitísimo tempo (sindicatos, partidos políticos, organizacións cidadás, organizacións profesionais, colexios médicos, colexios de enfermería, colexios de pedagogos, colexios de psicólogos, traballadores sociais), todos os colectivos, todos os colectivos que participan do sistema sanitario, todos dunha ou outra maneira demandando á Xunta de Galicia que se entere dunha vez. Pero non é así. E levamos dende hai moito tempo escoitando que está moi ben e que todos os que falamos disto mentimos e somos uns alarmistas.

Eu permitinme unha cuestión. Vou utilizar unha idea que se me ocorreu, que lles vou plantexar. Nos últimos días pensei sobre a comparativa que facemos moitas veces dos contratos laborais. Na última intervención —aínda que alguén, con moi mala fortuna, intentou burlarse do asunto— eu poñía un exemplo que creo que é clarísimo: unha persoa que se titula na Coruña ten máis cerca Berlín que O Barco de Valdeorras; hoxe isto é así, e a realidade é que ten que comparar ofertas. Hoxe non é o ano 1984 nin o 1979, nin o 1991, hoxe a cousa é moi distinta. Entón, ¿que pensei? Imos comparar ofertas.

Unha enfermeira en Galicia: 403 contratos en doce anos, 300 deles dun só día. Oferta laboral para dúas enfermeiras en Múnic, servizo de coidados a domicilio, que aquí é o Hado —vou ir un pouco rápido coas ofertas porque creo que ademais xa sonroxaría demasiado—, con homologación de título: 3.000 ou 3.300 euros mensuais, formación continua, gratificacións anuais a partir do primeiro ano, axuda para o aloxamento, curso de alemán gratuíto pagado pola empresa.

Tres enfermeiras para o servizo de anestesia en Berlín —lembren: está máis cerca Berlín que O Barco de Valdeorras para alguén que vive na Coruña—, semanalmente garantidas 38 horas e media, nunca máis, sen homologación do título, que son os primeiros meses, 2.600 brutos mensuais, 3.370 brutos mensuais enfermeira a partir da homologación; formación como especialista en anestesia de dous anos no sistema alemán pagada pola empresa, axuda co aloxamento, prima económica da inserción —páganlle por ir—, paga extra de vacacións de Nadal e axuda ao aloxamento.

Médicos de familia en Gran Bretaña —temos problemas de médicos de familia, suponse—, primeiro ano, o que aquí se chama o ano de probas nalgunhas empresas, primeiro ano no sistema público, 42.000 —non euros— libras; a partir do segundo ano, 80.000 libras ao ano máis gardas, á vontade as gardas.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Farmacéuticos —hai farmacéuticos tamén no sistema—, primeiro ano sen necesidade de experiencia previa, 2.300 euros/mes netos, contratos indefinidos, catro días laborables, só un sábado ao mes, Pau, Francia.

Médico de familia en Boussens, Francia: 5.600 euros netos ao mes, cinco días á semana máis gardas, voluntarias; apoio para trámites de inscrición no colexio médico, para a instalación, formación gratuíta en francés, axuda para vivenda.

Radiólogo, Francia, 2.600 euros netos ao mes, entre tres e cinco días laborables, sábados sempre libres, non gardas —se son gardas, obviamente van cobrar moito máis—, formación gratuíta en francés, apoio para a instalación.

A Sociedade Española de Médicos de Familia, a Semerxen en Galicia, ten no seu portal decenas e decenas de ofertas no ámbito sanitario, decenas e decenas para que o persoal sanitario as poida observar; por certo, ningunha de Galicia; eu non sei onde Galicia busca profesionais; ningunha. Eu busquei, hai moitas de España pero ningunha de Galicia.

Médico de familia en Irlanda: entre 140.000 e 150.000 euros brutos ao ano, estabilidade laboral, pacientes en consulta e a domicilio; se é a domicilio, proporciónase coche e chofer.

Voulles ir a unha que me chamou moitísimo a atención: médicos de familia en Irlanda para o horario nocturno que lle chamaban, a partir das 5 da tarde: entre 40 ou 50 horas de traballo pola semana, 150.000 euros brutos ao ano; todos os pacientes con cita previa e garántense quince minutos por paciente. Isto é a calidade do sistema da que nós lles falamos: garántenlles aos pacientes con cita 15 minutos, 150.000 euros.

E agora vostedes díganme, lembren o seu referente económico mundial, Rodrigo Rato: *esto es el mercado, amigos*, e vostedes no mercado do mundo sanitario dos profesionais son deficientes, e este é o problema. *(Aplausos.)*

Teño ofertas para abundar, para abundar. Como hai profesionais sanitarios na sala, eu pensei: non vou ofertalas todas, porque algún vai acabar marchando, que pode ser; xa vexo a alguén pensando, botando contas; pero esta é a realidade.

Seguro que hai moitísimas razóns polas cales é difícil que teñamos garantida a presenza de profesionais no sistema, pero esta é a fundamental. Son vostedes cicateiros e están recortando onde non deben, que é en quitarlle condicións laborais ao mellor que ten o sistema, que son os profesionais. Cando vostedes entendan isto, empezaremos a poder falar doutras cousas, pero esta é a esencia da cuestión, e isto é o que nós lles propoñemos, algunhas medidas, porque non se trata só de cartos, nesta iniciativa.

¿Saben, por certo, onde meten vostedes os cartos cos que recortan alegremente aos profesionais?, ¿saben onde os meten? En pagar alegremente a empresas. Sobrecusto de cerca de 20 millóns ao ano polo canon do Álvaro Cunqueiro, que resultaba que era público; pois estanlle pagando 20 millóns extra ao ano a alguén, non sabemos a quen, pero, se é público,

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

non habería que pagar canon. Pero, en fin, o debate de que é público o Cunqueiro creo que xa está bastante avanzado que é mentira.

Isto é o que están facendo vostedes: pagarlles a empresas privadas por decisións que foron absolutamente erradas, problemáticas, e que ademais nos están facendo pagar durante anos. ¿Lembran o señor Feijóo cando dixo: eu aos políticos nalgún hospital sempre lles pregunto: ese hospital está pagado ou está a deber? Pois o Álvaro Cunqueiro aínda está a deber, e págano co diñeiro que lles quitan aos profesionais.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Efectivamente, van pasando as estacións, van pasando os anos, pasa o período estival, mais hai unha permanencia, e a permanencia é que os problemas da sanidade pública galega non só se manteñen senón que se agravan.

É moi probable que cando saia a representante do Partido Popular aquí á tribuna volva repetir que cada verán vimos cos mesmos problemas, co mesmo tal. Ademais, agora é que o Partido Popular nin sequera se molesta en facer un argumentario por consellería; non, agora xa estandariza os argumentarios; entón agora é: en ensino pois sae o conselleiro a dicir que todos os anos dicimos o mesmo, cando é mentira, cando hai máis profesionais, hai máis profesores, sabemos non sei que. Chega o de sanidade, exactamente o mesmo: vén a oposición alarmar, cando nunca estivemos mellor, nunca houbo máis profesionais. Nin sequera se molestan en actualizar e en personalizar o argumentario para cada consellería; teñen un estándar e válelles para todo. Mais —insisto— a realidade, por moito que o Partido Popular pretenda agochala, é teimuda, empezando, efectivamente, pola moción que presenta hoxe o Partido Socialista a respecto do persoal do Sergas.

E esta é unha cuestión que o BNG ten traído a este parlamento en innumerables ocasións, ten sido obxecto de preocupación do BNG: iniciativa respecto da redución de prazas, respecto das OPE —nunca satisfactorias—, da precariedade laboral, da contratación por días e por horas, da situación de estrés e de presión asistencial na que desenvolven o seu traballo os traballadores e traballadoras da sanidade pública; ben, en múltiples ocasións. Mais, desafortunadamente, sempre dando co muro do Partido Popular, que o único que fai é intentar negar a realidade.

E o Partido Popular o que leva é practicando unha política de costas viradas aos profesionais, de ouvidos xordos, de prepotencia, de ordeno e mando e de imposición, que en nada ten resolto os problemas. E a realidade é que temos un sistema sanitario totalmente infradotado de persoal, cun volume de temporalidade no Sergas realmente alarmante.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Podemos falar de que as estatísticas —non do BNG, senón de organismos oficiais— falan dunha temporalidade moi elevada no Sergas e nalgunhas categorías, como pode ser enfermería, que é das que máis temporalidade teñen, moi cercana ao 40 por cento; logo sorprenderase e sorpréndese o Partido Popular de que os profesionais non queiran traballar na sanidade pública. E un persoal que leva sufrindo anos de precariedade, temporalidade e saturación.

Diante disto, o primeiro que cabería preguntarse é por que o Partido Popular se nega a facilitar información a respecto de cal é a situación do seu persoal, por que unha vez e outra. Por exemplo, o BNG ten traído a este parlamento que haxa un sistema de identificación de prazas para saber cal é a situación, cantos profesionais hai, en que situación están, se teñen unha praza fixa, se están nunha vacante, se están nun acúmulo de tarefas, se están nunha substitución, e o Partido Popular négase sistematicamente a crear ese sistema de identificación de prazas. ¿Por que? Porque na opacidade é o ecosistema no que mellor se move o Partido Popular, en que non se teña a información, porque así pode vir aquí dicir unha cousa, a contraria, negar datos e agocharse detrás dunha realidade que non existe.

Diante desta situación, ¿que fai a Consellería de Sanidade e o conselleiro? Pois ben, recentemente mandoulles unha carta aos profesionais, mandoulles unha carta de propaganda aos profesionais, facendo unha enumeración de non sei cantos logros acadados, esquecéndose de dicirlles que unha parte deses logros mínimos foron froito da loita e a insistencia dos profesionais para acadalos. Ben, pois mándalles unha carta, mais o que tería que facer o Partido Popular é atender ás demandas dos profesionais, deixarse de cartas de propaganda e atender ás reclamacións dos profesionais; uns profesionais que levan reclamando, desde hai moitos anos, a recuperación dos acordos suspendidos polo Partido Popular en canto volveu á Xunta de Galiza no ano 2009; uns acordos para mellorar as retribucións dos profesionais da sanidade pública de Galiza; uns acordos que se ían efectivizar entre o ano 2008 e 2012, e chegou o Partido Popular no ano 2009, suspendeunos coa escusa da crise, estamos no ano 2023, e non se deron recuperado eses acordos.

¿Por que, en vez demandarlles *cartitas* aos profesionais, o que non fai é recuperar eses acordos que significaban equiparación salarial á media dos sistemas de saúde do Estado, porque en Galiza os profesionais da sanidade pública en Galicia cobran por debaixo da media do Estado? Uns acordos que significaban equiparación, por exemplo, do complemento específico á media dos traballadores do resto da Xunta, que os profesionais da sanidade pública cobran por debaixo. Non, non, non, o Partido Popular aí non quere saber nada desa recuperación, deses acordos.

¿Por que non atende ás reclamacións dos profesionais, que reclaman unhas ratios de profesionais por doente que permitan unha asistencia sanitaria de calidade? Porque en Galiza teño que lembrarlles que as ratios, por exemplo, de enfermería están á cola do Estado, moi por debaixo da media do Estado. As matronas, o mesmo. Podemos falar de saúde mental, podemos falar de fisioterapeutas, podemos falar dunha cantidade importante de profesionais.

¿Por que non atende ás demandas dos profesionais e, en vez de mandarlles cartas, non aumenta o número de profesionais que permitan que esas ratios entre profesionais e doentes

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que teñen que atender permitan aos profesionais desenvolver o seu labor con dignidade e que os doentes teñan unha asistencia tamén de calidade? Non. Aí o Partido Popular non quere saber nada.

¿Por que non atende ás demandas dos profesionais, que piden que se elimine a rotación, elevadísima, que existe no sistema sanitario? Unha rotación elevadísima que fai que haxa profesionais que hoxe están nun centro de saúde, mañá están noutro, pasado están noutro; que haxa profesionais que nos hospitais hoxe están en urxencias, mañá están na UCI, pasado están noutro lado. Que non permite que poidan prestar unha atención sanitaria de calidade, porque ningún profesional é especialista en todo. E, tendo esta rotación, o que fan é que estean nunha situación de estrés permanente, o que dificulta o seu labor e que non poidan dar esa asistencia de calidade. ¡Ah!, non, non, aí ningunha medida para solucionar esa situación.

Igual que ningunha medida para que a día de hoxe, no 2023, teñan un número importante de profesionais que seguir pegados ao teléfono porque non saben cando os van chamar para darlles un contrato, que non teñan posibilidades de conciliación nin outras cuestións.

Esta é a realidade na que teñen que desempeñar o seu labor os profesionais da sanidade pública e que levan anos demandando rematar con moitas destas cuestións, mais que o Partido Popular non acepta de ningún xeito.

Por iso hoxe imos votar a favor desta iniciativa que trae aquí o Partido Socialista, que contempla cuestións que nós vimos demandando. Mais logo imos pedirlle a votación por puntos, porque no que si non estamos de acordo é co terceiro punto, que ten que ver co contrato de continuidade. O BNG, xunto con organizacións sindicais e con moitos profesionais, manifestámonos desde o principio contrarios a este contrato. É un contrato de continuidade que non resolve absolutamente ningún dos problemas que teñen os profesionais, que teoricamente baixo un contrato máis estable, de máis longa duración, o que segue agochando é precariedade, dispoñibilidade ao servizo do Sergas, crea unha fenda salarial con respecto a facer o mesmo traballo que os que están fixos, a obrigatoriedade de facer quendas nos PAC cando o persoal que ten as prazas en propiedade non a teñen. Polo tanto, é un contrato que supón unha discriminación con respecto ao persoal que está fixo, facendo eses mesmos labores. Polo tanto, o que levamos demandando desde o principio é que, en vez destes contratos que parecen que son melloras, e que teoricamente son para ocupar prazas estruturais, esas prazas estruturais se saquen a concurso por oposición en igualdade de condicións cos que xa están. Que non poden estar continuamente con estas ocorrencias do Partido Popular e creando diferenzas para os mesmos postos de traballo.

Polo tanto, o que lle imos pedir é a votación por puntos, porque non coincidimos neste último punto.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

A verdade é que, por comezar por aquilo no que estamos de acordo, teño que darlle a razón á señora Prado: non mudamos ultimamente demasiado os argumentos, pero tamén terá que recoñecerme, en xusta correspondencia, que as críticas tampouco mudan demasiado. Nisto uns e outros debemos recoñecer que non somos especialmente orixinais.

De feito, señorías, voltamos un ano máis á actividade parlamentaria tras o parón do verán e, como cada ano, volveremos escoitar as recorrentes explicacións de por que non aconteceu esa apocalipse sanitaria que cada ano nos profetiza a esquerda galega. O certo é que o verán transcorreu no ámbito sanitario eu diría que con bastante normalidade, tal e como incluso teñen recoñecido os propios profesionais, que en anos anteriores expresaban algunha queixa ao respecto. Eu tiven ocasión de escoitar distintas declaracións públicas sinalando que se corrixiran as eivas do pasado e que non existían esas dificultades de anos anteriores.

A única novidade relevante neste verán é que nin tan sequera se convocou a habitual Deputación Permanente para solicitar algunha comparecencia inmediata para explicar ese desastre sanitario, que nunca chega. É certo que o Partido Socialista necesitaría o auxilio do BNG para facer esa convocatoria, non é menos certo que estou seguro de que o BNG nunca escatima xenerosidade para ese tema.

As dificultades para cubrir algúns PAC quedaron no pasado, grazas a unha correcta planificación dos recursos humanos do Sergas por parte dos responsables da consellería. E, polo tanto, isto creo que é unha realidade, se negar que se poidan producir problemas puntuais debido a circunstancias imprevisibles, como poidan ser baixas inesperadas ou un pico asistencial por algunha circunstancia extraordinaria. E iso pode suceder calquera ano en calquera comunidade autónoma e soe ser solventado con total normalidade.

En contra das negras e recorrentes profecías da oposición, os datos amosan que a xestión da sanidade galega ofrece mellores resultados que a media das comunidades autónomas, desmentindo a visión apocalíptica que socialistas e nacionalistas insisten en trasladar. De feito, podemos comprobar algúns deses datos: aumenta a confianza dos galegos na sanidade pública; basta con comprobar os datos do barómetro sanitario: a valoración do sistema en España un 6,26, en Galicia un 6,48; a preferencia para ser atendidos na sanidade pública en España está no 68 por cento, en Galicia no 76 e medio por cento. Consideran que a sanidade pública funciona bastante ben: en España, o 13,9 por cento dos enquisados; en Galicia, o 17,1 por cento. E funciona ben, pero con necesidade dalgún cambio: un 43 por cento no conxunto do país, un 48,7 por cento en Galicia. Non son datos do partido nin da Xunta, son datos do barómetro sanitario.

As listas de espera continúan moi por debaixo da media nacional. Recentemente, nesta fin de semana, lía algún artigo ao respecto e así o acreditaba; por certo, non baseándose en

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

datos da Xunta de Galicia, senón en datos do Ministerio de Sanidade, dirixido polo señor Miñones —pouco sospeitoso de simpatía co Partido Popular—. Redúcense os concertos coa sanidade privada, en contra do que afirman. Coñeciamos o informe anual presentado pola Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública —creo que tamén pouco sospeitosa de simpatía co Partido Popular— e sinalábanse algunhas cousas que a min me parecen interesantes —ben, eu diría que algunhas interesantísimas— sobre o nivel de gasto en concertos.

De feito, dicían que no período 2010-2020 en Galicia se reduciron os concertos coa sanidade privada un 9 por cento; no mesmo período, a taxa nacional subiu un 13 por cento. Por certo, a comunidade que máis subiu nese concerto coa sanidade privada foi as Illas Baleares, da recentemente nomeada presidenta do Congreso, que, como premio, recibiu ese xugoso posto a cambio —supoño— do recoñecemento a unha subida, a un incremento do 106 por cento dos concertos no mesmo período en que Galicia os reduciu un 9 por cento; pero parece ser que os que privatizamos somos os do Partido Popular.

E, por suposto, continúa o proceso de estabilización dos profesionais da sanidade; de feito, presentamos unha menor taxa de interinidade que o conxunto do Estado. Tampouco son datos meus, son datos facilitados polo ministerio do señor Miñones, que di que, fronte a unha taxa media de interinidade do 50,3 por cento no conxunto de España, Galicia presenta un 38,2 por cento.

Non é difícil supoñer isto, pero eu, en fin, creo que poderiamos facer esta comparación, que sería razoable, con outras comunidades autónomas: fronte ao 38,2 por cento de Galicia, pois temos Valencia —a Valencia socialista— cun 60,4 por cento; Asturias —a nosa veciña—, un 59,3 por cento. Eu creo que estas son comparacións máis acaídas, e non fai falla ir nin a Alemaña nin a Gran Bretaña, nin a Francia, como fixo o señor Torrado *(Aplausos.)* —vaime permitir—, comparando realidades pouco comparables. Porque, fronte a eses salarios que vostede describiu, vostede omite que o custo da cesta da vida neses países tampouco é comparable co español.

De todas as maneiras, eu invítoo a unha reflexión: se Alemaña, Gran Bretaña e Francia —as que vostede puxo como exemplo— fan unha planificación tan seria e rigorosa e pagan ademais aínda mellor do que planifican, ¿por que lles faltan profesionais sanitarios? Non sei se fixo vostede esa reflexión, porque a min recordoume aquilo daquelas películas do landismo de «vente a Alemaña, Pepe, que alí atan os cans con longaínzas». E a realidade non é exactamente esa, a realidade é que hai unha crise xeneralizada de determinadas especialidades médicas, non só en España, senón no conxunto de Europa, e por iso teñen que ir buscar fóra o que non atopan nin forman nos seus propios países.

Pero, fronte a estes datos obxectivos, o argumento da oposición é que a sanidade funciona a pesar do Goberno e só grazas aos profesionais. E iso simplemente é falso, porque ningunha sanidade moderna —ningunha— pode funcionar sen bos profesionais, sen medios técnicos axeitados e sen unha planificación responsable. Galicia dispón de marabillosos profesionais, de centros sanitarios modernos e tecnoloxicamente moi ben dotados e, por suposto, de xestores sanitarios de probada eficacia. Por iso somos unha das mellores sanidades do país, por iso o somos; e, dende logo, por iso somos a sanidade que máis mellorou na última década.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E tampouco son datos meus, non, é o informe dos servizos sanitarios das comunidades autónomas da Federación de Asociacións para a Defensa da Sanidade Pública, que en 2010 —cando vostedes deixaron a Consellería de Sanidade feita uns zorros— nos situaba como a terceira peor sanidade pública de España, e hoxe, despois desta xestión que vostedes tanto critican, nos sitúan no pelotón de cabeza, como a sexta mellor de toda España. *(Aplausos.)* ¿Como se explica iso? Pois explícase mal, señoría, explícase mal, porque é difícil de entender que vostedes defenden a xestión do Ministerio de Sanidade pero, en cambio, neguen os seus datos; e aínda é máis difícil de entender que defendan as reivindicacións das asociacións en defensa da sanidade pública, que compartan os seus mantras, que compartan e sosteñan as súas pancartas, pero que despois se neguen a asumir a realidade dos seus informes, simplemente porque desmenten o seu discurso catastrofista.

Señorías, o Sergas leva moito tempo avanzando nas medidas que vostedes demandan, e vaino continuar facendo. O que temos que lamentar, na maioría das ocasións, é que todos os avances se produciran unha e outra vez sen o seu apoio. Avanzamos na carreira profesional, na oferta de contratos de tres anos para os residentes, nos acordos unánimes que se alcanzaron para a mellora retributiva nas mesas sectoriais, na convocatoria de concursos de méritos para prazas de difícil cobertura. E todas estas son ferramentas que melloraron as condicións de traballo dos profesionais sanitarios galegos e todas estas foron ferramentas ás que vostedes non lles aforraron nin unha soa crítica e non lles prestaron nin un só apoio.

Apoiar a súa moción, en realidade, equivale a apoiar a nosa propia folla de ruta para mellorar as condicións do persoal sanitario e da propia sanidade galega, e por iso ímola votar a favor. Digo máis: sen pedir votacións separadas por puntos. Nós votámola integramente tal e como está. ¿Por que? Porque esa folla de ruta está a funcionar, hai un 80 por cento do persoal sanitario que xa dispón dunha praza en propiedade, e así o demostran ademais os propios datos dos procesos de estabilización.

Señor Torrado, Galicia acaba de facer unha das maiores OPE da súa historia precisamente para estabilizar os postos do Sergas: 2.500 prazas foron convocadas. Asturias —a nosa veciña socialista—, con bastante menos poboación, tivo que convocar 4.800, case o dobre; Valencia, 9.000; Canarias, 12.000. E isto é a realidade, que se reflicte dos propios datos que facilita o señor Miñones. Pero ¿que pasa? ¿Mentimos todos? ¿Mente tamén o señor Miñones?

Eu creo que hai que constatar a realidade, porque é a maneira de que avancemos, porque se todos recoñecemos esta realidade talvez poidamos continuar avanzando e compartir as reivindicacións que dende hai anos estamos a facer ao Ministerio de Sanidade para resolver o déficit de profesionais que sofre toda a sanidade española e parte da sanidade europea. E incluso o propio Goberno de España ten serios problemas para atopar profesionais para o territorio de Ingesa, para Ceuta e Melilla, onde sabe que están en folga precisamente pola falla de profesionais; para a sanidade penitenciaria, que ten gravísimos problemas de cobertura de profesionais, titulación tamén a de primaria; ou para o Instituto Social da Mariña, que tamén na propia Galicia ten serias dificultades para dar cobertura a eses profesionais.

Polo tanto, eu pídolle —xa que eu hoxe lle tendo a man e apoio esa reivindicación súa— que nos apoie nas nosas: unha convocatoria extraordinaria de prazas MIR, para poder cubrir e

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

formar máis profesionais; a creación da especialidade de urxencias, para que non se produza esa fuga de profesionais de atención primaria cara ás urxencias; e as melloras no sistema da adxudicación das prazas MIR, eliminándose a nota de corte, que xa consideramos tan negativa, ou eliminando certas rixideces do sistema electrónico.

Nós imos seguir facendo, nós imos seguir tentando escribir o futuro da sanidade pública galega e, namentres, imos deixar a vostedes intentando reescribir o pasado, que parece que é o que están facendo. Porque, claro, culpar o señor Rajoy...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...da taxa de reposición, que primeiro puxo —vostede sábeo— o Goberno do señor Zapatero, ¡home!, parece pouco serio. Acusarnos de recortes ao tempo que negan vostedes o maior recorte salarial da historia do emprego público deste país, que o fixo o señor Zapatero, é incrible.

E, por certo, tamén llo vou dicir —e con isto remato—: facer pasar unha transposición dunha sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, de obrigado cumprimento en España, como unha iniciativa do Goberno do señor Sánchez pois tampouco é a mellor maneira de continuar fomentando eses acordos aos que todos queremos chegar.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grupo autor da moción, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer o apoio do BNG e manifestar que non temos problema en votar por puntos. Agora tratarei de explicar un pouco a nosa posición sobre o contrato de continuidade, visto que vai levar ademais un voto en contra de algo que leva sempre sido votado en contra. Polo tanto, non o está facendo o Partido Popular, a pesar de que, ben, en fin, o discurso de xa se está facendo pois é moi grato. Grazas.

E aproveito tamén, evidentemente, para felicitar publicamente o señor Pazos polo seu nomeamento como portavoz. Permítame engadirlle un detalle: voulle dar un código: 55234; é o código da moción que debatemos, porque vostede falou de calquera cousa menos dela. O seu inxente labor como portavoz evidentemente eu entendo que non lle permite estar atento a todo, pero, como falou de tantas cousas pero non da moción, eu permítome lembrar que era esa. En todo caso, todo o mundo os primeiros días está así un pouco atropelado, seguro que volveremos ter oportunidade de debater sobre estas cousas. E agora vou intentar explicar que aquilo sobre o que vostede anunciou que vai votar a favor, cousa que tamén lle agradecemos, como choca en realidade co que está facendo o Goberno, basicamente porque todos estes puntos votáronse en contra xa neste parlamento algunha vez polo Partido Popular.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Agradecemos a cambio tamén —tamén llo digo—, recoñézolle que coa súa chegada as cousas de xa se está facendo agora van ser votadas a favor. E eu creo que ese é o mérito e eu creo que hai que recoñecer tamén a capacidade de cambiar do Partido Popular e recoñézollo e felicítoo por esa parte e agradezo por ser o grupo que presentamos a iniciativa.

Sobre a cuestión dos datos que ofrece o ministerio, tampouco vou entrar. Vostede participa dos debates de sanidade dende hai menos tempo, pero sabe —ou, se non, explícollo con boa vontade— que o ministerio non é o que recada, investiga e logo publica os datos; simplemente o ministerio o que fai é publicar o que lle mandan as comunidades autónomas; foi así de sempre. E, por tanto, cando as comunidades autónomas envían datos que non son, esas publicacións van. De feito, en realidade, se vostede é coñecedor do que ocorre nos interterritoriais de sanidade, sabe que moitas veces as comunidades autónomas se queixan de que os datos doutras comunidades autónomas están mal, porque na comparativa pois existe esa competencia. Pero, en todo caso, non tiña por que coñecer ese dato; dígoo sobre o que vostede fala de eventualidade. E, sobre todo, dígoo porque o que publica o ministerio vai en contra do que publica a propia Xunta de Galicia, cando ofrece datos de eventualidade moito maiores que os que logo publica o ministerio, cando os datos veñen do mesmo lugar, e é porque, en función de quen os pide, contabilizan dunha maneira ou doutra.

Pero, en fin, todos estes recovecos que tampouco tiñamos por que explicar aquí supoño que nos próximos debates xa vostede poderá participalos con máis naturalidade.

Reflexiona o señor Pazos en se é interesante —eu creo que é interesante— a pregunta de por que outros países fan ofertas a profesionais doutros lugares se se supón que o están facendo mellor. É moi interesante. A verdade é que, efectivamente, iso merece unha pregunta sobre cando se analizan os datos. A cuestión está en cando un analiza como funciona o mercado ou cando un consulta a xente que coñece o mercado europeo. Ofertan sobre todo en España. ¿Por que? Porque saben que en España se paga peor e que as condicións son peores. É moito máis difícil atopar en Alemaña médicos franceses ou en Gran Bretaña médicos alemáns ou en Suecia médicos alemáns. É moito máis difícil porque as competicións —por chamalo dalgunha maneira— entre posicións laborais deses países son moito máis igualadas.

Claro que o nivel de vida é moito maior, pero, como obviamente isto xa está feito —hai economistas para todo—, todas esas comparativas sobre o nivel de vida e o custo da vida con respecto aos salarios están máis que feitas e son evidentemente perdedoras no caso do conxunto de España, cando Galicia está entre as tres comunidades autónomas —eses tamén son datos do ministerio, pero do ministerio anterior, curiosamente do Goberno do Partido Popular, pero fornecidos polas comunidades autónomas—, cando é a terceira peor comunidade de España en salario laboral aos profesionais na media conxunta e a primeira por abaixo en ofrecer aos primeiros residentes, é dicir, aos que empezan o MIR no primeiro ano, e os primeiros contratados, pois temos que Galicia está mal, bastante mal, dentro dun país que en xeral non está ben no conxunto de Europa.

Ofrecen fundamentalmente aquí e ofrecen porque hai vinte anos eramos un sistema puntal, seguimos agardando algunhas cousas fantásticas, como o nivel de formación. Non hai país no mundo que forme como formamos en España nos sanitarios e, por tanto, por iso veñen

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

aquí. A diferenza é que agora si se están levando xente, porque nós non somos capaces de reter. E eu, que me preocupa o sistema sanitario galego, digo que o sistema sanitario galego non é capaz de reter porque as condicións que ofrece non son boas.

Sobre a moción, algunhas cousas interesantes.

O contrato de continuidade, que o PP votou sistematicamente en contra de establecer a tres anos, a nós, evidentemente, gustaríanos, como di a señora Prado, que non fose necesario; é unha especie de contrato ponte de necesidade para que no futuro non o necesitemos, pero cremos que agora é unha posible solución; é máis áxil e permite que os profesionais poidan vincularse ao sistema da maneira máis rápida e que o fagan ademais dunha maneira máis estable. Iso si, como defendemos sempre, con continuidade vinculados a zonas xeográficas máis breves do que é agora, a tres anos, e non a un ou a dous, como estaban ata o de agora —que iso é o que di a normativa, un ou dous—, o que están votando aquí é modificar unha orde —advírtoo polo que vai votar o PP— da propia consellería, que está ben, que nós garantimos.

O Partido Popular vai votar a favor de estender ao completo do persoal do sistema sanitario a carreira profesional, cousa que vai ter que facer por unha sentenza xudicial que condenou o Sergas a pagar a carreira profesional a todos os profesionais, que perdeu contra un sindicato, que perdeu, non o quixo facer e denunciárono e perdeu e ten que facelo, isto que vai votar a favor. Iso si, contratación do persoal substituto polo tempo completo da duración. Vai acabar coa posibilidade de que se contrate persoal, se é que se cumpre, por semanas concatenadas ata cubrir unha baixa, por exemplo as baixas que teñan profesionais cando están, por exemplo, por maternidade e se contrata persoal cada semana, o mesmo persoal. E isto, que xa ten tido sentenzas a través dos tribunais que obrigan o Sergas a contratar por máis tempo, é o que o Partido Popular está asumindo que vai facer a partir de agora. Tamén benvidos.

E, por tanto, nós o que vimos demandar é que non só se vote a favor senón, agradecendo o cambio de postura, a ver se é certo que se mantén, que se cumpra.

Por certo, tamén votan o punto 1, un informe sobre a situación laboral, cousa na que o Partido Popular leva votando en contra toda a vida aquí, toda a vida. Non existían os informes, non existía o Sergas e o PP xa votaba en contra dos informes do Sergas. Pero, a pesar diso, nós agradecemos moitísimo que vaian votar a favor agora, será a primeira vez. Benvidos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: E, señor Pazos, felicidades. Cando xa sexa quen de entender todo o sistema sanitario, que non é fácil, moito mellor para os debates. Pero agradecémoslle, de verdade, que vostede vaia votar a favor do que levan toda a vida votando en contra.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre a política do Goberno galego en relación co transporte público por estrada

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas. Para formular a moción, ten a palabra o señor Ríos Santomé

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde xa, señorías.

Pechabamos o anterior período de sesións cunha interpelación á conselleira sobre o que está acontecendo no servizo público de transporte por estrada no noso país despois de que pouco antes dese peche de período de sesións a Xunta de Galiza sufrise un auténtico vendaval de sentenzas desfavorables á súa política de transporte público por estrada, concretamente a deixar sen efecto, por dicilo dalgunha dalgún xeito, diferentes licitacións de transporte público, porque o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia entendía que había un comportamento monopolístico, un comportamento acaparador do mercado por parte do grupo Monbus, que a Xunta, loxicamente, pois apoia, referenda e facilita todo o posible.

Temos que recordar tamén que, ademais desas tres sentenzas xudiciais desfavorables para a Xunta de Galiza, vimos que neste ano e no ano pasado se sucederon diferentes sentenzas no mesmo sentido, algunhas por colusión, xunto con outras empresas, e tamén un proceso xudicial que está levando a Xunta de Galiza e o grupo Monbus a, por exemplo, ter imputacións, ter sentenzas, ter investigacións a día de hoxe por presunta prevaricación administrativa do seu director xeral de Mobilidade.

Temos denunciado aquí en varias ocasións non só o estado dos vehículos, incumprimentos dos contratos e dos pregos, senón tamén a duplicidade das matrículas e un longo etcétera.

A conselleira, na interpelación de antes do verán, botaba peito e daba golpes tamén de peito dicindo que a Xunta de Galiza, como non podía ser doutra forma, ía recorrer estas sentenzas e que estaba totalmente certa de que o seu proceder fora correcto e que, ademais, ía gañar estas resolucións, estes recursos.

Pois pouco tivemos que esperar para que o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza publicara recentemente a non admisión, o rexeitamento dese recurso por parte da Xunta de Galiza e da empresa Monbus, como recordarán, pola paralización destas adxudicacións destes lotes, por un comportamento monopolístico.

Eu pregúntolles, señorías do Partido Popular: ¿que máis ten que pasar para que se dean conta de que por aí non van ben? ¿Que máis ten que pasar para que deixen a conivencia, deixen o *chiringuiteo* con cartos públicos entre as empresas amigas do Partido Popular e a Xunta de Galiza?, ¿que máis ten que pasar?

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E eu hoxe quero comentar tamén algo recente, de valiosa actualidade, isto xa é política internacional, pero eu creo que a Xunta de Galicia debera facer algo ao respecto, cando menos pronunciarse, se non hoxe neste hemiciclo, proximamente tamén a petición deste grupo parlamentario, dunha cuestión que está acontecendo en Valencia recentemente. Ensínolles o recorte de prensa e léollelo ademais *(O señor Ríos Santomé mostra un documento.)*: «*Monbus se presenta a un concurso en Valencia con 54 autobuses que ya usa en Galicia.*»

Eu quero preguntarlles ás señorías do Partido Popular: ¿que ten que pasar para que deixen de favorecer os grupos empresariais como este? *(Murmurios.)* Non, explícollo, señor Balseiro, non hai ningún tipo de problema. 54 autobuses que están activos en lotes e en rutas do noso país que simultaneamente pretenden dar servizo de transporte escolar a máis de 700 quilómetros deste mesmo hemiciclo. ¿Como se come, señor Balseiro? E, sobre todo, ¿como van chegar eses vehículos de condicións cando vostedes nos seus pregos de condicións, nos contratos, exixen unha cousa e lle deixan facer a esta empresa o que lle dá absolutamente a gana? ¿E isto non devalúa, señores do Partido Popular, *(Aplausos.)* os servizos prestados en Galiza?

Pero, claro, como gobernan os mesmos, vanse arreglando, ¿non? Eu préstoche catro autobuses de aquí, ti de alá. Quen gaña é a empresa e quen perde son os galegos e as galegas e tamén, por extensión, o propio sistema, o propio servizo de transporte escolar na Comunidade Valenciana, que supoño que tamén no seu Parlamento pois terán algo que dicir a este respecto.

¿Onde quero chegar con todo isto? Vostedes pasaron xa de facilitar un comportamento monopolístico, puxeron toda a maquinaria da Xunta de Galicia e toda a vontade política tamén do Partido Popular en favorecer este grupo empresarial para que fixera co transporte público deste país o que lle dera a gana, e agora están nunha segunda fase, que é utilizar a Xunta de Galiza, utilizar as institucións onde vostedes están presentes de forma partidaria como un trampolín económico para estas grandes empresas. Iso é o que están facendo co noso transporte público.

E, mentres —téñollo comentado en moitas ocasións—, hai unha perda por tres partes. Por un lado, temos cada vez un sector que o está pasando peor, con peches de pequenas e medianas empresas, con moitas dificultades para pequenos e medianos empresarios do noso país do sistema de transporte público; temos tamén cada vez unha febleza moito máis grande e unhas irregularidades máis grandes no que ten que ver coas condicións laborais dos traballadores e traballadoras do servizo público de transporte. E temos tamén cada vez un servizo máis precarizado para usuarios e usuarias.

E para mostra —non fai falta que me remonte moito máis alá— neste propio verán, neste mesmo verán, vemos as queixas polos autobuses que non chegan, polos autobuses que veñen demasiado cheos e que despois non hai autobuses de reforzo que veñan coller a xente por unha mala, unha ineficiente ou unha directamente nula planificación do transporte público durante o verán, que sabemos que acollemos un número importante de turistas, que tamén utilizan o sistema de transporte por estrada. Vemos como os usuarios e usuarias recorrentes do transporte público do noso país teñen que soportar condicións lamentables para o que debería ser un dereito do uso do transporte público.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Veremos tamén con certeza o caos que vai derivar neste comezo de curso, igual que foi o ano pasado tamén. E estamos vendo xa como aí a Xunta de Galicia incorre nunha discriminación por orixe nun sistema de transporte público onde as vilas e as aldeas do rural teñen cada vez menos posibilidades de conexión coas súas vilas e cidades de referencia.

Estámolo vendo tanto no norte de Ourense como no sur de Lugo, como as propias conexións que hai para que a mocidade por exemplo, gran golpeada, aínda que a Xunta de Galicia intente facer o contrario para chegar a moitos destinos, por exemplo de universidades, vemos como tardan —viámola na prensa— auténticas odiseas de ata cinco horas para chegar dunha vila calquera de Ourense ata Santiago, unha situación completamente lamentable.

Ou podemos falar tamén do que está acontecendo coa ensinanza postobrigatoria (FP e tamén bacharelato), cando vemos que moita mocidade non pode acceder ao que quere cursar por unha falta de transporte público que garanta o seu dereito ao estudo obrigatorio, sobre todo o estudo, loxicamente, na ensinanza pública. Vemos como hai moita mocidade en moitos concellos que non pode estudar o que quere, porque non ten capacidade para chegar aos seus centros de ensino. Vemos como a Xunta de Galicia intenta parchear, vémolo, é algo recorrente de todos os anos, onde pois por exemplo a mocidade que estuda FP ou bacharelato en moitos casos ten garantido un parche de que poden utilizar o sistema de transporte integrado, sempre e cando haxa prazas, pero vemos que iso cada vez acontece menos, e que son outras as iniciativas privadas que teñen que levar a cabo as súas familias —as que teñen capacidade económica, cando menos— para poder facer que os seus fillos e fillas estuden o que consideren dentro do sistema de ensinanza pública.

Señores do Partido Popular, eu creo que sobran os motivos, sobran os casos, sobran os exemplos —e os que virán— para deixar esta política de amiguismo, para deixar esta política de acaparamento do mercado, do comportamento monopolístico, que xa non é que o diga o BNG en solitario, senón que tamén o está dicindo o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza con cada unha das resolucións e das sentenzas que emite. E o Partido Popular debería facerlle caso nalgún momento á Xustiza, aínda que non resolva en favor dos seus intereses, ou máis ben en favor dos intereses dos seus amigos e amigas, e realmente se poñan ao servizo do pobo galego os servizos públicos, neste caso o de transporte.

Agardamos que ese día chegue ou, se non chega ese día de rectificación da Xunta de Galiza, que sexa outro goberno quen poña realmente en valor o servizo público de transporte neste país para o pobo e dende o pobo.

Máis nada.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ríos.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ben, iniciamos un novo período de sesións pero seguimos a falar dos problemas que levamos traendo, tamén xunto co Bloque Nacionalista Galego, tamén o PSdeG, denunciando ese mal funcionamento do Plan de transporte público de Galicia.

Levamos toda esta lexislatura, pero nós, os socialistas, tamén viñamos advertindo desde hai moito tempo antes de que se iniciara esta lexislatura, cando se empezaban a elaborar os documentos dese plan de transporte, que algunhas das cousas que se están a dar a día de hoxe pois ían producirse por esa falta de escoita do Goberno galego, por parte do sector, por parte dos usuarios e tamén deste grupo parlamentario, que diciamos que estaban xa errando no punto de partida e que á hora de elaborar ese plan de transporte estaban a cometer moitos erros que ían ir en contra das necesidades de mobilidade dos usuarios e das usuarias galegos, e tamén que ían ir en contra das pequenas e medianas empresas, que ían deixar moitas empresas familiares na estacada; e así estivemos a velo nos últimos tempos, como tantas empresas pequenas e medianas e, sobre todo, empresas familiares tiveron que pechar por culpa do mal funcionamento e por culpa de non escoitar a Xunta de Galicia as reivindicacións que se lle trasladaban dende o propio sector, dende os propios usuarios e tamén dende o grupos parlamentarios da oposición.

Levamos falado en numerosas ocasións de que é necesario que a Xunta de Galicia escoite as críticas e as necesidades de mobilidade que teñen os galegos e as galegas, e máis lonxe diso, a Xunta de Galicia o que fai é ouvidos xordos, porque, en vez de mellorar, en vez de rectificar, en vez de mellorar —como dicía— este plan de transporte, pois imos moito a peor.

Nós levamos moito tempo dicindo que eses pregos de contratación non recollen as necesidades de mobilidade dos galegos e das galegas, pero, xa que existen eses pregos de contratación en base aos que se asinaron determinados contratos con determinadas empresas, que, como mínimo, a Xunta de Galicia garanta que se cumpra o que está asinado neses contratos.

Pero estivemos a ver como a Xunta de Galicia durante todos estes anos estivo a abdicar dos seus labores de inspección e dos seus labores de control. E, se é o caso, se fixera estes labores de inspección e de control, estou segura de que este plan de transporte funcionaría dun xeito moito mellor. Non foron quen tampouco de sancionar estas condutas, que non son acordes cos contratos que están asinados para a execución destes contratos de servizo público de transporte en Galicia.

Polo tanto, como dicía, nós xa dicimos que é necesario reformular estes pregos de contratación, pero, mentres non se reformen estes pregos de contratación, o que lle eximos á Xunta de Galicia é que garanta que, como mínimo, se cumpran os contratos que teñen asinados coas empresas que resultaron adxudicatarias destes contratos.

Os expertos tamén en mobilidade levan moito tempo pedíndolle á Xunta de Galicia un novo modelo de mobilidade que pase por un transporte máis rápido e máis frecuente. A Xunta de Galicia non fai caso das recomendacións ou dos intentos de mellora que fai o meu grupo parlamentario, pero tampouco escoita os propios expertos.

Como dicía, seguen sen arreglarse os problemas no transporte interurbano, que é competencia da Xunta de Galicia. Non boten balóns fóra, aí non poden culpar outras administra-

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cións. E, como dicía, lonxe de arreglarse, agrávanse, póñense en evidencia ao longo e ancho de todo o territorio galego.

Levamos moitísimo tempo denunciando dende distintas comarcas o mal funcionamento deste transporte, como as empresas adxudicatarias unilateralmente cambian frecuencias, cambian horarios sen previo aviso para os usuarios e as usuarias; e, como dicía, a Xunta de Galicia mira cara a outro lado e non fai as competencias que ten que facer.

Polo tanto, é necesario un transporte máis fiable, máis rápido e máis adaptado ás necesidades existentes, e iso non o di só o meu grupo, senón que o din os propios expertos en mobilidade.

Na moción que hoxe presenta o Bloque Nacionalista Galego —que xa adianto que imos apoiar, como non podía ser doutro xeito— a verdade é que son temas moi recorrentes que xa temos traído en numerosas ocasións a este parlamento, e a ver se dunha vez por todas somos quen de mellorar, entre todos e todas, este Plan de transporte público por estrada da Comunidade Autónoma de Galicia; se somos quen xa de rematar con eses incumprimentos e irregularidades, porque é certo —como dicía o señor Ríos— que foron constantes esas sentenzas xudiciais que non lle daban a razón á Xunta de Galicia, que lle dicían que as cousas non se estaban a facer ben. Polo tanto, é o momento de rectificar dunha vez por todas e de poñerse a traballar a prol de garantir que este servizo público funcione nas mellores condicións.

Claro, moitas veces, cando falamos deste tema, o voceiro do Partido Popular bota balóns fóra, di que se o Goberno central con ese documento, que é un borrador, pois que discrimina Galicia. Eu sempre lle digo que é un documento, que é un borrador, no que hai que traballar todos para conseguir ese mellor mapa de transportes, que leva máis de trinta anos sen renovarse. Traballemos entre todos, pero o que está aprobado a día de hoxe, ese Plan de transporte público de Galicia —que, como lle dicía moitas veces e lle digo ao señor Balseiro—, que garanta dende a propia Xunta de Galicia que un veciño da nosa provincia, un veciño da Fonsagrada —hoxe que tomaba posesión o deputado tamén do Partido Popular dese concello—, teña unhas condicións boas coa capital da provincia, con Lugo, e despois xa traballaremos entre todos e entre todas para que ese transporte que pretende unir distintas comunidades autónomas, que iso si que é competencia do Goberno central, pois tamén sexa o que realmente cubra as necesidades de mobilidade dos galegos para poder trasladarse a outras comunidades autónomas. Pero cumpran e garantan que un veciño da nosa provincia pode ter unhas frecuencias horarias axeitadas aos seus traballos, aos seus estudos ou ás súas necesidades médicas para poder trasladarse de cara á provincia.

Vostede sempre di que na provincia de Lugo o transporte interurbano da Xunta de Galicia funciona de marabilla. Eu voulle dar un dato que saía recentemente nun xornal e falaba da odisea dos universitarios de Lugo, e dicía que Lugo é unha das provincias con peor conexión interurbana, sobre todo para as localidades máis pequenas. E dicían eses estudantes que os problemas téñenos sobre todo os que viven nos pobos máis pequenos. Algúns destes estudantes rechazan volver ás súas casas na fin de semana porque non teñen esas conexións boas para poder chegar dende o sitio onde están a cursar os seus estudos ata as súas viven-

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

das. E iso é competencia da Xunta de Galicia, mellorar este servizo. Escoite, señor Balseiro, os universitarios da nosa provincia de Lugo e polo menos déalles tamén unha solución, vostede que ten vía directa co Goberno galego.

Falaban moito tamén desa Tarxeta Xente Nova, só para os menores de 21 anos. Parece que os mozos e mozas en Galicia só son mozos ata os 21 anos. Noutras comunidades autónomas poden desfrutar destas vantaxes os mozos de ata 30 anos. Aquí a Xunta de Galicia négase a ampliar esas bonificacións dos 21 aos 30 anos, non entendemos por que.

Máis cousas que tamén discriminan a nosa mocidade. Voulle tamén referir outra noticia que saía recentemente nos xornais. Estou a falar do Noitebús, dese servizo co que se pretendía que os nosos mozos e as nosas mozas puideran desfrutar do seu tempo de ocio pero acudindo cun medio de transporte seguro, que non tiveran que empregar os seus medios de transporte, o vehículo privado, que puideran ir desfrutar do ocio nocturno nunhas condicións de seguridade sempre e cando o Goberno galego ofertara unhas liñas de Noitebús que permitiran a nosa mocidade poderse mover ao longo e ancho do territorio galego nunhas condicións de seguridade. E vou dicirlle que, claro, o Noitebús non desapareceu, pero *de facto* case desapareceu, porque só hai catorce liñas activas das duascentas que chegou a ter. E aí tamén, señor Balseiro, hai unha discriminación da zona sur da Comunidade Autónoma coa zona norte, que é na que nós vivimos e que se ve máis prexudicada por esta decisión da Xunta de Galicia.

É o momento tamén de que escoiten esas sentenzas xudiciais en contra do que está a facer o Goberno galego. A min chámame poderosamente a atención que non se puxeran nin sequera vermellos con ese tirón de orellas que fixo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia cando lle ordenaba á Comisión Galega de Competencia —por moito que digan dende o Goberno galego que é un órgano independente, sabemos todos quen nomea os membros desa Comisión Galega de Competencia— que incoara un expediente sancionador contra Monbus e contra Alsa por indicios de ter podido repartirse o mercado ao concorrer no ano 2020 a través dunha UTE. E chama poderosamente a atención que esta Comisión Galega de Competencia arquivara ese procedemento cando había indicios de que se cometeran ilegalidades, de que se vulneraran as normas de competencia, arquivou ese expediente sen practicar proba ningunha. Tirón de orellas, e o Goberno galego como que non vai con eles o tema.

Polo tanto, é o momento de poñerse a traballar xa entre todos e entre todas para que se mellore ese Plan de transporte público por estrada en Galicia. É o momento de darlles unha resposta ás necesidades de mobilidade da cidadanía galega. Espero e agardo que teñan máis éxito que o que tiveron con outras iniciativas que tamén trouxemos nós a debate nesta cámara.

E, ademais, o que chama poderosamente a atención é o punto cuarto da moción do Bloque Nacionalista Galego, co que nós non podemos estar máis de acordo no que se pide, pero, claro, cando se lle pide á Xunta de Galicia que traslade aos grupos parlamentarios con representación nesta cámara determinada información que levamos pedido por activa e por pasiva e cando non a entregan aos grupos parlamentarios con representación nesta cámara, por algo será, algo terán que agochar.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario Popular, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Ríos, estivo vostede bastante correcto. *(Risos.)* Teño que recoñecer que foi das intervencións máis correctas que lle vin nisto de transportes. Sabe vostede, ademais, que me cae ben, vostede cáeme ben, teño que recoñecer que é dos deputados que me cae ben. Pero vostede exaxera tanto no seu discurso que é pouco crible. Pero é que, ademais, vostede vai por libre, porque nin sequera é o discurso que ten o Bloque en tema de transportes —espero que non o sexa—.

A vostede téñolle escoitado na tribuna do Parlamento que os autobuses viñan sen luna, que os autobuses viñan sen cinto, que chovía dentro dos autobuses, que os asentos estaban mal. E eu estaba pensando que vostede vai chegar a dicir antes de que acabe a lexislatura que os autobuses veñen circulando sen rodas, *(Risos.)* estábao pensando, estaba pensando que vostede vai chegar a dicir iso. ¡É tanto o que exaxera neste tema! É certo que supoño que a señora Pontón e o grupo lle encargou facer un seguimento deste tema, e vostede, a piñón fixo. O do piñón explícollo: antes as bicicletas —xa que estamos falando de transportes— *(Risos.)* levaban piñón fixo ou levaban varios piñóns, que eran co cambio, *(Murmurios.)* e vostede —falo da bicicleta porque estamos falando do transporte—, nisto do transporte, vai a piñón fixo.

Fíxese vostede se vai a piñón fixo que vostede falou de amiguismo, falou de compadreo con Monbus. ¡Oia!, pero ¿que me di vostede?, se vostedes agora mesmo lle acaban de adxudicar a dedo no concello ao que acaban de chegar vostedes, que é no Concello de Santiago, 11 autobuses a dedo, 600.000 euros que van pagar. *(Murmurios.)* Pero vostede ¿con quen fala?, ¿vostede con quen fala?

E ¿que me di vostede de Monbus onde teñen vostedes responsabilidade de goberno? No concello de Lugo, ¿quen fai o servizo? Faino Monbus. ¿Quen fai o servizo en Santiago? Faino Monbus. Vostedes, se queren ter credibilidade, empecen a predicar e non a dar trigo; e empecen a dicir: alí onde gobernamos nós a esta empresa ímoslle rescindir os contratos. ¿Por que non llos rescinden? Porque o que di vostede é todo palabrería, palabrería. *(Aplausos.)*, palabrería.

E non acabo de entender o porqué desta teima recorrente dos grupos da oposición neste parlamento, tanto do Bloque Nacionalista Galego como do Partido Socialista, en contra do transporte público por estrada autonómico, en contra dos buses da Xunta de Galicia, sobre todo considerando que —como intentarei explicar ao longo da miña intervención— son acusacións que carecen de todo pero de todo fundamento. E non porque o diga o Partido Popular —que xa sabemos que vostedes pensan que o partido preferido polos galegos vive nunha

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

realidade paralela—, senón porque vostedes non poderán negar un dato que é obxectivo, como é a alta valoración, que se sitúa sempre na contorna dun notable, coa que os usuarios do bus da Xunta puntúan cando son preguntados sobre o funcionamento deste servizo.

E voulles dar outro dato obxectivo —se mo permiten—: non só a boa valoración xeral dos cidadáns bota por terra esa visión calamitosa que o Bloque e o Partido Socialista teñen do transporte público de Galicia, senón que, ademais, a diferenza do que está acontecendo noutras comunidades en España, en Galicia o autobús da Xunta está recuperando as cifras de usuarios prepandemia, con constante incremento de viaxeiros.

De feito —atenda a esta cifra—, só no primeiro semestre de 2023 o transporte público de titularidade da Xunta rexistrou 18 millóns de viaxes, é dicir, un 17 por cento máis que no mesmo período do ano anterior.

Señorías, comprenderán vostedes que non é posible que un servizo público tan desastroso como vostedes o pintan sexa tan ben percibido polos usuarios, que —volvo insistir— lle dan un notable. E se este servizo fora tan malo, non rexistraría unha demanda crecente de viaxeiros que apostan por facer uso, por beneficiarse das novas propostas postas en marcha polo Goberno da Xunta e pola Xunta de Galicia.

E se vostedes, coas súas iniciativas recorrentes sobre este asunto, teñen por finalidade negar as bondades que a implantación do Plan de transporte público de Galicia levou consigo, pois o meu obxectivo será facer todo o contrario: poñer en valor eses aspectos positivos do novo plan.

Empezando porque logrou levar os autobuses alí a moitos sitios onde non chegaban en Galicia, sobre todo no rural. Polo acerto que está a supoñer a introdución das tarifas máis económicas para todo o territorio, que se complementa ademais cunha variada oferta de descontos; só a tarxeta TMG supón de entrada a aplicación como mínimo dun 10 por cento de desconto, e para usuarios recorrentes aplícase entre un 25 por cento e un 50 por cento de desconto máis segundo o número de viaxes realizadas. Desde setembro do ano 2022 a estes descontos súmase unha bonificación adicional do 50 por cento para todas as viaxes que se paguen coas tarxetas de transporte da Xunta ou mediante bonos multiviaxe.

E, aínda que lles custa a vostedes recoñecelo —que eu ben sei que lles custa—, o transporte público en Galicia é todo un referente a nivel de España. Repítolles: o transporte público galego é todo un referente a nivel de España, por moitos motivos, pero, en especial, pola implantación pioneira da Tarxeta Xente Nova, moi valorada, e coa que os menores de 21 anos viaxan de balde por todo o territorio nos buses da Xunta.

Estou de acordo, señora Otero, pero o primeiro que teñen que facer vostedes non é pedir ata os 30 anos, implántena alí nos concellos onde gobernan vostedes, onde teñen a responsabilidade do servizo de bus urbano e alí póñana xa ata os 30 anos, póñana xa ata os 30 anos. *(Aplausos.)* Pero é que o que están facendo é que non a poñen nin ata os 30 nin ata os 21. En Lugo, concretamente —que estou vendo alí o señor Carballo—, ¿sabe que votaron vostedes cando o levou o Partido Popular? En contra. ¿E o Bloque? En contra. Entón, ¿que veñen predicar vostedes á tribuna do Parlamento?

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Neste momento hai preto de 150.000 Tarxetas Xente Nova, todas elas activas. Só no mes de xullo contabilizáronse 4.200 novas altas, que é todo un récord. E as previsións da Xunta son que a finais deste ano se contabilicen 6 millóns de viaxes bonificadas coa Tarxeta Xente Nova, que é un millón máis que no ano 2022.

Co obxectivo de seguir dando a coñecer estes beneficios, a Xunta impulsou a campaña Móvome, coa que se pretende consolidar un modelo de mobilidade máis sostible e máis económico para a cidadanía galega.

Polo tanto, señor Ríos, teña a seguridade de que a debida atención ás persoas usuarias da rede de autobuses interurbanos dependentes da Xunta é unha prioridade absoluta para o Goberno do Partido Popular de Galicia. Polo tanto, xa estamos a cumprir o que pide no primeiro punto da súa iniciativa.

Con todo, nun servizo que supón xestionar máis de 3.570 liñas, 56.369 paradas, 2,3 millóns de servizos ao ano e máis de 20 millóns de horarios, poden ter lugar incidencias puntuais, pero diso a consideralas xeneralizadas hai todo un abismo, que é o que fai vostede. E, en todo caso, teña por seguro que a Xunta realiza un seguimento continuo do Plan de transporte público de Galicia para blindar o axeitado funcionamento, que está sempre aberta a suxestións e reclamacións das persoas usuarias e que ese é o motivo polo cal se estableceron múltiples canais, como o teléfono, a web, as enquisas, para facer efectivas as consultas e queixas dos usuarios.

E, ademais, a Xunta realiza continuos reaxustes en percorridos, en horarios ou en servizos para adaptarse ás novas necesidades dos usuarios; é dicir, a Xunta non vai a piñón fixo, como vai vostede, adáptase ás novas necesidades dos usuarios. De feito, desde a posta en marcha do plan a finais do ano 2020 —termino, señor presidente— tramitáronse máis de 4.400 expedientes de modificación das condicións de explotación das liñas.

E remato xa.

Que os resultados que está acadando o transporte público de competencia autonómica sexan bos non significa que a Xunta non sexa exixente. Por suposto, en 2,5 millóns de servizos cada ano ás veces hai fallos e hai sempre marxe para poder mellorar.

Polo cal —termino, señores do Partido Socialista e señores do Bloque Nacionalista Galego—, señor Ríos, voulle dar un consello, que eu teño uns anos máis que vostede: para o discurso ser crible non se pode exaxerar tanto. *(Risos.)* E vostede ponlle moita vontade —é certo que lle pon moita vontade— pero exaxera tanto tanto tanto que o discurso eu creo que non o cre nin vostede mesmo.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo autor da moción, señor Ríos.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señor presidente.

Señor Balseiro, pensei que non ía ter que apuntar nada para a réplica, pero un pouquiño si. Porque cando se utilizan as mesmas escusas todos os días desde hai varios anos pois hai moitas cousas que xa aínda que foron respostadas e aínda que foron desmentidas pois seguen porfiando nelas. Igual que seguen porfiando neste amiguismo e neste compadreo coas empresas, que ao final é o seu obxectivo.

Se todo está tan ben, señor Balseiro, ¿como é que temos un sector que morre, un sector de pequenas e medianas empresas que cada ano ou practicamente de mes a mes teñen que ver se van poder sobrevivir ou van ter que pechar a persiana? ¿Como é posible iso? E é que eu xa llo dixen unha vez creo que non a vostedes senón á señora conselleira: vostedes puxeron todos os ovos na mesma cesta; o que pasa é que a cesta está furada, señor Balseiro, ese é o gran problema. *(Aplausos.)* Vostedes confiaron todo, apostaron todo a un cabalo que non corre para vostedes, que corre para si propio. Ese é o gran problema. E vostedes ao final fanlles de facilitadores e fanlles o traballo sucio a estas empresas.

Alégrame que hoxe non trouxera aquí o caso de Pontevedra. Supoño que co que lle respondín á señora conselleira na anterior interpelación, cando o sacou xa por cuarta ou quinta vez neste debate, o entenderon.

E eu íalle preguntar se vostede sabe o que é a área de transporte de Galicia, porque eu creo que é unha boa iniciativa que leva a cabo a Xunta, non como estas resesas que sacou a conselleira hai pouco.

Eu creo, señor Balseiro, que o tema de exaxerar chega ao punto en que a conselleira vai dicir que hai máis Tarxetas Xente Nova activas que mocidade hai no país. *(Aplausos.)* Eu creo que vai chegar a ese nivel, porque cando non hai nada que dicir volvemos cunha campaña completamente insuficiente e que non ten xustificación ningunha, o que está pasando a mocidade, que se limita aos 21 anos. Supoño que o populismo dá para o que dá, ¿non? Unha cousa é predicar, efectivamente, e outra é dar trigo ou cartos para as iniciativas. Pero deixámolo ata os 21 anos.

Hai unha estratexia que a Xunta de Galicia impulsou. Eu teño aquí ademais *(O señor Ríos Santomé mostra uns documentos.)* unha nota de prensa da Xunta e isto é unha participación da señora conselleira nunha conferencia sobre o transporte público, que é positiva e acaba cun dos grandes problemas, sobre todo porque eu creo que o Partido Popular pensa que intermodal é un apelido e por iso llelo poñen de nome ás estacións do país. E eu creo que aí terían moito que facer e moito que traballar, sobre todo se queren ter un transporte público realmente eficaz e realmente adaptado aos tempos que vivimos a nivel medioambiental e tamén a nivel de cobertura de necesidades. Pero, mentres siga sendo para vostedes intermodal un apelido, pois imos complicado, ¿non?

«A Xunta de Galiza aproba a área de transporte de Galicia para estender as vantaxes do transporte metropolitano ao conxunto da comunidade e a todos os usuarios.». Está ben, está ben.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ademais, aquí dicía a conselleira: «Avanzou» —a señora conselleira— «que a Xunta está impulsando a creación da área de transporte de Galiza, unha iniciativa destinada a bonificar aínda máis o prezo dos billetes mediante a colaboración autonómica e municipal.» Isto dicía tamén a propia Xunta na súa nota, que a finais da primavera ían ter xa os convenios asinados cos concellos para facilitar cuestións de transbordos, bonificacións e demais. O que pasa é que era despois da primavera de 2021. Imos á conferencia da señora conselleira, onde dicía que a Xunta estaba traballando nesta creación e tal, 31 de novembro do ano 2022. Pero é que se imos hoxe á páxina que crearon —porque infraestrutura e propaganda sobra, trigo non sobra ningún—, convenios firmados actualmente na área de transporte de Galiza, leo textualmente: «Actualmente non se formalizou ningún convenio. Non obstante, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade formalizou convenios cos seguintes concellos nos que xa anticipa bonificacións...», que sería máis ou menos o que viría sendo a área de transporte de Galiza. Iso está impreso e consultado hoxe antes da miña intervención.

E é curioso que, despois de criticar tanto o Concello de Pontevedra, ao final lle tiñan que dar as grazas por formar parte de máis do 30 por cento dos participantes da área de transporte de Galicia, este macroproxecto que a Xunta de Galicia leva máis de dous anos con el empantanado, cando xa vai máis de dous tamén que tiña que estar en funcionamento, neste caso Ribeira, Barbadás e Pontevedra.

Por un lado, temos un sistema de transporte público feito á medida para un gran grupo empresarial, feito á medida. Non me dixo nada das sentenzas, aínda do recurso que lle veñen de anular, de rexeitar.

E, efectivamente, eu teño que darlle a razón nunha cousa, señor Balseiro: o Plan de transporte público de Galiza levou autobuses galegos onde nunca estiveran, concretamente a Valencia, como lle dixen antes. Antes non chegaban a Valencia, agora chegan. Van tardar pois uns 700 quilómetros e os autobuses pois se van resentir, pero ¡que máis dá, se é para axudar un veciño de Lugo! Todos os recursos son benvidos.

Vostedes teñen este sistema montado. A xente utiliza o sistema de transporte público, aínda a pesar de vostedes, aínda a pesar de vostedes, señores do Partido Popular. E de calquera tipo de avance no que ten que ver coa intermodalidade, cun servizo conectado, cun servizo útil para as pequenas vilas do rural, para as pequenas aldeas do rural, vostedes non queren saber absolutamente nada diso.

O papel, señor Balseiro, aguanta todo, mais a estrutura que vostedes montaron para facilitarlles a vida a uns poucos aguanta menos, vénselle as costuras.

Máis nada.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ríos.

Suspendemos a sesión ata as 16.00 horas.

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e oito minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión coa Moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María del Carmen Aira.

Moción do G. P. Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María del Carmen Aira Díaz, sobre a política de investigación para afrontar a seca derivada do cambio climático

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado José Antonio Armada Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Abordar dun xeito global o problema da seca derivada do cambio climático que afecta ás producións vexetais para consumo humano.

2. Implicar ao sistema investigador agrario e á universidade:

2.1. Na realización de estudos inmediatos sobre os graos de afectación do territorio galego e dos seus solos.

2.2. No establecemento de liñas de investigación en relación:

2.2.1. Ao ciclo da auga, novas captacións, aproveitamento de augas para rego, e rego sostible.

2.2.2. Á apertura de liñas de investigación xenética para atopar novas variedades vexetais para consumo humano resilientes á seca e ás enfermidades que provoca.

2.2.3. Á diminución do uso de fitosanitarios, de acordo coa normativa europea e respectando a biodiversidade e clima.

3. Que se transfira o coñecemento agrario entre o sector, as organizacións e as institucións para que o mesmo chegue ao seu fin e sexa utilizado na agricultura e ámbitos relacionados.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Aira.

A señora AIRA DÍAZ: Grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Boas tardes.

Temos enriba da mesa un problema claro, recoñecido pola comunidade científica e pola poboación. O cambio climático provoca que o clima cambie, e agora mesmo ninguén sabe exactamente cales serán os novos patróns climáticos. Pero todas temos claro que vai ser un problema que fará o planeta menos habitable. Dende o punto de vista do BNG, este tema non se está atendendo adecuadamente nin dende o Goberno da Xunta nin dende o Goberno central, cuestións ambas constatables.

A merma da produción alimentaria vai moito máis alá dunha cuestión relacionada con perdas económicas, máis ou menos compensables, para as produtoras e produtores. Por isto, as actuacións dos gobernos deben ir no único sentido de facerlle fronte a este gran problema, que xa está aquí; polo que esta abordaxe debería ser planificada, coherente e urxente. E isto é o que nos trae a defensa desta moción, para a que pedimos dende o BNG o apoio unánime desta Cámara.

Falamos de moitas cuestións durante a precedente interpelación. O señor conselleiro falou de acordo, que entendemos que non haberá de ser un acordo como un mero posicionamento deste Parlamento, senón que este acordo tería que materializarse na posta en funcionamento de todos os recursos cos que conta o Goberno da Xunta que permitan dar cumprida satisfacción ás necesidades produtivas neste contexto de seca —ou, mellor dito, de cambio climático, ou ambos— e de recadar os recursos que non se teñan neste momento para o futuro para este mesmo fin.

Non se trata, pois, de enumerar retahílas de medidas que non chegan á orixe do problema, nin tampouco de retahílas de axudas económicas; trátase de traballar para un profundo cambio nas prácticas produtivas, e isto debe comezar dun xeito paralelo con moitas actuacións á vez e sen pausa. A deriva das prácticas agrícolas conduciu a que teñamos solos con grandes cantidades de nutrientes, pero moi pouca materia orgánica, feito que os converte en pouco resilientes ante as situacións de seca, con pouca biodiversidade ante as dificultades de desenvolvemento dos microorganismos e dos seus ecosistemas nestas condicións, o que provoca a perda de produción agrícola, tanto de forraxes como de produtos hortícolas ou frutícolas para o consumo humano.

Prodúcense perdas de colleitas, a perda de froitos ou produtos de horta, pero tamén afecta a calidade destas e destes: os produtos colleitados son de menor tamaño e de menor calidade, sofren deformidades e outros problemas derivados do estrés hídrico das plantas, entre os que se inclúen tamén as queimaduras solares. Todo isto ocasiona, por unha banda, perdas económicas causadas polo incremento dos prezos das forraxes para animais, ou a perda da produción e de calidade para as produtoras e produtores, e, por outra, a falta de alimentos para o abastecemento alimentario animal e humano.

Isto non pasa só nas producións agrarias, está a pasar nas producións mariñas, no incremento de enfermidades en animais e nos humanos... Cada vez contamos con máis especies animais exóticas, invasoras e perigosas para os ecosistemas. E iso debémosllo a moitas cousas, pero, entre outras, tamén a estas derivas climatolóxicas. Está en xogo, pois, que nos poidamos alimentar no futuro.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por isto, pedimos a abordaxe global do problema da seca, neste caso para as producións vexetais para consumo humano. E para isto propoñemos que se fagan estudos dos solos e da afectación da seca no territorio e que se conte cun sistema investigador agrario e coa universidade sobre os ciclos da auga, as súas melloras na captación e aproveitamento e a apertura de liñas de investigación xenética —tamén para a mellora das variedades frutícolas e hortícolas actuais—, co fin de posibilitar a súa adaptación á seca e ás enfermidades que acarrea; de modo que poidan volver ser resistentes a elas e con menores necesidades de produtos fitosanitarios, en sintonía coas directrices europeas e coas necesidades do planeta.

Todo isto debería canalizarse a través do sistema de transferencia de coñecemento agrario, para achegar os resultados destas investigacións aos actores implicados, polo que é imprescindible que todo este sistema se poña a funcionar plenamente, porque todas estas cuestións non darán resultado enseguida, levarán o seu tempo; por isto hai que comezar xa: sen présa, pero sen pausa.

Presentou o Partido Popular unha emenda, cun pouco de truco, iso si, pero negociamos antes de chegar aquí. Agradecemos de todos os xeitos a boa disposición cara a esta moción, polo que aceptamos como engádega a proposta ao punto 2.2.3, que simplemente é unha puntualización, e a transacción do último punto, no que soamente tiñamos unhas diferenzas de matiz. Aproveito para recalcar de novo a importancia de trasladar este acordo á realidade das accións para enfrontar este asunto, ata o punto de que, efectivamente, os nosos e as nosas produtoras sintan xa o apoio real e sen fisuras do Goberno da Xunta, porque ata o de agora non o sentiron.

Non chega con que o señor conselleiro repita ata a saciedade que agora se recoñece o cambio climático, senón que debe demostrar como dende a Consellería se establecerán medidas inmediatas que nos preparen para abordar todo o que está sucedendo e que seguirá a suceder.

Non chega con contar con determinadas reservas de auga. Gabouse o señor González de termos unhas reservas de auga na Demarcación Galicia-Costa un quince por cento por riba do ano 2022. Durante o verán o Goberno da Xunta —como vostedes saben— tivo que declarar o estado de seca prolongada nas concas das rías da Coruña, de Betanzos e nos sistemas de abastecemento de Ferrolterra, e varias prealertas moderadas; hai seca na Mariña; e hoxe mesmo recolle a prensa que a Xunta mantén a prealerta por seca nos ríos da fachada atlántica. De feito, os encoros costeiros no mes de agosto estaban un 1,17 por cento por baixo do ano 2022, cuestión esta que non fai máis que ratificar o antedito, sendo este un problema global para o que non é suficiente enfrontarse cunha pouca auga dentro da bañeira. Polo que tomar medidas en varios planos paralelos é imprescindible.

E se isto acontece neste ano —que é un bo ano— non quixésemos pensar o que sucedería se se repetisen as condicións do ano 2022. Non chega traballar tampouco nas estratexias —que mencionou tamén durante a interpelación o señor conselleiro— porque estes plans estratéxicos están dando uns mínimos resultados e, se non lembro mal, neles non se inclúen medidas para facerlle fronte á seca, que é o que nos ocupa no día de hoxe. Son plans como o do leite, que serviu para que repuntasen un pouco os prezos e para que volveran baixar continuadamente; cuestión similar podemos dicir do Plan da carne, que tivo unha

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

falta de éxito tan grande que a propia Xunta decidiu financiar a subida de prezos da carne —sen que, por certo, saibamos que pasou con esa contribución ao financiamento—; e así chegamos ao Plan estratéxico da agricultura ecolóxica, que nin se estreou; é máis, resultou fracasadísimo a xulgar polo acontecido o ano pasado cando quedou tanta xente fóra das axudas.

Podemos mencionar outros plans cos que non estamos en absoluto de acordo, como é o Plan forestal, ou outros como o Plan da horta, que está pendente de saír, pero que acaban todos, dende o noso punto de vista, metidos nun caixón. Non se trata diso, porque non sabemos de quen é a ganancia, porque se os plans non resultan para o que nos ocupa, para a seca van resultar moito menos. Gañará quen os fai, porque non vemos que iso redunde nun beneficio para o agro.

Tampouco chega coa creación da Mesa da seca, que non se xuntou máis que unha vez ou dúas e que só serviu para dar xustificación das reservas de auga que había en Galiza. Despois de emitir a nota de prensa correspondente á súa creación e de que caesen dúas gotas de auga este verán, pois xa se nos esqueceu a grave problemática que supón e que vai supoñer a seca.

Igual é preciso xuntar os axentes agrarios xunto con outra xente, como os do sistema asesor ou ben do sistema investigador, para entre todos establecer unha avanzadiña de cambios reais para o noso sector, para que se melloren produtivamente os nosos solos e se adapte, efectivamente, a agricultura de precisión —que está tan de moda— ás necesidades de seca do noso país, etcétera. Estamos pedindo que sexa a Consellería do Medio Rural a que lidere a loita contra o cambio climático e a seca no que nos ocupa.

Quedarannos máis oportunidades para falar noutras ocasións de construír o futuro para este país. Teño que subliñar que nestes últimos catorce anos se perdeu unha oportunidade única de preparar o noso agro para facerlle fronte a este futuro, por teren vostedes freado en seco políticas innovadoras que fortalecerían este agro noso, sen dúbida.

As políticas que ían encamiñadas a traballar para gañar superficie agraria útil freáronse de golpe, as políticas contra o cambio climático non existiron e este país perdeu a oportunidade de estar mellor preparado para gañar a batalla produtiva —neste contexto de cambio do clima— e para acadar antes que despois a soberanía alimentaria.

Polo de agora, máis nada. Agradeceremos todos os votos a favor, pero lembramos que tampouco é nada que nos teña que facer sentir especialmente orgullosos, porque isto é o mínimo requirido para comezar o traballo para facerlle fronte a este gran problema para o noso agro e, subsecuentemente, para nós tamén, os habitantes de Galiza.

Moitas grazas e máis nada.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Aira.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Armada.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor ARMADA PÉREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Hoxe, sen lugar a dúbida, acollemos esta moción despois de ser debatida unha interpelación para manifestar e afirmarnos, unha vez máis, desde o Grupo Parlamentario Popular, na nosa postura sobre a xestión da auga e si, sobre o cambio climático. Creo que a mensaxe que hoxe debe saír deste Parlamento ten que ser unánime e sen fisuras, posto que o futuro máis inmediato —por non dicir xa o presente— así nolo require.

A evolución climática e os cambios que sufrimos repercuten dunha forma decisiva na nosa terra. E, ante isto, non nos queda máis que a responsabilidade e a acción, e como tal así está a actuar —aínda que moitas veces se poña en dúbida— a Xunta de Galicia. E isto vénse traducindo en que nos últimos anos hai un especial esforzo na planificación para mellorar a xestión da auga e para estar mellor preparados para posibles episodios de seca ou escaseza.

Así, en xaneiro do ano 2020, entrou en vigor a Lei de medidas de garantía de abastecemento en episodios de seca e situacións de risco sanitario, sendo Galicia pioneira en adaptar a xestión de auga ao contexto do cambio climático. O pasado 2 de xuño o Consello da Xunta aprobou o novo Plan de seca da Demarcación Galicia-Costa, co fin de ordenar e dar resposta ante estes efectos e garantir o abastecemento de auga á poboación, proporcionando ás distintas administracións instrumentos xurídicos para facerlle fronte.

Ese novo Plan de seca estableceu unha xestión diferenciada para situacións de seca prolongada, que ten que ver coa escaseza de choivas e de escaseza conxuntural, relacionadas coas dificultades de atender a demanda de auga. O plan define distintos escenarios de escaseza —a prealerta, a alerta e a emerxencia—, que supoñen a aplicación de diferentes tipos de medidas, e, segundo a gravidade e o máximo grao da afección en situación de emerxencia, recolle medidas a adoptar, como a redución de auga para o abastecemento urbano industrial —do vinte e cinco por cento—, ademais da posibilidade de cortes temporais.

Hai que salientar que a xestión dos episodios das secas require a colaboración, entre outros, da Xunta, de concellos, de responsables das redes de distribución, dos xestores deses sistemas e dos usuarios de auga. Tamén hai que ter presente que este plan debe ser apoiado cos plans de emerxencia municipal ante situacións de seca, que permiten a identificación de situacións e o establecemento de medidas específicas a nivel local, co obxectivo de reducir a vulnerabilidade. Nos restantes casos, se ben non é preceptiva, a elaboración resulta moi importante para mellorar a xestión de episodios de secas, coñecer debilidades e establecer medidas axeitadas e concretas cunha planificación —insisto, cunha planificación— orzamentaria e unha programación temporal.

A Xunta lanzou no ano 2019 unha liña de axudas novidosa, encamiñada, precisamente, a prestar apoio técnico e financeiro aos concellos para que estes dispuxesen do seu propio plan de emerxencia. Testemuño diso son os 1,3 millóns de euros destinados para tal fin e que se achegaron a cento nove municipios dende o ano 2019.

Confirmamos tamén que a Xunta outorgou setenta e sete axudas a municipios para realizar auditorías nas redes de abastecemento, encamiñadas a obter información sobre a porcen-

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

taxe das perdas de auga. Isto o que posibilitará será tomar medidas para afrontar mellor as situacións de escaseza de auga. Cómpre lembrar que tamén están activas as subvencións para instalar caudalímetros ou mecanismos de dixitalización para coñecer con exactitude todo o sistema de abastecemento, así como para detectar deficiencias e proceder á súa reparación.

Esta medida enmárcase no traballo que fai a Xunta de Galicia para blindar o abastecemento de auga á poboación nun contexto de cambio climático, no que cómpre prepararse e poñer en marcha medidas de eficiencia. Augas de Galicia lanzou tamén no ano 2021 a convocatoria para que todos os municipios de Galicia puidesen manifestar o seu interese en desenvolver no seu territorio un plan municipal de abastecemento autónomo. Son plans que teñen que ver e que son un instrumento para coñecer e mellorar os sistemas de autoabastecemento na nosa comunidade e son infraestruturas clave para garantir a subministración de auga nunha gran parte de núcleos de poboación, e especialmente no noso rural.

Tamén cómpre referenciar agora o relativo á xestión da auga e a súa afección directamente no noso agro, e para iso cómpre indicar que a Administración autonómica estudou diferentes posibilidades de apoio ao noso sector, e isto diante da marxinación que se fixo por parte do Goberno central, ao cal lle pedimos unha responsabilidade para non xerar falsas expectativas entre agricultores e gandeiros sobre esta cuestión.

Cómpre lembrar que existe un acordo xeral entre a Xunta e as organizacións profesionais agrarias de Galicia para reclamarlle ao Ministerio de Agricultura que corrixa os criterios de repartición das axudas da seca; algo no que creo que estamos todos de acordo. Por iso, creouse un grupo de traballo integrado polo propio Goberno galego e polos representantes autonómicos do sector para que, avaliando todos os efectos da seca e a súa repercusión nos custos de produción do sector primario, se tomen as futuras decisións.

Por outra banda, sobre os seguros agrarios, tamén cómpre indicar que, ante esta situación tan complicada, a Xunta de Galicia aumentou o seu orzamento para as axudas da súa contratación, pasando a 8,5 millóns de euros respecto dos sete que estaban destinados na anterior convocatoria.

E respecto das liñas de investigación —importantísimas—, creo que hai un descoñecemento sobre elas —ou, polo menos, é o que dalgunha forma se pode traducir—, posto que no marco do contrato de xestión do ano 2021-2024 da Axencia Galega de Calidade Alimentaria se establece un extenso e ambicioso plan de investigación agraria que non só recolle tres áreas fundamentais —a agropecuaria, a forestal e a vitícola—, senón que tamén inclúe o conxunto das propostas realizadas polos propios especialistas en cada liña e en cada centro; liñas específicas como a mitigación do impacto ambiental nos sistemas de produción de leite, a conservación e mellora dos recursos fitoxenéticos agrarios, a adaptación e preservación dos ecosistemas forestais ao cambio climático, ademais doutras medidas. E, neste punto, penso que tamén é moi importante destacar o valioso traballo que realiza o banco de xermoplasma; falamos dun verdadeiro patrimonio xenético e biolóxico con capacidade dabondo para adaptar as diferentes accións, conservacións e estudos fronte ás condicións medioambientais tanto presentes como futuras.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E non só poñemos o acento nesta cuestión por medio da investigación, senón que tamén o facemos pola vía das políticas de sustentabilidade que desenvolvemos e que, dende logo, son unha aposta que se estende ata chegar á formación —si, á formación—. É factible lembrar a intensísima actividade formativa da Consellería a través de accións formativas, ás que engadimos o esforzo dos grupos operativos, que tamén melloran a investigación e a resposta ante os escenarios de cambio climático, ou o desenvolvemento dun AKIS que integra esa necesaria transferencia de coñecemento e que, dende logo, fan que as organizacións e institucións cheguen a un fin e especialmente que a nosa agricultura estea continuamente apoiada. *(Aplausos.)*

Non fará falta dicir con estes argumentarios e con todo isto no que estou a incidir que a Xunta tamén vén recomendando —especialmente ante unha crise que temos agora mesmo no presente, que é a falta de forraxe para gando, que veu dada non soamente polos efectos dunha guerra, que foi a invasión rusa en Ucraína, senón polos propios efectos da seca— dende hai máis dun ano, tanto ás cooperativas como aos produtores e ás asociacións, aumentar a superficie adicada a forraxes coa implantación de millo para forraxe ensilado e outros.

E, deste xeito, no día de hoxe temos constancia de que algúns produtores aumentaron esa superficie ata cinco veces con respecto á que tiñan. E con esa recomendación viña aparellado que paulatinamente se acudise ás axudas que a Xunta puña ao dispor destes produtores para a construción de pozos e infraestruturas de regadío para a súa eficiencia na agricultura de precisión.

Isto de aumentar a masa, loxicamente, vén dado pola Lei de recuperación da terra agraria de Galicia —na que, desgraciadamente, non tivemos o seu apoio—, pero estase a revelar como un instrumento tamén moi importante para a loita contra este cambio climático e sobre todo tamén contra a falta de forraxe para o gando. Non me gustaría tampouco olvidarme dos regadíos da comarca da Limia, como outro exemplo de xestión por parte da Xunta de Galicia, e de compromiso, así como desas estratexias das que falaba vostede e que xa son unha realidade, como é a futura estratexia que se vai levar a cabo coa horta galega como protagonista.

Finalmente, simplemente querería incidir en que vostede me escoitou —seguro— a palabra «cambio climático», e en todo momento escoitouma aparellada a diferentes accións, e sobre todo a accións que marcan tanto o presente como o futuro. Digo isto co desexo de que a auga e a nosa terra sigan a ser un ben tan apreciado e respectable como o noso compromiso co rural.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Armada.

(Aplausos.)

Grupo Parlamentario Socialista, señor Martín Seco.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor SECO GARCÍA: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde a todos e todas.

«*La era del calentamiento global se ha terminado; ha llegado la era de la ebullición global*». Así definía António Guterres, secretario xeral da ONU, o momento que estamos a vivir actualmente, despois do mes de xullo máis caloroso a nivel global dende que existen rexistros, cunha temperatura promedio de 16,95 graos celsius. Nesa declaración, Guterres facía un chamamento á adopción de medidas urxentes e radicais para atallar a dita situación, xa que, segundo o máximo dirixente da ONU, as condicións actuais son aterradoras e só son o principio do que imos vivir.

Este verán estamos vendo como se multiplican os impactos da crise climática: Canadá leva máis de tres meses ardendo, e parece que aínda lle queda; ardeu Hawai, con cento quince mortos confirmados e centos de persoas desaparecidas; ardeu Sicilia; Grecia deixou de arder por unha dana catastrófica, que tamén causou duascentas mortes en Libia; tivemos fortes riadas no noso país; na India ou China houbo inundacións catastróficas; acelerouse vertiginosamente o derretemento dos polos; pulverizáronse todos os récords de temperatura terrestre en todos os continentes, incluído o hemisferio sur, que está en pleno inverno austral... Ademais, vemos como se romperon todos os récords da temperatura mariña, o cal é extremadamente preocupante, porque o mar almacena o noventa por cento do quentamento global e funciona como amortiguador climático, que está absorbendo e mitigando ese quentamento. Por iso, quero comezar por poñer de manifesto unha situación que debera ser a principal preocupación dos nosos gobernantes e de todos aqueles que nos dedicamos á responsabilidade de representar a cidadanía: o cambio climático e os efectos que ten este sobre o noso territorio, sobre a nosa economía, sobre a nosa saúde e, indiscutiblemente, sobre os nosos cultivos e os nosos recursos hídricos.

E nesta liña no Partido Socialista non é só que esteamos concienciados pola emerxencia climática, senón que, ademais de expresar o noso compromiso, queremos dicir que esta é unha das prioridades das políticas do actual Goberno do Estado. Pero, por outra banda, señores do Partido Popular, o que nos preguntamos é cal é a posición do Partido Popular e dos seus gobernos. ¿Cal é a posición do Partido Popular de Galicia, señor Armada? ¿Esa que defendeu hoxe aquí —coa cal eu estou de acordo— ou esa que expresan os seus compañeiros no Parlamento Europeo cando se opoñen a medidas esenciais para o desenvolvemento do Pacto verde, intentando enfrontar a agricultores contra a protección da natureza? ¿Ou esa que pactan con negacionistas do cambio climático en comunidades autónomas e concellos onde o Partido Popular lle entrega a xestión do noso rural e os nosos montes a políticos de Vox, que declaran abertamente o seu negacionismo climático? ¿Ou esa que fan os seus compañeiros nos concellos para frear a mobilidade limpa de emisións, como fixeron en Madrid, en Elche, en Valladolid, en Mallorca ou en Gijón?

Escoitemos as declaracións que fai unha das súas líderes, a señora Ayuso: «*O ecoloxismo é unha ideoloxía totalitaria dirixida contra o campo. Ninguén morreu por contaminación*». Ou a máis recente: «*Dende que a terra existe, hai cambio climático e a esquerda non pode seguir loitando contra a evidencia científica, porque teñen na súa cabeza o comunismo para impulsar unha axenda de*

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

reformas que son unha grande estafa e empobrecen a cidadanía». Unha dirixente do Partido Popular que quixo borrar dos currículos da ESO e do bacharelato o termo «emerxencia climática» por consideralo ideolóxico. ¿Comparten estas afirmacións, señor Armada, os membros do Partido Popular? Porque está moi ben chegar aquí e expresar esa preocupación, pero pouco serve se esta non vén acompañada de políticas ambiciosas; unhas políticas que deberan de ser transversais en todo o Goberno galego.

Porque, por un lado, nos atopamos a conselleira de Medio Ambiente, que saca peito cos datos de redución de emisións de CO2 en Galicia; aínda que estas sexan derivadas da baixa actividade das centrais térmicas de Meirama e As Pontes, non por actuacións da propia consellería. E, por outro lado, atopámonos aos deputados do Partido Popular na Comisión de Industria —onde teño o gusto de participar— que aproveitan cada ocasión que teñen nesta Cámara para pedir que se siga queimando carbón nas plantas térmicas ou que tratan de frear continuamente con iniciativas calquera política dende o Estado que poña freo ás emisións de CO2. Ou con ese populismo hídrico no que está instalado o Partido Popular, que evita escoitar —por desgraza— a comunidade científica e segue a potenciar o consumo sen control en plantacións con alto consumo hídrico en lugares onde isto se converte nun desastre ecolóxico. Non vou falar do que está a suceder en Doñana.

Señorías do Partido Popular, hoxe presentan unha emenda a esta iniciativa na que instan o Goberno galego a abordar dun xeito global o problema da seca derivado do cambio climático, que afecta as producións vexetais para consumo humano; a implicar o sistema investigador agrario e a universidade na realización dos estudos inmediatos sobre os graos da afectación do territorio e dos seus solos; e tamén ao establecemento de liñas de investigación en relación co ciclo da auga, novas captacións e aproveitamento de augas para rego e rego sostible. Tamén á apertura de liñas de investigación xenética para atopar novas variedades vexetais para consumo humano resilientes á seca e ás enfermidades que a provocan; á diminución dos usos fitosanitarios de acordo coa normativa europea e respectando a biodiversidade e clima; e a que se transfira o coñecemento agrario entre o sector, as organizacións e as institucións para que este chegue ao seu fin e sexa utilizado na agricultura e ámbitos relacionados.

E dígolles que me aleda ver esta emenda, pero entenderán que esta é unha emenda á totalidade das políticas realizadas pola Consellería do Medio Rural nestes catorce anos. Porque, señores do Partido Popular, o Goberno nunca tratou o problema da seca derivada do cambio climático de xeito global entre as súas consellerías, e moito menos apostou pola investigación pública, cun maltrato constante aos nosos investigadores públicos e aos centros que ten a Consellería á súa disposición. E non o digo eu, dino os propios traballadores, que o denuncian dende hai moitos anos.

En Galicia existen iniciativas acerca do ensaio sobre variedades e especies tolerantes á seca, pero non se fan de xeito continuado, como pasa con algunhas plantas pratenses e cultivos de verán, e esta debera de ser unha prioridade. Tamén existen estudos sobre o uso racional da auga en termos de resposta ao rego por goteo, por exemplo, en cultivos de verán, pero estes estudos non se realizan de forma coordinada e non hai un plan concreto que impulse a propia Administración.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías do Partido Popular, por non haber, non hai ningunha cuantificación real do efecto da seca nos cultivos do noso país e o que se publica nos medios de comunicación é pura especulación porque non hai datos reais. Unha das características do noso réxime de precipitacións é a tremenda variabilidade interanual, e temos anos en que hai entre setecentos e oitocentos milímetros de precipitación e nos seguintes incluso se duplica, polo que debera planificarse un aprovisionamento nos anos húmidos para logo poder utilizar esa auga nos secos, asegurando os nosos cultivos, pero non hai planificación por parte da Xunta de Galicia.

Durante estes catorce anos o Partido Popular no Goberno galego —pero tamén nos sete que gobernou no Estado— non fixo absolutamente nada por modernizar e potenciar os nosos regadíos, nalgún caso como o de Lemos —completamente inutilizado—, ou o da Limia, que tampouco foi mellorado. E menos mal que o Goberno do Estado —aínda que vostede veña aquí dicirnos que é o Goberno galego— se comprometeu a modernizar o da Limia cun forte investimento —moitísimo maior que o que fai a Xunta de Galicia, que só o fai na creación de pozos— e comezou a traballar dende a Confederación Hidrográfica para o uso tamén do de Lemos.

Pero, ¿que fixo o Partido Popular cando tivo a responsabilidade no Estado e compartían gobernos? Nada, absolutamente nada nese tema. E déixenme que lles diga algo: se no Partido Popular de Galicia e no Goberno galego queren abordar os problemas causados pola seca no noso sector agrario, debían actuar algo máis que criticando o Goberno do Estado, como fixo aquí vostede coa repartición das axudas.

Porque está moi ben convocar as organizacións agrarias para sacar unha foto —iso está moi ben—, pero estas xa saíron posteriormente para dicirlles que lamentaban que o Goberno galego deixe pasar dous meses sen tomar ningunha das medidas abordadas nesta Mesa da Seca, como son as axudas aos sectores afectados polo incremento dos custos, nas que lles pediron tamén á Xunta de Galicia que se implicasen. E a Xunta, no día de hoxe —como xa lles dixen tamén cando falamos da carne—, segue a ser unha das poucas comunidades autónomas en toda España que non activou axudas con fondos propios ao sector primario despois das crises que vivimos. Máis alá de fotos, señores do Partido Popular, o noso agro necesita planificación, investigación, estudo das variedades, almacenamento da auga, actuacións no rego e medidas de apoio aos nosos sectores produtivos.

Pero, por desgraza, nin nós nin as organizacións agrarias observamos que haxa novidades por parte dun goberno galego que está máis pendente das cámaras de fotos e de criticar o que se fai ou deixa de facer en Madrid, renunciando a exercer as competencias que teñen no seu Estatuto de autonomía e, polo tanto, a facer política en relación co medio rural —que, volvo repetir que, sobre o papel, todo está moi ben; está moi ben que se faga unha Lei de mellora da terra agraria—, que de facer políticas e de poñer presupostos para que sexa unha realidade e que non quede simplemente nun papel e en fotos que resultan moi bonitas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Seco.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grupo autor da moción, señora Aira.

A señora AIRA DÍAZ: Grazas, señor presidente.

Entendo que esta moción vai saír adiante, e non podo deixar de manifestar o meu agrado e satisfacción, e os do grupo do BNG tamén. Non será a única para estas cuestións, senón que haberá máis para outros tipos de produción.

¿Que máis podo dicir? Que neste verán a situación no país foi diversa. Incluso nas zonas nas que o clima se mostrou benigno as temperaturas extremas danaron a produción; a horta, que non se regaba no exterior, agora sen rego é inviable e non prospera xa en moitas zonas produtoras. No millo vense afectacións dependendo de se é de ciclo curto ou de ciclo longo. Na pataca houbo problemas severos de mildiu, e dependendo da zona, a produción sufriu máis ou menos, pero a tendencia é a empeorar. Entendo que nalgún dos cento nove concellos que mencionou vostede como subvencionados polo Partido Popular tamén aconteceron estas cousas e agradezo o que vostede dixo. O dos seguros agrarios está moi ben, pero teño que dicir que non serven para comer, e, se se comen, son indixestos. Agora, aquí, neste momento, estabamos falando doutras cousas, que era de garantir a soberanía alimentaria e da viabilidade das producións.

Sempre me chama a atención que a parte teórica non se corresponda coa realidade percibida polo sector correspondente. Este obxectivo de que coincida a realidade lida por vostede coa percepción do sector é un grande obxectivo a cumprir por parte da Consellería do Medio Rural e por todo o Goberno da Xunta, en pleno —a famosa transversalidade—. Aquí terían que estar implicadas moitas consellerías, e tamén sería bo que revisasen o sistema de transferencia de coñecementos —son todos máis altos ca min—, porque ao mellor ese é un dos factores que impide que chegue a información aos produtores e produtoras.

Ao señor Seco quero darlle as grazas tamén, pero teño que corrixilo nunha cuestión: a moción que leu vostede é a moción do BNG, que os señores do Partido Popular copiaron e logo modificaron minimamente. Dígoo por defender o traballo propio, que é interesante que quede asinado por quen o fixo.

Parabenízoos a todos por ter a vontade de sacar isto adiante, pero aquí escoitáronse cousas que a min me dan un pouco de medo. Dende logo, a Agacal terá todos os plans contra a seca que queiran, pero o sistema investigador está desmantelándose ou está desmantelado, ou entre as dúas cousas. Pregúntelle a Mini, que non levan os tractores a pasar a ITV e traballan con eles sen ITV. Iso é indicativo de que algo está pasando, e non é unha cuestión menor. Eu confío no meu compañeiro, que di exactamente a verdade. O banco de xermoplasma salvouse polos pelos, porque sabe vostede que sufriu inundacións hai dous anos —que o ano pasado non choveu— e andaban as caixas coas sementes flotando polo lugar... Quero dicir, todo é moi mellorable, e agora está ben que estea mellorado. A FP tamén é moi mellorable. O sistema de cualificación e profesionalización dos nosos xoves e dos nosos agricultores deixa moitísimo que desexar, e haberá que darlle unha volta a esa formación profesional agraria. Na Comisión 7ª terei oportunidade de levar algunha iniciativa, que xa teño presentada. Vostede levou o último día algunha, pero eu teño máis cousas que dicir, ¿sabe?

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Con respecto á Lei de recuperación de terras agrarias, nós non votamos a favor e tivemos razóns, porque esa lei é extremadamente interpretable, ¿vale?, e sabe vostede perfectamente que hai polígono si, polígono non; un igual o asinariamos pero outro igual non nos é posible, polas liñas políticas que manteñen vostedes.

E quero determe aquí nos sistemas de regadío só un segundo. Eu o único que lles podo dicir do regadío da Limia —que teño escoitado— é que a relación prezo-calidade é xusta; podo dicir iso, que o custo é moi elevado e que o resultado é regular. Pero podo falar do Val de Lemos, porque está a cinco minutos da miña casa, e aquí teño que amoestar desde esta tribuna a Confederación Hidrográfica e o Goberno da Xunta; a Confederación Hidrográfica por ser directamente responsable e o Goberno da Xunta porque están pasando, baixo o seu teito, unha serie de cousas que son aberrantes. Porque eu non sei en que se mide a auga, pero hai millóns de metros cúbicos de auga ciscada polos camiños, ata o punto de que non se pode pasar cun coche normal. Hai fincas que teñen a produción anegada á beira da cuneta e que está morrendo por exceso de auga, e tres metros máis alá está morrendo pola seca, porque non lle chega o regadío. Isto habería que remedialo entre todos os gobernos posibles. Tamén teño a iniciativa presentada —fíxese—, e na Comisión 7ª debaterémola. Terá que haber implicación tamén da Confederación Hidrográfica. E o señor Quiroga, que vive ao lado desa zona, tampouco o ve, pero non é el o único responsable, hai moitos que se poderían responsabilizar disto.

En todo caso, obrigada. Se isto sae por unanimidade, traeremos máis cuestións relacionadas con este tema, porque é interesante e é bo espabilar as políticas que se poidan facer para que sexan políticas efectivas para a mellora do noso agro, e da nosa alimentación tamén, de paso.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Señora Aira, ¿acéptase como engádega o punto 2 da do Partido Popular?

A señora AIRA DÍAZ: O 2.2.3 como engádega.

O señor PRESIDENTE: O 2.2.3.

A señora AIRA DÍAZ: E no último aceptamos unha transacción o señor Armada e eu...

O señor PRESIDENTE: Vale. ¿No último punto? *(Asentimento.)* A transacción coñecédela, ¿e coñécea tamén o señor Seco? *(Asentimento.)*

Grazas.

Rematado xa o debate das mocións, procedemos á súa votación.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego pediu unha votación por puntos. ¿Acéptase a votación por puntos? *(Asentimento.)* Queren votar o punto 3 por separado. Votamos, en primeiro lugar, o punto número 3.

Votación do punto 3 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a política de recursos humanos no Servizo Galego de Saúde.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; votos en contra, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este punto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos da moción.

Votación dos puntos 1 e 2 da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a política de recursos humanos no Servizo Galego de Saúde.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes dous puntos.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé.

Non hai emendas.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre a política do Goberno galego en relación co transporte público por estrada.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María del Carmen Aira Díaz.

Xa explicou que hai un acordo, que se acepta o punto 2.2.3 da emenda do Grupo Parlamentario Popular, e unha transacción que fixeron sobre o último punto.

Votamos.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Non hai emendas.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª María del Carmen Aira Díaz, sobre a política de investigación para afrontar a seca derivada do cambio climático.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto.

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día, que son proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Adrián Pardo López e sete deputados/as máis, sobre o compromiso do Parlamento de Galicia na defensa da Constitución de 1978 e na defensa da independencia do poder xudicial

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír o punto 2 da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«2. O Parlamento de Galicia acorda rexeitar o incumprimento do artigo 122 da Constitución e a conseguinte situación de bloqueo que está a sufrir o Consello Xeral do Poder Xudicial, instando o Goberno galego a solicitar aos grupos políticos con representación nas Cortes o cumprimento inmediato da Carta Magna.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Pardo.

O señor PARDO LÓPEZ: Grazas, presidente.

Como saben, esta iniciativa rexistrouse en xaneiro deste ano, cando se produciu o segundo ataque por parte do Goberno de España á independencia xudicial. En decembro de 2022, o Goberno tiña que facerlles o segundo pago aos independentistas cataláns para garantir a continuidade de Sánchez na Moncloa. Despois dos indultos —que dixeron que nunca se producirían—, chegou a reforma da malversación e da sedición, que tamén dixeron que nunca se producirían.

Nese momento, en decembro de 2022, con esta reforma da Carta dos delitos de sedición e malversación ao Goberno sanchista non lle pareceu suficiente e tiveron a tentación de hu-

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

millar aínda máis o Estado de dereito, polo que querían aproveitar para reformar pola porta de atrás a forma de elixir os maxistrados do Constitucional. Evidentemente, como en calquera Estado democrático que se prece, o Tribunal Constitucional bloqueou esta reforma ao considerar que non tiña nin lóxica nin cabida a reforma do órgano máis importante do noso país por medio dunha emenda á reforma dos delitos de sedición e malversación.

Pois ben, aproveitando esa decisión do Tribunal Constitucional, Sánchez propiciaría o maior ataque na nosa historia democrática á dita institución. Esa mesma noite, a presidenta do Congreso dos Deputados e o presidente do Senado saíron a ler unha declaración institucional para acusar o Tribunal Constitucional de dar un paso atrás na democracia deste país. Incluso saíu o presidente do Goberno, ao día seguinte, para acusar o Tribunal Constitucional de paralizar o poder lexislativo.

Evidentemente, estes ataques ao Tribunal Constitucional non foron feitos ao azar, senón que tiñan unha misión, que non era outra que minar a confianza da cidadanía no poder xudicial para que o PSOE poida seguir atacando a súa independencia.

Esta lexislatura, en España, pasará á historia por ser a lexislatura do ataque á separación de poderes. *(Murmurios.)* Podemos facer un relato de todos os ataques á xustiza en apenas cinco anos. *(Murmurios.)*

O primeiro ataque foi o nomeamento da exministra de Xustiza, Dolores Delgado, como fiscal xeral do Estado, algo sen precedentes e algo que, en palabras da Asociación Maioritaria de Fiscais de España, era un intento do Executivo de manter sometida a Fiscalía. *(Murmurios.)* Un nomeamento que foi como premio ao seu labor como ministra de Xustiza, cuxo único mérito foi obrigar a Avogacía do Estado a mudar a súa cualificación xurídica no xuízo do procés, pasando da rebelión á sedición, previo cesamento do avogado do Estado, que, por certo, era Edmundo Bal. Por certo, agora a señora Delgado foi nomeada hai pouco fiscal de memoria democrática, tamén con críticas das asociacións de fiscais.

O segundo ataque pois foi o uso de prerrogativas excepcionais neste Estado de dereito para o seu beneficio político. Estou falando dos indultos, algo que en palabras de Sánchez nunca se ía producir. ¿Pero que lle fixo cambiar de opinión? Pois, efectivamente, os votos dos independentistas. Isto foi un auto 155 que se aplicou o Partido Socialista.

O terceiro ataque foi o nomeamento de altos cargos do Goberno como maxistrados do Tribunal Constitucional. Como saben, entre os doce membros que forman o Tribunal Constitucional, o Goberno ten a capacidade e a facultade de elixir dous, e para Sánchez non había nada mellor que nomear altos cargos do seu propio Goberno. Un deles foi Juan Carlos Campo, que sucedeu á ministra Dolores Delgado á fronte do Ministerio de Xustiza, e cuxa única acción foi aprobar os indultos dos que acabamos de falar, e a outra elección foi Laura Díaz Bueno, que foi alto cargo no Goberno do PSOE e que recibiu indicacións directas de Carmen Calvo e de Félix Bolaños.

O cuarto ataque é un ataque deliberado á xustiza española. Esta lexislatura tamén pasará á historia pola aprobación da lei máis chapuceira da nosa democracia, a Lei do «só si é si»,

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que neste momento xa beneficiou 1.200 agresores sexuais. Hoxe mesmo saltaba a noticia de que un dos membros da Manada vía rebaixada a súa pena nun ano. Pero a soberbia do Partido Socialista e do independentismo —aquí representado no Bloque Nacionalista Galego— fixo que en lugar de reformala de forma inmediata, como exixían as asociacións xudiciais e a sociedade civil, fosen ao insulto; preferiron atacar a xustiza, e así vemos como altos cargos do Goberno de España se adicaron a chamar «fachas con toga» aos xuíces por aplicar esta lei e como ministras do Goberno de España que seguen sentadas no Consello de Ministros chaman hoxe en día aos xuíces machistas. Neste mesmo Parlamento incluso vemos como os grupos da oposición, o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, falaban do anterior Código penal como o «Código penal da Manada» e se parabenizaban por aprobar a Lei do «só si é si», e aínda non se desculpou ninguén. *(Aplausos.)* Ninguén tomou responsabilidades políticas. *(Aplausos.)* Seguimos agardando a que asuman responsabilidades políticas e a que pidan desculpas, porque é indecente.

Señorías, probablemente esteamos ante o presidente do Goberno con mellor concepto de si mesmo; parafraseándoo, «el non mente, el cambia de opinión». Cambiou de opinión cando dixo que nunca ía indultar os políticos promotores do referendo ilegal, cambiou de opinión cando dixo que nunca ía facer unha mesa de diálogo bilateral entre a Generalitat de Cataluña e o Estado, cambiou de opinión cando dixo que nunca ía rebaixar os delitos de sedición e malversación —que, por certo, é corrupción— e cambiou de opinión cando dixo que nunca ía ter como interlocutor ao fuxitivo Puigdemont, e non só o ten como interlocutor, senón que manda á súa vicepresidenta a reunirse con el en Bruxelas.

Eu non quero facer aquí *spoiler* dos seus próximos cambios de opinión con respecto á amnistía e á autodeterminación, pero, de feito, hai algo que xa predí este novo cambio de opinión. Podería falar de como algúns tertulianos que hai un mes dicían que a amnistía non cabía na Constitución agora a defenden a capa e espada, porque non PSOE a ideoloxía é líquida, en función dos cambios de opinión do presidente Sánchez. Unha ideoloxía que só ten unha máxima: «onde dixen digo, digo Pedro». De feito, imos adiantarnos á hemeroteca de dentro de dous meses acudindo ao Twitter do Partido Socialista e vendo o que dicían hai moi pouco tempo estes membros do Partido Socialista. Por exemplo, Pedro Sánchez, en outubro de 2019 *(O señor Pardo López amosa un documento.)*: «*Escuchamos a los Comunes hablar de que hay presos políticos, cuestionar la labor de jueces y afirmar que van a salir con los independentistas a pedir la amnistía de los presos.*». Ou Juan Carlos Campo, actualmente maxistrado do Tribunal Constitucional e exministro de Xustiza, que dicía *(O señor Pardo López amosa un documento.)*: «*La amnistía no cabe, porque la amnistía es el olvido.*». Ou a un ministro catalán que actualmente está sentado no Consello de Ministros, Miquel Iceta *(O señor Pardo López amosa un documento.)*: «*No habrá amnistía, habrá diálogo y política.*».

De novo, podemos falar de Pedro Sánchez, cando lle dicía ao señor Rufián que *(O señor Pardo López amosa un documento.)*: «*La autodeterminación tiene el recorrido que tiene.*». Ou tamén podemos falar de como, no mesmo pleno, a unha pregunta do Grupo Parlamentario Popular, dicía que *(O señor Pardo López amosa un documento.)*: «*El indulto, a diferencia de la amnistía, no niega la existencia del delito ni la responsabilidad de los autores.*». Pero en setembro dese mesmo ano, Sánchez tamén afirmaba que *(O señor Pardo López amosa un documento.)*: «*Hablar solo de autodeterminación y amnistía no es diálogo, es una imposición.*».

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E podería seguir así con todos os membros dos consellos de ministros: con Pilar Llop, con Carmen Calvo, con Marlaska, con Luis Planas, e un longo etcétera, pero o certo é que prefiro rematar estas citas con outra cita de Pedro Sánchez de tan só hai dous meses, en plena campaña das eleccións xerais, cando dicía nunha entrevista na Sexta que «*El independentismo pedía la amnistía, y pide referendum de autodeterminación. No han tenido la amnistía y no hay un referendum de autodeterminación, ni lo habrá.*». Veremos por canto tempo.

Pero é que esta indignidade democrática non só é rexeitada pola meirande parte da cidadanía española, senón tamén por grandes voces socialistas. Hoxe mesmo Paco Vázquez dicía *(Risos.)* que «*El PSOE es una secta con un líder supremo.*». *Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Ou Felipe González, o presidente do Goberno que máis tempo estivo na Moncloa, que dicía que «*Los cimientos de nuestra democracia y convivencia están siendo atacados.*». Ou o seu vicepresidente, Alfonso Guerra, que dicía: «*Me rebelo. La amnistía es insoportable, no cabe en la Constitución en absoluto. Es la condena de la Transición y, como socialista, pido a Sánchez que no lo haga.*».

Eu entendo que no Partido Socialista lles dea a risa. Prodúcenlles risa os seus históricos. Pero, se queren, podo falar de socialistas máis actuais, como de Odón Elorza, que dicía: «*Una amnistía o lei similar como condición previa de Puigdemont a iniciar la negociación es inaceptable en democracia.*». Podo falar do presidente de Castela-A Mancha, García Page, que dicía que «*La amnistía vulnera el principio de igualdad ante la ley.*». Ou podo falar do expresidente da Deputación Xeral de Aragón ata hai un mes, Javier Lambán, que dicía que «*La ley de amnistía no cabe en la Constitución ni de lejos, y además nos introduciría a los españoles en una senda muy peligrosa*». *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O certo é que hoxe en día para algúns son vella garda, pero é que con esta máquina de triturar opinións que é o Partido Socialista resulta que vella garda é calquera socialista que se quedase no argumentario do PSOE de hai tres meses.

Eu finalizo xa dirixíndome directamente ao Partido Socialista de Galicia para facerlle unha pregunta, que agardo que ma respondan na súa quenda de intervención: ¿está o Partido Socialista de Galicia a favor da amnistía?

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pardo.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Boa tarde.

A verdade, señor Pardo, é que me deron ganas de aplaudirlle a min tamén, ¡eh! *(Murmurios.)* Vostede ten o argumentario do Partido Popular aprendido de memoria. ¡Nin unha coma es-

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

queceu! ¡Que pena que non haxa xa a convocatoria de setembro, porque, se non, vostede aprobaba e con nota! *(Risos.)*

Mire, non creo que neste momento o señor Tellado estea a seguir o debate parlamentario, entón, recoméndolle que lle mande o vídeo da súa intervención, porque creo que é un bo discípulo del e ata pode botar algunha bágoa escoitándoo, porque, como dicía, non deixou vostede nada atrás para seguir contribuíndo a esa política de cloaca na que se atopa inmerso o Partido Popular que en nada contribúe a favorecer esa democracia plena da que vostede falaba na súa iniciativa, senón que contribúe a xerar na cidadanía un clima hostil a base de *fake news*, verdades sesgadas e manipulación da realidade. *(Aplausos.)*

En definitiva, vostedes utilizan a ferramenta da mentira para sacar rédito político, nun claro estilo trumpista, *(Murmurios.)* e iso é o que está a facer un maior dano á nosa democracia. Vostedes o que están a facer é comprar o discurso da ultradereita, como socios prioritarios seus, e copiar as súas formas, dirixidas a manipular a opinión pública e a erosionar a estabilidade do Estado e das súas institucións. *(A señora Castro Rey mostra unha fotografía.)* Dicía un novelista italiano, Ignazio Silone, que en política é moi importante elixir os camaradas, e estes son os camaradas que teñen vostedes. *(A señora Castro Rey mostra unha fotografía.)*

E o seu líder, o señor Feijóo, foi pisar a Meseta e quedar ao descuberto. *(Murmurios.)* Xa ninguén dubida neste país de que é un mentireiro. Agora eu penso que o debate é outro. O debate agora é: se atopa varios dobres ao longo do territorio, en plan o cantante Luis Miguel, ou se Feijóo está nunha situación de personalidade múltiple. Eu a verdade é que me decanto por esta segunda, porque é difícil encontrar tantas persoas que se semellen tanto fisicamente ao señor Feijóo. Polo tanto, eu penso que do que estamos a falar é dun problema de personalidade múltiple.

Mire, vou poñerlle exemplos na miña intervención: a violencia machista. E dixo un dos señores Feijóo: «*A violencia machista existe. Non daremos nin un paso atrás na loita contra esta lacra.*». Outro Feijóo dixo: «*Que ninguén conte comigo para estar en contra da violencia machista.*» Iso non sei se foi o subconsciente ou un lapsus, nun acto electoral. Ou o de «*A violencia vicaria non é violencia machista, senón intrafamiliar.*». Pero tamén temos o Feijóo de: «*A violencia machista é unha obviedade; non debe chamar a atención que non estea nos textos.*». *(Aplausos.)*

Pero non só nisto, ¡eh!, non só nisto; imos ver en materia educativa. En materia educativa —moi acaída hoxe polo inicio do curso escolar—, nun momento no que os pais e nais están a facer un desembolso moi difícil de soportar en moitas familias, defendía publicamente o señor Feijóo a necesidade de ampliar o fondo dos orzamentos do Estado adicado a libros de texto dos 48 millóns actuais ata 100 millóns de euros —dicía— para afrontar o incremento do custo do inicio do curso. Pero o Feijóo que estivo á fronte da Xunta de Galicia durante unha década fixo todo o contrario. Chegou á Xunta, recortou o 75 por cento das axudas para material escolar e acabou coa gratuidade dos libros de texto imposta polo Goberno de Touriño. *(Aplausos.)*

Pero podo seguir, ¡eh!, podo seguir. Outra máxima dun dos señores Feijóo: «*Imos derrogar o sanchismo.*». Iso pasou a outra cara do señor Feijóo de: «*Imos apartar a Sánchez, pero as súas medidas non son tan malas.*».

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E podo falarlles do Feijóo que criticou a reforma laboral, dicindo cousas no ano 2022 como: «*É un erro democrático, un retroceso para España, un día triste para as empresas.*». Ou o outro Feijóo, que foi a Bruxelas no ano 2023, e mantivo: «*A reforma é substancialmente boa, e modificala non entra dentro das miñas propostas.*». *(Aplausos.)*

¡Pero hai máis señores Feijóo! O Feijóo do imposto aos bancos e ás empresas eléctricas dicía no ano 2022: «*Son mensaxes populistas copiadas de Podemos, un fraco favor ao PSOE e ao progresismo do noso país.*» —dixo no 2022—. Pola contra, no 2023 dixo nunha entrevista ao *Financial Times*: «*Non vou eliminar o imposto da banca e das eléctricas, o que vou é falar coas empresas eléctricas e cos bancos sobre como podemos pedir a súa solidariedade e aportes para superar a profunda crise e déficit público.*».

Pero podemos seguir neste mar de contradicións, e atopámonos co bochornoso espectáculo acontecido na configuración do Goberno de Estremadura. E leo literalmente: «*No me equivoco ni dudo en lo importante; en eso no, y en tiempos en los que la palabra de algunos políticos no vale nada, yo reivindico la política de la palabra. Sin palabra no hay política.*» —dicía—. «*Si se trata de que los ciudadanos elijan a su presidente, deben ser ellos protagonistas, no los dirigentes nacionales. No comparto que dirigentes nacionales vengan a rectificarlo todo o en parte*». Ese Feijóo tiña unha cara un pouco nacionalista. ¡Que bonito, eh! Bonito, se non fose que durou nove días, porque presionou nove días despois á dirixente estremeña, a señora Guardiola, para que mudase o seu discurso e accedese a pactar con Vox o goberno desta comunidade autónoma. *(Aplausos.)*

Pero seguimos —seguimos para nota—, o Feijóo de «que goberne o partido máis votado» incluso lle chegou a ofrecer a Sánchez por escrito un pacto para consolidar isto: «*Si alguien no gana las elecciones, no merece gobernar*» —dicía—; e despois a proba é o Goberno de Canarias, en minoría, pactando con Coalición Canaria, o de Estremadura, tras un acordo con Vox, ou o Concello de Valladolid e o Concello de Elche, todos eles con maioría de votos socialistas, pactando coa ultradereita de Vox.

E xa, por último, entramos, hai unha semana, nunha das últimas personalidades do señor Feijóo, a que o floreceu —como dicía— a semana pasada: o Feijóo secesionista. Despois de levar un ano co mantra «Sánchez véndese ao independentismo catalán», «Sánchez vende España»; a pasada semana líaa parda e proponlle ao señor Sánchez «buscar xuntos un encaixe do problema territorial de Cataluña» —dicía—. Eu, a verdade, imaxino a cara de Semper e de Tellado nese momento, pensando a que lles ía caer encima, e a da señora Ayuso, dándolle voltas á cabeza en plan nena d'*O exorcista.*

Señor Pardo, teña vostede coidado coas súas verbas, porque despois destas afirmacións e de ter contacto con Junts, anden vostedes con coidado porque vexo que en breve van estar vostedes falando catalán na intimidade. *(Risos.) (Aplausos.)*

E para concluír, señor Pardo, de verdade, é que que vostede faga unha iniciativa e defenda unha iniciativa onde fala da deterioración da democracia española é un cinismo extremo. Vostede non falou nin dun só dos parámetros que causaron esta rebaixa da calidade democrática. Voullos nomear: a corrupción —vostede non falou diso porque pertence ao único

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

partido que foi condenado por corrupción neste país—; o problema catalán —tampouco falou del, porque non falou da necesidade de intervir cun 155 en Cataluña por culpa da ineptitude do Goberno Popular para negociar e chegar a acordos—; a crispación que se vivía no ano 2017; *(Murmurios.)* ou as verbas de Feijóo, que pode vostede buscalas, se non as ve, como *«Rajoy ofrece amnistía a cambio de elecciones legales»*, no ano 2017, portada do *ABC (Aplausos.)* —que non creo que sexa un xornal comunista—. Situación que, por sorte, no ano 2023 temos moi superada, como o demostrou o resultado electoral e como o demostrou a fractura que existe no independentismo, e viuse claramente onte coa celebración do Día da Diada.

Pero tampouco falou da principal causa desta rebaixa no índice da democracia española, que foi o funcionamento do poder xudicial. Vostede non dixo a verdade nese discurso trumpista que utilizan, *(Murmurios.)* porque a verdade é que vostedes levan dende o ano 2018 —case cinco anos— de bloqueo dos órganos constitucionais, impedindo o normal funcionamento do poder xudicial. Si, a actitude do Partido Popular é unha actitude que non ten precedentes na nosa historia democrática. Vostedes vulneraron durante todos estes anos a soberanía do pobo español porque non permitiron que se levase a cabo unha reforma, unha renovación acorde coa maioría social existente. Son os únicos responsables, polo seu bloqueo partidista, dos reproches recibidos polo Consello de Europa ou pola Comisión Europea. E o que demostraron vostedes novamente foi unha falla total de responsabilidade institucional e de respecto á cidadanía, ás institucións e ao sistema democrático.

E xa remato, señorías do Partido Popular. No canto de dar lecciónns, pídanlles aos seus compañeiros nas Cortes que cumpran a Constitución e rectifiquen esta deriva democrática na que se atopan inmersos.

E máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Señora Castro, vostede mencionou algo do que xa saben que eu, ademais, estou sempre en contra. Falou de «personalidade múltiple», e ese é un trastorno mental. *(A señora Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.)* Pero é que falou de personalidade múltiple, e iso asóciase a un trastorno mental. *(A señora Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.)* Si. Así que eu pido, por favor, que non se utilicen estas expresións na Cámara. *(A señora Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, perfecto. Sei moi ben o que é iso e sei o que molesta. Polo tanto, pídolle se podemos suprimir... . *(A señora Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Bueno, vale, entenderon o que eu quería dicir. Polo tanto... *(Murmurios.)* ¡Home, por favor!, eu prégolles que non utilicen palabras que poidan molestar e resultar para a sociedade... *(Murmurios.) (A señora Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.)*

Bueno, perfecto, queda retirada esa expresión. *(Murmurios.)*

Continuamos.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor BARÁ TORRES: Moi boa tarde.

A verdade é que o Partido Popular é perfectamente previsible. Tamén é previsible cando o señor Aznar fai un chamamento á rebelión popular en defensa da Constitución. Non sei realmente en que están pensando, pero é un pouco preocupante.

Con esta iniciativa a verdade é que levamos unha sorpresa, fronte a esta previsibilidade, porque din vostedes nela que España é unha democracia defectuosa. E temos que dicir que coincidimos con vostedes e que nos chama a atención que, despois de tanto tempo, veñan darnos a razón neste tipo de cousas. *(Aplausos.)* Levamos moito tempo dicindo que España é unha democracia defectuosa, e vostedes dannos a razón. ¿Que pasa? Que despois, lendo na letra pequena do seu argumentario, comprobamos que había algúns matices importantes, porque vostedes utilizan o ránking de clasificación das democracias de *The Economist,* e permítanos que desconfiemos deste ránking dunha revista que é propiedade nada máis e nada menos que das familias Rothschild e Agnelli, que, cando menos, a nós nos espertan certas sospeitas. Non nos merece —se me permiten— moita credibilidade que sexan estes capitalistas de pro quen marcan os ránkings de democracias plenas. Por outro lado, nese ránking, ao ano seguinte —vostedes non actualizaron a información— o Estado español, a monarquía española, xa recuperou a categoría que tiña antes. Isto é así un pouco vaivén, soben e baixan de categoría.

Claro, nós temos moitas razóns para dicir que o Estado español, a Monarquía española, é unha democracia de baixa calidade, que é unha democracia defectuosa. E facémolo por razóns históricas; podemos dicir que por razóns de orixe, por razóns constituíntes e tamén por razóns presentes da actualidade, e dunha actualidade na que vostedes teñen moitas responsabilidades e na que vostedes teñen moi poucas lecciónes que dar —o Partido Popular—.

E, miren, vostedes presumen de defender o Estado de dereito, pero vostedes o que defenden é outra cousa; vostedes defenden o Estado de dereitas —¡de dereitas!—, que non é o mesmo que o Estado de dereito. O Estado de dereitas é o Estado que branquea os discursos reaccionarios, machistas, fascistas e negadores do autogoberno galego, como fan vostedes todos os días. Iso si que degrada a democracia, degrada profundamente a democracia.

E vostedes atrévense, sen ningún tipo de rubor, a defender a independencia do poder xudicial e a denunciar a politización da xustiza; o Partido Popular, que amañou en 2018 o control do Tribunal Supremo e o do Consello Xeral do Poder Xudicial. E como vostedes teñen memoria selectiva, voulles ler un *Whatsapp* para facerlles un acordante: «*Ponemos un presidente excepcional...*» —Marchena, esta é unha paréntese miña— «*...para que las votaciones no sean 11-10 sino próximas a 21-0. Y, además, controlando la Sala segunda desde detrás y presidiendo la sala 61*». ¡Toma respecto ao poder xudicial por parte do Partido Popular! *(Aplausos.)* Vostedes, que utilizaron sen ningún tipo de vergoña o aparato represivo do Estado, todos os aparatos do Estado, incluíndo a rede de sumidoiro do Estado, incluíndo o señor —ía dicir Comadrejo— Villarejo, contra os seus rivais políticos e para tapar a corrupción do Partido Popular. Esa é a executoria democrática do Partido Popular.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, por certo, falan vostedes de amnistía. Miren, a única amnistía que se aprobou neste Estado foi a amnistía fiscal do Partido Popular do señor Rajoy e do señor Montoro, que beneficiou 30.000 evasores. *(Aplausos.)* Esa é a única amnistía que se aprobou ata este momento.

E logo está a Constitución. Imos falar da Constitución. Vostede non falou da Constitución. Nós imos falar da Constitución, que non é un texto sagrado, non son as Táboas da Lei. A Constitución non é inamovíbel, non é inmutábel, non é intocábel; e a proba de que non é intocábel é que vostedes a cambiaron con nocturnidade, con aleivosía e cun procedemento exprés no mes de maio do ano 2012, por certo, «*juntos de la mano*» —como di a canción— Partido Popular e Partido Socialista. E ¿saben para que cambiaron vostedes a Constitución hai doce anos? Para blindar os intereses da banca, para protexer os intereses da banca, para deixar tiradas a centos de miles de persoas que non podían pagar as hipotecas e para que o superávit público se utilizase prioritariamente para pagar a débeda, cunha banca salvada con miles de millóns de euros públicos que nunca devolveron. Para iso modificaron vostedes a Constitución. Isto é unha auténtica vergoña e isto degrada a democracia. Isto si que degrada a democracia.

E ¿saben o que lles dicimos? Vostedes amen a Constitución por riba de todas as cousas; é o que deben facer. Nós, que somos nacionalistas galegos e sentimos orgullo de selo, non podemos render pleitesía a quen nos nega como pobo, e moito menos no día de hoxe. Hoxe é 12 de setembro do ano 2023. Hoxe cúmprense —exactamente hoxe— cen anos da sinatura da tripla alianza, do acordo político entre os nacionalistas de Galiza, Cataluña e Euskadi; que na súa declaración fundacional dicían isto: «Reivindicamos o dereito das tres nacións a dispoñer libremente dos propios destinos e a vivir segundo un réxime de plena soberanía política». Plena vixencia cen anos despois. Disto sentímonos orgullosos os nacionalistas galegos. *(Aplausos.)* E non imos renunciar ao que somos, tampouco nestes días, que se celebran 90 anos do recoñecemento de Galiza como nación europea pola Sociedade de Nacións e cando se celebran tamén neste ano 90 anos da creación de Galeuzca. Non imos renunciar ao legado de Castelao e Bóveda, ao seu valiosísimo mandato político e moral. E non o imos facer nin por oportunismo, nin por electoralismo, nin por un xogo político de curtas miras.

E miren unha cousa: ¿saben cal é a esencia da democracia? A esencia da democracia é o pluralismo, a esencia da democracia é que pensemos diferente sobre a Constitución, que vostedes a defendan e nós a cuestionemos. A democracia é a liberdade para defender outra relación de Galiza co Estado, como o levamos facendo todos estes cen anos e máis. E non enganamos a ninguén, falamos claro. A democracia é que o pobo galego decida por si mesmo o que quere ser. A democracia é o dereito á libre determinación dos pobos, como establece a Declaración de dereitos civís e políticos das Nacións Unidas; por certo, ratificada polo Estado español.

E é absolutamente lamentábel que o Partido Popular de Rueda estea nunha deriva absolutamente reaccionaria e sucursalista, e cando hai neste momento a oportunidade de ter máis autogoberno, de que Galiza avance, que vostedes digan que non. Porque vostedes din defender a igualdade, e éncheselles a boca coa palabra «igualdade», mais só a utilizan contra algúns; utilízana contra Galiza, claro, cando Galicia pode avanzar, pero non a utilizan contra Madrid, que é unha aspiradora de recursos do Estado, que é un auténtico paraíso fiscal. Aí

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

vostedes calan, calan porque diante de Ayuso e de toda a maquinaria mediática e económica madrileña, vostedes achantan. É lamentábel que poñan o Parlamento, que poñan a Xunta e as institucións galegas ao servizo da axenda centralista e electoralista do Partido Popular; esa que lle ditan todas as semanas cando vai a Dirección Nacional do Partido Popular coller apuntamentos, como foron onte. *(Murmurios.)*

E miren —remato—, Galiza é moito mellor, Galiza é inmensamente mellor que o Goberno do Partido Popular. Galiza é un gran país, e o BNG vai traballar con seriedade, con humildade e tamén con lealdade —coa máxima lealdade ao pobo galego— para abrir unha nova etapa política en Galiza, cunha nova presidenta coas mans libres que lidere un proxecto ilusionante e transformador para este país; un proxecto que poña as bases dunha Galiza nova, dunha Galiza forte, viva, xusta, científica e feminista. Imos poñer, desde logo, todas as enerxías nesta tarefa e non imos perder un só minuto en enredos.

E sigan vostedes sabendo algo moi importante: moito máis cedo que tarde abriranse as grandes alamedas por onde pase o home e a muller libres para construír unha sociedade mellor, unha Galiza mellor, a Galiza que queremos e que merecemos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Pardo.

O señor PARDO LÓPEZ: Grazas, presidente.

Antes de comezar, gustaríame facer unha pequena aportación. A verdade é que me parece moi triste que agora mesmo dous deputados —un do Bloque Nacionalista Galego e outra do Partido Socialista de Galicia—, cuxos partidos foron os que aprobaron a Lei do «si é si», que xa beneficiou máis de 1.155 agresores sexuais e que hoxe coñeciamos tamén que un dos membros da Manada se viu beneficiado por esta lei, non pedisen ningunha desculpa. A verdade é que é moi triste e é indignante. *(Aplausos.)*

Indo xa á iniciativa, o certo é que xa me esperaba estas intervencións de ambos os dous grupos. Estaba falando alí coa miña compañeira Marta e dicindo: vanme dicir isto, isto e isto. Porque son moi previsibles. *(Murmurios.)* E o certo é que no BNG non me sorprende, é un partido que ten como socios a EH Bildu e a Esquerra Republicana de Cataluña. Entendo que non lle importa nada a igualdade dos galegos co resto dos cidadáns do Estado, porque o certo é que o BNG perdeu o «g» de galego xa hai moito tempo; só obedecen o ditado do señor Otegi e do señor Junqueras. *(Murmurios.)* Por iso lles dá igual vivir na irrelevancia política e por iso xa están asinando e tardarán pouco en asinar ese pacto de Ana e Adriana 2.0. *(Murmurios.)* Por iso hoxe veu aquí o deputado do Bloque Nacionalista Galego a exemplificar —dunha forma maxistral, por certo— esa inutilidade do Bloque Nacionalista Galego a Galicia, cando están máis preocupados pola amnistía do señor Puigdemont que pola defensa dos intereses dos galegos; *(Aplausos.)* que, por certo, señor Bará, quen impide o proxecto político do BNG non é a Constitución, son os galegos nas urnas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero a intervención do Partido Socialista de Galicia si que me sorprende. A verdade é que veu aquí falar de cambios de opinión e veu aquí falar de aliados. ¡De verdade, que veña o Partido Socialista de Galicia falar de cambios de opinión aquí, cando todo o que saquei foi a hemeroteca do señor Sánchez do último ano e dos aliados...! ¿Falamos de quen aprobou a Lei da vivenda? Bildu —por se se olvidan, Bildu—. Pero, bueno, é que tamén serve para entender por que o Partido Socialista de Galicia é o partido minoritario nesta Cámara. *(Murmurios.)* Porque o Partido Socialista de Galicia non é un partido, é unha sucursal; unha sucursal de Sánchez en Galicia. *(Murmurios.) (Risos.)* Por iso, están aquí renegando de socialistas históricos, de Paco Vázquez, alcalde da Coruña, de Felipe González, de Alfonso Guerra... Un PSdeG que ninguén sabe onde está porque probablemente nin eles mesmos o saiban; un PSdeG ao que lle dá igual que o seu partido a nivel nacional poña en xogo a igualdade entre os cidadáns de todas as autonomías; un PSdeG ao que lle dá igual o maltrato de Sánchez a Galicia; e un PSdeG que, ademais, está nunha pelexa interna, non para liderar o Partido Socialista de Galicia, non, senón por ver quen é o máis sanchista de todos. *(Murmurios.)*

Viña aquí a portavoz do Partido Socialista falar de bloqueos, e resulta sorprendente, porque xa falei de onde colocou Pedro Sánchez uns exministros de Xustiza. Pero é que, ademais, o tema do bloqueo do Consello Xeral do Poder Xudicial é unha mentira socialista, *(Risos.)* porque dende o Partido Popular xa propuxemos varias solucións. Neste último ano o presidente Feijóo propúxolle tres veces actuar neste asunto ao presidente Sánchez. De feito, aquí teño a última, *(O señor Pardo López mostra un documento.)* unha que lle propuxo hai pouco, que era unha reforma inmediata da Lei do poder xudicial para despois proceder a renovar o Consello Xeral do Poder Xudicial de tal forma que sexan os xuíces os que elixen os xuíces, como pide Europa, ademais, *(Murmurios.)* e o PSOE non quixo. E ¿por que non quixo? Porque necesita cumprir as exixencias dos independentistas. *(Risos.)*

Ao PSOE non lle interesa unha xustiza independente, vímolo hai catro anos cando o PSOE aprobou os indultos, vímolo hai dous anos cando o PSOE aprobou a reforma á baixa dos delitos de sedición e malversación —repito, corrupción— e estámolo vivindo agora en directo, este cambio de postura do PSOE con respecto á amnistía. Entón, parece unha broma, a verdade, a intervención do Partido Socialista.

Señorías, como supoño que saberán, salvo que teñan o carné de militantes do Partido Socialista, en España, como na maioría das democracias occidentais, temos tres poderes: un poder lexislativo, que lexisla; un poder executivo, que goberna; e un poder xudicial, que aplica e interpreta as leis. E por riba deles hai un poder, que é o Tribunal Constitucional, que é o encargado de interpretar a norma básica do Estado, a Constitución. Era, porque agora todo isto cambiou e agora o encargado de interpretar a Constitución é o Partido Socialista. E todo isto faino o PSOE porque xa non é un partido, é unha ferramenta; é unha ferramenta dun señor que quere manterse no poder a calquera prezo, aínda que sexa mudando a nosa democracia pola porta de atrás.

E eu remato xa volvendo pedirlle ao Partido Socialista coherencia, coherencia co que dicía o Partido Socialista hai tres meses. Un PSOE que na última lexislatura, dende o Congreso dos Deputados, ademais de cun informe dos propios letrados desa Cámara, dicía que a reforma do delito de sedición suporía un perdón xeneralizado que non ten cabida na Constitución e que

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

iría en contra do artigo 62, porque, ademais, é algo evidente, xa que se o menor, que son os indultos xerais, non se pode facer, algo que é maior, que é unha amnistía, tampouco se pode facer. E non ten lóxica que un PSOE que votou a favor do 155 sexa o que amnistíe os que trataron de romper España e, polo tanto, de romper a igualdade entre todos os españois. *(Murmurios.)*

Por iso, finalizo xa, presidente, recordando o obxectivo desta iniciativa, que non era outro que, primeiro, defender a igualdade que trouxo consigo a Constitución do 1978, e despois o punto 2, que tanto lle incomoda o Partido Socialista, que é a defensa da independencia do poder xudicial para que non sexa utilizado como moeda de cambio para que o perdedor das eleccións poida seguir manténdose no poder.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿A emenda acéptase? *(Negación.)* Non acepta a emenda.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e tres deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para impulsar e promover a igualdade real entre os homes e as mulleres dentro do ámbito do deporte

O señor PRESIDENTE: Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario Socialista a esta proposición non de lei, e foi retirada a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débense engadir, na parte resolutiva da proposición non de lei, os seguintes puntos:

«2 bis. Dirixirse á Federación Española de Fútbol para expresar o apoio a todas as xogadoras da selección española de fútbol ante as actitudes machistas en impropias do suspendido presidente Luis Rubiales.

2 ter. Dirixirse formalmente á Federación Galega de Fútbol para transmitir a reprobación ás actitudes machistas e impropias do seu presidente e ao seu respaldo á conduta do señor Rubiales.

2 quater. Solicitar á Federación Galega de Fútbol a substitución do seu Presidente debido ás súas actitudes e valoracións favorables á actitude do señor Rubiales.

2 quintus. Iniciar os procedementos necesarios para denunciar ante as autoridades competentes no ámbito deportivo as actitudes machistas do presidente da Federación Galega de Fútbol, para que tomen as medidas que consideren axeitadas conforme á lexislación deportiva vixente.»)

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Sanchismo, sanchismo... Sanchismo é que pasas unha lexislatura botando bile e despois das eleccións, *lo mismo.* É o sanchismo. *(Risos.)*

En fin, imos falar de deporte porque, evidentemente, ten moitísimas posibilidades para falar dende a política sobre o deporte e dende o deporte sobre a política e da vinculación social que teñen ambos.

O deporte ten unha capacidade pedagóxica e de potencia de imaxe brutal. Se vostedes teñen a ben, queren e lles gusta viaxar, durante a súa vida, nalgún momento, descubrirán, se non o fixeron xa —que seguramente tamén—, que dá igual que vostedes viaxen a Camariñas, a Toledo, a Lima, a Ulán Bator ou a Novosibirsk e que vostedes atopen xente distinta, lugares distintos ou culturas distintas, pero probablemente atopen unha cousa común en todos os lugares, e é que haberá algún neno cunha camiseta dun dos grandes equipos de fútbol coñecidos no mundo, sexa do Madrid, do Barça, do París Saint-Germain, do Liverpool ou do Manchester United, e incluso nalgún lado, con sorte, atoparán algunha do Dépor ou do Celta.

Isto é unha evidencia. A realidade é que o deporte, especialmente o fútbol, por ser o máis potente, ten unha capacidade enorme de impactar sobre a sociedade e, por tanto, de transmitir valores. E, polo tanto, nese sentido, é unha ferramenta que debemos utilizar, coidar, mimar e aproveitar para difundir cuestións que sexan positivas dende o punto de vista social. É certo que o deporte transmite —dende hai moitos anos, atenuándose moi pouquiño nos últimos tempos— unha desigualdade evidente; xa non é unha cuestión de salarios —que tamén—, senón de desproporción na atención —que tamén— dos medios privados e públicos —que é máis dolorosa tamén— e que ademais transmite unha percepción social de desigualdade. Isto é unha evidencia, e supoño que non é necesario explicalo, porque todos asumimos que é así.

Nos últimos tempos producíronse algunhas melloras normativas no noso país, que é certo que seguro que podían ser mellores, pero tamén seguro que, de non existir, estariamos peor. A Lei do deporte estatal introduce algúns elementos, como o artigo 4, que recoñece a necesidade de pular por esa igualdade, ou o 27, que fala das medidas discriminatorias. E todas estas cuestións axudan a contribuír ou contribúen directamente a eliminar parte desa desigualdade. É certo que esa lei non foi apoiada polo principal partido da oposición en España, pero é certo tamén que esa lei se pode aplicar e que, por tanto, podemos utilizala.

É certo tamén que a lexislación galega, a normativa galega, non está tan actualizada ou non contribúe tanto a isto. Na última comparecencia do vicepresidente e responsable da área de Deportes do Goberno antes do verán, apuntabamos nas nosas aportacións a esa comparecencia precisamente cuestións referidas a isto, á desigualdade existente, sobre o que o señor Diego Calvo dicía que non había un problema. A realidade evidenciou que hai un problema. Había e hai, e corremos o risco de que siga habendo.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Hoxe, se vostedes puideron ler, ou lles interesou ler, sobre a actualidade —triste actualidade—, verían como está o deporte, e especialmente o fútbol, dende o punto de vista da igualdade entre mulleres e homes. Recentemente, hoxe, lerían —e, se non, lémbrollelo eu— unhas declaracións fabulosas de Vero Boquete, que dicía: «Gañamos unha batalla, pero estamos moi preto de perder unha guerra.», e atinaba certeiramente, como case sempre, Vero Boquete, no punto esencial no que nos atopamos. Probablemente xa non corresponde nin temos nin gañamos nada indo ao que agardo que todos entendemos igual, que é o lamentable e desprezable comportamento do señor Rubiales, xa expresidente da Federación Española de Fútbol. Pero corremos un risco, que é que a súa dimisión se converta nun saco tóxico no que volquemos toda a basura; que se colgue aí dentro e que, coa súa desaparición, pareza que o problema se elimina. É como cambiar un algo para que non cambie nada. Este parece que pode ser o problema, e cometeriamos un erro, un erro absoluto.

É o momento de sacudir un modelo escurantista. Ás veces é certo que a política non atina nos momentos e ás veces os momentos pásanlle por diante e ten que ser capaz de aproveitalos, e este é o momento en que a política debe ser capaz de contribuír a un cambio que, dende o ámbito deportivo, se está fomentando e que é imprescindible para sentirnos un pouco máis dignos como sociedade, e debemos depurar iso. Non debemos permitir que todo pase coma se nada pasase. Porque xa existían queixas e problemas antes do caso Rubiales, ¡xa existían! Existían problemas graves e existían no fútbol feminino, e denunciárono, e todos lembramos que se fixo luz de gas con ese asunto. Pechouse en falso e acusouse de cousas moi graves a moitas das mulleres que acusaban e que sinalaban a existencia de problemas moi graves. ¡Vaia se tiñan razón! Creo que debera de ser suficiente para saber que foron bravas as que denunciaron: brava Vero Boquete, bravo algún —tristemente, só algún— futbolista home, como Borja Iglesias —¡viva Galicia!—, que defendeu cuestións esenciais e dignas, e lamentables os demais, que aínda que aparezan nos pósters de todo o mundo non nos debe de caer a cara para dicir que foron lamentables e que son lamentables. *(Aplausos.)*

Pero hai algo máis lamentable aínda; algo máis lamentable é que en toda a estrutura federativa, neste caso, e que vive ao redor dun mundo que moitas veces criticamos como industrializado —si—, como lamentablemente vendido ás multinacionais —si—, pero que tamén nos permite esa oportunidade de que sexa un mundo moi potente pedagoxicamente, en todo ese entramado existen membros, persoas, que contribúen a dar estabilidade a esas estruturas, a eses comportamentos. E algúns deles son os que sosteñen a actual Federación Española de Fútbol. Particularmente dende Galicia temos algunha responsabilidade, porque son federacións territoriais, e o presidente, o que representa aínda o fútbol galego, apoiou esas condutas do señor Rubiales. O señor Rubiales fixo o que fixo —creo que é imposible que poidamos debater sobre isto, porque deberiamos estar todos de acordo— e é lamentable e desprezable, pero non é así para o presidente do fútbol galego. E, por tanto, é o momento de non permitir que as cousas queden así e que coa dimisión dun todos empecen a artellar —como están intentando— e a ver quen o vai suceder, que xoguen ao xogo das sillas e que non acabe pasando nada. É que, ao final, os que incluso aplaudían o señor Rubiales, agora veñen de adalides de despedilo, que serían capaces, por coarse nun sitio ou por visionar algún negocio futuro, como están visionando algúns, de acabar pedindo a dimisión a si mesmos e, por suposto, de denegala.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por tanto, necesitamos impulsar algunhas medidas, e a política ten a capacidade de facelo, non só dende unha maneira legal —que seguro que os gobernos poden intentalo, ou poden visionar algunhas oportunidades, que tamén, e nós defendemos esa vía—, senón tamén a vía política, a vía da presión e a vía de recoñecer que hai un problema. E iso é o que lle pedimos a este Parlamento, que se pronuncie en contra desas condutas, das que fixo o señor Rubiales e os que os apoiaron, entre eles o presidente da Federación Galega. E pedímoslle tamén ao Goberno que actúe en consecuencia, porque non pode quedar aquí, ¡non pode quedar aquí!

Necesitamos posicionarnos, e por iso cremos que neste caso si que nos corresponde á política tamén contribuír a este debate, que non é só noso, pero tamén debera ser noso —¿para que vale, se non, a política?—, e facer algo distinto ao que están facendo os responsables políticos, o vicepresidente responsable de Deportes ou o secretario xeral de Deportes, que practican un deporte moi coñecido neste caso: a apnea, desaparecidos, sen respirar, sen falar; ninguén volveu falar do deporte. E hai un problema, necesitamos rexeitar todas esas actitudes, tamén a do presidente da Federación Galega de Fútbol, e actuar para que saiba onde está a porta de saída, como lle pasou ao expresidente da Federación Española de Fútbol. E a súa situación demostra que non é necesaria unha vía legal cando a política ten unha vontade, e temos unha vontade, polo menos dende o noso grupo, e agardamos que dende este Parlamento.

Eu, sinceramente, non sei por que ninguén se pronunciou ata o de agora dende o Goberno galego, nin dende o Partido Popular, pero fágolles unha reflexión. Miren, eu non sei, non sei quen lle debe que, non sei que sabe, non sei que información ten, non sei que débedas ten e non sei onde máis ten que estar inhabilitado para que vostedes se libren dese lastre que coñece e que representa os escoldos das esquinas máis escuras e lamentables do Partido Popular, que é o actual presidente da Asociación Galega de Fútbol, o señor Louzán. *(Aplausos.)* E isto é unha evidencia.

Por tanto, nós defendemos que é o momento de aproveitar esta oportunidade para limpar todas as estruturas caducas do deporte, particularmente, neste caso, da Federación Galega de Fútbol, e estamos no momento de pular por iso. Eu vexo que hai xente que sabe algo ou á que lle deben algo, non o sei, pero é o momento, porque un machista retrógrado, como demostrou ser, non pode dirixir o fútbol galego. E esta é a evidencia. *(Aplausos.)* Isto é no que estamos. Por tanto, isto entra dentro das nosas peticións: mellorar a lexislación para que non ocorran estes casos, mellorala para que poidamos actuar máis claramente fronte a estes casos e mellorar a lexislación para que teñamos a capacidade de utilizar e instrumentalizar o deporte na vía positiva, como nos está pedindo a xente do deporte e como está pedindo a sociedade. Pero tamén é certo que hai que facer forza política para que os exemplos non sexan negativos como son. Estamos nese momento de pular por ese cambio, e debemos facer o que se corresponde. É o momento —claro momento— de axudar, como dicía Vero Boquete, a que ter gañado unha batalla non nos faga perder unha guerra, e isto é o que lle debemos a este Parlamento, e esta é a maneira na que cremos que temos que pronunciarnos, porque é o momento de facelo. É o momento, estamos chegando tarde, pero temos esa oportunidade.

Nós pedímoslle a este Parlamento que se posicione, que actúe, para que o Goberno galego actúe, para que actúe fronte ás condutas absolutamente inaceptables, machistas e retrógra-

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

das que demostraron os dirixentes do fútbol español e tamén do fútbol galego nestas últimas semanas.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Torrado.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra don Daniel Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Vou comezar polos dous individuos —que tampouco creo, nin quero, que opaquen o resto da medida—: Louzán e Rubiales. Xa se falou, tanto monta, monta tanto; son exactamente o mesmo, dúas caras da mesma moeda. E eu creo que a única diferenza entre ambos é que un foi menos inconsciente que o outro e viu perigar máis o seu posto que o outro. Como se soe dicir no refraneiro galego: «Polo pan baila o can». É o único que pasou entre estas dúas persoas. Porque o que vimos nas últimas semanas foi vergoñento; é unha mostra clara, ademais, de que queda moito traballo por facer.

Respecto a Rubiales, xa non vou dicir nada máis, porque creo e espero tamén que todos e todas esteamos de acordo, e el mesmo eu creo que era o seu peor inimigo, e cada día que pasaba desacreditábase aínda máis. Pero si que temos que falar sobre outras cousas.

En primeiro lugar, tamén quero dicir, no nome do Bloque Nacionalista Galego, que é unha pena que cando unha selección —neste caso a selección española— consegue un fito histórico, como é gañar un mundial, quede tapado pola conduta machista do seu xefe, literalmente; é bastante triste e por iso mandamos o apoio. Pero tivo algo bo, que serviu para darse de conta —un exemplo máis, que temos moitos—, para que a sociedade se dese de conta e para que os homes nos désemos de conta de que o machismo o inunda todo; no deporte, en concreto, inúndao moitísimo, pero moito, moito. Aínda así tamén se viu unha resposta reaccionaria, porque seguimos dentro desta onda reaccionaria que vai por toda Europa e na que hai uns partidos que axudan máis a que siga existindo, que colaboran máis con iso. E por iso faise necesario tamén deixar claro que isto non é admisible.

E non é admisible neste caso —xa que estamos no Parlamento galego, que ás veces se esquece— a conduta do presidente da Real Federación Galega de Fútbol, o inhabilitado señor Louzán. «*Errores que se cometen en la vida. Ya ha pedido disculpas*» dixo sobre Rubiales o señor Louzán. De repente, debeu pasar unha noite, falouno coa almofada e ao día seguinte cambiou totalmente, así, por casualidade, e nomeábase a si mesmo como impulsor da dimisión do señor Rubiales. É algo estraño, cando cres que son «*errores que se cometen en la vida y por los que ya ha pedido disculpas*», que ao día seguinte lle pidas a dimisión polo que ti mesmo consideras que é nada. Algo estraño, ¿non? Todos sabemos ao que nos referimos.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero tamén —que isto é o máis triste— inmediatamente a Xunta de Galiza saíu a salvar o soldado Louzán, porque tanto o secretario xeral para o Deporte como —o que é aínda máis grave— o presidente da Xunta, xa vimos o que dicían. O señor Rueda dicía: non debemos facer política con isto. Escoitámolo moitas veces aquí, iso tamén é certo, ese tipo de frases: «non fagamos política coa política, que ten moito perigo». E, ao final, case me acaban recordando sempre —este é un breve parón— a escena esta de *La escopeta nacional* que dicía: «*¿Y usted, la política? Yo apolítico; de derechas, como mi padre*». (*Aplausos.*) Pois vostedes fan o mesmo, sempre din o mesmo. Todo é: non se debe mesturar coa política; pero, ao final, detrás de todo isto, sempre hai políticas retrógradas e de dereitas.

Pero, claro, ao parecer, ao presidente da Xunta non se lle debe facer política, non se debe facer política co deporte e non se debe facer política co machismo. E o único que se me ocorre é que lle deba algo ao señor Louzán. Eu non o sei, entón, non vou afirmar nada, pero son unhas poucas razóns que poden vir á cabeza.

Dito isto, tamén é importante deixar clara unha cousa: o machismo non apareceu agora no deporte co señor Louzán ou co señor Rubiales. Leva toda a vida, desde que *el mundo es mundo* e desde que o deporte é deporte, e leva dun xeito aínda moito máis acusado, e por iso é necesario lexislar. E, sen dúbida, no que ten a ver co eido da igualdade, a nova lei estatal tivo avances; ao mellor, non todos, pero tivo avances importantes, porque se logo imos á Lei do 2012, que xa pasaron once anos, e buscamos calquera información que aparece na lei —inciso, 102 páxinas da lei—, vemos que o único que imos atopar nesas 102 páxinas de lei é algo como o impulso en abstracto da participación da muller en todos os ámbitos da actividade deportiva. No resto das 102 páxinas non aparece nada máis. E por iso temos que comezar a lexislar sobre este tema.

E esta proposta, neste caso esta iniciativa do Partido Socialista, é un comezo, pero é un comezo que ten que seguir por poñer medidas como educar con perspectiva de xénero no ámbito das federacións deportivas. Temos que ter partidas orzamentarias concretas e específicas para erradicar a fenda de xénero no deporte, tamén desde a Xunta de Galiza, algo que levamos dicindo día si e día tamén, e sempre votan en contra. Temos que lexislar para igualar o nivel de representatividade entre homes e mulleres en todos os órganos deportivos galegos, que segue moi lonxe de cumprirse; temos que condicionar as subvencións ás federacións deportivas a que se cumpran estes niveis de igualdade, evidentemente, porque, se non, o problema, evidentemente, vai seguir aí; e temos que facer unha cousa máis, que é tamén lexislar no que ten a ver co dereito dos colectivos LGTB, porque no deporte ou non existe ou é un colectivo totalmente non incluído, porque é un colectivo que leva sufrido moito ou que directamente, en moitos casos, xa era totalmente excluído do deporte.

E, por suposto, hai que actuar sobre as cláusulas deportivas antiembarazo, como aparece na iniciativa do Partido Socialista, porque é certo que está lexislado sobre elas, pero no día de hoxe —e en Galiza tamén— segue habendo clubs de todas as disciplinas deportivas que lles obrigan ás mulleres a decidir se queren ser nais ou se queren continuar co seu traballo, se queren continuar traballando no deporte. Porque isto é o que queremos, que o deporte estea profesionalizado, que se poida vivir dignamente no deporte, pase o que pase e sexa cal sexa a túa condición de vida.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Queremos un deporte galego que siga gañando títulos alí por onde vaia, pero tamén un deporte galego onde os nosos e as nosas deportistas poidan adestrar no noso país e non teñan que ir á mínima de cambio a Madrid ou a Barcelona porque non teñen ningún tipo de infraestruturas do máis alto nivel para poder seguir competindo —e xa vemos todas e todos os que están aquí de exemplo—. Un deporte galego tamén, por suposto, no que as súas deportistas dunha vez por todas poidan representar este país internacionalmente. En definitiva, co deporte, e a pesar de todo, a pesar de todas as reticencias e a pesar de todo o machismo que inunda en concreto o deporte —e máis concretamente o fútbol—, pódense conseguir moitos avances, e ao longo da historia temos visto moitos deles.

E por iso, e como consideramos que isto pode ser un comezo, imos, por suposto, apoiar esta iniciativa e as súas emendas, porque é o mínimo.

E no que ten a ver co fútbol galego, pois o fútbol galego merece, dunha vez por todas, que alguén o presida e que haxa algo de dignidade nesa presidencia. Porque basta xa de machismo, de clientelismo, que hai moito, de paternalismo, que máis, e de presidentes das federacións de fútbol que avergoñan os seus países. E como se vén escoitando e lendo nos últimos días a respecto deste debate público, tamén o dicimos en galego: ¡acabouse!

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Castro.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Ten a palabra dona María Guadalupe Murillo.

A señora MURILLO SOLÍS: Grazas, presidenta.

Boas tardes, señorías.

Falou o señor Torrado pouco de feminismo e pouco de deporte feminino, que é realmente para o que hoxe vostede nos convocou; penso que pouco lle importa.

Ante a proposta do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e presumindo, como se lle presume ao señor Torrado, o seu interese por traballar a prol da igualdade e da mellora do noso deporte, hoxe non podo máis que reprocharlle que trae unha iniciativa chea de actualidade, si, pero tamén de demagoxia e populismo. Se preguntamos á xente do común sobre as noticias do verán, probablemente a todos lles veña á cabeza o descuartizador de Tailandia e o bico de Rubiales. Ás veces incluso semella que fose o mesmo un asasinato con premeditación que a impresentable actuación deste señor. Iso si que é o machista e o retrógrado. De amnistía e Puigdemont, nin falamos.

Pois ben, isto é o Parlamento de Galicia, lugar onde vostede e mais eu, o seu grupo e o noso, traballamos para conquerir unha Galicia mellor para todos, con propostas, emendas, preguntas e moito máis. Neste Parlamento, do que todos debemos de sentirnos orgullosos como

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

políticos, non é habitual que no eido do deporte xoguemos a darlle voltas a algo que xa resolvemos hai tempo, e con éxito, claro; pero isto tiña trampa. Analizando parágrafo a parágrafo a súa exposición de motivos, comparto con vostede que o deporte é un ámbito importante para a difusión de valores que pretendemos que cheguen á cidadanía con facilidade. Como ben relata vostede, o deporte foi e continúa a ser unha correa de transmisión de información e valores, especialmente en idades novas, como ben coñece e utiliza ás veces o BNG con fins políticos en moitos campos de xogo.

Asegura vostede que no eido da igualdade entre homes e mulleres no mundo do deporte non se está a ser moi vangardista, que o deporte de alto rendemento de carácter privado foi obxecto de moitas polémicas e que precisamos potenciar todas as accións destinadas a acadar as maiores cotas de igualdade posible. Ten vostede razón en moitas das súas apreciacións, pero podemos ampliar o relato: a conduta impresentable dende posicións de relevancia pública de persoeiros como o que ata hai horas foi presidente da Federación Española de Fútbol, o señor Rubiales —socialista de pro e protexido do presidente en funcións, o señor Sánchez—, dista moito de ser exemplar e esas condutas non teñen cabida no noso tempo. *(Aplausos.)*

Entrando na cuestión que nos trae aquí hoxe, señor Torrado, quero subliñar que a recente lei da que vostede falou —a Lei 39/2022, do 30 de decembro—, tramitada rematando o ano e de forma apresurada polo seu partido e afíns para contentar os grupos nacionalistas de cara ás inminentes eleccións, ten eivas importantes e erros de vulto que deben ser corrixidos. Precisa, así mesmo, esta lei de forma urxente dun desenvolvemento regulamentario que permita a súa aplicación. Isto é o importante para o funcionamento da actividade deportiva, señor Torrado, pero para vostede é moito máis sumarse á onda que corre por aí de falar moito e de facer pouco. De igualdade no deporte realmente non lle interesa falar hoxe, polo que vexo.

A nova lei era necesaria, xa que a realidade do deporte pouco tiña a ver cunha norma aprobada hai trinta anos, mais entendemos que a súa proposta de adaptación da norma galega á norma estatal non é necesaria ao ter Galicia competencias exclusivas en deporte, máis alá do que poida derivar das obrigas nacidas doutros títulos competenciais, que exixirían, evidentemente, unha translación a esta norma. Xuridicamente —como acabo de relatar— non precisa adaptación, e conceptualmente tampouco, xa que o espírito da norma galega de 2012 xa recollía de maneira clara e concisa artigos que apuntan á promoción da igualdade entre homes e mulleres deportistas como obxectivo. Así, entre os principios reitores da lei, temos o artigo 3 b), que recolle o dereito a coñecer e practicar deporte en termos de igualdade sen discriminación ningunha; o 3 d), o impulso da participación da muller en todos os ámbitos da actividade deportiva; o 5.3, que enuncia que no exercicio das competencias atribuídas á Administración autonómica se integrará a dimensión da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes e que se evitará calquera elemento de discriminación directa ou indirecta; e o artigo 116 f), que cualifica como infracción moi grave a existencia de discriminación de admisión na práctica deportiva por razón de sexo. Estas previsións e as demais concordantes da normativa fundamentan unha política expresa y directamente dirixida a potenciar e fomentar a presenza da muller na práctica deportiva na nosa comunidade; unha política que xa deu os seus resultados, como amosan os datos. Hai escasamente tres meses

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

—como vostede hoxe dixo— compareceu o vicepresidente primeiro da Xunta de Galicia para trasladar ante este Parlamento os datos en materia deportiva e tamén un decálogo sobre o que se van desenvolver os principios da política do deporte en Galicia; un deses dez principios, deses protocolos, foi máis igualdade ca nunca.

Os datos presentados en relación con este principio son claros e falan por si mesmos: en 2009, había en Galicia 42.000 licenzas deportivas femininas, o 18 por cento sobre o total; hoxe son máis de 73.000, o 25 por cento. Aumentou tamén o número de nenas entre 6 e 16 anos que contan con seguro federado, unha cifra que se duplicou nos últimos anos ata chegar a máis de 50.000 inscritas no Programa Xogade. Así mesmo, adiantou o vicepresidente que dende a Xunta se está a traballar para fomentar o número de licenzas femininas, a porcentaxe de mulleres presentes nas xuntas directivas de clubs e federacións, para premiar as accións que garantan a igualdade efectiva entre homes e mulleres, para avaliar os proxectos das federacións nas subvencións e na promoción do deporte feminino, para avaliar os proxectos da federación e para garantir o dereito á igualdade das subvencións nos deportistas de alto nivel. Creo, señor Torrado, que estamos no bo camiño, sen necesidade de actualización dunha lei que foi pioneira en termos de promoción da igualdade no eido do deporte na nosa comunidade nos termos xa comentados.

En Galicia impulsamos e promovemos a igualdade de xénero no deporte e somos referentes dende hai anos, sen necesidade de agardar a esta lei, que chega trinta anos despois e que non podería máis que entender a igualdade como eixo fundamental de todas as políticas deportivas que se desenvolvan no país. Non aporta nada novidoso, pero, en todo caso, neste momento en que é importante que todos sumemos para que a igualdade sexa a normalidade, sabendo que a nosa conduta debe ser exemplarizante, votaremos a favor da incorporación á nosa lei autonómica daqueles preceptos que axuden de forma definitiva a referendar o espírito de promoción da igualdade que preside esta Cámara.

En relación co punto 2 da súa proposta, que «se desenvolvan as actuacións perante clubs, federacións e ante a autoridade laboral para prohibir e declarar nulas as cláusulas antiembarazo», quería lembrar un acordo acadado na lexislatura anterior, no ano 2019, por unanimidade nesta Cámara. Ese acordo xurdiu dunha transacción entre o Grupo Popular e o Grupo Mixto, de Luís Villares; acordo que foi xa posterior á nosa Lei do deporte e anterior a esta lei da que estamos a falar do Goberno socialista. Evidentemente, señor Torrado, semella que teño que lembrarlle que dende este Parlamento xa hai catro anos fomos quen de requirir á Xunta de Galicia que actuase de forma activa ante as federacións deportivas galegas e lles trasladase como entes organizadores do deporte as súas obrigas de protección das deportistas galegas ante situacións de embarazo. Esta campaña de concienciación debe alentar as nosas federacións a que insten os organismos federativos nacionais competentes á modificación dos seus estatutos e normas de competición co obxecto de facilitar as situacións de baixa por maternidade aos clubs e ás deportistas. Así mesmo, naquela proposta, acordamos pedirlle ao Goberno de España que promovese as modificacións oportunas na lexislación estatal para recoller solucións ás demandas relacionadas coa maternidade das deportistas federadas, en especial, en relación coas cláusulas antiembarazo. O Goberno do Estado, actuando con base no noso requirimento —eu penso que entre outros—, introduciu nesta nova Lei do deporte expresamente a nulidade das cláusulas antiembarazo, como corresponde a unha norma de rango estatal.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Hoxe pide vostede nesta Cámara que a Xunta desenvolva de inmediato actuacións perante diferentes organismos para que prohiba algo que xa está prohibido e para que declare nulo algo que xa o é. As cláusulas antiembarazo son nulas de pleno dereito no noso país. A Constitución española, o Estatuto dos traballadores, a Lei pola igualdade de homes e mulleres, xurisprudencia diversa consolidada e agora a Lei do deporte así o consideran. A Administración estatal, previa denuncia dunha deportista afectada, debe ser capaz de resolver a nulidade da cláusula. En todo caso, a través do Regulamento da Lei do deporte —regulamento que tiña que entrar en vigor antes do 1 de xuño deste ano, pero que dende o Goberno de España non foron quen de tramitar—, é posible que se poida avanzar, en colaboración coas federacións deportivas, nunha fórmula que permita dotar de axilidade a declaración de nulidade deste tipo de cláusulas.

En todo caso, a Xunta de Galicia continuará a ser unha administración de referencia en labores de concienciación e prevención de condutas ante a igualdade dentro do tecido asociativo. Mentres, este grupo parlamentario, que está aquí a este lado, *(A señora Murillo Solís sinala coa man o seu grupo parlamentario.)* seguirá traballando na promoción da igualdade de oportunidades no mundo do deporte, apoiando dende as nosas competencias que se avance na eliminación das cláusulas antiembarazo dos contratos das deportistas galegas.

E agora si imos falar da autoemenda do seu grupo, que rexistrou onte ás seis da tarde..., bueno, así de refilón. Os puntos engadidos á súa proposición están de máis nesta sesión. Non deben utilizar vostedes un tema tan importante como a igualdade para conquerir un titular que permita non falar do que nos ocupa. ¿Imaxina que co gallo desta iniciativa propuxésemos o cesamento de toda a directiva do CSD por permitir con pleno coñecemento os machismos de Luis Rubiales á fronte da federación? *(Aplausos.)* A igualdade merece un trato máis serio por parte dos socialistas de Galicia. *(Aplausos.)*

A iniciativa que vostede trae hoxe ao Pleno non tiña como obxectivo a promoción da igualdade das deportistas galegas, senón utilizar a Cámara para facer política barata; esa que non aporta máis que barullo. *(Aplausos.)* A mala fe da súa iniciativa é tal que rexistraron o texto do que realmente querían falar sen actualizar; un novo texto para falar do señor Louzán que tiñan preparado dende hai días e no que o señor Rubiales, amigo de Pedro Sánchez, aparece como presidente suspendido, sendo xa dende hai horas antes do rexistro da súa autoemenda un presidente dimitido. Non querían falar de igualdade, querían falar do señor Louzán.

Se falamos do asasinato de Tailandia, non falamos de que o señor Sánchez perdeu estrepitosamente as eleccións de España. Se falamos da lamentable actuación do señor Rubiales, non falamos dos centos de agresores sexuais que o seu partido puxo na rúa. *(Aplausos.)* Se falamos do señor Louzán, non falamos da vergoña que supón para moita xente ver como o seu xefe de filas, o señor Pedro Sánchez, mendiga o apoio dun escapado da xustiza para manterse no poder a toda custa. Señor Torrado, o socialista señor Rubiales, fillo de alcalde socialista, amigo de Pedro Sánchez e moitas cousas máis que coñecemos escoitando nestes días a dúas expresidentas do CSD e mesmo ao seu tío, dimitiu hai horas. A Fiscalía xa iniciou un proceso na súa contra —como non podería ser doutro xeito—, fin da historia. ¡Fin da historia!

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Hoxe non vimos falar de Rubiales, non vimos falar de Louzán, vimos falar de igualdade, das cláusulas antiembarazo e do traballo que nos queda por facer.

Señor Torrado, nós retiramos a nosa emenda para votar o seu texto inicial, e propóñolle que retire a súa para poder votar a favor dese texto que reflicte o sentir da Cámara en relación coa igualdade no mundo do deporte. De non facelo, suxírolle que permita a votación por puntos para impulsar as actuacións propostas no día de hoxe no eido da igualdade. O demais soamente é demagoxia.

Moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Moitas grazas, señora Murillo.

Para o peche do grupo parlamentario autor da proposición, por 5 minutos, don Julio Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidenta.

En primeiro lugar, permítanme unha cuestión formal, porque eu creo que é importante: a autoemenda do Partido Socialista foi rexistrada a semana pasada, non onte ás seis e media da tarde. A vostede chegaríalle cando lle chegaría —eu non me meto niso—, pero é cousa do seu grupo; igual ata onte non decidiron quen ía levar o tema, en función de como ían posicionarse. E a súa emenda está rexistradas ás 18.29 de onte, despois da nosa autoemenda, cousa que está ben... Non sei cando está retirada. *(A señora Murillo Solís pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, xa sei que está retirada. Igual foi agora, que se deron conta de que ía e preferiron retirala para falar doutra cousa. Isto pola vía formal. *(Aplausos.)*

Para non querer meter o debate partidista no asunto repetiu vostede a palabra de «socialista»... En fin, vaime permitir que non entre nese comentario e que non o cualifique por respecto ao comentario e polo respecto que lle teño a vostede. Pero, en fin..., hai cousas que... ¡En fin!

Creo que son moi interesantes as cuestións que aportou o BNG, porque creo que ten razón na necesidade de que, se ben as leis están ben, as situacións e a realidade van demostrando que necesitamos actualizalas constantemente, froito de que o feminismo e o ecoloxismo —por poñernos un pouco tal— son os movementos máis potentes que existen no mundo, e non teñen maneira de paralos; e o día a día vainos demostrando que hai cuestións que hai que mellorar nas leis. Creo —e tómolle a palabra— tamén en cuestións interesantes como condicionar subvencións a cuestións de igualdade, que ocorre nalgunhas administracións —nalgunhas, si e noutras, non—, pero ten vostede razón tamén niso. E coincidimos dende hai tempo —por certo, en debates que nós xa demos aquí e o Partido Popular non quixo dar; non me veña reclamar que os demos hoxe, ¡a ver se nos van dicir vostedes cando temos que falar de cada cousa!—... É que nós destas cousas ás que vostede contestou aquí hoxe, señora Murillo, xa falamos hai meses, hai anos, e vostedes, non; entón, claro, é que lles levamos moito tempo de

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

distancia nalgunhas cuestións. Pero nas cláusulas antiembarazo cremos tamén —e, dende logo, isto creo que é innegable— que a lei pode poñer o que poña, pero hoxe existen no deporte galego, no fútbol galego, mulleres que perden un contrato por estar embarazadas. *(Aplausos.)* Isto é certo e creo que non nos corresponde entrar en máis cuestións, pero vostede e mais eu seguro que sabemos que é certo; e non só no fútbol, tamén noutros deportes. Probablemente outros son máis culpables neste caso; particularmente, outros son máis culpables neste caso.

Recriminouse aquí que non falásemos de feminismo. Eu vouno resumir. Vostede dixo, señora Murillo: nada, isto pasou, Rubiales dimitiu, fin da historia. Non é a fin da historia, ese é o problema que nós queremos evitar. Non é a fin da historia. ¡Ogallá sexa o comezo!, e iso é unha decisión política. Para nós este é comezo de sacudir estruturas caducas, retrógradas, lamentables e machistas que ten o deporte, tamén o fútbol; e por iso cremos que a actualidade manda.

E pasa polo seguinte. Mire, podemos discutir aquí sobre moitas cousas —teremos oportunidade—, pero permítanme unha reflexión, en xeral, que eu creo que é interesante: todos fomos imbéciles algunha vez —homes—, ou moitas, ¡todos!; todos dixemos o que non debiamos; todos fixemos o que non debiamos; todos nos rimos de grazas que non debiamos; todos estivemos onde non debiamos; todos fixemos comentarios que non debiamos; todos vimos cousas que non debiamos e non fixemos nada... ¡Todos! ¡Todos! Se alguén non, ¡menos mal e felicidades! Pero unha das grandes cuestións que conseguiu o feminismo é ensinarnos que iso era un erro e que aprendésemos que a necesidade de avanzar necesita de que entendamos todo ese erro, ese mal que xeramos, todo o desagrado que xeramos, todo o desprezable que fomos moitas veces, os que fomos idiotas algunha vez, que todos o fomos, e invitarnos a que reflexionar sobre iso nos convenza a facer unha sociedade mellor.

Este caso da actualidade, este, demostra que hai moita xente que non aprendeu e que non só non o aprendeu senón que cre que non debe aprendelo e que a súa moralidade está por enriba, especialmente quen ten responsabilidades e quen ten unha imaxe ou unha posición que xera máis impacto; políticos, presidentes de federacións, deportistas teñen unha especial responsabilidade na capacidade de demostrar o que son os valores fundamentais, e por iso cremos que é necesario defender medidas duras contra quen non o fai, porque hoxe xa non vale escusa ningunha, non vale, iso ensinounos o feminismo. *(Aplausos.)*

E, por tanto, debemos actuar, e debemos actuar especialmente fronte a aqueles non só que seguen sendo os que fan condutas idiotas senón os que actúan de maneira que se rin e pretenden facer que os idiotas sexamos todos os demais. Isto é a realidade e isto é o que está pasando. O demais son protocolos, datos e papeis.

A realidade é que un dirixente crece coa capacidade de acosar sexualmente unha traballadora que está baixo a súa responsabilidade. Nese momento ocorreu no fútbol. Hoxe vímolo en televisión cunha periodista. Pasa todos os días en todos os ámbitos, aquí no deporte tamén, e por tanto nós cremos que hai que actuar. Vostedes decidirán de que lado están.

Grazas.

(Aplausos.)

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Torrado.

Continuamos coas proposicións non de lei, neste caso a 4.3.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para potenciar a investigación no eido da medicina xenómica

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas: unha, a 59.423, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, e a 59.454, do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (11/PNP-004445, doc. núm. 53570).

Emenda de modificación:

Débese modificar na parte resolutiva da proposición non de lei o seguinte contido:

Onde di: "...entidades que permitan xerar...", debe dicir: "...entidades, preferentemente de carácter público, que permitan xerar...".)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Iria Carreira Pazos, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 53570 (11/PNP-004445).

Emenda de adición:

Engadir un novo parágrafo na parte resolutiva co seguinte texto:

"O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a que, antes do remate do presente ano, inicie os traballos de negociación dun convenio colectivo conxunto entre as Fundacións Biosanitarias e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica para mellorar as condicións laborais do persoal investigador galego.")

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a proposición, e por tempo de dez minutos, ten a palabra dona Encarnación Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, presidenta.

Boas tardes, señorías.

Imos falar de saúde. Hoxe vimos falar aquí de medicina xenómica, unha rama da medicina que quizais sexa pouco coñecida pero que dende hai décadas está supondo un avance revolucionario no que a diagnose, os tratamentos médicos e a investigación teñen moito que ver.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Un dos maiores retos no estudo das enfermidades complexas foi a xeración de perfís xenómicos que permitan establecer a relación entre os cambios xenéticos e o comportamento clínico e terapéutico nas enfermidades Esta relación da enfermidade pode servir para caracterizar marcadores prognósticos de susceptibilidade á enfermidade, que sirvan como respostas preditivas para distintas modalidades terapéuticas ou ben ser branco de terapias futuras.

Os estudos da medicina xenómica achegan a posibilidade de atopar un *locus* que identifique a herdabilidade en enfermidades complexas, tanto nas características propias dun xene como cualitativamente, ao considerar número de copias, amplificación ou eleccións do xene.

O xenoma humano está organizado en vinte e tres pares de cromosomas, que conteñen preto de 30.000 xenes, que codifican entre 250.000 e 1 millón de proteínas, contidas en 100 millóns de pares de bases. A medicina xenómica é unha rama da medicina que se enfoca no estudo e a aplicación da información contida no xenoma humano, no diagnóstico, tratamento e prevención de enfermidades.

Isto significa que emprega o uso de ferramentas moleculares e bioinformáticas para analizar a información xenética dun individuo e así obter información sobre a súa susceptibilidade ás enfermidades, a eficacia de certos tratamentos e a identificación de biomarcadores que poden ser empregados para personalizar o tratamento máis axeitado.

Neste ámbito da medicina Galicia conta dende o ano 1998 coa Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, centro referente a nivel europeo no seu campo. Esta fundación serve como instrumento de apoio á atención sanitaria pública a través do uso de soportes tecnolóxicos para atender á crecente importancia da medicina xenómica no diagnóstico e no tratamento das múltiples enfermidades, especialmente nas relacionadas coa herdanza xenética e co cancro.

A Xunta de Galicia é consciente diso e por iso a aposta por este ente foi clara e decidida. O compromiso coa fundación nesta lexislatura quedou de manifesto co aumento dos recursos dedicados, que no ano 2020 eran de 3,4 millóns de euros e este ano acadaron os 7 millóns, o que supuxo un incremento do 105 por cento.

A Fundación de Medicina Xenómica proporciona servizos de diagnóstico xenómico para todos os hospitais da rede do Servizo Galego de Saúde, tanto para a diagnose prenatal como para enfermidades xenéticas, farmacoxenética, enfermidades raras, oncohematolóxicas ou cancro de liña xerminal.

Isto, señorías, é unha fortaleza e outorga unha situación de liderado a Galicia en materia de medicina xenómica, ao ser a única comunidade autónoma que optou pola centralización destes servizos, garantindo á cidadanía galega o acceso en condicións de equidade ás probas xenómicas que sexan de utilidade.

A Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica é un dos cinco centros de referencia do recentemente lanzado programa IMPaCT, que é a base sobre a que se executa toda a estra-

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

texia española de medicina personalizada. De igual maneira, este programa coordínase con iniciativas internacionais como o proxecto europeo 1 Millón de Xenomas, o Consorcio Internacional de Investigación en Enfermidades Raras e o Consorcio Internacional do Xenoma de Cancro, cuxos obxectivos son introducir estigmas de risco polixénico na práctica clínica.

Por certo, señorías, o programa IMPaCT, do que lles acabo de falar, está coordinado para toda España polo director da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, o doutor Ángel Carracedo, investigador de recoñecidísimo prestixio, cunha carreira abraiante, da que podería falar toda a miña intervención, pero que creo que é unha personalidade de sobra coñecida por todos nós.

Señorías, as análises xenómicas para o diagnóstico son cada vez de maior complexidade, provocando un grande impacto na saúde. Exixen a análise dunha inxente cantidade de información, exomas ou xenomas completos, un proceso bioinformático da información —que loxicamente parte do almacenamento da mesma— e unha correlación das variacións do xenoma atopadas, seleccionadas e priorizadas con datos da historia clínica, para poder chegar a unha conclusión diagnóstica e emitir un informe de calidade.

Outra fortaleza que ten Galicia neste eido é contar cunha historia única electrónica.

A Fundación de Medicina Xenómica impulsa e traslada a aplicación destes cambios á sanidade galega mediante o acceso a recursos tecnolóxicos centralizados e a especialización dos seus profesionais, e ao mesmo tempo trata de facer accesible o coñecemento xenético máis actualizado á sociedade en xeral e ao profesional médico en particular.

A secuenciación do xenoma humano permitiu coñecer os fundamentos xenéticos e moleculares das enfermidades e desenvolver as tecnoloxías que posibilitan deseñar tanto diagnósticos como estratexias terapéuticas preventivas máis precisas, polo que o compoñente xenético do paciente é unha das bases para o diagnóstico, prognóstico e predición de resposta aos fármacos.

As probas xenéticas son unha das ferramentas diagnósticas das que dispón a medicina moderna para poder identificar os pacientes, para que os determinados medicamentos sexan eficaces e para garantir a seguridade da súa utilización. Nesta liña podiamos falar das terapias CAR-T e do centro que a Xunta de Galicia anunciou que vai comezar a funcionar nos primeiros meses do vindeiro ano 2024, o que suporá un antes e un despois nos tratamentos oncolóxicos.

Na actualidade recoñécese o valor que ten limitar os medicamentos a grupos específicos de pacientes segundo determinados marcadores xenéticos ou biolóxicos. Isto posibilitará que se cambian os criterios de prescrición dos medicamentos, beneficiándose os pacientes cando se lles poida seleccionar de acordo coa medicina personalizada.

Porque, señorías, como ben saben e ben coñecemos todos os galegos, os cribados son unha actividade de prevención cuxo obxectivo principal é identificar de maneira temperá as persoas que poden ter unha enfermidade ou condición de saúde específica, mesmo se non pre-

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sentan síntomas, permitindo un diagnóstico e tratamento oportuno, o que pode mellorar os resultados de saúde e reducir a carga da enfermidade na poboación, é dicir, o seu funcionamento e a realización de probas nunha poboación obxecto que se considera que ten un maior risco de ter a enfermidade ou condición obxectiva, baseándose en factores como poden ser a idade, o sexo, os antecedentes familiares ou outros factores de risco coñecido.

Imaxinen vostedes que a Xunta de Galicia deixa de realizar estes cribados por medio da selección dunha ampla poboación obxecto e comeza a facelo por medio de chamamentos individualizados aos perfís que teñen maior predisposición a sufrir estas enfermidades. Isto suporía un avance extraordinario, podendo dar un salto dos cribados xerais a un procedemento individualizado ás persoas que teñen unha predisposición xenética a padecer determinadas enfermidades. Poderíase dar unha atención moito máis precoz e personalizada a cada paciente.

A medicina xenómica pode contribuír, entre outras cuestións, tamén á identificación de enfermidades raras e permitir a identificación dos portadores de determinadas enfermidades raras. Neste eido fomos testemuñas de como o Servizo Galego de Saúde deu un salto importante no desenvolvemento dunha estratexia de medicina personalizada, terapias celulares, iniciativa vencellada á Estratexia galega de enfermidades raras, que sen dúbida marcou un punto de inflexión no tratamento destas patoloxías.

Por outra banda, Galicia tamén conta cunha longa experiencia no eido dos cribados, ben sexan neonatais ou ben en adultos. Esta madurez permitiu á nosa comunidade fixar uns obxectivos ambiciosos, que está en condicións de acadar debido ao traballo realizado ao longo dos anos. Temos que sentir orgullo dos programas de cribado, nos que fomos pioneiros, como o cancro de mama, hoxe estendido entre os 45 anos e os 74 para as mulleres; cancro colorrectal, cérvix ou o piloto de cribado de cancro de próstata, que representan o mellor exemplo para a prevención e o pronto tratamento das enfermidades.

Señorías, o que aquí vimos defender hoxe é potenciar a investigación no eido da medicina xenómica, aproveitando o camiño aberto pola Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica. Temos a obriga e debemos de traballar no aumento da súa capacidade resolutiva para que sexa quen de afrontar os retos do futuro.

Dende o meu grupo parlamentario defendemos que, coa extensión dos cribados, unidos aos estudos de xenómica, podemos acadar a vangarda na investigación sanitaria, permitindo o descubrimento temperán de xenes, enfermidades e dianas terapéuticas á vez que o desenrolo de fármacos guiados pola xenética.

Para chegar a este obxectivo hai que multiplicar a capacidade de análise, dende a ampliación de recursos da fundación e tamén facilitando a súa colaboración con outras entidades de investigación que apoien o equipo do doutor Carracedo no procesado e explotación de todos os datos xenéticos, e poñer a Fundación Xenómica como vértice da pirámide, coordinando toda a investigación en diagnóstico xenético que se realice en Galicia.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora AMIGO DÍAZ: Termino xa dicindo que o obxectivo principal é a mellora dos diagnósticos, a mellora dos tratamentos e a mellora da investigación pública, o que definitivamente vai repercutir nunha mellora da calidade de vida de todos os galegos e as galegas.

Por agora, máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

Grupo Parlamentario dos Socialistas, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

¡Que gusto vela de novo nos debates sanitarios, señora Amigo! Sempre un pracer, sobre todo porque vostede coñece o tema.

Hai algunhas cuestións que vostede dixo que son moi relevantes e que creo que ademais atinou moito na relevancia que traslada e coas que imos estar sempre de acordo, e ademais creo que é moi importante que amosemos certo acordo nesta cuestión.

Vou intentar non ser excesivamente irónico, sabe que me custa non selo, vaime no corpo, pero vostede deixou algún detalle polo camiño na exposición. No que dixo obviamente concordamos na análise do impacto que ten o investimento en medicina xenómica e a relevancia que ten para a investigación. No que é o plano político, deixou algún detalle, pero seguro que foi sen querer, ¿non? Por exemplo, que todo, todo, todo iso que falou de investimentos, todo, son cartos do Ministerio de Sanidade, todo, pero é un detalle e ademais seguro que foi ademais sen querer e vostede o fixo con toda naturalidade.

Cremos, ademais, que é importante que vostede traia esta iniciativa e defenda, como defendeu, a importancia de investir en medicina xenómica, obviamente polo que vostede trasladou. Fundamentalmente coñécese ou é probable tamén o máis destacado a importancia que ten sobre as enfermidades raras ou sobre o cancro. Claramente isto é relevante, aínda que non é o único, pero claramente é o máis relevante, e dende logo aí todos os avances son benvidos.

A verdade é que moitas veces un, cando coñece, ve que a investigación demostra estar nun nivel tan potente, e temos a capacidade en Galicia ademais de ter os mellores, os mellores, e hai algúns campos onde ver traballar os mellores é unha delicia por ver como é capaz a investigación cando está ben financiada, cando está ben axudada e cando ten bos profesionais, de chegar a dar esperanza dentro da medicina, ou avances tan potentes que nos permiten ver moitas luces que antes non viamos.

Dende logo nesta realidade sobre a medicina xenómica nós cremos que non van ter nunca ningunha discrepancia de fondo, porque a evidencia é esta. Permítame que destaque algunhas cuestións que vostede non dixo, pero que eu entendo que non hai problema sobre isto.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O programa que vostede destacou, o programa IMPaCT, que dende logo é o relevante e o que esencialmente sostén ou impulsa estes investimentos, este programa é dirixido polo Instituto Carlos III, financiado polo Goberno de España, a través do PERTE de saúde de vangarda. Os PERTE que vostedes din, non sei, moitas veces contan algunhas cousas, eu agradezo que vostede recoñeza aquí que funciona, un PERTE sobre o que está practicamente o 70 por cento executado, e que orienta un investimento moi potente á medicina xenómica. Como dixo o propio señor Carracedo, un investimento enorme —cito literalmente— e que valora moi positivamente. Isto díxoo el ante a visita do ministro en xuño.

A realidade é que este programa permite investir bastantes decenas de millóns de euros —imos deixalo así—, porque ten un compoñente de case 300 millóns de euros para todo o investimento en saúde de vangarda, ao que o Estado engade aproximadamente de fondos propios algo máis de 200, 230, dos que 50 millóns de euros se destinan a enfermidades raras, moitos deles van ir a investimentos sobre medicina xenómica, polo que ten demostrado a súa capacidade en termos de prevención, e tamén unha boa parte para esas investigacións que están conseguindo detectar avances moi relevantes na loita contra o cancro. E, por tanto, todo avance cara a esa medicina de precisión ou personalizada dende logo sempre ben vista é.

Ademais, destaca Galicia neste programa, porque ubica tres centros en toda España: Barcelona, outro en Navarra e o Clínico de Santiago como centros referentes, pilotados ou dirixidos basicamente polo equipo do señor Carracedo, por el mesmo en primeira persoa.

E isto é basicamente o que financia este apartado, tamén porque lle corresponde; non se trata de facerse méritos, pero si é o que o financia.

Con isto —permítame o comentario—, en realidade, traer esta iniciativa, o que están é —e eu agradézollo— validando e valorando moi ben unha iniciativa do Goberno de España, e eu recoñézollo, e ademais imos votar a favor, porque, independentemente do que pase coa emenda, que unicamente pon o acento na importancia de que as entidades coas que se colabora sexan preferentemente públicas, que entendemos que o Partido Popular aceptará. Pero nós imos votar a favor, e dende logo o que cremos é que esta iniciativa reforza esa aposta do Goberno de España, que tamén en Galicia ten moitísimo impacto.

De feito, non temos este debate normalmente no eido sanitario, si o teñen noutros lugares. Fíxese se é importante como que o ministro de Sanidade en xuño visitou o departamento do señor Carracedo para falar e debater con el sobre estes investimentos e orientación que tiñan, e convidou —¡como non! — o conselleiro, que se sumou, porque o Goberno de España cando vén a Galicia convida a Xunta, e o conselleiro sumouse e foi con el, e está ben, eu creo que esas imaxes son moi positivas.

Despois é certo que vostedes traen a iniciativa como se fose súa, pero iso tamén o entendo dentro do debate político natural, e está ben, e creo que tamén é positivo, que todos nos sumemos e que todos esteamos de acordo coa cuestión, tampouco pasa nada por iso, e eu creo que tamén é importante que vexamos e que todo o mundo poida percibir que existen moitos ámbitos de acordo.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Hai algunhas cuestións máis —non as quixemos introducir na emenda pero dende logo parécennos importantes—, como a valoración que fai á especialidade ou á xente traballando en xenómica da necesidade dunha especialidade formativa en medicina xenómica, que dende o ministerio xa se traballa cos visos de, ou iso é do que se fala publicamente e no que os traballadores e os funcionarios do ministerio están traballando, para que en 2025 poidamos ter xente xa formándose en medicina xenómica, como xa se avanzou, por certo, como vostede sabe; dígoo porque noutros debates sae e dise que hai que facelo, vostede sabe que xa está en marcha a especialidade de urxencias. Cousas que, despois de tempo, van saíndo cara a adiante. En 2025 teremos xente formándose. E creo que tamén é importante o apoio a esa iniciativa do ministerio.

Dende logo non é fácil, pero permitiranos igualarnos en termos formativos a outros países, e, como dicimos, tendo os mellores especialistas, pois é moi importante que poidamos apoialo.

Como lle digo, señora Amigo —e termino xa—, dende o noso punto de vista é importante que vostedes apoien estas medidas, que vostedes tamén as sintan como propias. Isto é moi relevante, que vostedes entendan e que comproben como o Goberno de España está investindo e colaborando coas comunidades autónomas, neste caso con Galicia, e como o investimento favorece moito a Galicia. Fainos referentes, referentes non só en España senón internacionalmente, en medicina xenómica, un elemento punteiro dentro da investigación biomédica, e por tanto cremos que non só é unha boa iniciativa senón que é de destacar esta cordialidade que vostede amosa e que vostede valora.

E agardando que vostede acepte a nosa emenda, que destaca e que pon en valor a preferencia das entidades públicas para realizar os labores de investigación, a preferencia, non a exclusividade pero si a preferencia, agardando que a acepte, nós manifestámoslle xa o noso voto a favor. ¿Como non imos votar a favor se o impulsa o ministro, o señor Miñones? Agardamos que a vostedes, unha vez que saben que o impulsa o señor Miñones, non lles entre o pánico e voten en contra, esperamos que non, porque vostede propón a iniciativa.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Iria Carreira.

A señora CARREIRA PAZOS: Grazas, señor presidente.

Moi boa tarde.

A ciencia e a investigación son fundamentais para que calquera sociedade avance. Nós, desde o BNG, estamos de acordo co espírito desta iniciativa. Por iso hai uns meses trouxemos a esta cámara unha proposición de lei para a creación de Innogal, unha entidade propia para

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

impulsar a ciencia e innovación en Galiza, trasladando con criterios propios un modelo que xa funciona con éxito noutros lugares, como poden ser o Ikerbasque en Euskadi ou o ICREA en Cataluña. Unha entidade que fose creadora e dinamizadora de coñecemento científico, que permitise avanzar á sociedade galega e que tamén fose un motor económico. Unha iniciativa que, a pesar, como xa digo, de que ten demostrado un grande éxito noutras nacións, non contou co apoio nin do Partido Popular nin do Partido Socialista nesta cámara.

Hoxe traen vostedes, trae o Partido Popular, unha iniciativa na que se demanda instar a Xunta de Galiza a potenciar a investigación no eido da medicina xenómica, a través de acordos de investigación con outras entidades, para xerar un valor engadido en materia de detección precoz nos traballos realizados pola Fundación de Medicina Xenómica.

Esta iniciativa é pouco menos que un brinde ao sol, un desiderátum que si, que nós compartimos, pero que non deixa de ser pouco menos que non un propósito de ano novo senón un propósito de inicio de curso.

Para potenciar a investigación, tanto en medicina xenómica como en calquera ámbito, fan falta condicións. Fai falta orzamento, fan falta investigadoras e fai falta un apoio á actividade investigadora, e, antes que nada, fai falta unha vontade de que a investigación sexa funcional e sexa funcionante. E é o que fai falta, ese apoio á actividade investigadora, e non facer como o que fixeron vostedes hai cousa dun mes máis ou menos coa convocatoria de bolsas predoutorais, que a propia Rede Galega pola Investigación denunciou pola cantidade de persoas que quedaron fóra desta convocatoria de bolsas, cortando a actividade investigadora de todas elas. Escoiten estas rede, escoiten Investigal, todas estas investigadoras que lles están pedindo xa non só un cambio nesta convocatoria, senón que tamén lles demandan que fagan unha aposta real pola investigación tamén na etapa predoutoral.

Fan falta investigadoras, e para iso son precisos dereitos laborais. Desde o Bloque Nacionalista Galego trouxemos varias veces a esta cámara a situación das traballadoras das fundacións sanitarias galegas: a Fundación Profesor Novoa Santos, a Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela e a Fundación Biomédica Galicia Sur, que a día de hoxe manteñen o seu carácter privado, a pesar de que na Lei de acompañamento aos orzamentos do presente ano se recolle e se aproba que serán consideradas fundacións de carácter público. Carácter público, como digo, que o BNG leva demandando en múltiples ocasións e que segue sen efectivizarse a día de hoxe, a pesar de estar recollido neste texto.

Mais que tamén trouxemos a situación das propias traballadoras, máis de cincocentas persoas que estiveron anos sen un convenio colectivo que regulase as súas condicións laborais, as súas obrigas profesionais, sen táboas salariais mínimas, sen contaren con estabilidade laboral, co lastre que isto supón tanto para elas como para a propia actividade investigadora.

Traballadoras que, a día de hoxe, están demandando un novo convenio laboral conxunto entre as tres fundacións sanitarias e a Fundación de Medicina Xenómica, para —como digo— dignificar e mellorar as súas condicións laborais. Negociacións que están paralizadas sen chegárense a iniciar en primeira instancia porque as fundacións sanitarias aínda non

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

están asumidas como fundacións públicas. E por iso introducimos esta emenda, porque se de verdade queremos apoiar a investigación debemos mellorar as condicións laborais do persoal investigador. Por iso demandamos esa mesa de negociación dun novo convenio colectivo conxunto, que é urxente e que é prioritario.

Agardamos que o Partido Popular teña en conta esta emenda para explicitar, aínda máis se cabe, esa vontade de potenciar a investigación biosanitaria, porque o que non é de recibo é gabarse do alto valor da investigación científica en Galiza, dos beneficios que isto reporta para os avances da medicina, para a para a saúde da poboación pola súa aplicación clínica, se paralelamente non se garante que estas profesionais altamente cualificadas e especializadas conten cunhas condicións laborais dignas para poder desenvolver a súa carreira investigadora na Galiza.

Fai falta vontade e apoio á investigación, fan falta investigadoras e condicións laborais para elas e fai falta orzamento. Abonda simplemente con poñer o dato macro enriba da mesa: Galiza inviste en ciencia e investigación o 1 por cento do seu produto interior bruto; esta é a metade da media europea, que se sitúa no 2,3 por cento, e estamos tamén por debaixo da media estatal, que se sitúa no 1,43 por cento. Son precisos maiores orzamentos.

Por iso dicía ao comezo que esta iniciativa non deixa de ser unha declaración de intencións, boas e loables, compartidas pero que precisan unha maior concreción e unha maior translación á realidade. A aposta pola investigación, tamén en medicina xenómica, ten que ser con máis orzamento, con máis profesionais, con mellores condicións e cunha aposta real pola investigación, tamén pola investigación de base e non só buscando a excelencia.

E xa para rematar, sen infravalorar as outras aplicacións da medicina xenómica que xa desenvolveu a señora Amigo, no desenvolvemento da enfermidade hai dous grandes condicionantes: temos a xenética e temos o ambiente. A investigación en medicina xenómica, coñecer a predisposición que temos todas e cada unha de nós polo que vén escrito no noso ADN, é importantísimo, sobre todo á hora de previr enfermidades. Agora ben, temos que ser conscientes de que, sen incidir no ambiente, non facemos nada; sen atender as condicións socioeconómicas, os estilos de vida, queda unha das patas fundamentais no proceso da enfermidade descuberta, sobre todo porque, se o noso adenoma, o noso xenoma, de momento non é modificable, as condicións de vida si.

Que poidamos acceder a unha alimentación equilibrada, a unha vivenda digna, a unha educación básica, a unha saúde mental preservada é fundamental, porque moitos destes achados que atopamos na xenómica precisan dunhas malas condicións ambientais para desenvolveren a enfermidade e a patoloxía. E aí é onde poden intervir todos e cada un dos gobernos, tamén a Xunta de Galiza.

E sobre todo precisamos investigación na xenómica, pero precisamos un sistema sanitario forte que sexa quen de responder ante todos os achados e os avances que se poidan dar, que poida darlles unha resposta a todas as pacientes que atopan un resultado positivo nun cribado ou que descobren que son portadoras dunha determinada patoloxía.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A investigación é imprescindible, pero ten que acompañarse de todo o demais.

Recóllense na iniciativa —tamén fixo mención a voceira do Partido Popular— a importancia da medicina xenómica na identificación de enfermidades raras, tamén na detección de persoas que son portadoras desas mesmas patoloxías; os cribados neonatais, detectando tamén en moitos deles enfermidades raras; ou cribados de patoloxías tan comúns como o cancro de mama, o colorrectal, o cérvix ou ese programa piloto de cribado do cancro de próstata. Programas precisos e importantes pero que quedan en nada se despois o sistema non é quen de artellar unha resposta tanto a curto como sobre todo a medio e longo prazo ante os achados que se produzan.

Por iso nós valoramos que o Partido Popular se acorde da importancia da investigación sanitaria, aínda que tamén lle pediría, case así a nivel persoal, que se lembrase tamén da situación na que se atopa o sistema sanitario galego e da que o Partido Popular é o único responsable. Porque falaba a señora Amigo da medicina personalizada a nivel xenómico. Medicina personalizada tamén é que teñamos todas e cada unha de nós unha médica de cabeceira que nos coñeza, que coñeza a nosa historia, o noso contorno e que nos vai facer un seguimento no tempo. Iso tamén é medicina personalizada.

E remato xa. Desde o BNG apoiamos a investigación en medicina xenómica, e por iso lle demandamos unha maior concreción. Precisamos orzamento en investigación, precisamos condicións laborais e dereitos para o persoal investigador e, sobre todo, precisamos unha aposta real pola actividade investigadora, que non quede simplemente en boas intencións ao comezo do curso.

Máis nada.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Carreira.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, presidente.

Boas tardes de novo.

Ben, antes de nada, señor Torrado, dicirlle que este incremento da transferencia da Xunta dos 7 millóns de euros —de que eu falaba— xa estaba nos orzamentos do ano 2022, aprobados no 2021. Vostede falaba, efectivamente, dese plan do Goberno deste ano, tamén de incrementar 7 millóns de euros para medicina xenómica, que benvidos sexan. Mire, eu, orgullosa da sanidade española e orgullosa da sanidade galega.

A min nesta segunda quenda gustaríame resaltar a importancia de contar na nosa comunidade autónoma cun investigador de primeiro nivel, con recoñecemento internacional, o doutor Ángel Carracedo, director da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, dependente do Servizo

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Galego de Saúde, fundada en 1998 e referente a nivel europeo, como xa comentei na miña primeira intervención; *(Aplausos.)* ademais diso, coordinador do Grupo de Medicina Xenómica da Universidade de Santiago de Compostela. Isto, señorías, é un privilexio, porque, ademais, a medicina do futuro —da que todos os voceiros falamos hoxe aquí— vai por estas vías. A medicina xenómica é fundamental, e contar aquí en Galicia cun investigador de primeira orde, na nosa comunidade, ponnos nun lugar privilexiado, nun lugar punteiro no mundo.

A xenómica permite estratificar as persoas de distintos niveis de risco en función da posibilidade de desenvolver enfermidades tan comúns como poden ser o cancro de mama, as patoloxías cardiovasculares, as enfermidades mentais neurodexenerativas ou as enfermidades raras.

A incorporación das novas tecnoloxías no marco da medicina personalizada de precisión está a permitir a inclusión da información xenómica na práctica clínica —isto xa se está dando—, contribuíndo ao deseño de programas preventivos de seguimento personalizados. Non esquezamos que a predición de risco de enfermidades é parte fundamental da medicina de futuro, que ha de ser preditiva, ha de ser preventiva, ha de ser personalizada, ha de ser participativa e poboacional.

Señorías, o noso país, dende logo, sitúase entre os países europeos líderes no campo da medicina personalizada de precisión. E vostede falaba, señor Torrado, dese programa IMPaCT do Instituto de Saúde Carlos III, de Madrid. Pero eu tamén comentei anteriormente que a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica é un dos cinco centros de referencia. E volvo recordar que o programa IMPaCT está coordinado en todo o país, en toda España, polo doutor Carracedo, que forma parte da fundación e é o director da nosa fundación pública.

Señorías, estamos falando das aplicacións que a xenética e a xenómica poden ter na diagnose de enfermidades, na prevención, no tratamento, na monitorización, no prognóstico, no seguimento epidemiolóxico, na nutrición de precisión, na investigación de enfermidades.

Nós o que hoxe traemos aquí é potenciar a investigación no eido da medicina xenómica nunha fundación punteira que está aquí en Galicia, na nosa comunidade, dirixida por un investigador recoñecido a nivel internacional. Estamos falando de potenciar a investigación na Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica. Está na súa man, dende logo, apoiar ou rexeitar a iniciativa.

Respecto das emendas, señor Torrado, non temos ningún problema en aceptar a súa emenda, é axeitada. Pero a emenda do Bloque —con todos os respectos—, señoría, penso que non entenderon o que hoxe nós traemos nesta iniciativa. Eu tratei de explicarlles a importancia desta iniciativa nesta segunda quenda. Hoxe estamos falando doutra cousa, non estamos falando de condicións laborais; iso pode ser motivo doutra proposición. Espero que esta non sexa unha escusa para non apoiar a posta en valor e a potenciación da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.

Eu vou recordarlles o que dende o Grupo Popular solicitamos na nosa proposición non de lei: «Instar a Xunta de Galicia a potenciar a investigación no eido da medicina xenómica, co

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

establecemento de acordos de investigación con outras entidades, preferiblemente de carácter público, que permitan xerar un valor engadido en materia de detección precoz aos traballos realizados pola Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica». Así quedaría unha vez incorporada a emenda do Partido Socialista. Este é o texto que hoxe está no debate e que persoalmente sinto que todos deberiamos de apoiar.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noelia Otero Lago e Dª Noa Susana Díaz Varela, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia no que atinxe á cobertura docente dos centros de ensino para o vindeiro curso 2023-2024

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Marisol Díaz Mouteira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 57772 (11/PNP-004657).

Emenda de substitución:

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir velando pola mellora continua do ensino galego desde o exercicio das competencias que ten atribuídas a Administración educativa galega e cunha interlocución constante coas organizacións sindicais.")

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición, ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Moi boa tarde a todas e a todos.

Nós, neste debate, neste contexto do inicio escolar no que queremos analizar e fixar a vista na situación do sistema educativo público en Galicia, non podemos comezar máis que lamentando a situación que padecen e que sofren as familias galegas este mes de setembro neste inicio de curso. Unha eiva, unha desigualdade que, se ben é certo na que vimos insistindo non só cada comezo de curso, non só ao longo deste último ano, non só nesta lexislatura, senón en todos estes anos, se ben é certo, este ano déixanos, aínda que era previsible, unha situación certamente delicada e certamente preocupante.

E falamos de eiva e de desigualdade. Mañá teremos oportunidade de falar en concreto da situación económica que padecen as familias galegas na volta do curso escolar polo empeci-

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

namento do Partido Popular de non recuperar ese sistema de préstamo universal de libros de texto. E falamos de eiva e de desigualdade porque, como xa temos sostido neste parlamento, lamentablemente, mentres no resto de comunidades autónomas nos últimos anos se ten camiñado na dirección contraria, é dicir, asumindo esa gratuidade universal que faga valer eficazmente ese dereito a un ensino público e gratuíto, aquí en Galicia —cómpre lembrar e lamentar unha vez máis— onte comezaba ese curso escolar e coa chegada do señor Alberto Núñez Feijóo a súa primeira medida no ámbito educativo foi eliminar ese sistema de préstamo universal de libros de texto. Un sistema, unha eiva, unha desigualdade que non só mantén ou sostén o actual presidente da Xunta de Galicia senón que temos visto estes días como a defende o señor Rueda.

Xa o ano pasado falabamos e falaba do inicio do curso polo encarecemento dos prezos máis altos da historia, e este ano novamente sabemos que temos outra vez o inicio de curso máis caro da historia para as familias galegas. Xa son moitos —porque tamén di o conselleiro que está aburrido de manter este debate, di que é un empecinamento dos grupos de esquerda, do Partido Socialista— os estudos, as enquisas, os indicadores que sitúan, que recoñecen que tres de cada catro familias galegas se teñen que endebedar para facer fronte ao inicio do curso escolar. Outros datos apuntan que o 76 por cento —case o 80 por cento— das familias con nenos e nenas en idade escolar en Galicia teñen que pedir créditos ou préstamos para asumir o inicio de curso.

E ante esta situación non só lamentamos que o conselleiro de Educación non estea dando a cara e comparecendo neste parlamento neste inicio de curso, senón que xa temos manifestado, lamentado e censurado a súa insensibilidade arredor desta situación e deste contexto, senón que, facendo gala da mesma insensibilidade, temos que censurar tamén as palabras do presidente da Xunta de Galicia nestas últimas horas arredor da situación que están a padecer as familias galegas co inicio do curso escolar. De calquera xeito, mañá este grupo parlamentario, o noso voceiro pois traerá este asunto que si preocupa, que é capital, ás preguntas ao presidente da Xunta de Galicia. A ver se pode negar e dicir que funciona o actual sistema cando o 80 por cento —dicimos— das familias galegas teñen que recorrer a créditos e préstamos para asumir os libros de texto e os materiais obrigatorios no ensino público.

Pero, ademais deste problema, dende logo económico, neste inicio de curso escolar, tamén temos que amosar a nosa preocupación pola situación do profesorado e pola situación dos recortes. Segundo o conselleiro, tamén esta é unha teima, un slogan da esquerda ou do PSdeG. Pero a través de iniciativas —como sempre lembramos—, en concreto, arredor de todo o territorio de centros de ensino de primaria e de secundaria, nós cuantificamos cal é a situación, que xa no verán —como vén sendo habitual— coñecemos tamén a través das protestas e mobilizacións que se protagonizaban en moitos centros do país.

E, por certo, cun inicio de curso sobre o que, ante a situación dos docentes, os recortes e a situación do noso ensino, planea unha folga e as mobilizacións que veñen anunciando as distintas centrais sindicais.

A consellería o lamentable é que leva moito tempo instalada nunha fuxida cara a adiante, non escoita, non dialoga e mesmo incumpre os seus propios compromisos públicos arredor da necesaria negociación e reivindicacións do profesorado galego.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Asuntos pendentes dende hai anos, como a recuperación do horario lectivo, a redución das ratios —agora aproveitando ademais a baixada de matriculación en infantil ou en primaria— ou a necesaria redución da excesiva carga burocrática, asfixiante en moitos casos. Son reivindicacións —como dicimos— que levan moito tempo sobre a mesa, que a consellería non quere escoitar. E, polo tanto, estamos nun comezo de curso onde xa a comunidade docente pero tamén as distintas centrais sindicais están a dicir que xa abonda.

O conselleiro non comparece, pero xa nas entrevistas estes días di que non hai recortes, que se o Informe PISA, esquecendo precisamente que, se os bos indicadores que temos no sistema público de ensino na nosa comunidade son mérito de alguén, é precisamente destes docentes, os que a Xunta, por certo, castiga co maior horario lectivo de todo o Estado, que sitúan Galicia ademais, en canto aos dereitos dos docentes, no vagón de cola.

En canto ao número de alumnado permitido por clase, maquilla as ratios. Fai unha media interesada e perversa, mesturando o que acontece nas zonas urbanas co ensino rural cando moitas comunidades autónomas. Xa que lle gusta facer comparacións ao señor conselleiro, estamos aquí en Galicia con 25 alumnos en infantil, mentres noutras comunidades lembramos están xa nos 20, ou con clases por riba de 30 alumnos e alumnas en secundaria, como estaban a denunciar hoxe mesmo institutos de Vigo, esta mesma tarde, co inicio de curso; clases en secundaria por riba dos 30 alumnos, cando se fala de ratios necesarias para esta etapa educativa de 25.

A baixada da matrícula infantil e de primaria, pola fonda crise demográfica, é para o Partido Popular a escusa. Benvidos, porque cando este grupo parlamentario tamén trae medidas e pide medidas para atallar esa fonda —dicimos sempre— crise demográfica, en materia de emancipación de vivenda, de precariedade laboral e inestabilidade para a mocidade, dinnos que somos catastrofistas, que todo o vemos moi negativo. Pero daba gusto escoitar —iso si— o señor conselleiro, o señor presidente da Xunta ou a señora Paula Prado falar e xustificar os recortes, que eles chaman axustes, no ámbito educativo dicindo que é que estamos lamentablemente nun inverno demográfico, que non interesa escoitar á hora de facer políticas pero si á hora de meter a tesoira en canto aos servizos públicos, como vimos denunciando dende hai moitos anos. *(Aplausos.)*

Ben, din que é unha teima da oposición. Queremos lembrar casos concretos. Como diciamos, onte mesmo 900 alumnos e alumnas plantaban o primeiro día de curso escolar as clases no concello da Laracha, no instituto e no colexio, denunciando a situación que están a padecer. Vimos tamén este verán as ANPA en toda a Costa da Morte en pé de guerra. E son moitos os centros, porque esa falta tamén de transparencia lévanos a que teñamos que esperar a esta semana para saber exactamente cal é a realidade. Os Muíños, en Muxía; San Luis Romero, en Carballo; como diciamos, o IES Agra de Leborís, na Laracha; o CEIP Otero Pedrayo, na Laracha; en Ourense, o CEIP A Ponte, o único centro, o único colexio público no que mesmo tendo máis matrícula se suprime unha aula de infantil; o CEIP da Pobra do Brollón, en Lugo; o CEIP Ricardo Gasset, no Incio; o Otero Pedrayo, en Rábade, que a alcaldesa do Partido Popular coñece moi ben este centro e onde onte as alumnas e os alumnos cortaban o tráfico en protesta polos recortes; o Bouza Brey, en Ponteareas; e así poderiamos seguir engrosando a lista.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Son catorce anos axustando o ensino público e, como diciamos, os sindicatos e a comunidade docente din que xa abonda. Decisións unilaterais e inxustificadas que non levan —e isto pedimos nesta iniciativa— á Mesa Sectorial de Educación. A propia Consellería de Educación no curso pasado comprometíase publicamente a reunir esa Mesa Sectorial de Educación. Rematou o curso pasado, temos comezado esta semana o curso actual e non houbo nin hai á vista convocatoria da Mesa Sectorial, e os temas a tratar son máis que urxentes.

Xa se cumpriu máis dunha década, once anos en particular, desa decisión do ministro do Partido Popular, o señor Wert, no ano 2012, asinada polo presidente do Goberno do Partido Popular, o señor Mariano Rajoy, de racionalización do gasto no ámbito do ensino, unhas medidas urxentes que recortaron dereitos a unha comunidade docente, que se foron recuperando no resto de comunidades autónomas.

E xa é hora de escoitar, porque, como lembraba onte mesmo UGT, era unha medida temporal, que no caso de Galicia, do Partido Popular, nunca chega á súa fin. Outra vez máis en Galicia situámonos á cola a nivel estatal en canto a dereitos docentes, á cola. O profesorado precisa tempo, demanda tempo, para a planificación, a coordinación e a atención ao alumnado con necesidades específicas especiais, que non deixa, por certo, de aumentar e recuperar esas horas lectivas; igualmente, a cobertura de baixas. O ensino non pode ser de calidade se a ratio non se axusta, como diciamos, ás necesidades actuais específicas de cada centro.

Polo tanto, nós instamos, porque xa abonda, que se mude a actitude, que convoquen a Mesa Sectorial, que se abra ese diálogo, comprometido xa o curso pasado pola Consellería de Educación, e que se poña en marcha tamén —importantísimo— un plan específico para o rural, o máis afectado por eses recortes. Se non queremos que o rural esmoreza, xa abonda, como diciamos, de recortar servizos públicos nel.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario Popular, señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidente.

Señorías, boas tardes.

É o meu primeiro inicio de curso como portavoz de educación e intentei recabar información e dar un repaso a como tiña sido nos anos anteriores, señorías, e a conclusión á que cheguei é que era máis do mesmo. Estamos no inicio do curso 2023-2024 e despois da súa intervención, señora Otero, máis do mesmo. E así dan fe as notas de prensa recabadas doutros inicios de curso; pódollas ensinar, que as teño aquí; anos 2010, 2011, 2012, 2013, 2014, todas inciden nas mesmas cuestións: perda de persoal docente, programas de diversificación curricular que necesitan alumnos, supresión de unidades lectivas, agrupamentos...

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En definitiva, máis lle digo: semella que, repasando as novas, houbera como un intercambio de cromos entre o PSdeG e o Bloque Nacionalista Galego. Cada ano fan como unha repartición de papeis ou temas, intercambiando asuntos. Falta ir á Mediateca e na comisión 4ª do 16 de setembro de 2022 o BNG colleu a bandeira da redución de docentes, testemuño que colle hoxe o PSdeG. E así, señorías, o PSdeG o curso pasado colleu o testemuño dos libros de texto —que están vostedes e son os máis apropiados para falar de libros de texto, cando hai unha lei como foi a Lei Celaá, que obrigou a cambiar e mercar ás familias libros novos sen aportar nin sequera un euro—. Pero disto, como vostede tamén o introducían, falaremos mañá.

A Consellería de Educación, Cultura, FP e Universidades cada curso cumpre a súa obriga de planificar, de regular, de administrar o ensino regrado nos diferentes niveis, graos, modalidades e especialidades. E un curso máis tomou as decisións necesarias, señorías, tendo en conta criterios pedagóxicos, demográficos, xeográficos e de xestión responsable de recursos, o que permite, señora Otero, que cada centro conte coa dotación necesaria.

Falaba vostede dalgún centro. Non podo detallar, pero precisamente acábame de chegar información do IES da Laracha. Tiña 43 mestres para 20 unidades, agora ten 41 mestres para 18 unidades; a proporcionalidade é total e absoluta co número de alumnado. E en relación co IES, simplemente que vai contar cun docente máis, así que nin sequera van diminuír.

Pero ben, cada curso escolar —dicía— implica adecuar abondosos e numerosos recursos materiais e humanos para atender ao alumnado, que cada ano sofre variacións, tendo en conta distintas necesidades e os distintos lugares. Cada ano é unha realidade ben distinta, pero vostede, señora Otero, reitera as mesmas críticas e as mesmas acusacións: que o ensino galego empeora, pero a realidade, señora Otero, é moi diferente á que falan vostedes, señorías. E ano a ano non é esta deputada a que inventa nada nin o conselleiro de Educación, senón que o sistema educativo galego vén avalado por uns resultados e por uns datos, e iso é o que realmente a amola, porque o caso é que vostedes o saben e non entendo ou non entendemos por que reiteran o seu discurso.

Vostedes levan anos, dende que foron desaloxados do Goberno da Xunta polas galegas e polos galegos, instalados na estratexia de facer política co ensino e sen importarlles en absoluto a política educativa nin os resultados, avalados, que existen na actualidade. Vostedes saben —e é o que os amola— que a educación en Galicia ten boa saúde, e así o din os indicadores —e vostedes ben os coñecen— que avalan a calidade e a equidade, como é o informe PISA; e aválanos en competencias como ciencias, matemáticas, lectura, a igualdade de oportunidades e a tolerancia e o respecto a outras culturas.

Din que defenden o ensino galego e o único que fan, criticando o Goberno galego, é desprestixiar un bo sistema educativo. Se non, a Consellería de Educación é o terceiro ano que inviste o orzamento máis alto da historia, con case 2.900 millóns. Do total do orzamento case o 90 por cento, señora Otero, está destinado ás retribucións do persoal docente e ao persoal complementario das unidades de educación especial.

Malia o importante descenso demográfico, a consellería mantén a estrutura dos centros educativos e a dotación de todo o profesorado necesario para atender ao cen por cento das necesidades e garantir a calidade do ensino.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, ademais, Galicia é unha das comunidades con maior proximidade da poboación aos servizos básicos, entre eles a educación. Por falta de alumnos, si, este ano non abrirán Torrexallóns, en Laxe, unha matrícula, señora Otero; Carcacía, en Padrón, dúas matrículas; e a escola infantil —por facelo extensivo ás escolas infantís— de Carnés, en Vimianzo, con catro matrículas. Vostedes saben que a realidade é outra. O peche, señorías —e sábeno perfectamente—, é o último recurso para a Xunta de Galicia.

Dende 2009 tomáronse decisións baseadas fundamentalmente na evolución demográfica. Pero miren para atrás. ¿Por que non mirou vostede hoxe para o Bipartito, que pechou un centenar de centros nunha lexislatura?, e por decisión de carácter estrutural. Pero iso é bo recordarllo, pero non a vostede, señora Otero, nin ás señorías da oposición, senón que é bo recordárllelo ás galegas e aos galegos, porque o Bipartito (PSdeG-BNG, BNG-PSdeG) non tiña un problema de demografía, como hai actualmente, e pechaba centros. Mire, eu recórdollo: 103 nunha lexislatura, fronte a 9 que pechou a Xunta de Galicia do Partido Popular. *(Aplausos.)* Esa é a diferenza, señora Otero. E mire, 20 de media por ano e con ano récord no ano 2006, pechando 28 centros. Esa é a realidade, e non llo lembro a vostede —insisto— senón ás galegas e aos galegos.

En todo caso, estamos acostumados á súa visión negativa de calquera adaptación ou reorganización, porque diso se trata. Cada curso ten unha realidade distinta e vostedes convérteno en ataques globais ao conxunto da política educativa.

Un ano máis, no inicio do curso tanto dende a oposición como dos sindicatos denuncian números á baixa para denunciar recortes. Ten que haber os docentes que son precisos en cada momento, señora Otero, atendendo ás necesidades de cada centro educativo. ¿Como poden falar vostedes de que hai recortes se este curso 2023-2024 vai haber 370 docentes máis? A ver, non saen as contas. Onte arrancou o curso: 311.823 alumnos, 225.000 do ensino público, con 11.924 aulas. A pesar de vivir unha redución progresiva do alumnado e a pesar de ter 2.000 alumnos menos, hai 370 profesores máis. Eu creo que lles fallan as contas. 260 para fomentar, seguir fomentando a FP; 70 para seguir previndo o fracaso, seguir previndo o abandono, para atender á diversidade; 40 para ese repunte de alumnado que hai nese bacharelato. *(Murmurios.)* Non, non diga que non, porque os números están aí, señora Otero.

E en infantil e en primaria si é verdade que non hai variacións, a pesar de que haxa sindicatos, como a CIG, que falan de redución de 89 mestres.

A Xunta de Galicia, señorías, é consciente de que o profesorado é o piar do sistema. Pero ¿como non vai selo? Grazas a eles conseguimos os grandes resultados en calidade, en equidade, en igualdade de oportunidades, por máis que os amole, señorías da oposición. 4.000 prazas de novo ingreso e estabilización nos anos 2022-2023; a taxa máis baixa de interinidade —tamén me dirá que non—, un 8 por cento fronte ao 25 por cento estatal.

E despois carga con vehemencia contra as ratios. Pois mire, voulle recordar, señora Otero, en particular a vostede, claro. As ratios veñen establecidas pola normativa estatal. En Galicia o 70 por cento das aulas teñen 20 ou menos alumnos e o 30 por cento 10 ou menos alumnos. Para nada se axustan á ratio aprobada pola nova lei educativa, que mantiveron as ratios. Se

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tanto a querían modificar, señora Otero, terlle mandado unha mensaxe ao seu presidente, o señor Sánchez, para que modificara na lei educativa as ratios; e agora reclámanlle á Xunta de Galicia que as baixe. ¡Home!, sexan un pouco coherentes, e reclámenlle ao señor Sánchez e non á Xunta de Galicia do Partido Popular.

E, ademais, hai que engadir que estamos nos postos de cabeza na ratio alumno/profesor, cunha media de 9,8 estudantes, fronte a 11,4 en España.

E a todo isto tamén engadir a interlocución constante que mantén a consellería coas organizacións sindicais. E froito diso foron procesos tan importantes como o de estabilización con concurso de méritos de 1.161 prazas de novos funcionarios, axilizar a cobertura de interinidades e substitucións, mellora nos dereitos e nas condicións da conciliación da vida laboral e familiar, integración dos profesores técnicos de FP coa creación dun complemento salarial, única comunidade autónoma que o fixo. E despois ten vostede algo que dicir do sistema educativo.

E así vai seguir, señora Otero, así vai seguir o diálogo coas organizacións sindicais, así vai seguir e así se presenta esta emenda por parte deste Grupo Parlamentario Popular, porque así o dixo o conselleiro estes días, o señor Román Rodríguez, que todo se pode falar e claro que si que todo é mellorable.

En todo caso, señora Otero, señorías da oposición, Galicia conta cun sistema educativo dos mellores de Europa. ¿Por que? Pola constancia, polo esforzo, por políticas educativas sensatas e estables, e sobre todo porque se segue co horizonte posto en seguir mellorando.

Ao PSdeG interésalle máis criticar un goberno do PP que falar dos efectos negativos que tivo para a educación o goberno socialista do señor Sánchez, un goberno que aprobou a LOMLOE, a Lei orgánica de ordenación e integración da FP, e fixo desenvolvementos normativos con atrasos e moitos desacertos. As súas críticas non se sosteñen, señora Otero, e non llo escoita ninguén, non llo escoita, porque así llo din as galegas e os galegos nos derradeiros anos.

Paren un pouquiño, esperemos que acepten esa emenda de substitución. Podemos presumir e estar orgullosos do sistema educativo galego. Queremos seguir traballando todos xuntos, a poder ser, para seguir camiñando cara a adiante, e —¡como non!— escoitando as organizacións sindicais para seguir avanzando en favor dos nosos rapaces e rapazas e das nosas familias.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Mouteira.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Fernández Davila.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Grazas, señor presidente.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Boas tardes a todas e a todos.

A Xunta de Galicia, e máis en concreto a Consellería de Educación, pois ten acostumada a comunidade educativa galega a máis recortes no ensino público cada verán. Cada inicio de curso comprobamos que en Galicia temos menos centros abertos, e nos que aínda o están o número de unidades vense mermadas a un ritmo vertixinoso en función dunha ratios que só contemplan o número de matrículas en cada aula a nivel educativo e non en función das características do lugar e concello onde radica o centro escolar.

A Xunta debera ter en conta cuestións como son a dispersión xeográfica e demográfica, o tempo investido polo alumnado no traxecto de transporte escolar ou a fixación da poboación no rural como algo urxente e primordial para o noso país, e deixar de agocharse detrás de argumentos como o que acaba de facer a portavoz de educación do Partido Popular, como o descenso da matrícula ou a natalidade.

Estas medidas de redución de medios materiais e de profesionais no ensino pois afectan na meirande parte dos casos as escolas públicas no rural, sumándose á falta doutros servizos de calidade, como é o transporte interurbano, transporte escolar, servizos de conciliación nas escolas, servizos sanitarios, cobertura da internet, etc.

Como sempre, pola porta de atrás, o mesmo día que publicaban estes recortes aumentaban o financiamento de centros educativos privados, que ata o pasado mes de xuño segregaban o seu alumnado por razón de sexo e que a partir de agora serán mixtos, pero tan só en 1º de primaria; non se ofertou aos dous sexos o resto de niveis nin de etapas. O que fixeron estes centros foi branquear así unha situación que a lei actual, a LOMLOE, obriga a regularizar pero que deste xeito levará facelo así como unha década.

Falamos dun desvío de fondos do ensino público ao privado de 1.900 millóns de euros no período de vixencia deste acordo, mentres os centros de ensino público pois carecen de docentes suficientes para non ter unhas ratios tan elevadas dentro das aulas.

Dicir que o que comentaba a portavoz do Partido Popular de ensino era que esas medias que se fan son tendo en conta o número de alumnos que teñen no rural. Se imos ao número de ratio que teñen nas vilas ou nas grandes cidades, pois evidentemente, como dicía a deputada do Partido Socialista, os números son outros.

Carecen tamén os centros de ensino —dicía— de orientadoras e orientadores que poden atender ao alumnado con necesidades educativas, e tamén de especialistas de pedagoxía terapéutica, audición e linguaxe, ou mesmo auxiliares de coidadores que poidan facer avanzar ao alumnado, tanto a nivel persoal como educativo, para non deixar ninguén atrás, que creo que é primordial, e así conseguir desenvolver as potencialidades que cada alumna e alumno ten.

Neste intre histórico, a Xunta de Galicia e a Consellería de Educación deberían aproveitar esta situación para non diminuír novamente o persoal docente e mellorar así a calidade educativa, tendo en conta precisamente o menor número de matrículas que existen na actualidade.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nesa liña no día de onte o sindicato maioritario do ensino público en galego, a CIG, instou o conselleiro a iniciar as negociacións este mesmo mes para recuperar o horario de 18 horas en secundaria, FP e ensinanzas de réxime especial; a 21 horas en infantil, primaria e educación especial, que foron eliminados por Feijóo e Rajoy. Isto reduciría as ratios, como xa fixeron noutras moitas comunidades autónomas. Tantas son que Galicia é a única que aínda non recuperou este dereito laboral para os docentes.

Así que, cunha unha folga nas portas, deberan atender ademais á negociación para eliminar as abafantes tarefas burocráticas que consomen un tempo que debería empregarse para a innovación pedagóxica e atender á diversidade como corresponde.

A orde publicada no DOG do día 18 de agosto é clara. Este curso escolar 2023-2024 estará marcado pola supresión de 89 prazas de profesores e profesoras, 38 de infantil, 51 de primaria, e de entre eles, que é unha mágoa, 7 son de educación especial, xunto cunha redución de 60 unidades en centros educativos e o peche definitivo desas tres escolas situadas xustamente no rural galego: en Laxe, en Padrón e en Vimianzo.

Pero, mentres isto acontece, na realidade o PP, que ten unha realidade virtual que xa recoñeceron os do Partido Popular esta mesma mañá, manifesta nos medios de comunicación do pasado xoves día 7 de setembro que neste curso precisamente amplía a plantilla en 370 profesores e profesoras máis.

Debera aclarar o conselleiro de Cultura e Educación, señor Román Rodríguez, xa que a portavoz do Partido Popular de ensino evidentemente non debía coñecelo, pois nalgún momento como son esas contas que fan e eses contratos, xa que o curso pasado xa tiñamos profesorado con nóminas pagadas con fondos europeos e este curso escolar todo indica que proceden desta mesma liña de financiamento, que afectarán sobre todo aqueles docentes adscritos aos novos ciclos formativos a distancia da formación profesional. Pero a comunidade educativa ben coñece que eses postos serán suprimidos en canto desaparezan os fondos, xa que as prazas non figura na RPT da Consellería de Educación.

Tamén o Partido Popular disfraza os datos do investimento en educación. Mentres os representantes da Xunta din que somos a comunidade que máis inviste por alumno e alumna, os datos oficiais de 2022, que recolle no seu informe a IXAE (Intervención Xeral da Administración do Estado), sitúan Galicia na cola das comunidades autónomas españolas, tan só superada por comunidades como Asturias, Madrid, Castela-León ou Castela-A Mancha, que aínda investiron menos. Galicia gasta por habitante no ensino unha media de 1.043 euros, 57 euros menos da media estatal, e nesa mesma liña estivemos situados todos e cada un dos anos da última década, investindo non só pouco senón, á parte, investindo mal, xa que destes orzamentos hai un desvío moi importante cara ao sector privado.

A memoria socioeconómica do CES para o ano 2022 —que tamén son datos oficiais— reflicte uns datos moi importantes e moi preocupantes. As unidades educativas reducíronse no curso 2021-2022 en 131 unidades, alertando o informe de que as políticas para fixar a poboación no rural debería acompañarse da dotación dos recursos suficientes, humanos, materiais e tamén tecnolóxicos.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ante estes datos, queda claro que dende o 2009, no que o Partido Popular colleu o Goberno da Xunta de Galicia, cada ano o Executivo destinou cada vez menos orzamento e polo tanto menos recursos no ensino público. Datos oficiais.

As consecuencias desta falta de investimento suficiente pois evidentemente repercuten en toda a comunidade educativa, nos docentes, nas direccións dos centros, no alumnado e tamén nas familias. Todos estes sectores pertencentes á comunidade educativa deben compensar a falta do apoio da Xunta con moito máis esforzo, tanto persoal como económico, e tamén de horario, para que o alumnado note o menos posible esta merma do servizo.

Quero lembrarlles que o ensino é un servizo básico que forma e prepara, tanto a nosa infancia como a nosa mocidade, para que como sociedade teñamos un futuro mellor. Polo tanto, a realidade é que, se non reverten esta decisión, esta nefasta decisión, neste curso escolar haberá centros que non abran as súas portas esta semana; centros todos eles situados no ámbito rural, e que, como dixen, forman parte dun dos servizos máis básicos que debemos manter para poder fixar a poboación nas nosas parroquias e aldeas.

Non é o escolar o único servizo preciso para atraer novas veciñas e veciños aos nosos concellos, pero si que as familias sobre o primeiro que se informan cando pensan afincarse de xeito estable é pola situación da escola que lle corresponde e tamén sobre a parada do bus escolar.

Estes recortes que agora aplican vostedes xa foron advertidos en xullo, e a comunidade educativa e a CIG xa solicitaron á Consellería de Educación que traballen para mellorar a calidade do ensino, revertendo esta decisión. E iso debe pasar por aumentar os recursos, tanto de profesorado e de apoios educativos para necesidades específicas como de recursos materiais ou mesmo de dotación económica para os centros educativos.

A pesar disto, o Goberno galego decidiu seguir adiante con estes recortes, non fan caso nin escoitan aqueles sectores implicados que lles están facendo chegar a voz de alarma dos problemas tan graves e acuciantes, que precisan unha solución áxil.

Dende o Grupo Parlamentario do BNG pensamos que o Partido Popular aínda está a tempo de dar un paso atrás e rectificar a decisión tomada, e por iso votaremos a favor da proposición do Grupo Socialista.

Grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Fernández Davila.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Grazas.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ben, señora Díaz Mouteira, basea a súa réplica en que as iniciativas que traemos no ámbito da defensa do ensino público e da educación pública son máis do mesmo dende o ano 2010; claro que si, claro que si; xa llo dixen eu na miña intervención: que seguimos, seguiremos cada comezo de curso defendendo o ensino público, gratuíto, universal e en termos de igualdade, un ensino público gratuíto e universal que en termos de igualdade deixou de existir en Galicia á chegada do señor Alberto Núñez Feijóo á presidencia da Xunta de Galicia, eliminando ese sistema universal de libros de texto, que si funciona e vai funcionando cada vez máis en máis comunidades autónomas, mesmo do Partido Popular, pero que aquí se negan a aplicar.

A consecuencia ¿cal é? Este ano, o peor de todos, un 80 por cento das familias galegas con escolares que se teñen que endebedar para asumir o inicio do curso escolar. ¡Máis do mesmo! ¡Claro que si! Porque se negan a escoitar, non só o PSdeG, senón o que están a demandar as familias galegas, señora Díaz Mouteira.

¿Que seguimos falando de recortes? Claro que si, porque este ano, sen ir máis lonxe, estamos a falar do recorte de 60 unidades polo menos en infantil e en primaria, porque estamos a falar de polo menos 100 docentes menos en infantil e en primaria. E digo polo menos, porque hoxe mesmo diciamos que ao comezo de curso, ante esa práctica escurantista que leva por bandeira a Consellería de Educación, estámonos a enterar de que o recorte é maior.

Falaba hoxe mesmo de que na cidade de Vigo se deu unha rolda de prensa para valorar o inicio de curso en Vigo e comarca. En institutos como por exemplo Igrexa, en Candeán, que tiña unha planificación co número de profesorado onde teoricamente non recortaban, a consellería vén de comunicar, xa co curso comezado, este mes, que unha profesora, que ademais teña titoría, pois se xubila e que non a van substituír. O mesmo acontece en Rábade; non é que haxa menos matrícula, senón que van unir e xuntar 4º e 5º pola xubilación tamén dunha mestra, que se negan a substituír.

O que fan é retorcer as cifras e os números, e nós trasladamos casos, como dicía, concretos, números e cifras. E de verdade que a animo —e doulle a benvida e encantada de debater con vostede— a que falemos do concreto, e non de consignas e de propaganda, como estamos afeitos dende a Consellería de Educación. ¿Así que máis do mesmo? Si, ata que entren polo aro, e non por empecinamento do PSdeG.

Dicía vostede que iso dos recortes tamén é un invento. Case 900, nin máis nin menos, nun concello como A Laracha, 900 alumnas e alumnos que deron plantón ao arranque de curso polos recortes, ¡900! Máis dun millar de persoas mobilizadas se xuntamos alumnado, docentes e familiares. *(A señora Otero Lago mostra un documento.)* Só na Laracha. No concello de Rábade, que —dicía— coñece moi ben o Partido Popular —que lle pregunten á alcaldesa—, os alumnos cortaban onte o tráfico, señora Díaz Mouteira.

Polo tanto, fala vostede tamén de diálogo —¡de diálogo!—. As distintas centrais sindicais —non unha, non só a CIG, non só ANPE, senón Comisións Obreiras e UGT— están anunciando mobilizacións e mesmo folga pola actitude da propia Consellería de Educación, que o curso pasado anunciaba a convocatoria desa mesa sectorial —que é onde se teñen que

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

negociar as unidades, as ratios, a carga lectiva, etcétera, e que é o seo onde con diálogo se teñen que tomar este tipo de decisións que a Consellería de Educación toma de xeito unilateral—, e, xa lle digo, rematou o pasado e comezou este e non hai absolutamente nada, nin data de convocatoria. ¿Que diálogo di vostede que ten que se manter se non existe absolutamente ningún?

¿Temos ou non temos o colectivo docente co maior horario lectivo ou coa maior carga lectiva de todo o Estado, señora Díaz Mouteira? ¿Recuperaron horario lectivo o resto de comunidades autónomas despois dos recortes implementados polo Partido Popular no ano 2012, si ou non? ¿Por que en Galicia non, e néganse a escoitar a comunidade docente? ¿Por que se negan a implementar ese plan específico para o rural que están a demandar todas as ANPA? ¿Por que, se existe? ¿Por que queren tomarnos o pelo cunha emenda de substitución? Eu digo, como engádega, acéptoo, se quere, pero non como unha emenda de substitución, que di o seguinte —nesa redacción retorcida á que xa nos teñen afeitos cando queren disimular o voto en contra de asuntos capitais como é este e nos presentan este tipo de emendas—: «*O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia...*» —sen lela de seguro que xa todas e todos os deputados coñecerán en que consiste esta redacción— «*...a seguir velando pola mellora continua do ensino galego...*». ¿A seguir? ¿Seguir así é o que queren vostedes? Pero, ao mellor, é cunha interlocución constante coas organizacións sindicais; esas mesmas que este comezo de curso están anunciando folga e mobilizacións porque din que xa abonda de tomar o pelo. *(Aplausos.)*

Así que a nosa proposta —para rematar— é que se queren contribuír á nosa iniciativa, nós estamos encantadas e encantados de aceptar como engádega a súa emenda. Pero máis maquillaxe e máis enganos, vista a situación, pois, evidentemente, non; e, se non, pois seguiremos —claro que si— con máis do mesmo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Mercedes Queixas e D. Daniel Castro García, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que apoie a proposta de utilización das linguas cooficiais, nomeadamente o galego, nas intervencións das deputadas e dos deputados galegos no Congreso dos Deputados

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Obrigada, presidente.

Moi bo serán, señorías.

Nacemos da lingua popular á lingua culta, da lingua oral á lingua escrita, da lingua do pobo á lingua de reis. Somos un pobo cunha lingua feita con retallos do tempo nunha historia que camiña entre fendas e costuras. Somos unha suma de voces entrecortadas por silencios impostos; silencios impostos por imperialistas fracasados —como definiu Castelao—; silencios

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

sectarios que impediron a Alexandre Bóveda despedirse na súa lingua perante os seus asasinos; silencios de profesorado obrigado a anular a lingua da casa das crianzas a base de vara e castigo. «Nunca esquecerei como a mestra me partiu o nariz ao recitarlle poemas de Rosalía e García Lorca que lía na casa», cóntame unha e outra vez Teresa.

Con todo, o pobo galego non cedeu, non abandonou nunca a súa lingua. O orgullo do noso fixo avanzar as nosas palabras, de resistencia en resistencia, indomábel. O Padre Sarmiento recolleu todo canto oía na voz do pobo naquela lingua; si, lingua, non «infradialecto do castelán», como dicían e como el ben explicou de forma científica. Rosalía de Castro asumiu o grande atrevemento de escribir nunha lingua na que non fora alfabetizada e que aprendera de oídas na voz do pobo. Pondal recolleu unha lingua de ferro e entregounos unha lingua de ouro. Curros Enríquez tronzou valos de ignorancia e submisión para chamar en galego pola liberdade e o progreso.

Con esta semente e moita máis de estima colectiva fomos recuperando os nosos nomes propios, os nosos antropónimos, os nosos topónimos. Chegamos, por fin, a ser lingua da escola, das institucións, dos medios de comunicación públicos e tamén —e agora cada vez máis— das neofalantes —entre as que me inclúo—. «Falar galego é a única forma de demostrar o amor pola terra», son palabras de Iago, un mozo coruñés de 19 anos que hai apenas dous decidiu que a súa vida tamén se tiña que construír en galego; nunha lingua que xa perderan os seus pais e os seus avós pola quebra de transmisión xeracional. Somos, coa forza do noso amor —que nunca é inútil—, lingua do mundo, unha lingua sen fronteiras, para falar e sentir unha aperta multicultural. E sómolo por orgullo, por convicción, por amor propio e tamén porque nos pertence como un dereito lingüístico fundamental. E somos lingua oficial, lingua de todos e de todas e lingua para todo, porque a nosa lingua é a chave coa que abrimos o mundo.

Malia algunhas resistencias que teiman en inmobilizarnos ou mesmo en facernos recuar, as oportunidades para a lingua galega avanzan, e no BNG, coma sempre, queremos darlles a man e acompañalas. Estamos a piques de lle abrir a porta a unha nova oportunidade para a lingua galega, demandada —certo é— polo BNG en numerosas ocasións e en diferentes institucións, mais que agora por fin ten a perspectiva de callar por insistencia das que sempre o demandamos, como no BNG, mais tamén pola rectificación de quen primeiro o negou. É boa nova que o Partido Socialista entenda por fin a importancia de garantir e de visibilizar o uso das linguas oficiais dun Estado plurilingüe por definición e de facilitar os medios para o uso do galego no Congreso por parte dos deputados e das deputadas galegas. Un avance simbólico, mais moi importante, que pon fin, catro décadas despois, a unha anomalía democrática; si, esa democracia defectuosa, como dicía hoxe o deputado do Partido Popular, o señor Pardo —agora ausente na Cámara—, mais que debe ser o primeiro doutros moitos avances que precisamos e que lle vaian poñendo cabo a tantos impedimentos aínda agora en 2023 para nos desenvolver en galego con normalidade, por exemplo, no poder xudicial, na Administración xeral do Estado ou tamén no audiovisual.

É unha boa nova que recibimos, por suposto, todas e todos.

Mais aínda hai —como sempre— quen quere negalo. Seguir á contra de calquera avance para o galego é ficar sós, na marxe. O negacionismo, o non do PP a calquera avance para a

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lingua galega que sexa lingua oficial de pleno dereito —polo tanto, de uso normal por parte dos deputados e deputadas galegas nas súas intervencións na tribuna da Cámara— non se fixo esperar. Feijóo —o renegador primeiro do galego e parece que agora tamén do artigo 3 da Constitución— amosouse claramente contrario dende o primeiro momento, mesmo chegando a desprestixiar o importantísimo labor de tradutores e de intérpretes, mofándose dos «pinganillos». Teño que dicir que non sei se isto sería máis ben una exculpación, unha escusa, porque polo que lle escoitei aquí nesta tribuna, neste Parlamento, nas intervencións ao señor Feijóo, desde logo o nivel de galego non pasaba o Celga 2; ou se será tamén algo de ignorancia do que acontece noutros parlamentos, como xa moi ben lle explicou a nosa eurodeputada Ana Miranda. *(Aplausos.)*

¿Como esperar algo a favor do galego e, polo tanto, a favor de Galiza do señor Feijóo cando, na súa táboa de principios variábeis —é dicir, «cambios de opinión», como dicía tamén na intervención anterior o señor Pardo—, pasou de afirmar que nunca pactaría con Vox por ser un partido contrario a Galiza a pactar onde tivo a máis mínima oportunidade e tamén necesidade por ambición de poder, ou onde agora mesmo, nestes días, pactaría se puidese ou fose preciso para presidir o Goberno do Estado. Grazas que hai unha maioría social representada nas Cortes que o vai impedir.

E como a sombra negacionista do Partido Popular é moi alongada, faltaba por saber que opinaba o señor Rueda, o presidente da Xunta, o presidente de reposto ou substituto, porque xa sabemos que non foi votado polos galegos e galegas. E el o que dixo e o que di é que non o ve, que non pensa que sexa un asunto prioritario para os galegos e as galegas. É certo que no BNG non nos sorprende tamaña afirmación; xa non vía —non o esquecemos— prioritario que os nenos e nenas galegas puidesen ter o dereito de aprender en galego as matemáticas, a física e a química e a tecnoloxía dende o ano 2009. E por iso lle pareceu moi ben, aplaudiu e subscribiu moi contento que o seu goberno, e el como vicepresidente, prohibise aprender en galego dende o ano 2009 por primeira vez en democracia —¡prohibir aprender na lingua propia e oficial do noso país!—; *(Aplausos.)* como non lle importa que nas aulas de educación infantil teña un uso residual, sobre todo nas cidades; como tampouco lle preocupa que recentemente desde a Radio Galega se lles dese voz a colaboradores que negan en antena, precisamente, o uso social e normalizado da lingua galega; ou como tampouco lle preocupan reiteradas peticións da Real Academia Galega para que mude a súa política lingüística, sobre toda a educativa, que non garante a aprendizaxe e a competencia en galego no ensino obrigatorio; ou como tampouco lle preocupan ao señor Rueda os sucesivos informes do Consello de Europa que lle exixen que non poña limitacións xa ao galego en Galiza.

O galego, mentres tanto, vai a menos en Galiza grazas á patente do Goberno do Partido Popular, e agora tamén anuncia que discorda co seu avance no uso do Congreso. É hora aquí, nesta Cámara, no Parlamento galego, de que o Grupo Parlamentario do Partido Popular se pronuncie. No BNG —a sociedade sábeo— sempre imos a favor do galego, porque imos a favor de Galiza. Por iso demandamos ese uso normal do galego no Congreso, porque defendemos o patrimonio común, que é o da diversidade lingüística dun Estado por definición plurilingüe e porque defendemos os dereitos lingüísticos que fan parte dos dereitos humanos. Por iso a pregunta é: ¿está o grupo Parlamentario do PP a favor do uso normalizado do galego no Congreso?

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

No BNG solicitámoslle, pois, agora, nesta PNL, a esta Cámara que se una nun clamor unánime para apoiar a proposta de utilización das linguas cooficiais, e nomeadamente, no noso caso, o que nos preocupa e ocupa, o galego, no Congreso en igualdade —porque diso se trata, de igualdade— coas demais linguas como representación dun Estado plurilingüe, plurinacional e pluricultural. María Victoria Moreno, cacereña de nacemento, converteuse nunha escritora recoñecida en galego; de feito, lembrarán que se lle dedicou o *Día das Letras Galegas* en 2018. Cando lle preguntaban o porqué da escolla do galego para construír o seu mundo literario, ela respondía contundentemente: «*Porque o meu co galego foi unha historia de amor*». Sigamos o seu exemplo, sementando historias de amor co galego, abríndolle oportunidades ao galego e a Galiza.

Obrigada. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Efectivamente, xa na última das intervencións das proposicións non de lei de hoxe —é unha lástima, podería ser tamén das primeiras; tería tamén bastante máis repercusión nos medios, pero, bueno— chega novamente un tema que nos incumbe moi directamente aquí, a nós, neste país e neste propio Parlamento, porque, efectivamente, temos o privilexio de dispor, de contarmos cun idioma propio; un idioma que a partir desta lexislatura —parece ser, finalmente— poderá ser empregado no Congreso das Deputadas e dos Deputados. É de xustiza, e non debera haber debate, ademais, sobre esta cuestión; nin debate nin medo, salvo que o levemos a un contexto puramente ideolóxico e errado, por suposto, no que as linguas se entenden como ferramentas de confrontación duns e doutros e non como o que realmente son, que é riqueza cultural de comunicación entre pobos, algo que nos une e á vez que tamén nos diferencia e nos dá, por suposto, identidade propia, pero sempre con ánimo integrador, do que cada un e cada unha de nós debería estar profundamente orgulloso.

Eu confeso, aínda que non o desexo, que non nos sorprende a posición de representantes públicos como, por exemplo, a presidenta da Comunidade de Madrid ou a dos socios tamén do Goberno do Partido Popular, negacionistas de calquera tipo de diversidade e con discursos moi belixerantes nesta cuestión. Pero si quero apelar eu tamén —tal e como remataba a señora Queixas— ao sentidiño do Partido Popular de Galicia, ao «sentidiño» —esa palabra que tanto lles gusta—, para que se sumen a esa maioría parlamentaria que asume que as linguas do Estado —¡todas!, todas as linguas do Estado— supoñen unha riqueza cultural sen parangón.

E xa de paso tamén —e non me vou estender, xa o fixo ben tamén a señora Queixas— quería dicir algo. Aproveitemos estes novos tempos para darlle un xiro de 180 graos á política lingüística do actual Goberno galego. Porque, claro, será de todo inexplicable —e xa non digo

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

curioso, senón inexplicable— que as nosas compañeiras e compañeiros galegos no Congreso —alí, no Congreso das Deputadas e dos Deputados— debatan en galego de economía, de infraestruturas, de medio ambiente, etc., mentres aquí, no noso país, as nosas nenas e os nosos nenos non poden, efectivamente, aprender Matemáticas, Tecnoloxía, Física e Química ou calquera destas materias na súa lingua. Certamente, é un sensentido.

É curioso tamén que quen leva moito tempo apelando á liberdade de escolla de idiomas —escoitámolo aquí todos os días—, a esa liberdade de escolla de idiomas, agora negue esa liberdade. ¿En que quedamos? Liberdade de uso sempre, si, pero entenderán que hai que garantir eses espazos para facer gala desa liberdade en igualdade.

As linguas son o mellor e a maior demostración da riqueza cultural dos pobos. ¿A que lle temos, entón, medo se son instrumentos de concordia e de entendemento —porque o son—?

Pero ben, por ser pragmáticos, vaiamos aos argumentos esgrimidos polas formacións políticas, entre elas o Partido Popular, para opoñerse a este avance no respecto pola diversidade lingüística do Estado. Son tres fundamentalmente.

O primeiro é o marco, a norma, a Constitución. Claro, o asombroso é que boten man agora da Constitución para estar en contra desta iniciativa e despois asinen pactos en comunidades autónomas con quen pretende conculcar principios básicos constitucionais. É curioso tamén que se apele á Constitución —non vou agora repetir palabras da miña compañeira, a señora Castro— cando se incumpre de maneira premeditada tamén.

Miren, a Constitución española contempla no seu preámbulo algo —e cito literalmente—: «...a vontade de protexer todos os españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, as súas culturas e tradicións, linguas e institucións». E é que no artigo 3.3 di tamén que a riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección. «De especial respecto e protección», as linguas, a diversidade lingüística. ¿E que maior mostra de respecto e protección da nosa diversidade lingüística que o feito de que as nosas e os nosos representantes poidan manifestarse na súa lingua, se así o desexan?

A cuestión é que a realidade é que nin a Constitución nin o Regulamento do Congreso recollen a obriga de empregar o español nin prohiben tampouco utilizar outra lingua oficial. Ou sexa, é unha cuestión de vontade; é unha cuestión unicamente de vontade, e lamentariamos dende o PSdeG profundamente que non houbese acordo na vontade de avanzar en dereitos para todas e todos; neste caso, en dereitos lingüísticos.

O segundo argumento é o gasto, o excesivo gasto. Eu teño que facerlles un rogo, e é que deixen xa dunha vez por todas de chamar gasto a todo aquilo que ten que ver coa cultura e o patrimonio, material ou inmaterial. Destinar cartos á cultura e á promoción e sostemento da diversidade lingüística non é un gasto, é un investimento, e non comprender e asumir isto é adolecer —desculpen— ou ter certa estreiteza de miras, e é moi negativo tamén para o noso porvir como pobo. Certo é —e aquí temos que facer algo de autocrítica— que vemos, lemos e escoitamos estes días como unha parte da sociedade non comprende ese investimento para

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

garantir os nosos dereitos lingüísticos e para facer patente a nosa diversidade cultural. E isto lévanos —ou debera levarnos— a pensar na necesidade de que dende os poderes públicos debemos facer menos ruído e máis pedagoxía á hora de explicar que a diversidade lingüística no Estado —e do Estado— supón unha riqueza cultural para —e de— todos e todas, non só para nós, o pobo galego. E así acontece, ademais, de facto sen ningún complexo nin polémica noutros lugares de Europa. Así que pensemos que quizais aí si estamos facendo algo mal.

O terceiro argumento: din que o Congreso vai converterse nunha torre de Babel. E eu pregúntome se de verdade pensan se se vai resentir o entendemento ou o debate político realmente. ¿Que acontece, entón, por exemplo, no Senado ou, como dixen, noutros estados europeos? ¿Que todos e todas coñecemos o español? Si, non sexamos cínicas; si, todos coñecemos o español. Agora xa, ¿que é a nosa obriga que sexa o noso idioma para entendernos nun Estado plurilingüe e avanzado tecnoloxicamente? Non. Non ten nin demasiado sentido nin demasiada coherencia.

E aquí pregúntolle ao señor Feijóo —xa non o temos por aquí—: ¿pinganillos no Congreso? ¿E por que non? ¿Cal é o problema? ¿Onde está o problema? ¿Ou é que vai ser a única cámara, como xa dixo a señora Queixas, de representación aquí que os ten, que os emprega? Non, non o é; nin en España, tampouco, nin mesmo se miramos ao noso arredor. Quizais descoñezan que hai outros países próximos, como, por exemplo, Suíza ou Bélxica, onde si se fala máis dunha lingua; fálanse as linguas oficiais, e non son os únicos tampouco. E díganme vostedes se alí, neses países, non se entenden. ¡Alí non se entenden! ¡Os parlamentos non serven para nada porque alí non se entenden! Enténdense, entendese porque hai vontade de entenderse. E aí radica ou aí está a cuestión determinante, a vontade; a vontade de avanzar, a vontade de progresar, de recoñecer que son tempos de diálogo e de comprensión en cuestións como estas, que deberan unirnos e non confrontarnos.

A política é xustamente iso, negociar para avanzar en dereitos, e así respectaremos un tan importante como é que cadaquén se poida expresar na súa lingua, respectando así a realidade plurilingüe do Estado.

Ademais —e non é cousa menor tamén—, que a lingua galega se escoite no Congreso dotaranos, sen dúbida, dunha maior visibilidade, co que gañará en prestixio e, seguramente tamén, en coñecemento do seu status como lingua propia —como lingua propia— e en interese tamén por comprender a nosa cultura e mesmo tamén o noso país. ¿Que mellor maneira de promocionar, protexer e poñer en valor a nosa lingua que mostrarlle ao resto do Estado a súa potencialidade, e facelo, ademais, dende a Cámara de representación dun pobo —repito— plurilingüe?

Así que chegou o tempo xa de superar certos debates, de progresar e de garantir dereitos, de abandonar os discursos negativos coas distintas realidades culturais, os discursos do medo, os discursos negacionistas da diversidade, tamén cultural e lingüística. Rachemos dunha vez por todas coa utilización das linguas como armas de confrontación e adoptemos —que xa imos tarde, algo tarde— unha postura moderna e reivindicativa do que é o maior patrimonio que temos.

Hoxe coñeceremos a posición do Partido Popular de Galicia, que agardo —agardo, déixoo aí— sexa positiva e na defensa do país, do noso país e da nosa cultura, porque hoxe estamos aquí, no Parlamento galego, non nos esquezamos. Hoxe estamos aquí, no Parlamento galego,

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e o que se pide é que nos pronunciemos dende aquí. No PSdeG, dende logo —e creo que xa quedou claro—, nós si o temos claro e por iso imos apoiar esta iniciativa.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Ferro.

O señor FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde —noite xa—, señorías.

Vou ao asunto e vou intentar aprobar; a ver se paso o nivel do Celga 2.

Para min, que vostedes propoñan hoxe o uso do galego no Congreso non é nada novo, este xa é un debate recorrente, pero cremos que nin é o momento adecuado nin é o motivo loable de pór en valor as nosas linguas oficiais. *(Murmurios.)*

O Goberno galego é consciente de que hai problemas para Galicia e para España moito máis prioritarios que que en vez dunha soa lingua no Congreso se poidan falar catro, cinco ou seis. Lémbrolles que hai anos que se fala galego no Senado, e iso non cambiou o curso da historia nin cara a un lado nin cara ao outro. *(Murmurios.)* No ano 1994 a Cámara alta modificou o seu regulamento para mellorar o uso das linguas oficiais na vida parlamentaria; é dicir, xa pasaron vinte e nove anos desde que se autorizou o uso das linguas cooficiais, e o uso do galego foise ampliando posteriormente no ano 2005 e no ano 2011.

Pero, miren, na vida non é só predicar, e dígollo eu, hai que predicar tamén co exemplo. *(Risos.)* Saben que unha cousa é predicar e outra é predicar co exemplo, ten moito máis valor. Por iso, ás veces tamén hai que visualizar os plenos do Concello de Vigo e ver como fala o seu alcalde. Eu, que fun alcalde, sempre utilicei o galego nos meus plenos.

Acaba de chegar unha noticia de última hora da Axencia Europa Press onde di que os letrados do Congreso si que avalan a tramitación desta reforma, pero consideran moi difícil —se non imposible— que sexa a curto prazo; é dicir, as présas nunca son boas.

E miren, o candidato do meu partido, que será, mal que lles pese, o protagonista da sesión de investidura, ten todo o dereito e a lexitimidade de posicionarse sobre os asuntos que formulan o resto dos partidos. *(Risos.)* Si, rían, rían o que queiran, señorías. Se se rin dos seus, ¿que vou pensar eu? ¡Pobre de min! *(Aplausos.)*

Miren, despois de trece anos sendo presidente da Xunta, non creo que poidan achegar moitos argumentos para pór en dúbida o compromiso co galego do noso candidato á investidura. No que si estarán de acordo todos os galegos é en que empregando o idioma común non haberá dificultades de entendemento. *(Murmurios.)* Estes días estamos asistindo a unha especie de sobreactuación que aparta o foco do que realmente preocupa na rúa. No día de hoxe o

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

idioma que se emprega na sesión de investidura non é unha prioridade para os cidadáns, que ven como o Partido Socialista está negociando unha chantaxe.

Señorías do BNG e señorías do PSOE, vostedes —permítanme que lles diga— non entenden Galicia, ¡así lles vai! Os galegos non teñen nin queren ter un problema coa lingua; os galegos somos respectuosos. En Galicia existe cordialidade e convivencia entre os nosos dous idiomas; polo tanto, en Galicia non temos ningún conflito. Os conflitos e os problemas queren crealos vostedes onde non existen; ás veces, por certo, con moito éxito, pero os galegos creo que xa van sabendo de que pé coxean vostedes. *(Aplausos.)*

As linguas son unha riqueza, e nesta década, sen imposicións e con respecto, acadamos o maior índice de coñecemento do galego. Temos un modelo lingüístico que os cidadáns coñecen e veñen avalando reiteradamente, un modelo que se sostén sobre os principios de igualdade e de respecto á lei. Esta non é unha cuestión menor, porque algúns grupos de Cataluña, que queren que se use a súa lingua, a segunda lingua cooficial, no Congreso, cando se usa na súa comunidade a outra lingua cooficial, pois actúan doutra maneira: acoutando, limitando e marxinando a outra lingua cooficial. *(Murmurios.)*

Nós apostamos por unha convivencia harmónica e apostamos pola liberdade para que se poida empregar calquera das linguas. Somos unha comunidade bilingüe na que a inmensa maioría da poboación entende, fala, le e escribe en galego e en castelán.

Os datos do traballo feito pola Consellería, polo Goberno galego, están aí. A lingua consolidouse como a maioritaria, produciuse o maior incremento de falantes desde que existe estatística e medran os usos bilingües. Cos datos na man, a lingua galega é a que ten os índices de competencia máis elevados respecto das outras comunidades con linguas cooficiais, tanto Cataluña como —e moi por encima— o País Vasco.

Hai agora corenta anos —estámolo celebrando este ano—, no ano 1983, aprobouse a Lei de normalización lingüística de Galicia, a norma que establece o galego como a lingua propia de Galicia. Nestas catro décadas produciuse un salto vertixinoso, tanto a nivel de coñecemento como de desenvolvemento e de preservación. O discurso da catástrofe perpetua, o mesmo que levan repetindo case corenta anos, queda totalmente desacreditado. E todos os pasos foron posibles e dados grazas a unhas políticas que puxeron o foco no consenso, no bilingüismo e no respecto á legalidade. E ante todo isto, ante todo este traballo feito polo Goberno galego, vostedes queren trasladarlle á cidadanía galega que é de vital importancia que se fale a nosa lingua no Congreso, pero hai moitísimas máis cuestións prioritarias de cara ao debate da sesión de investidura que o uso das nosas linguas cooficiais.

Asegúrolles que na investidura non haberá ningunha dificultade de entendemento se se utiliza a lingua común, o idioma común. O Goberno galego traballa arreo para que a nosa lingua se espalle fóra da nosa comunidade, e os datos avalan este traballo. No día de hoxe non nos ocupa o uso das linguas cooficiais no Congreso —no día de hoxe—, pero o que si nos preocupa son as reunións indecentes e o que si nos preocupa é a amnistía que xa están preparando.

É preocupante o que estamos coñecendo, pero aínda é máis preocupante o que non sabemos. Saben perfectamente que todos somos iguais no coñecemento do castelán, que todos se en-

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

tenden co castelán no Congreso, pero vostedes están máis a gusto buscando as diferenzas e o que nos separa. Ese foi o seu proceder durante toda a lexislatura pasada, tratando de separar, de dividir os españois en dous bandos, e iso, que xa se vivira en España, desgraciadamente, xa estaba superado.

Nós, señorías, imos seguir traballando pola unidade dos españois. Amamos o galego tanto coma vostedes —metan iso na cabeza, que creo que non o teñen— e seguiremos traballando pola nosa lingua.

Señorías do PSOE, cada vez creo que están —con todo o cariño— máis á deriva; tragan con todo. Hai un ano votaron no Congreso en contra do uso das linguas cooficiais, e agora ¿que cambiou? Xa o saben vostedes, non fai falta que llelo diga eu. Se para gobernar teñen que tragar cunha amnistía, haberá amnistía. Se para conseguir a presidencia do Congreso se ten que falar galego no Congreso, falarase. Está claro que nada se vai interpor no seu camiño para aceptar o que lles pidan, custe o que custe. E non vou ser eu o que invoque motivos economicistas neste asunto, pois son dos que pensan que cando hai que gastar un peso hai que gastalo.

Nós cremos que a nosa lingua ten a suficiente entidade para ser falada no Congreso, na Eurocámara e onde sexa, e díllelo un galeguista convencido e practicante. Pero hai cousas que non se poden facer de calquera xeito, senón con tranquilidade, señorías, con consenso dos dous grandes partidos, os partidos que representamos máis do 70 por cento do Congreso. Vostedes, con todo, prefiren outros socios, e non deben facerse eses cambios en momentos de confrontación, e menos como resposta a unha chantaxe. Iso é o que nós pensamos.

O galego non pode ser moeda de cambio para conseguir unha presidencia do Congreso de présa e correndo. É triste que o patrimonio cultural e identitario de Galicia se utilice para agochar outras cousas. Como saben, neste Parlamento está permitido o uso das nosas dúas linguas cooficiais, así o di o Regulamento no articulo 1.1. Todos nós podemos facer uso tanto do castelán como do galego, e todos, por convicción —todos, creo— intervimos en galego. Nós non negamos nunca o uso do galego, porque o empregamos con naturalidade. Polo tanto, ninguén de nós é sospeitoso de perseguir o galego, senón todo o contrario; o que si resulta un acto de cinismo é que vostedes propoñan o uso das linguas cooficiais nas distintas cámaras cando teñen criticado, e con moita dureza, a algún comparecente que usou o castelán neste Parlamento.

Señoría, fagan exame de conciencia, porque esta PNL non vai de usar o galego no Congreso; non vai diso. Vostedes o que queren é que o Partido Popular de Galicia avale o seu pacto e as súas negociacións para que Pedro Sánchez siga no Goberno. Non imos entrar neste maquiavélico xogo. *(Murmurios.)* Non conten con nós para revalidar o pacto de manter a Sánchez a calquera prezo no Goberno.
Señorías, tolerancia, si; comprensión, si; respecto á diversidade, si; pero non todo vale na vida.

Moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Queixas.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora QUEIXAS ZAS: Obrigada de novo, presidente.

Moitas grazas ao Grupo Socialista, á portavoz do Grupo Socialista, polo apoio a esta iniciativa.

En relación co portavoz do Grupo Popular, o señor Ferro, teño que dicirlle que dubido, que teño moitas dúbidas de que vostede elaborase esa intervención *(Risos.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio. ¡Silencio, por favor!

Continúe.

A señora QUEIXAS ZAS: Se non hai calidade de escoita, non vou intervir, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Bueno, pero agora aquí hai silencio. Vostede acaba de facer unha afirmación que é moi opinable. Eu iso non llo vou dicir. *(Risos.) (Murmurios.)* Agora xa lle responderán, claro... Esa é outra historia.

A señora QUEIXAS ZAS: Actúe como presidente, por favor.

O señor PRESIDENTE: Perfecto. Non, non, eu estoulle dicindo que agora si hai silencio. Pido por favor silencio. A miña obrigación é protexer a quen estea na tribuna. Entón, pido respecto para quen estea no uso da palabra.

¡Silencio, por favor! O outro é opinable.

Cando queira.

A señora QUEIXAS ZAS: Volvo dicir, señor Ferro, que dubido que vostede escribise esa intervención, e aínda dubido moito máis que concorde con ese discurso incendiario que acaba de deitar aquí, neste Parlamento. *(Aplausos.)* Resulta moi triste e moi decepcionante como galega que vostede lle negue unha oportunidade de igualdade ao galego como a que estamos a piques de vivir, e sobre todo resulta máis decepcionante escoitalo, coa magnífica prosodia e fonética que vostede emprega como galegofalante. Por iso me doe moitísimo máis.

Desta intervención do Grupo Parlamentario do Partido Popular podemos concluír varias confirmacións, e tamén algunhas preguntas. Unha primeira confirmación é que o Grupo Parlamentario do Partido Popular non quere ser maior de idade, non quere pensar por si propio e simplemente se limita a obedecer o mando e ordeno do Goberno da Xunta; repite as palabras do presidente, do señor Rueda. Realmente me pregunto como llelo poden —vostede e moitos e moitas dos parlamentarios que están aquí— explicar aos seus familiares, á súa veciñanza, mesmo á súa conciencia, porque estou segura de que, desde logo, unha parte importante de vostedes se comunican en galego.

Confirmamos tamén que o Partido Popular de Galicia ten pouco —e cada vez menos— de galego, e moito de ventrílocuo subordinado ao ritmo do chotis do PP de *Madrid, Madrid, Ma-*

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

drid. (Aplausos.) Un partido —partido, palabra polisémica— sen alma galega e cada vez cos pés menos na terra.

Confirmamos tamén que ao Partido Popular —a este Partido Popular que agora ensina a cara— lle molesta calquera avance en democracia, nesa democracia defectuosa á que vostede apelaba, señor Pardo, e que está en contra de que se corrixa unha anomalía democrática. Recoñezo que non pensei nunca que puidesen chegar a este nivel. Moléstalles, polo tanto, que se avance en igualdade para o galego e en visibilidade para o galego.

Confirmamos tamén que o Partido Popular segue cómodo nesa uniformizadora e demonizada torre de Babel, negando calquera posibilidade de futuro ao galego como unha lingua viva, e confirmamos tamén que o Grupo Parlamentario do Partido Popular nesta Cámara comparte o veto ao uso normalizado do galego no Congreso. É dicir, o PP non está a favor de que o galego se use no Congreso. Isto é o que ten que ter moi claro a sociedade galega. *(Aplausos.)* Polo tanto, van seguir persistindo en non aplicar a amnistía —esa palabra que tanto lles gusta— ao galego.

Polo tanto, facemos algunhas preguntas. Preguntámonos por que están vostedes en contra do galego. Esa é a pregunta que teñen pendente de responder. *(Aplausos.)* ¿Por que están en contra de calquera avance en igualdade para o galego? Preguntámonos que mal lles fixo a vostedes o galego. De verdade, é unha pregunta para a que xa me gustaría ter resposta. ¿Que lles impide defendelo abertamente?, ¿prexuízos lingüísticos, autoodio, complexos, ignorancia, sectarismo...? De verdade, algún día deberían resolver esta conta pendente co pobo galego. *(Aplausos.)*

Se vostedes din sistematicamente que o galego é de todos e todas, ¿por que non o defenden? ¿Por que non apoian que o poidamos empregar libremente, cun uso absolutamente normalizado? ¿Por que? Explíqueno, porque esa explicación nunca a dan. Nunca explican por que queren que o galego permaneza na desigualdade permanente, por que para vostedes é un problema o galego e por que é un problema que avance no uso social.

Para vostedes o galego, polo visto, non é útil, non serve para todo e en calquera lugar, e menos naqueles lugares que lle dan un plus de valor e de representación, de status. A sociedade galega, como a española, vive a diversidade lingüística con total normalidade, e sobre todo pensa que todas as linguas son de primeira, a diferenza do Partido Popular.

Para vostedes é un problema a diversidade lingüística, o que eu dixen, efectivamente, o patrimonio común, a diversidade lingüística, e non a uniformidade dunha única, grande e libre. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: Agora, neste momento, temos a oportunidade de normalizar no Congreso o uso da nosa lingua; é dicir, de normalizar o que xa a sociedade ten normalizado. A sociedade acepta a diversidade lingüística como un patrimonio común a todos e a todas, co máximo respecto, e a sociedade tamén di que non hai linguas de primeira, de segunda ou de terceira, que vallan para unhas cousas ou vallan para outras.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: Co galego, estamos e somos apreciados no mundo, nun camiño de recoñecemento recíproco de ida e de volta.

Estes días faleceu Dorothé Schubarth. Grazas a ela, temos recollido e recompilado o inmenso legado e patrimonio oral. *(Aplausos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

Señora Queixas, terminou o seu tempo. Grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: Señor presidente, pídolle por favor un minuto para rematar, xa que tiven moitas dificultades...

O señor PRESIDENTE: Señora Queixas, mire, por favor, o reloxo. *(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, remate, por favor. Non podemos pasar máis alá de dous minutos e medio. *(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)* Perdón, leva vostede pasado dous minutos e medio. Remate. *(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, mire o reloxo, por favor. Non me dirá que eu manipulo o reloxo.

A señora QUEIXAS ZAS: O reloxo non parou cando non puiden falar.

O señor PRESIDENTE: Non, non, perdoe, pero está vostede tres minutos agora por diante.

Rematou o seu tempo, señora Queixas. *(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, remate. *(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)* Se non, teño que retirarlle a palabra, cousa que non quero facer. *(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)* Remate, por favor. *(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora Queixas, terminou o seu tempo. *(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, remate. *(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, síntoo. Rematoulle o seu tempo. *(Murmurios.)* *(A señora Queixas Zas pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non a están oíndo, non a están oíndo. Señora Queixas, remate. *(Aplausos prolongados.)*

Suspendemos ata mañá, ás dez da mañá.

Boa noite.

Suspéndese a sesión ás oito do serán.

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-90bla6EDM-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/